

**PROGRAMACIÓN DE  
DEPARTAMENTO  
GEOGRAFÍA E  
HISTORIA  
2021/2022**

## ÍNDICE

- APLICACIÓN DO ENSINO A DISTANCIA EN CASO DE PROTOCOLO COVID
- APLICACIÓN DO ENSINO SEMIPRESENCIAL EN CASO DE PROTOCOLO COVID
- SEGUIMIENTO DE PENDENTES
- ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN AO ENSINO A DISTANCIA
  - PROGRAMACIÓN 1º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA
  - PROGRAMACIÓN 2º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA
  - PROGRAMACIÓN 3º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA
  - PROGRAMACIÓN 4º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA
  - PROGRAMACIÓN 4º ESO ECONOMÍA

## **APLICACIÓN DO ENSINO A DISTANCIA**

En caso dun novo confinamento debido á pandemia mundial que estamos a vivir é necesario programar un posible paso ao aprendizaxe a distancia que marque as pautas dunha nova realidade.

No caso dun novo confinamento total ou parcial verémonos na obriga de poñer en marcha unha nova mecánica tanto de ensinanza como de comunicación có resto do claustro.

- Con respecto ás materias do departamento chegamos ao consenso de realizar as seguintes adaptacións:
  - Os materiais utilizados para a explicación de contidos (presentacións, resumos) serán subidos quincenalmente á aula virtual ou á páxina web do centro, como xa fixemos no pasado curso, para que o alumnado poda continuar coa súa formación dunha maneira máis autónoma.
  - Pautaranse actividades de desenvolvemento de contidos a través da aula virtual (Moodle) e da páxina web do centro.
  - Realizaránse cando sexa preciso videoconferencias cós diferentes grupos para titorizar as actividades a realizar ao longo da actividade académica.
  - O envío de traballos, tarefas e demais probas realizaránse tamén a través da aula virtual, ou da web do centro.
  - O contacto coas familias seguirá as vías estimadas este curso, tratando de priorizar os contactos por Abalar Móbil ou telefónicos aos presenciais.

## **APLICACIÓN DA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL**

En caso de impoñerse a modalidade semipresencial no centro realizarase unha implantación da modalidade a distancia para aqueles grupos que non acudan ao centro mantendo a metodoloxía estipulada nas diferentes programacións para aquel alumnado que si acuda ao centro presencialmente.

## **SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES**

No caso das pendentes este curso será un momento senlleiro debido a unha nova data de examen no mes de abril.

## **APLICACIÓN DA AVALIACIÓN A DISTANCIA**

### **Ensino semipresencial**

No caso do IES Illa de San Simón, non se contempla esta posibilidade, xa que en todas as aulas se pode manter a distancia de 1,20 metros entre alumnos.

### **Ensino a distancia**

Nesta situación podemos contemplar outros tres escenarios posibles:

1. Se se producise una situación de ensino a distancia durante todo un trimestre, valoraríase o traballo realizado na casa, e a posibilidade da realización dunha proba escrita online. No traballo de casa, a cualificación do alumnado terá en conta non só o grao de asimilación de contidos, senón tamén o cumprimento das normas de presentación das tarefas online: entrega en prazo, respecto do formato de entrega, orde e pulcritude, se o traballo está completo e se axusta ao requerido, etc... Estes dous aspectos constituirían o 100% da nota do trimestre.
2. Se a situación de ensino a distancia ten lugar só durante unhas semanas, contemplamos a posibilidade de realizar probas presenciais de contidos á volta ao ensino presencial, xa que ditas probas constitúen o 75% da nota do trimestre por ser a única garantía de que son realizadas polo alumno. O 25% restante da nota corresponderá ao traballo realizado na casa e no centro durante o período de ensino presencial, incluíndo a actitude, o comportamento e o respecto ás normas.

3. En caso de que un alumno estivese en situación de ensino a distancia durante uns poucos días, terase en conta o traballo realizado a distancia dentro da nota de traballo e comportamento.

En todo caso, a cualificación procurará reflectir o nivel de asimilación dos contidos e valorará de xeito proporcional o traballo realizado nas dúas modalidades, tendo en conta cada caso individualmente. O alumno será informado das notas obtidas e do sistema de cualificación que se adopte en cada caso.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Coa lexislación vixente está prevista unha **avaliación extraordinaria a finais de xuño** que consistirá nunha proba escrita con peso do 100% na cualificación final, para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de xuño. Será necesario obter unha nota mínima de 5 para superar a asignatura nesa proba escrita extraordinaria de recuperación.

**PROGRAMACIÓN**  
**GEOGRAFÍA E HISTORIA 1º ESO**  
**IES ILLA DE SAN SIMON**  
**2021-2022**

## **Normativa.**

A seguinte programación didáctica corresponde á materia de Ciencias Sociais no primeiro curso da ESO. A normativa a ter en conta para este nivel educativo é a seguinte:

- *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **Contextualización da programación.**

O IES Illa de San Simón é un dos catro centros educativos de carácter público que imparten o nivel de educación secundaria obligatoria (ESO) no concello de Redondela. Está situado na Avenida de Mendiño 28, na parroquia máis pequena do concello, Santiago de Redondela, que fai as veces de capital, e comenzou a súa andaina no curso 1999-2000.

O concello de Redondela, pertence á área metropolitana de Vigo tendo unha extensión de 51,9 kilómetros cadrados. No ano 2017, e cos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) contaba cunha [población empadroada](#) de 29.392 habitantes, sendo o cuarto municipio máis poblado da provincia, tras [Vigo](#), [Pontevedra](#) e [Vilagarcía de Arousa](#). O término municipal está situado entre as dúas primeiras, e dista 13 [km](#) de Vigo e 20 de Pontevedra.

O alumnado é dende o punto de vista lingüístico, castelano falante, e procede das trece parroquias do concello, pero principalmente de Cesantes, O Viso, Ventosela, Reboreda e Santiago de Redondela.

A oferta educativa para o curso 2021-2022 consiste no primeiro e segundo ciclo da Educación Secundaria Obligatoria cos seguintes grupos:

- 1º ESO: 3 grupos
- 2º ESO: 3 grupos
- 3º ESO: 3 grupos
- 4º ESO: 3 grupos.

## **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribúe a desenvolver nos alumnos e as alumnas as seguintes capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas relevantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.



- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permita a comunicación con outras linguas, en especial coas da comunidade lusófona

Por todo iso, as competencias a desenvolver dacordo á lexislación en vigor son:

§ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** Utilizaremos ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Desenvolveráanse nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes e información, contraste de datos...

- ü Coidado do ámbito ambiental e os seres vivos
- ü Vida saudable
- ü A ciencia no día a día
- ü Manexo de elementos matemáticos
- ü Razoamento lóxico e resolución de problemas.

§ **Comunicación lingüística:** A través do coñecemento e uso correcto do vocabulario específico da materia, construción dun discurso preciso e expresando de xeito oral ou escrito e unha lectura comprensiva.

- ü Comprensión oral e escrita
- ü Expresión oral e escrita
- ü Normas de comunicación
- ü Comunicación noutras linguas

§ **Comunicación dixital:** Traballando a información (obtención, tratamento, selección, análise,...) procedente de moitas diversas fontes (tradicional, audiovisuais e dixitais)...

- ü Tecnoloxías da información e da comunicación ü
- Comunicación audiovisual
- ü Utilización de ferramentas dixitais

§ **Conciencia e expresións culturais:** Desenvolvemento dun espírito crítico e facilitar ao alumnado comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

ü Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas. ü  
Exposición cultural e artística

§ **Competencias sociais e cívicas:** Para comprender a cambiante realidade social ao longo dos tempos, vivindo en sociedades cada vez máis plurais e globalizadas, na que se convive con culturas diferentes.

ü Educación cívica e constitucional ü  
Relación cos demais  
ü Comprensión social

§ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** Tratando de potenciar a capacidade do alumnado na toma de decisións que afectan a súa aprendizaxe, para transformas as súas ideas en acción.

ü Autonomía persoal ü  
Liderado  
ü Creatividade  
ü Emprendemento

§ **Aprender a aprender:** Para permitir ao alumnado que dispoña de habilidades ou estrexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida.

ü Perfil de aprendiz  
ü Ferramentas para estimular o pensamento  
ü Planificación e avaliación da aprendizaxe.

## **Obxectivos da area de Xeografía e Historia en 1º ESO.**

Os obxectivos principais da área de Xeografía e Historia no 1º curso de ESO son:

1. Analiza e identifica as formas de representación do noso planeta utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2. Describir o medio físico europeo.
3. Situar no mapa de Europa as principais unidades e elementos do relevo continental.
4. Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
5. Coñecer os principais espazos naturais de Europa.
6. Manexar diferentes representacións cartográficas e as súas escalas.
7. Localizar no mapamundi, as principais unidades do relevo mundial e os grandes ríos.
8. Localizar no globo terráqueo, as grandes zonas climáticas e identificar as súas características.
9. Analizar a acción do ser humano sobre o medio e as súas consecuencias.
10. Comprender e explicar o proceso de hominización.
11. Analizar os principais acontecementos da historia da humanidade, situándoos nos distintos períodos históricos.
12. Datar os diferentes períodos históricos situándoos en diferentes eixes cronolóxicos.
13. Coñecer os primeiros ritos relixiosos.
14. Coñecer e describir as características da vida humana en cada período histórico.
15. Describir a organización socioeconómica das civilizacións, despois do neolítico.
16. Comprender a diacronía e sincronía de diferentes culturas.
17. Recoñecer a importancia do descubrimento da escritura.
18. Comprender e explicar os principais trazos das culturas grega e romana.

## DESCRITORES

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do ámbito ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.</li> <li>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</li> <li>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.</li> <li>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado</li> </ul>
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).</li> <li>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso redor e responder</li> </ul>
	Manexo de elementos Matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.</li> <li>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.</li> <li>- Expresarse con propiedade na</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.</li> <li>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.</li> <li>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.</li> </ul>
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</li> <li>- Manter unha actitude favorable</li> </ul>
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</li> <li>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido</li> </ul>
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas</li> </ul>
	Comunicación noutras Linguas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.</li> <li>- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>- Producir textos escritos de</li> </ul>
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>
	Utilización de ferramentas Dixitais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>- Aplicar criterios éticos no uso das</li> </ul>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.</li> <li>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da</li> </ul>
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.</li> <li>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.</li> <li>- Elaborar traballos e</li> </ul>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e Constitucional	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.</li> <li>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> </ul>
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>- Involucrarse ou promover</li> </ul>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.</li> <li>- Dirimir a necesidade de axuda en</li> </ul>
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> <li>- Darlle prioridade á consecución de obxectivos grupais sobre os</li> </ul>
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.</li> <li>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>- Encontrar posibilidades no</li> </ul>
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</li> <li>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.</li> <li>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> <li>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de</li> </ul>
		<p>favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</p>
	<p>Planificación e avaliación da Aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.</li> <li>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>- Tomar conciencia dos procesos</li> </ul>



### *Descrición do modelo competencial.*

Na descrición do modelo competencial, incluímos o marco de descritores competenciais xa que supoñen unha reflexión e reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso debemos xerar tarefas de aprendizaxe onde lles permitamos aos escolares a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable, para iso cada unha rómpese en indicadores, grandes paires que permiten describila dun xeito máis preciso. Podemos encontrar entre 3 e 6 indicadores por competencia.

Cada indicador segue sendo aínda demasiado xeral polo que o rompemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» ao escolar competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre 3 e 6 descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivable e indícanos que debemos observar nas actividades deseñadas para o seu adestramento.

Para o seu desenvolvemento partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos escolares sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos escolares aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos e alumnas cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, levarannos a traballar desde as **diferentes potencialidades** que posúen, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

### *Na área de Xeografía e Historia*

Na área de Xeografía e Historia incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusiñs para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a compresión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso redor e responder preguntas.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### ***Comunicación lingüística***

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e o uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

### ***Competencia dixital***

A competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moitas diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais, e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumnado cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar informaci3n propia derivada de informaci3n obtida a través de medios tecnol3xicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicaci3n audiovisual para transmitir informaci3ns diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construcci3n de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

### **Conciencia e expresións culturais**

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilitalle ao alumnado comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

A área de xeografía e historia favorece que se poida traballar desde aí sempre e cando se adestren os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

### **Competencias sociais e cívicas**

A competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumnado asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural e globalizada, na que convive con culturas diferentes.

Esta competencia permite que o alumnado poña en práctica os coñecementos aprendidos aplicándoos ao seu ámbito social converténdoo nun cidadán activo capaz de darlle resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social interactuando con outras persoas e grupos favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

A participación activa do alumnado nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecen a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras desas decisións.

O alumno ou alumna deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e o seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover acciyns novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

### ***Aprender a aprender***

A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumnado o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para darlles resposta ás formulacións do home, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de secundaria obrigatoria.

Neste sentido, desenvolveranse os seguintes descritores:

- Xestionar os recursos e motivaciyns persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisiyns sobre os pasos seguintes en funciyn dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecuciyn de obxectivos de aprendizaxe.

## ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Os contidos da área de Historia agrúpanse en varios bloques. O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura histórica; os escolares e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu ámbito.

### CONTIDOS

#### Bloque 1. O medio Físico

- B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.
- B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.
- B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.
- B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.
- B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.
- B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.
- B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.
- B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.
- B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.
- B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.
- B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambiental.

#### Bloque 3. A Historia

- B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.
- B3.2. Fontes históricas.
- B3.3. Cambio e continuidade.
- B3.4. Tempo histórico.
- B3.5. Vocabulario histórico e artístico.
- B3.6. Evolución das especies e a hominización.
- B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.
- B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.
- B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.
- B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.
- B3.9.3. Prehistoria galega: megálitos e petróglifos.
- B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.
- B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.
- B3.12. Idade Antiga: invención da escritura.
- B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.
- B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.
- B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.
- B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.
- B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.

- B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.
- B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.
- B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organizaciyn política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.
- B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.
- B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### Bloque 1. O medio Físico

- B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relaciyns entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.
- B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representaciyn cartográfica, en soporte analixico e dixital, e as súas escalas
- B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.
- B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.
- B1.6. Ter unha visiyn global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.
- B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.
- B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.
- B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
- B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.
- B1.11. Coñecer, describir e valorar a acciyn do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.

### Bloque 3. A Historia

- B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senyn que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
- B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes histyricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.
- B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
- B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
- B3.5. Utilizar o vocabulario histyrico e artístico con precisiyn, inseríndoo no contexto adecuado.
- B3.6. Entender o proceso de hominizaciyn.
- B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas coma estas.
- B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis relevantes da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

- B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.
- B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.
- B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.
- B3.12. Recoñecer a importancia do descubrimento da escritura.
- B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.
- B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.
- B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.
- B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.
- B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.
- B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.
- B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.
- B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.
- B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.
- B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.

## **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

### **Bloque 1. O medio Físico**

- XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.
- XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.
- XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator cunha de Peters.
- XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.
- XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
- XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
- XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.
- XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes.
- XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.
- XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
- XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
- XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.
- XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.
- XHB1.11.1. Realiza buscas en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.

### Bloque 3. A Historia

- XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
- XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
- XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estes restos materiais ou textuais.
- XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.
- XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
- XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
- XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
- XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
- XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.
- XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
- XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.
- XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
- XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".
- XHB3.11.1. Describe formas de organización socioeconómica e política, noticias ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.
- XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
- XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
- XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.
- XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
- XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.
- XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.
- XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos
- XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.
- XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo
- XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.
- XHB3.18.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.
- XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
- XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
- XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.
- XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.
- XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.
- XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.
- XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que se conservan na actualidade.



- XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.

## AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

# Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descriutores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*O planeta Terra*

### Descrición da unidade

O estudo da Xeografía iníciase cunha presentación da Terra que parte da súa situación no universo, na galaxia e no sistema solar e dos trazos que a singularizan respecto aos demais planetas. A continuación analízanse os movementos de rotación e de translación, coas súas correspondentes consecuencias. Entre elas detállanse as distintas formas de orientación de día e de noite, de forma que poidan ser aplicadas na práctica polo alumnado. A unidade péchase coas nocións básicas sobre localización e representación do espazo terrestre: os mapas, a rede xeográfica, os sistemas de proxección e a escala. A técnica da unidade dedícase ao comentario de mapas xeográficos: diferenciación de mapas e procedemento para o seu comentario, con especial fincapé no mapa topográfico.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- O universo, o sistema solar e a Terra, un planeta singular.
- Os movementos da Terra. A rotación e as súas consecuencias xeográficas.
- Algunhas formas de orientarnos na Terra.
- O movemento de translación e as súas consecuencias xeográficas.
- A representación do espazo terrestre. Rede xeográfica, sistemas de proxección, escala e signos convencionais.
- Como comentar mapas xeográficos. Algúns tipos de mapas. O mapa topográfico.

Para a **adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. O universo, o sistema solar e a Terra.
  - A Terra no universo.
  - Os mapas e a localización sobre a Terra.
2. Os movementos da Terra
  - O movemento de rotación.
  - O movemento de translación.

### Temporalización:

Setembro



**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Sinalamos os océanos onde se encontra a Antártida.
- Explicamos por que non hai ríos na Antártida.
- Planificamos un traballo sobre os exploradores da Antártida.

**Tarefa 7:** Traballamos con mapas temáticos, físicos e perfís topográficos.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Sinalamos no mapa físico mudo dos Estados Unidos de América os relevos máis destacados.
- Descubrimos e traballamos coas múltiples opcións e ferramentas que teñen Google Earth e Google Maps, para crear mapas personalizados.

**Tarefa 8:** Traballamos os apartados de «Comproba a túa aprendizaxe» e «Comproba as túas competencias».

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Relacionamos elementos do relevo co continente ou subcontinente correspondente.
- Encontramos nunha sopa de letras nomes de mares.
- Contestamos a unha serie de preguntas sobre o río Amazonas, utilizando a información do texto.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas. Entre elas:

- Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar os estudantes sobre o tema a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, libros de arte, etc.

## 8. RECURSOS

Algúns posibles recursos para reforzar os contidos didácticos son os seguintes:

- Libro do alumnado, atlas, vocabulario final, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos, libros de consulta, etc.
- Cartografa, globo terráqueo e mapas do mundo coa rede xeográfica.
- Atlas do mundo.
- Caderno do alumnado para realizar as actividades propostas.
- Mapa conceptual proposto na PD.
- Documentos, vídeos e presentacións incluídos nos RD.

- O cine na aula.
- Fichas de avaliación de contidos básicos dos RF.
- Recursos didácticos para o profesorado e o alumnado que acompañan á proposta didáctica, cos que reforzar e ampliar os contidos estudados.
- Enlaces web:

## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Probas de avaliación recollidas no xerador de avaliacións.
- Autoavaliación e avaliación entre iguais para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Probas orais e escritas, e actitude e interese mostrados na aula.
- Rexistro da actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Proba de avaliación por competencias da unidade.

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Para todos os alumnos e as alumnas:

- Actividades de reforzo da unidade da PD.
- Follas do Caderno de Reforzo dos RF.

Para algúns alumnos e alumnas:

- Tarefas da adaptación curricular (AC) dos RF.
- Actividades de ampliación da unidade existentes na PD.

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

Dispón dunha rúbrica para realizar esta autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».



## Unidade 4

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Os grandes conxuntos bioclimáticos da Terra*

### Descrición da unidade

Estudados os climas e os seus elementos cos factores que inflúen neles, así como a relación existente entre os climas e a vexetación-fauna, establécese a importancia das zonas climáticas, cálida, temperada e fría, no desenvolvemento destes. Abórdase, pois, o estudo dos chamados conxuntos bioclimáticos. Serán, conseguintemente, estes últimos o obxecto do noso estudo na presente unidade. Finalmente, na técnica abordaremos a elaboración de climogramas.

Ante todo o exposto, o alumnado terá acceso aos seguintes coñecementos:

- Os grandes conxuntos bioclimáticos. As zonas cálida, temperada e fría.
- O bioclima do deserto.
- Os grandes conxuntos bioclimáticos. A montaña.
- Estudo dunha técnica: o climograma.

Para a **adaptación curricular** elixíronse os seguintes contidos:

1. Os grandes conxuntos climáticos. A zona cálida:
  - O bioclima ecuatorial.
  - O bioclima tropical.
2. Os grandes conxuntos climáticos. A zona temperada:
  - O bioclima mediterráneo.
  - O bioclima oceánico.
  - O bioclima continental.
3. Os grandes conxuntos climáticos. A zona fría:
  - Distribución xeográfica.
  - O clima e a vexetación polar.
4. Os bioclimas azonais:
  - Os desertos.
  - As montañas.

### Temporalización

Decembro:     Xaneiro

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Formar redes conceptuais sobre os bioclimas da zona cálida, diferenciando as características dos bioclimas ecuatorial e tropical.
2. Identificar os trazos básicos dos bioclimas da zona temperada.
3. Comprender as características e a distribución espacial do bioclima desértico.
4. Asimilar as diferenzas do bioclima polar.
5. Observar de xeito analítico o bioclima de montaña e as súas diferenzas.
6. Aprender a traballar con gráficos xeográficos e climogramas.
7. Promover o desenvolvemento de competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os grandes conxuntos bioclimáticos. A zona cálida.</li> <li>- Características xerais.</li> </ul>	<p>1. Explicar os trazos esenciais dos bioclimas da zona cálida, e diferenciar os climas e a vexetación ecuatoriais e tropicais.</p>	<p>1.1. Manifesta os trazos dos bioclimas da zona cálida e distingue os climas e a vexetación ecuatoriais e</p>	<p>CMCT, CAA, CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os grandes conxuntos bioclimáticos. A zona temperada.</li> <li>- O bioclima mediterráneo.</li> <li>- O bioclima oceánico.</li> <li>- O bioclima continental.</li> </ul>	<p>2. Coñecer e explicar as características da zona temperada, e diferenciar os climas e a vexetación mediterránea, oceánica e continental.</p>	<p>2.1. Recoñece e explica as características da zona temperada, e distingue os climas e a vexetación mediterránea, oceánica e continental.</p>	<p>CMCT, CAA, CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O bioclima dos desertos.</li> <li>- Desertos cálidos e temperados.</li> <li>- O clima. O dominio da aridez.</li> <li>- A vexetación dos desertos.</li> </ul>	<p>3. Coñecer os trazos básicos, distribución espacial, clima e vexetación dos desertos.</p>	<p>3.1. Recoñece os trazos básicos, distribución espacial, clima e vexetación dos desertos.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA, CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os grandes conxuntos bioclimáticos. A zona fría.</li> <li>- Distribución xeográfica.</li> <li>- O clima polar. O dominio do frío.</li> <li>- A vexetación polar.</li> </ul>	<p>4. Recoñecer os caracteres diferenciais da zona fría e o bioclima polar.</p>	<p>4.1. Coñece os caracteres diferenciais da zona fría e o bioclima polar.</p>	<p>CCL CMCT, CD, CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os grandes conxuntos bioclimáticos. A montaña.</li> <li>- Montañas cálidas e temperadas.</li> <li>- O clima. O dominio da altitude.</li> <li>- A vexetación das montañas.</li> </ul>	<p>5. Observar de xeito analítico o bioclima de montaña e as súas diferenzas.</p>	<p>5.1. Analiza o bioclima de montaña e as súas diferenzas.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA</p>



<ul style="list-style-type: none"> <li>- O medio como risco.</li> <li>- Os riscos climáticos.</li> <li>- Os riscos xeolóxicos internos e externos.</li> </ul>	<p>6. Comprender os riscos naturais e expoñer evidencias da súa incidencia nas distintas rexións da</p>	<p>6.1. Entende os riscos naturais e a súa incidencia en distintas rexións da Terra.</p>	<p>CCL CMCT, CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os gráficos xeográficos. O climograma.</li> </ul>	<p>7. Comprender os gráficos xeográficos e aplicar este coñecemento aos climogramas.</p>	<p>7.1. Coñece os gráficos xeográficos e aplica este coñecemento aos climogramas.</p>	<p>CMCT, CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.</li> </ul>	<p>8. Progresar na aprendizaxe e a aplicación das competencias básicas.</p>	<p>9.1. Desenvolve competencias básicas.</p>	<p>CCL, CAA, CSIEE</p>

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF): Caderno estándares de aprendizaxe (CEA), Adaptación curricular (AC)

Estándares de aprendizaxe	Selección de evidencias para o portfolio
<p>1.1. Manifesta os trazos dos bioclimas da zona cálida e distingue os climas e a vexetación ecuatoriais e tropicais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 2 da epígrafe 1 do LA sobre os climas cunha ou dúas estacións, unha seca e outra húmida.</li> <li>- Actividade 4 da epígrafe 1 do LA onde se establece a comparación entre as características climáticas e a vexetación ecuatorial e tropical.</li> <li>- Actividade 5 da epígrafe 1 do LA sobre as diferenzas na vexetación entre os</li> </ul>
<p>2.1. Recoñece e explica as características da zona temperada, e distingue os climas e a vexetación mediterránea, oceánica e continental.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 da epígrafe 2 do LA onde se comentan os climogramas da zona temperada.</li> <li>- Actividade 2 da epígrafe 2 do LA onde se comparan as diferentes paisaxes da zona temperada.</li> <li>- Actividade 3 da epígrafe 2 do LA sobre a extensión cartográfica dos climas oceánico,</li> </ul>
<p>3.1. Recoñece os trazos básicos, distribución espacial, clima e vexetación dos desertos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 da epígrafe 3 do LA onde se comparan dous climogramas de bioclimas desérticos.</li> <li>- Actividade 2 da epígrafe 3 do LA sobre modos de situar o climograma dunha localidade no hemisferio norte ou no sur.</li> </ul>
<p>4.1. Coñece os caracteres diferenciais da zona fría e o bioclima polar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 da epígrafe 4 do LA sobre o comentario de dous climogramas dunha zona bioclimática fría.</li> <li>- Actividade 4 da epígrafe 4 do LA cun resumo das principais características da auga, a vexetación e o bioclima polar.</li> </ul>

5.1. Analiza o bioclima de montaña e as súas diferenzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 da epígrafe 5 do LA sobre a análise e o comentario de climogramas con bioclima de montaña.</li> <li>- Actividade 2 da epígrafe 5 do LA na que resume as características do clima e a vexetación do medio montañoso.</li> <li>- Actividades 5 e 6 da epígrafe 5 do LA coa observación das diferenzas entre as</li> </ul>	
6.1. Coñece os gráficos xeográficos e aplica este coñecemento aos climogramas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 coa técnica sobre a elaboración e o comentario dun climograma a partir dunha táboa de temperaturas e precipitacións.</li> </ul>	
7.1. Desenvolve competencias básicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do CTC do LA.</li> </ul>	



**5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Libro do alumnado: Introducción (INTR); Epígrafe (E); Actividade (ACT); Informe gráfico (IG); Técnica (TEC); Comproba a túa aprendizaxe (CTA); Comproba as túas competencias (CTC).

Competencia	Descritor / Subcompetencias	Desempeño
<p><i>Comunicación lingüística</i></p>	<p>Comprender o sentido dos textos escritos e orais./</p> <p><i>Comprender textos escritos.</i></p> <p><i>Comprender informacións.</i></p> <p><i>Diferenciar ideas esenciais.</i></p>	<p>Comprende e responde cuestións relacionadas co deserto de Atacama: (CTC. ACT.1).</p> <p>Comprende a descrición das características de catro climas da Terra e realiza un encrucillado: (CTA. ACT.1).</p> <p>Comprende os textos das</p>
	<p>Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais./</p> <p><i>Adquirir vocabulario</i></p> <p><i>Utilizar vocabulario.</i></p> <p><i>Producir textos.</i></p>	<p>Resume características climáticas e vexetais de diferentes bioclimas da Terra: (E.3. ACT.4). (E.5. ACT.2).</p> <p>Elabora textos relacionados co clima polar: (E4. ACT.4,5).</p> <p>Busca o significado de palabras relacionadas co contido da epígrafe: (E.4. ACT.4).</p> <p>Redacta un texto sobre as actividades dos habitantes do deserto de Atacama: (CTC. ACT.5).</p> <p>Produce textos relacionados co</p>

	<p>Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc./</p> <p><i>Interpretar un gráfico. Traballar con gráficos.</i></p>	<p>Comprende a maneira gráfica en que se representan os climogramas: (INT. ACT.1).</p> <p>Calcula correctamente temperaturas medias a partir de climogramas: (INT. ACT2).</p> <p>Comenta climogramas de distintos bioclimas do planeta e sinala parecidos e diferenzas entre eles, localización xeográfica, etc.: (E.2. ACT.1). (E.3. ACT.1,2). (E.4. ACT.1). (E.5. ACT.1).</p> <p>Comprende o proceso de elaboración de climogramas e elabóraos por conta propia: (TEC. ACT.1).</p>
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i></p>	<p>Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos, biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etc./</p> <p><i>Traballar con mapas. Comprender e interpretar o espazo. Interpretar a linguaxe cartográfica. Coñecer paisaxes xeográficas. Analizar fenómenos físicos. Coñecer o espazo natural.</i></p>	<p>Busca coordenadas xeográficas nun atlas para descubrir as zonas climáticas: (INT. ACT.3).</p> <p>Busca información cartográfica nun atlas para descubrir países con clima ecuatorial e tropical en distintos continentes do planeta: (E.1. ACT.1).</p> <p>Describe paisaxes da zona cálida mediante a observación gráfica da epígrafe: (E.1. ACT.5).</p> <p>Busca información cartográfica nun atlas para descubrir algúns países europeos con clima oceánico, mediterráneo e continental: (E2. ACT3).</p> <p>Responde cuestións relacionadas cos climas na Terra mediante a observación cartográfica: (E.2. ACT.4). (E.4. ACT.2). (E.5. ACT.1).</p>

		<p>vexetais: (E.2. ACT.5). (E.3. ACT.5). (E.4. ACT.6,7).</p> <p>Busca información cartográfica e cita países da zona cálida e da temperada con desertos: (E.3. ACT.3).</p> <p>Realiza traballos con información textual e gráfica relacionada co clima polar no continente europeo: (E.4. ACT.2).</p> <p>Comprende as características principais do clima polar e elabora textos sobre o clima, as súas augas e a súa vexetación: (E.4. ACT.4).</p> <p>Explica por que a partir de determinada altura diminúen as precipitacións: (E.5. ACT.3).</p>
<p><i>Competencia dixital.</i></p>	<p>Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento./</p> <p><i>Utilizar as TIC.</i></p> <p><i>Traballar con textos e imaxes.</i></p>	<p>Elabora comparativas paisaxísticas das zonas temperada e fría axudándose do texto e da información gráfica da epígrafe: (E.2. ACT.2). (E.4. ACT.9).</p> <p>Busca información en Internet sobre especies vexetais da zona temperada: (E.2. ACT.7).</p> <p>Busca en Internet imaxes de clima polar no continente europeo: (E.4. ACT.2).</p> <p>Busca en Internet o significado de vocabulario novo: (E4. ACT8).</p> <p>Busca en Internet imaxes dos distintos tipos de montañas existentes: (E.5. ACT.4).</p>
<p><i>Aprender a aprender.</i></p>	<p>Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión</p>	<p>Analiza imaxes de paisaxes e descríbeas, ou responde ás cuestións formuladas sobre elas:</p>

	<p>rigorosa dos contidos./</p> <p><i>Relacionar informacións.</i></p> <p><i>Traballar con imaxes.</i></p>	<p>(INT. ACT.4). (E.3. ACT.8). (E.5. ACT.5,6).</p> <p>Asocia correctamente unha serie de características co seu clima correspondente: (E.1. ACT.2).</p> <p>Identifica paisaxes naturais e relaciónaas co seu bioclima correspondente mediante a observación fotográfica: (CTA .ACT.3).</p> <p>Diferencia a contaminación acuática da sobreexplotación mediante a observación fotográfica: (CTA. ACT.4).</p> <p>Explica o «efecto barreira» mediante a observación.</p>
	<p>Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe./</p> <p><i>Organizar información.</i></p> <p><i>Participar na aprendizaxe.</i></p>	<p>Elabora cadros-resumos ou mapas conceptuais relacionados co clima, a vexetación e os bioclimas existentes na Terra: (E.2. ACT.6). (CTA. ACT.2).</p> <p>Expón oralmente aspectos destacados do bioclima desértico: (E.3. ACT.6).</p> <p>Participa na aprendizaxe de xeito individual e colectivo mediante a formulación de preguntas relativas ao clima polar: (E.4. ACT.5).</p>
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i></p>	<p>Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias./</p> <p><i>Buscar solucións.</i></p> <p><i>Desenvolver plans persoais.</i></p>	<p>Prepara unha viaxe por unha zona con clima ecuatorial tendo en conta unha serie de variantes: (E.1. ACT.3).</p> <p>Elabora mapas conceptuais ou cadros-resumo coas características climáticas e vexetais do clima ecuatorial e tropical: (E.1. ACT.4).</p>
	<p>Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</p> <p><i>Tomar decisións persoais.</i></p>	<p>Elabora traballos relacionados coa vexetación da zona temperada: (E.2. ACT.7).</p>

	<i>Elixir con criterio propio.</i>	<p>Formula actividades a realizar nunha zona con bioclima do deserto: (E.3. ACT.7).</p> <p>Idea sistemas para obter datos térmicos e pluviométricos: (TEC. ACT.2).</p> <p>Elixo a opción correcta entre unha serie de opcións: (CTC. ACT.3).</p>
	<p>Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas./</p> <p><i>Planificar traballos individuais</i></p>	<p>Realiza conxuntamente con outro compañeiro ou compañeira as actividades da introdución: (INT. ACT.1,2,3,4).</p>

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Recursos dixitais (RD)

**Tarefa 1:** Traballamos coa imaxe inicial e xogamos co espazo.

- Expoñemos brevemente o esquema completo desta unidade impresa na PD.
- Observamos as imaxes da dobre páxina inicial e realizamos as tarefas indicadas no apartado «Xoga co espazo» do LA.

**Tarefa 2:** Traballamos os grandes conxuntos bioclimáticos. A zona cálida.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos un proxecto de viaxe a un país de bioclima ecuatorial. Informámonos e concretamos primeiro sobre o país e o continente onde se encontra, e eliximos despois a roupa e a vexetación a fotografar.
- Coñecemos os trazos das paisaxes da zona cálida coa axuda das imaxes do texto e do climograma inserto nel.

**Tarefa 3:** Traballamos os grandes conxuntos bioclimáticos. A zona temperada.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Ante tres climogramas de tipo mediterráneo, oceánico e continental, realizamos o seu comentario individualmente e en grupo.
- Analizamos un clima da zona temperada como Glasgow e establecemos as súas diferenzas respecto a un clima da zona cálida.

**Tarefa 4:** O bioclima dos desertos.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Dados dous climogramas, deserto cálido e deserto temperado, explicamos en que se parecen e en que se diferencian.
- Analizamos as paisaxes do texto e respondemos a continuación a que tipo de clima pertencen e por que.

**Tarefa 5:** Traballamos os grandes conxuntos bioclimáticos. A zona fría.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Resumimos nun parágrafo as características do clima, o estado da auga e a vexetación do bioclima polar.
- Ante o texto da lectura complementaria 2 dos RF, relacionamos os animais citados nesta e comentamos o dito sobre a balea e o pingüín real.

**Tarefa 6:** Estudamos os grandes conxuntos bioclimáticos. A montaña.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Escribimos nun breve parágrafo as características do clima de montaña e da vexetación que lle é propia.
- Comentamos a afirmación sobre que a partir de certa altitude, as precipitacións diminúen.

**Tarefa 7:** Manexamos os gráficos xeográficos. O climograma.

- Dada unha táboa de datos sobre as temperaturas e as precipitacións, elaboramos un climograma.
- Analizamos o climograma anterior e diagnosticamos a que clima pertence.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas. Entre elas:

- Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar os estudantes sobre o tema a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, libros de arte, etc.

## 8. RECURSOS

Alguns posibles recursos para reforzar os contidos didácticos son os seguintes:

- Libro do alumnado, atlas, vocabulario final, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos, libros de consulta, etc.
- Cartografa, globo terráqueo e mapas do mundo coa rede xeográfica.
- Atlas do mundo.
- Caderno do alumnado para realizar as actividades propostas.
- Mapa conceptual proposto na PD.
- Documentos, vídeos e presentacións incluídos nos RD.
- O cine na aula.
- Fichas de avaliación de contidos básicos dos RF.
- Recursos didácticos para o profesorado e o alumnado que acompañan á proposta didáctica, cos que reforzar e ampliar os contidos estudados.
- Enlaces web:

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Probas de avaliación recollidas no xerador de avaliacións.
- Autoavaliación e avaliación entre iguais para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Probas orais e escritas, e actitude e interese mostrados na aula.
- Rexistro da actitude e comportamento na aula.

- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Proba de avaliación por competencias da unidade.

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Para todos os alumnos e as alumnas:

- Actividades de reforzo da unidade da PD.
- Follas do Caderno de Reforzo dos RF.

Para algúns alumnos e alumnas:

- Tarefas da adaptación curricular (AC) dos RF.
- Actividades de ampliación da unidade existentes na PD.

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

Dispón dunha rúbrica para realizar esta autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».



## Unidade 5

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*O medio físico de Europa*

### Descrición da unidade

A unidade dedicada ao medio físico de Europa presenta os principais elementos do medio natural do continente europeo. Así, analízanse as súas formas e unidades do relevo; os mares, lagos e ríos; os factores xeográficos e atmosféricos do clima; e os principais bioclimas, resultantes da interacción do clima e da vexetación: oceánico, mediterráneo, continental, polar e de montaña. Cada un deles exemplifícase co correspondente climograma e cunha imaxe representativa da súa vexetación natural. Ademais, a unidade contén un informe gráfico sobre os espazos naturais europeos integrantes da Rede Natura 2000 e péchase cunha técnica dedicada aos mapas e ás TIC, con útiles informacións para o cálculo de coordenadas xeográficas e para a elaboración de mapas personalizados utilizando Google Maps.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os **coñecementos** seguintes:

- O mapa físico de Europa. O relevo continental.
- O mapa físico de Europa. As augas.
- O tempo e o clima. Os factores xeográficos e atmosféricos.
- Os bioclimas de Europa.
- Os espazos naturais. A Rede Natura 2000.
- Os mapas e as TIC. Google Maps.
- Comproba a aprendizaxe e as competencias.

Para a **adaptación curricular** elixíronse os seguintes contidos:

1. O mapa físico de Europa:
  - Características, situación e límites.
  - As formas de relevo.
  - As augas. Mares, lagos e ríos.
2. Os bioclimas de Europa:
  - Os bioclimas, oceánico, mediterráneo e continental.
  - Os bioclimas, polar e de montaña.

### Temporalización

Xaneiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Recoñecer os elementos básicos do mapa físico de Europa.
2. Analizar as características esenciais do clima europeo, distinguindo factores xeográficos e atmosféricos.
3. Clasificar os bioclimas de Europa.
4. Apreciar a singularidade dos espazos naturais da Unión Europea.
5. Aprender a utilizar as TIC de contido xeográfico.
6. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

- O mapa físico de Europa (I). O relevo continental. - As formas do relevo. - As costas europeas.	1.1. Coñecer elementos básicos do mapa físico de Europa, como as formas de relevo e as costas.	1.1. Localiza nun mapa mudo os principais fitos do relevo europeo e as súas costas.	CMCT
- O mapa físico de Europa (II). As augas. Mares, lagos e ríos. - Os mares e os lagos de Europa. - Os ríos de Europa.	1.2. Diferenciar e localizar as augas de Europa.	1.2. Localiza nun mapa mudo os mares e os principais ríos e lagos de Europa.	CMCT, CSIEE
- O tempo e o clima. - Os factores xeográficos e atmosféricos.	2. Diferenciar os conceptos de tempo, elementos e factores climáticos, e aplicalos ao continente	2.1. Relaciona os factores xeográficos coa diversidade climática europea.	CMCT, CAA
- Os bioclimas de Europa. - Oceánico. - Mediterráneo. - Continental. - Polar. - De montaña.	3. Distinguir os bioclimas europeos, e expresar as súas características e localización xeográfica.	3.1. Caracteriza e localiza os bioclimas europeos.	CMCT, CAA
- Os espazos naturais. A Rede Natura 2000.	4. Coñecer a Rede Natura 2000 e a súa importancia ecolóxica.	4.1. Define a Rede Natura 2000.	CCL, CMCT, CSIEE
- Os mapas e as TIC. Google Maps.	5. Utilizar con propiedade aplicacións informáticas, como Google Maps.	5.1. Localiza a través de Google Maps as coordenadas xeográficas de determinados puntos de	CMCT, CD
- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.	6. Progresar na aprendizaxe e a aplicación das competencias básicas.	6.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL, CMCT



#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias do alumnado que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF): Caderno estándares de aprendizaxe (CEA), Adaptación curricular (AC)

Estándares de aprendizaxe	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Localiza nun mapa mudo os principais fitos do relevo europeo e as súas costas.	- Actividade 1 da epígrafe 1 do LA de localizar unidades de relevo europeas nun mapa físico mudo de Europa.
1.2. Localiza nunha mapa mudo os mares e os principais ríos e lagos de	- Actividade da epígrafe 2 do LA de localizar nun mapa mudo de Europa mares, ríos e lagos.
2.1. Relaciona os factores xeográficos coa diversidade climática europea.	- Actividade da epígrafe 3 do LA de relacionar factores xeográficos e climáticos.
3.1. Caracteriza e localiza os bioclimas europeos.	- Actividade da epígrafe 4 do LA de comparar os bioclimas europeos.
4.1. Define a Rede Natura 2000.	- Actividade do Informe Gráfico de definir a Rede Natura 2000.
5.1. Localiza a través de Google Maps as coordenadas xeográficas de determinados puntos de Europa.	- Actividade da Técnica do LA sobre localizar coordenadas de cidades europeas.
6.1. Desenvolve competencias básicas.	- Actividades do LA do apartado «Comproba as túas competencias».

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Libro do alumnado: Introducción (INTR); Epígrafe (E); Actividade (ACT); Informe gráfico (IG); Técnica (TEC); Comproba a túa aprendizaxe (CTA); Comproba as túas competencias (CTC).

Competencia	Descritor / Subcompetencias	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	<p>Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia./</p> <p><i>Expresar opinións.</i></p>	<p>Define conceptos e acláraos con exemplos: (E.3. ACT.1).</p> <p>Observa mapas de tempo e contesta preguntas sobre as masas de aire que afectan a Europa: (E.3. ACT.2).</p> <p>Recorda definicións: (TEC. ACT.1)</p>
	<p>Comprender o sentido dos textos escritos e orais./</p> <p><i>Comprender textos.</i></p> <p><i>Comprender textos escritos.</i></p> <p><i>Comprender informacións.</i></p>	<p>Obtén información dun texto: (CTC. ACT.2,5).</p>
	<p>Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais./</p> <p><i>Producir textos.</i></p> <p><i>Adquirir vocabulario.</i></p>	<p>Define correctamente conceptos relacionados coa xeografía europea: (CTC. ACT.1).</p> <p>Define correctamente termos relacionados cos espazos naturais europeos como Rede Natura 2000, ZEPA ou LIC: (IG. ACT.1).</p> <p>Redacta un texto sobre a protección dos espazos naturais europeos: (IG. ACT.2).</p> <p>Recorda conceptos como <i>paralelo</i>, <i>meridiano</i>, <i>latitude</i>, <i>lonxitude</i>: (TEC. ACT.1).</p> <p>Completa a lenda dun mapa bioclimático de Europa: (CTA. ACT.2).</p> <p>Escribe que é un espazo natural e a Rede Natura 2000: (CTA. ACT.4).</p> <p>Cita o nome das cordilleiras europeas que separen as</p>
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<p>Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios</p>	<p>Calcula distancias usando a escala gráfica: (E.1. ACT.2). (E.2. ACT.5).</p> <p>Compara os distintos bioclimas europeos observando os seus</p>

	<p>numérica, etc./</p> <p><i>Utilizar elementos matemáticos.</i></p> <p><i>Utilizar criterios de medición.</i></p> <p><i>Traballar con gráficos.</i></p>	<p>climogramas: (E.4. ACT.2).</p> <p>Descobre a porcentaxe de superficie coa que contan os países da Rede Natura 2000 mediante a observación gráfica: (IG. ACT3).</p> <p>Calcula porcentaxes a partir dos datos dun texto:</p>
	<p>Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos: biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etc./</p> <p><i>Traballar con mapas.</i></p> <p><i>Comprender o espazo.</i></p> <p><i>Localizar en mapas.</i></p> <p><i>Analizar fenómenos físicos.</i></p>	<p>Localiza unidades de relevo europeo citadas no texto, nun mapa mudo: (E.1. ACT.1). (E.2. ACT.1).</p> <p>Cita os países onde se encontran unidades de relevo europeas: (E.1. ACT.3). (E.2. ACT.2).</p> <p>Indica a maneira en que se representan as altitudes nos mapas: (E.1. ACT.5).</p> <p>Escribe as coordenadas dalgunhas cidades europeas: (TEC. ACT.2).</p> <p>Cita o nome dos ríos, lagos e mares que separan o cabo Roca do río Volga: (E.2. ACT.3).</p> <p>Elabora sopas de letras co nome de ríos europeos: (E.2. ACT.4).</p> <p>Sinala as masas de aire que afectan a Europa mediante a observación de mapas do tempo: (E.3. ACT.2).</p> <p>Responde cuestións sobre os climas en Europa mediante a observación cartográfica: (E.3. ACT.3).</p> <p>Compara mapas políticos con mapas climáticos para saber os</p>
<i>Competencia dixital</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción de	Busca información en Internet sobre

	<p>coñecemento./ <i>Utilizar as TIC.</i></p>	<p>(IG. ACT.4). Realiza cálculos a través de Google Maps: (TEC. ACT.2). Realiza un perfil topográfico a través de Google Maps:</p>
<i>Aprender a aprender</i>	<p>Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos./ <i>Relacionar informacións.</i> <i>Traballar con imaxes.</i></p>	<p>Describe correctamente, utilizando como soporte a imaxe: (CTA. ACT.3). Relaciona correctamente conceptos e imaxes (CTA, ACT.3).</p>
	<p>Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe./ <i>Organizar información.</i> <i>Participar na aprendizaxe.</i></p>	<p>Obtén imaxes da corrente do Golfo e cita aqueles países que se ven afectados pola súa influencia: (E.3. ACT.5). Elabora unha táboa comparativa cos bioclimas de Europa:</p>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<p>Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas./ <i>Ser creativo e emprendedor.</i></p>	<p>Imaxina unha app sobre ríos europeos: (E.2. ACT.6).</p>
	<p>Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas./ <i>Planificar traballos individuais ou en grupo.</i></p>	<p>Realiza un traballo recordatorio sobre o medio físico europeo cun compañeiro ou compañeira: (INT. ACT.1).</p>



## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Recursos dixitais (RD)

**Tarefa 1:** Traballamos coa imaxe inicial e xogamos co espazo.

- Expoñemos brevemente o esquema completo desta unidade impresa na PD.
- Observamos as imaxes da dobre páxina inicial e realizamos as tarefas indicadas no apartado «Xoga co espazo» do LA.
- En caso necesario, anticipamos algúns dos conceptos que imos estudar na unidade.

**Tarefa 2:** Coñecemos o mapa físico de Europa e o seu relevo.

- Expoñemos os contidos da epígrafe 1.
- Realizamos as actividades do apartado «Avanza en competencias».

**Tarefa 3:** Coñecemos os mares, ríos e lagos europeos.

- Expoñemos os contidos da epígrafe 2.
- Completamos en senllos mapas mudos os nomes dos principais elementos do relevo, ríos, mares e lagos europeos.
- Realizamos esquemas dos ríos por vertentes.

**Tarefa 4:** Coñecemos os climas de Europa e os seus bioclimas.

- Diferenciamos tempo e clima con abundantes exemplos.
- Realizamos de forma autónoma as actividades do apartado «Traballar con mapas» da epígrafe 3.
- Poñemos en común os resultados.
- Realizamos colectivamente as actividades 1 e 4.

**Tarefa 5:** Coñecemos os espazos naturais europeos.

- Realizamos as actividades do Informe gráfico.
- Coas indicacións do apartado «Técnicas», traballamos sobre a extensión e localización dun espazo natural elixido persoalmente.

**Tarefa 6:** Realizamos as actividades do Comproba a túa aprendizaxe e Comproba as túas competencias.

- Presentamos na aula o traballo iniciado na sesión anterior.
- Realizamos as actividades do apartado «Comproba a túa aprendizaxe».
- De forma colectiva contestamos ás actividades do apartado «Comproba as túas competencias».
- Recompilamos as actividades para o portfolio de cada alumno ou alumna.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas. Entre elas:

- Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar os estudantes sobre o tema a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, libros de arte, etc.
- Utilizar os recursos cartográficos dixitais para lograr a familiaridade coa cartografía.
- Favorecer o xogo de concursos de mapas como estratexia para a súa aprendizaxe.

## 8. RECURSOS

Alguns posibles recursos para reforzar os contidos didácticos son os seguintes:

- Libro do alumnado, atlas, vocabulario final, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos, libros de consulta, etc.
- Cartografía, globo terráqueo e mapas do mundo coa rede xeográfica.
- Atlas do mundo.
- Caderno do alumnado para realizar as actividades propostas.
- Mapa conceptual proposto na PD.
- Documentos, vídeos e presentacións incluídos nos RD.
- O cine na aula.
- Fichas de avaliación de contidos básicos dos RF.
- Recursos didácticos para o profesorado e o alumnado que acompañan á proposta didáctica, cos que reforzar e ampliar os contidos estudados.
- Enlaces web:

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Probas de avaliación recollidas no xerador de avaliacións.
- Autoavaliación e avaliación entre iguais para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Probas orais e escritas, e actitude e interese mostrados na aula.
- Rexistro da actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Proba de avaliación por competencias da unidade.

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Para todos os alumnos e as alumnas:

- Actividades de reforzo da unidade da PD.
- Follas do caderno de Reforzo dos RF.

Para algúns alumnos e alumnas:

- Tarefas da adaptación curricular (AC) dos RF.
- Actividades de ampliación da unidade existentes na PD.

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

Dispón dunha rúbrica para realizar esta autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».

## Unidade 6

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*O medio natural e as actividades humanas*

### Descrición da unidade

O presente tema está baseado na estreita relación que existe entre o ser humano e a paisaxe natural que o rodea. É o principio máis importante en que se asenta a xeografía humana. Desde o inicio dos tempos, o home adaptouse nos seus modos de vida ás condicións que lle determina o medio natural, pero, ao mesmo tempo, tratou de dominalo, transformalo e poñelo ao seu servizo. É o chamado progreso humano. Esta idea fixo que o medio natural se vexa como un recurso. Estúdase, pois, os recursos que proporcionan o aire, a auga, o solo e o subsolo. Non obstante, a explotación dos recursos naturais non pode ser abusiva; existe unha liña vermella que non se debe traspasar se se quere manter un equilibrio ecolóxico. A explotación do petróleo, do carbón e doutras fontes de enerxía pode dar lugar a altos graos de contaminación de perigosos efectos. Estúdanse tamén os acordos tomados para evitar a contaminación e para que se manteña a sostibilidade económica. O tema remata co estudo dunha técnica referida á deterioración ambiental.

A través das diferentes actividades propostas, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos seguintes:

- O medio e os recursos naturais.
- O medio como risco.
- Os riscos naturais e o desenvolvemento desigual.
- A acción do ser humano sobre o medio.
- As solucións aos problemas ambientais globais.

Para a **adaptación curricular** elixíronse os seguintes contidos:

1. O medio e os recursos naturais:
  - Os recursos do solo, o subsolo e o relevo.
  - Os recursos da auga, a atmosfera e a vexetación.
2. O medio como risco:
  - Os riscos climáticos.
  - Os riscos xeolóxicos, internos e externos.
  - Unha incidencia social desigual.
3. A acción do ser humano sobre o medio, e as súas solucións:
  - Os problemas da vexetación e o solo.
  - Os problemas da auga.
  - Os problemas da atmosfera.
  - As solucións aos problemas ambientais. O desenvolvemento sostible.
4. Comprobar a progresión en competencias básicas.

### Temporalización

Febreiro:



## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Mostrar a relación entre o medio natural e os recursos naturais.
2. Analizar os perigos que comporta o medio natural.
3. Identificar as relacións que existen entre os riscos naturais e o desenvolvemento desigual.
4. Coñecer a acción que exerce o ser humano sobre o medio, e valorar as súas consecuencias.
5. Diferenciar posibles solucións aos problemas ambientais e coñecer o concepto de desenvolvemento sostible.
6. Aprender a investigar un tema ambiental.
7. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

<ul style="list-style-type: none"> <li>- O mundo e os recursos naturais.</li> <li>- Os recursos do solo, o subsolo e o relevo.</li> <li>- Os recursos da auga, a atmosfera e a vexetación.</li> <li>- O futuro dos recursos.</li> </ul>	<p>1. Comprender a relación existente entre o medio natural e os recursos que del obtén o ser humano.</p>	<p>1.1. Entende a relación existente entre o medio natural e os recursos que o ser humano obtén.</p>	<p>CMCT, CD, CAA, CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O medio como risco.</li> <li>- Os riscos climáticos.</li> <li>- Os riscos xeolóxicos internos.</li> <li>- Os riscos xeolóxicos externos.</li> </ul>	<p>2. Comprender os riscos naturais e expoñer evidencias da súa incidencia nas distintas rexións da</p>	<p>2.1. Entende os riscos naturais e a súa incidencia en distintas rexións da Terra.</p>	<p>CMCT, CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os riscos naturais e o desenvolvemento da desigualdade.</li> <li>- Unha incidencia social desigual.</li> <li>- Prevención de riscos naturais.</li> </ul>	<p>3. Analizar a incidencia desigual dos riscos naturais e manexa datos sobre a súa posible prevención.</p>	<p>3.1. Estuda a incidencia dos riscos naturais e a súa posible prevención.</p>	<p>CCL, CMCT, CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A acción do ser humano sobre o medio ambiente.</li> <li>- Os problemas da vexetación e o solo.</li> <li>- Os problemas da auga.</li> <li>- Os problemas da atmosfera.</li> </ul>	<p>4. Coñecer a acción do ser humano sobre o medio ambiente e valorar as súas posibles consecuencias.</p>	<p>4.1. Sabe a acción do ser humano sobre o medio ambiente e valora as súas posibles consecuencias.</p>	<p>CMCT, CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As solucións aos problemas ambientais.</li> <li>- A ONU e os cumios da Terra.</li> <li>- O principio do desenvolvemento sostible.</li> <li>- Os acordos e o dereito internacional.</li> <li>- A creación de espazos</li> </ul>	<p>5. Coñecer o concepto de desenvolvemento sostible e valorar posibles solucións aos problemas ambientais.</p>	<p>5.1. Comprende o concepto de desenvolvemento sostible e valora posibles solucións dos problemas ambientais.</p>	<p>CMCT, CD, CAA</p>





- Investigar un tema medioambiental.	6. Participar activamente na investigación dun tema medioambiental.	6.1. Coopera activamente na investigación dun tema medioambiental.	CCL, CSIEE
- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.	7. Progresar na aprendizaxe e a aplicación das competencias básicas.	7.1. Desenvolve competencias básicas.	CMCT

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias do alumnado que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF): Caderno estándares de aprendizaxe (CEA), Adaptación curricular (AC)

Estándares de aprendizaxe	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Entende a relación existente entre o medio natural e os recursos que o ser humano obtén.	- Actividade 3 da epígrafe 1 do LA sobre a elaboración dunha lista con cinco medidas tendentes a colaborar no uso equilibrado dos recursos naturais.
2.1. Entende os riscos naturais e a súa incidencia en distintas rexións da Terra.	- Actividade 1 da epígrafe 2 do LA sobre a busca e redacción dun informe acerca dalgunha catástrofe recente relacionada cun risco xeolóxico. - Lectura complementaria 2 dos RF sobre os desprazamentos humanos provocados
3.1. Estuda a incidencia dos riscos naturais e a súa posible prevención.	- Actividade 1 da epígrafe 3 do LA sobre preguntas acerca da natureza dos riscos naturais e as súas posibles
4.1. Sabe a acción do ser humano sobre o medio e valora as súas posibles consecuencias.	- Actividade 3 da epígrafe 4 do LA acerca da análise e a dedución de conclusións sobre a deforestación dos bosques e as causas que a ocasiona. - Lectura complementaria 1 dos RD sobre a degradación dos solos e o seu custo
5.1. Comprende o concepto de desenvolvemento sostible e valora posibles solucións dos problemas ambientais.	- Actividade 2 da epígrafe 5 do LA sobre solicitar información en Internet acerca do Protocolo de Kyoto, e precisar as súas ideas básicas.
6.1. Cooperativa activamente na investigación dun tema ambiental.	- Actividades da Técnica do LA sobre levar a cabo unha investigación relacionada coa xestión dos residuos sólidos urbanos da
7.1. Desenvolve competencias básicas.	- Actividades do apartado Comproba as túas

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Libro do alumnado: Introducción (INTR); Epígrafe (E); Actividade (ACT); Informe gráfico (IG); Técnica (TEC); Comproba a túa aprendizaxe (CTA); Comproba as túas competencias (CTC).

Competencia	Descritor / Subcompetencias	Desempeño
Comunicación lingüística	<p>Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia./</p> <p><i>Expresar opinións.</i></p>	<p>Contesta á pregunta se o futuro das persoas está ligado ao futuro dos recursos naturais: (E.1. ACT.4).</p> <p>Argumenta posibles solucións para axudar os países que sofren desastres naturais: (E3. ACT.2). .</p> <p>Emite opinións propias sobre os espazos naturais: (CTA ACT7)</p>
	<p>Comprender o sentido dos textos escritos e orais./</p> <p><i>Comprender textos.</i></p> <p><i>Comprender textos escritos.</i></p> <p><i>Comprender informacións.</i></p>	<p>Responde á cuestión de que é a pegada ecolóxica: (INT. ACT.1).</p> <p>A través do texto explicativo, responde a unha serie de preguntas relativas aos riscos naturais e ás consecuencias das catástrofes naturais: (E.3. ACT.1).</p> <p>Contesta a preguntas relativas a un texto titulado <i>1600 millóns de persoas dependen dos bosques para vivir.</i> (TEC. ACT.1).</p> <p>Contesta a cuestións relativas ao desenvolvemento sostible e as políticas desenvolvidas para</p>
	<p>Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais./</p> <p><i>Producir textos.</i></p> <p><i>Adquirir vocabulario.</i></p>	<p>Busca información sobre desastres naturais ocorridos en España nos últimos anos e elabora un resumo escrito: (IG. ACT.1).</p> <p>Escrebe unha relación de recursos que o ser humano obtén da natureza: (CTA. ACT.1).</p> <p>Diferencia parellas de conceptos relacionados cos problemas ambientais: (CTA. ACT.2).</p> <p>Relaciona riscos ambientais coas súas posibles solucións e</p>

		esríbeos: (CTA ACT5)
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<p>Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc./</p> <p><i>Utilizar elementos matemáticos.</i></p> <p><i>Utilizar criterios de medición.</i></p> <p><i>Traballar con gráficos.</i></p>	<p>Responde a cuestións relativas á pegada ecolóxica e os niveis de desenvolvemento mediante a observación de gráficos: (INT. ACT.3).</p> <p>Responde á pregunta sobre que bosque afecta principalmente a deforestación na actualidade e sinala as causas mediante a observación de gráficos: (E4. ACT.2).</p> <p>Calcula porcentaxes e número de hectáreas deforestadas mediante cálculos matemáticos:</p>
	<p>Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos: biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etc./</p> <p><i>Traballar con mapas.</i></p> <p><i>Comprender e interpretar o espazo.</i></p> <p><i>Analizar fenómenos físicos.</i></p> <p><i>Coñecer o espazo natural.</i></p> <p><i>Favorecer o consumo responsable.</i></p>	<p>Cita países con alta e baixa pegada ecolóxica mediante a observación cartográfica: (INT. ACT.2).</p> <p>Elabora un listado con medidas para lograr un equilibrio para a explotación dos recursos naturais: (E.1. ACT.2).</p> <p>Elabora un informe sobre catástrofes xeolóxicas recentes: (E.2. ACT.1).</p> <p>Sinala as zonas de España e da túa comunidade máis afectadas polos riscos xeolóxicos: (E.2. ACT.2).</p> <p>Tomando como referencia un gráfico do LA, pregúntase cales serán, en 2030, os países con alto grao de pobreza e elevado risco de catástrofes naturais: (E.3. ACT.3).</p> <p>Sinala nun mapa e anota no caderno os países da Terra con alto grao e pouca capacidade de prevención de</p>

		<p>(E.5. ACT.4).</p> <p>Cita os países da Terra máis contaminantes desde o punto de vista das emisións de CO<sub>2</sub> e os que menos: (CTA. ACT.4).</p> <p>Responde á cuestión de que países perden unha maior masa boscosa mediante a observación cartográfica.</p>
<i>Competencia dixital</i>	<p>Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento./</p> <p><i>Utilizar as TIC.</i></p>	<p>Busca información en Internet sobre a pegada ecolóxica: (INT. ACT.4).</p> <p>Indaga en Internet sobre imaxes que sirvan de exemplo do aproveitamento dos principais recursos naturais: (E.1. ACT.3).</p> <p>Infórmase en Internet sobre as medidas a tomar en caso de terremoto ou inundación: (E.2. ACT.3).</p> <p>Accede á web do Protocolo de Kyoto e precisa as súas claves fundamentais: (E.5. ACT.2).</p> <p>Busca en Internet outros acordos para darlles resposta aos problemas medioambientais: (E.5. ACT.3).</p> <p>Busca información en Internet e</p>
<i>Aprender a aprender</i>	<p>Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos./</p> <p><i>Relacionar informacións. Traballar con imaxes.</i></p>	<p>Busca imaxes de espazos naturais protexidos de España e describe as súas principais características: (IG. ACT.2).</p> <p>Relaciona termos con problemas medioambientais: (CTA. ACT.3)</p>

	<p>Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe./</p> <p><i>Organizar información.</i></p> <p><i>Participar na aprendizaxe.</i></p>	<p>Completa cadros sobre problemas e causas que afectan á vexetación, a auga e a atmosfera: (E.4. ACT.1).</p> <p>Selecciona un problema medioambiental e amplíao utilizando diversas fontes de documentación: (E.4. ACT.3).</p> <p>Realiza un mapa conceptual ou esquema cos contidos relativos aos problemas medioambientais e as</p>
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<p>Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas./</p> <p><i>Expresar opinións.</i></p>	<p>Contesta á pregunta se o futuro das persoas está ligado ao futuro dos recursos naturais: (E.1. ACT.4).</p> <p>Argumenta posibles solucións para axudar os países que sofren desastres naturais: (E.3. ACT.2)</p>
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<p>Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas./</p> <p><i>Planificar traballos individuais ou en grupo.</i></p>	<p>Elabora un traballo conxunto con outro escolar relativo á pegada ecolóxica e as maneiras de reduci-la: (INT. ACT.4).</p> <p>Realiza un traballo individual sobre a xestión dos residuos urbanos na</p>

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Recursos dixitais (RD)

**Tarefa 1:** Traballamos coa imaxe inicial e xogamos co espazo.

- Expoñemos brevemente o esquema completo desta unidade impresa na PD.
- Observamos as imaxes da dobre páxina inicial e realizamos as tarefas indicadas no apartado «Xoga co espazo» do LA.

**Tarefa 2:** Estudamos o medio natural e os recursos naturais.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Poñemos exemplos do uso que na vida cotiá realizamos de cada un dos recursos naturais.
- Elaboramos listas de medidas coas que se pode colaborar no uso equilibrado dos recursos naturais.
- Solicitamos imaxes representativas do aproveitamento dos principais recursos naturais.
- Explicamos se o futuro das persoas está relacionado co futuro dos recursos naturais.

**Tarefa 3:** Explicamos o medio como risco.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Solicitamos información sobre unha catástrofe natural recente que estea relacionada cun risco xeolóxico.
- Salientamos cales son as zonas de España e da túa comunidade máis afectadas polos riscos xeolóxicos.
- A través de Internet, consultamos as medidas de actuación en casos de terremotos ou de inundacións.
- Respondemos ás cuestións da Lectura complementaria (LC) dos RD sobre a degradación dos solos e o seu custo económico.

**Tarefa 4:** Coñecemos os riscos naturais e o seu desenvolvemento desigual.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Tras a lectura de texto explicativo do LA, contestamos a unha serie de preguntas acerca da súa natureza e consecuencias das catástrofes naturais.
- Coa axuda dun atlas, localizamos os países con altas e baixas capacidades para previr desastres naturais.
- Explicamos por que os efectos das catástrofes naturais son máis devastadores nos países pobres que nos ricos.
- Explicamos se as axudas dadas polos países ricos aos pobres cando sofren catástrofes naturais se poderían substituír por outras.

**Tarefa 5:** Traballamos a acción do ser humano sobre o medioambiente.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Elaboramos unha táboa coas causas e os problemas da vexetación, a auga e a atmosfera.
- Seleccionamos un problema ambiental e investigamos en profundidade sobre el.
- Respondemos ás cuestións da LC dos RD relativas aos desprazamentos humanos forzados que provocan as catástrofes naturais.

**Tarefa 6:** Traballamos sobre as solucións globais aos problemas medioambientais.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos un esquema ou un mapa conceptual sobre os contidos desta epígrafe do LA.
- Investigamos e establecemos as claves do Protocolo de Kyoto.
- Estendemos a investigación sobre outro acordo internacional sobre problemas ambientais.

**Tarefa 7:** Comprobamos a aprendizaxe sobre competencias básicas.

- Informámonos sobre a xestión dos residuos sólidos urbanos da nosa comunidade.

**Tarefa 8:** Investigamos un tema medioambiental.

- Realizamos os exercicios propostos no apartado «Pon en práctica», que trata dos xardíns urbanos, a calidade das conducións de auga potable e do chamado cambio climático.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas. Entre elas:

- Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar os estudantes sobre o tema a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, libros de arte, etc.

## 8. RECURSOS

Alguns posibles recursos para reforzar os contidos didácticos son os seguintes:

- Libro do alumnado, atlas, vocabulario final, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos, libros de consulta, etc.
- Cartografa, globo terráqueo e mapas do mundo coa rede xeográfica.
- Atlas do mundo.
- Caderno do alumnado para realizar as actividades propostas.
- Mapa conceptual proposto na PD.
- Documentos, vídeos e presentacións incluídos nos RD.
- O cine na aula.
- Fichas de avaliación de contidos básicos dos RF.
- Recursos didácticos para o profesorado e o alumnado que acompañan á proposta didáctica, cos que reforzar e ampliar os contidos estudados.
- Enlaces web:



## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Probas de avaliación recollidas no xerador de avaliacións.
- Autoavaliación e avaliación entre iguais para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Probas orais e escritas, e actitude e interese mostrados na aula.
- Rexistro da actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Proba de avaliación por competencias da unidade.

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Para todos os alumnos e as alumnas:

- Actividades de reforzo da unidade da PD.
- Follas do caderno de Reforzo dos RF.

Para algúns alumnos e alumnas:

- Tarefas da adaptación curricular (AC) dos RF.
- Actividades de ampliación da unidade existentes na PD.

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

Dispón dunha rúbrica para realizar esta autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».

## Unidade 7

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*A prehistoria*

### Descrición da unidade

Con esta unidade, iniciamos o estudo da historia; é dicir, da vida do ser humano desde a súa aparición sobre a Terra ata os nosos días. E comezámola coa análise da prehistoria, época anterior ao coñecemento da escritura, e as súas etapas e fontes de estudo. Posteriormente, poñeremos atención á súa orixe e evolución (proceso de hominización), e analizaremos os seus antepasados máis antigos. Ademais, veremos as distintas etapas da prehistoria (Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais), nas que se foron desenvolvendo os diferentes modos de vida do ser humano. Para iso, analizaremos os seus restos fósiles e os instrumentos que utilizou, e as súas vivendas e actividades: cazador, recadador, agricultor, gandeiro, artesán, comerciante, etc., xunto coa análise das manifestacións estéticas ao longo da prehistoria. Por último, remataremos a unidade cunha dobre páxina dedicada ao estudo da prehistoria en España e na comunidade autónoma. A técnica proposta formula como medir o tempo histórico: eixes cronolóxicos, problemas de cambio de era, etc.

En definitiva, preténdese a adquisición por parte do alumnado dos seguintes coñecementos:

- Idades e fontes da prehistoria. A división da prehistoria.
- Orixe e evolución do ser humano. As súas etapas.
- A vida no Paleolítico.
- A vida no Neolítico.
- A vida na Idade dos Metais.
- A prehistoria en España e Galicia.
- Medir o tempo histórico.

Para a **adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. Prehistoria e evolución humana.
  - A historia, a prehistoria e as súas etapas.
  - A evolución humana.
2. A vida no Paleolítico.
  - A vida cotiá dos pobos cazadores.
  - Achegas tecnolóxicas, inventos, sociedade e arte.
3. A vida no Neolítico.
  - A vida cotiá dos pobos agricultores e gandeiros.
  - Achegas tecnolóxicas, inventos, sociedade e arte.
4. A vida na Idade dos Metais.
  - Os pobos metalúrxicos.
  - Achegas tecnolóxicas, inventos, sociedade e arte.

**Temporalización:**

Esta unidade desenvolverase durante nove sesións de traballo dedicadas ao seu desenvolvemento e á realización das actividades individuais e colectivas que o seu estudo leva consigo.

Febreiro:     Marzo:

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Identificar etapas e idades, e coñecer a división da prehistoria e as súas fontes.
2. Coñecer a orixe do ser humano e da evolución humana e as súas etapas.
3. Coñecer as formas de vida e as manifestacións artísticas do Paleolítico.
4. Analizar as formas de vida, as achegas e as manifestacións artísticas do Neolítico.
5. Coñecer e valorar os cambios acontecidos na Idade dos Metais.
6. Mostrar a significación do Paleolítico, o Neolítico e a Idade dos Metais en España e en Galicia.
7. Mostrar a importancia da medida do tempo histórico.
8. Verificar a progresión na aprendizaxe e a aplicación dalgunhas competencias consideradas básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Idades e fontes da prehistoria.</li> <li>- O tempo e a ciencia histórica.</li> <li>- A división da prehistoria.</li> <li>- As fontes da prehistoria.</li> </ul>	1. Identificar etapas e idades históricas, coñecer as etapas da prehistoria e precisar fontes para o seu estudo.	1.1. Distingue as etapas e as idades da historia e da prehistoria.	CAA, CMCT, CSC
		1.2. Nomea e identifica fontes da prehistoria.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orixe e evolución do ser humano.</li> <li>- A nosa orixe. Os trazos homínidos.</li> <li>- As etapas da evolución humana.</li> </ul>	2. Coñecer os trazos diferenciadores dos homínidos e as etapas do proceso de hominización.	2.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CAA, CMCT, CSIEE, CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida no Paleolítico (I).</li> <li>- A vida cotiá. Economía depredadora e vida nómade.</li> <li>- As achegas tecnolóxicas e os inventos.</li> </ul>	3. Demostrar o seu coñecemento dos pobos cazadores e citar as súas achegas tecnolóxicas e inventos.	3.1. Relata os modos de vida dos pobos cazadores.	CSC, CAA, CCL
		3.2. Distingue a técnica da talla e explica a importancia do lume.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida no Paleolítico (II).</li> <li>- A sociedade tribal e a súa vida espiritual.</li> <li>- O nacemento da arte. Arte mobiliar e pintura rupestre.</li> </ul>	4. Explicar aspectos da sociedade, as crenzas e a arte do Paleolítico.	4.1. Relata como era a sociedade tribal e de que forma manifestaban as súas crenzas e ritos relixiosos.	CCL, CCEC
		4.2. Diferencia a arte mobiliar e a pintura rupestre.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida no Neolítico.</li> <li>- Os pobos agricultores e gandeiros. Economía e vida sedentaria.</li> <li>- Achegas, inventos, crenzas e arte neolíticos.</li> </ul>	5. Explicar aspectos da sociedade, as crenzas e a arte do Neolítico.	5.1. Sinala como se organizaba a sociedade neolítica.	CSC, CAA
		5.2. Analiza a transcendencia da revolución	



.

.

.

.

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida na Idade dos Metais (I).</li> <li>- Os pobos metalúrxicos.</li> <li>O traballo do metal.</li> <li>- As técnicas do traballo do metal. A roda, o arado e a vela.</li> </ul>	<p>6. Coñecer as principais actividades económicas, técnicas, instrumentos e inventos da Idade dos Metais.</p>	<p>6.1. Indica as principais características económicas dos pobos metalúrxicos.</p>	<p>CSC, CAA</p>
<p>6.2. Sinala as formas de tratar os metais, os principais inventos do período, e a súa importancia.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida na Idade dos Metais (II).</li> <li>- As transformacións sociais.</li> <li>- Os monumentos megalíticos. Formas e proceso de construción.</li> </ul>	<p>7. Demostrar a súa comprensión das transformacións sociais e recoñecer manifestacións artísticas significativas da Idade dos Metais.</p>	<p>7.1. Nomea os novos oficios.</p>	<p>CCEC, CSC, CAA</p>
<p>7.2. Describe como se construía un dolmen e sinala outros exemplos de monumentos</p>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A prehistoria en España e na comunidade autónoma.</li> <li>- O Paleolítico e o Neolítico.</li> <li>- A Idade dos Metais.</li> </ul>	<p>8. Comprender a singularidade do Paleolítico, o Neolítico e a Idade dos Metais en España e Galicia.</p>	<p>8.1. Diferencia etapas e restos arqueolóxicos da prehistoria en España e Galicia.</p>	<p>CSC, CMCT, CCEC, CAA</p>
<p>8.2. Pon exemplos de pintura rupestre cantábrica e levantina, de monumentos megalíticos en España e de evidencias prehistóricas en Galicia.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medir o tempo histórico.</li> <li>- A cronoloxía e a medición do tempo.</li> <li>- A era cristiá e as unidades temporais.</li> </ul>	<p>9. Comprender e utilizar nocións temporais sinxelas.</p>	<p>9.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos.</p>	<p>CMCT, CSC, CSIEE</p>
<p>9.2. Ordena temporalmente feitos históricos utilizando nocións básicas de sucesión, duración e</p>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.</li> </ul>	<p>10. Progresar na aprendizaxe e a aplicación das competencias básicas.</p>	<p>10.1. Desenvolve competencias básicas.</p>	<p>CCL, CSC, CAA</p>





#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiabes (RF): Caderno estándares de aprendizaxe (CEA), Adaptación curricular (AC)

Estándares de aprendizaxe	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Distingue as etapas e as idades da historia e da prehistoria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 da dobre páxina inicial do LA para distinguir as etapas e idades históricas.</li> <li>- Actividade de comproba a túa aprendizaxe do LA asignando imaxes a idades históricas ou períodos da prehistoria.</li> </ul>
1.2. Nomea e identifica fontes da prehistoria.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 5 da epígrafe 1 do LA sobre como ler o pasado arqueolóxico.</li> </ul>
2.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 da epígrafe 2 do LA para distinguir os trazos diferenciadores dos homínidos e os grandes simios.</li> <li>- Actividade 2 da mesma páxina do LA explicando o proceso de hominización.</li> </ul>
3.1. Relata os modos de vida dos pobos cazadores.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 3 da epígrafe 3 do LA solicitando a confección dun cadro resumo sobre a vida no Paleolítico.</li> </ul>
3.2. Distingue a técnica da talla e explica a importancia do lume.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 5 da epígrafe 3 do LA de traballo coas imaxes.</li> </ul>
4.1. Relata como era a sociedade tribal e de que forma manifestaban as súas crenzas e ritos relixiosos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade da epígrafe 4 sobre comentario da venus de Willendorf.</li> <li>- Actividade do CTA do LA diferenciando exemplos de pintura rupestre.</li> </ul>
4.2. Diferencia a arte mobiliar e a pintura rupestre.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade da epígrafe 4 explicando a diferenza entre os termos mobiliar e rupestre.</li> </ul>
5.1. Sinala como se organizaba a sociedade neolítica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 3 da epígrafe 5 do LA completando un cadro resumo sobre o Neolítico.</li> </ul>
5.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 4 da epígrafe 5 do LA sobre vida cotiá no Neolítico.</li> </ul>
6.1. Indica as principais características económicas dos pobos metalúrxicos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 3 da epígrafe 6 do LA completando un cadro resumo sobre a vida</li> </ul>

6.2. Señala as formas de tratar os metais, os principais inventos do período, e a súa importancia.	- Actividade 4 da epígrafe 6 do LA sobre interpretar as imaxes na elaboración dos metais.	
7.1. Describe como se construía un dolmen e sinala outros exemplos de monumentos megalíticos.	- Actividade 1 da epígrafe 7 do LA diferenciando a tipoloxía dos megálitos. - Actividade 3 da epígrafe 7 do LA sobre a construción dun megálito.	
7.2. Diferencia etapas e restos arqueolóxicos da prehistoria en España e en Galicia.	- Actividade da epígrafe 8 do LA para completar un cadro resumo sobre a prehistoria en España e en Galicia.	
8.1. Pon exemplos de pintura rupestre cantábrica e levantina, de monumentos megalíticos en España e de evidencias prehistóricas en Galicia.	- Actividade 3 da epígrafe 8 do LA comparando as pinturas rupestres cantábrica e levantina. - Actividade 6 da epígrafe 8 do LA sobre as construcións megalíticas en territorio español.	
8.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos.	- Actividade 5 da Técnica do LA sobre confección dun póster cronolóxico.	
9.1. Ordena temporalmente feitos históricos utilizando nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	- Actividade 3 do CTA do LA relacionando imaxes e períodos históricos.	
10.1. Desenvolve competencias básicas.	- Actividades do CTC do LA.	

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Libro do alumnado: Introducción (INTR); Epígrafe (E); Actividade (ACT); Informe gráfico (IG); Técnica (TEC); Comproba a túa aprendizaxe (CTA); Comproba as túas competencias (CTC).

<p><i>Comunicación lingüística.</i></p>	<p>Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia./</p>	<p>Explica correctamente e con argumentos sólidos as etapas prehistóricas: (CTC. ACT.3).</p>
	<p><i>Expresar opinións.</i></p>	<p>Demostra a súa comprensión da fabricación de ferramentas: (E.3. ACT.4).</p>
	<p>Comprender o sentido dos textos escritos e orais./</p>	<p>Obtén información do texto explicativo sobre as crenzas e a vida espiritual no Paleolítico: (E.4. ACT.2).</p>
<p><i>Comprender textos.</i></p>	<p>Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais./</p>	<p>Fai unha relación de traballos masculinos e femininos nunha sociedade tribal: (E.4. ACT.1). Coñece a diferenza entre mobiliario e rupestre: (E.4. ACT.3).</p>
<p><i>Adquirir vocabulario. Producir textos.</i></p>	<p>Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proposicións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc./</p>	<p>Calcula os anos transcorridos entre a aparición dos homínidos e a invención da escritura: (E.1. ACT.2).</p>
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i></p>	<p><i>Utilizar elementos matemáticos. Resolver problemas.</i></p>	<p>Comprende etapas históricas e a súa duración: (E.1. ACT.3). Sabe calcular datas entre acontecementos históricos: (E.8. ACT.2).</p>
	<p>Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade</p>	<p>Calcula os anos transcorridos entre dúas datas: (TEC. ACT.1,3). Converte datas dunha era a outra: (TEC. ACT.2.4). Achar o século que corresponde a unha data da era cristiá: (TEC. ACT.3).</p>
	<p>Coñece a distribución espacial dos homínidos: (E.2. ACT.2,3,4).</p>	




<p>circundante en distintos ámbitos: biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etc./</p>	<p>Razoa respostas mediante a observación de mapas históricos: (E.8. ACT.5).</p>
<p><i>Traballar con mapas.</i> <i>Comprender o espazo.</i></p>	<p>Sinala nun mapa os principais xacementos do Paleolítico en España: (E.9. ACT.1).</p>
<p>Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe./</p>	<p>Sabe o acontecemento que separa a prehistoria da historia, localízao no tempo e valórao: (E.1. ACT.1).</p>
<p><i>Obter información.</i></p>	<p>Diferencia, a partir do texto explicativo e da ilustración, os trazos que diferencian os homínidos dos grandes simios: (E2. ACT.1).</p>
<p>Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos./</p>	<p>Extrae información relevante da ilustración relativa á prehistoria e ao traballo arqueolóxico: (E.1. ACT.5).</p>
<p><i>Traballar con imaxes.</i> <i>Interpretar imaxes.</i></p>	<p>Obtén información relevante dunha imaxe sobre a vida dos pobos cazadores: (E.3. ACT.5).</p>
<p><i>Aprender a aprender.</i></p>	<p>Obtén información relevante dunha ilustración seleccionada sobre a vida sedentaria: (E.5. ACT.4).</p>
	<p>Obtén información relevante a partir dunha imaxe sobre a vida nun poboado fortificado: (E.6. ACT.4).</p>
	<p>Extrae información relevante dunha imaxe representativa da construción de megálitos: (E.7. ACT.3).</p>
	<p>Relaciona de forma adecuada grupos de conceptos: (CTA. ACT.5).</p>
<p>Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe./</p>	<p>Confecciona un cadro resumo sobre a vida no Paleolítico: (E.3. ACT.3).</p>
<p><i>Organizar información.</i></p>	<p>Completa con corrección un cadro resumo sobre a vida no Neolítico: (E.5. ACT.3).</p>
	<p>Completa correctamente un cadro resumo sobre a vida na Idade dos</p>


		<p>Metais: (E.6. ACT.3).</p> <p>Completa de forma adecuada un cadro resumo sobre a Idade dos Metais en España: (E.8. ACT.4).</p> <p>Realiza un cadro resumo correcto sobre os períodos da prehistoria: (CTA. ACT.4).</p> <p>Realiza un cadro resumo sobre a prehistoria na súa comunidade autónoma: (E.9. ACT.2).</p>
<p><i>Competencias sociais e cívicas.</i></p>	<p>Cofecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución./</p> <p><i>Comprender a realidade histórica.</i></p>	<p>Sinala etapas históricas e calcula a súa duración: (Intr. ACT.1,2,3,4,5).</p> <p>Ordena acontecementos de forma cronolóxica e relaciónaos cun período da prehistoria: (E.1. ACT.4).</p> <p>Explica o proceso de hominización a partir dunha imaxe representativa da árbore da evolución humana: (E.2. ACT.6).</p> <p>Cofece os feitos que marcaron o inicio e o final do Paleolítico e a súa cronoloxía: (E.3. ACT.1).</p> <p>Comprende o concepto de economía depredadora: (E.3. ACT.2).</p> <p>Demostra a súa comprensión da cronoloxía e os restos neolíticos: (E.5. ACT.1,2).</p> <p>Demostra que comprende a cronoloxía da Idade dos Metais: (E.6. ACT.1,2).</p> <p>Cita causas de transformacións características da Idade dos Metais: (E.7. ACT.2).</p> <p>Sabe sobre a vida do <i>Homo antecesor</i>. (E.8. ACT.1).</p> <p>Sabe a orixe do Neolítico e a Idade dos Metais en España: (E.8. ACT.5).</p> <p>Explica de forma breve a importancia de inventos</p>

		<p>seleccionados: (CTA. ACT.1).</p> <p>Asigna correctamente imaxes de instrumentos e utensilios a unha etapa da prehistoria: (CTA. ACT.3).</p> <p>Relaciona de forma adecuada conceptos históricos e etapas da prehistoria peninsular: (CTA. ACT.6).</p> <p>Comprende as características da especie humana e a súa cronoloxía: (CTC. ACT.1,2,3,4,6).</p> <p>Sabe distinguir entre causas e consecuencias: (CTC. ACT.5).</p>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	<p>Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos./</p> <p><i>Planificar un traballo.</i></p>	<p>Infórmase de xeito adecuado sobre o proceso de hominización, e plásmalo nun texto escrito: (E.2. ACT.5).</p>
	<p>Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas./</p> <p><i>Ser creativo e emprendedor.</i></p>	<p>Planifica de forma adecuada unha visita a un museo arqueolóxico: (TEC. ACT.5).</p>
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	<p>Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no ámbito cotián./</p> <p><i>Analizar obras de arte.</i></p> <p><i>Coñecer a arte.</i></p> <p><i>Analizar estilos.</i></p>	<p>Comenta correctamente a <i>Venus</i> de Willendorf: (E.4. ACT.4).</p> <p>Describe a arte rupestre mediante a observación de imaxes: (E.4. ACT.5,6).</p> <p>Explica, a partir de imaxes, diferenzas entre os distintos tipos de megálitos: (E.7. ACT.1).</p>





	<p>Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica, etc.) e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento./</p> <p><i>Valorar o patrimonio artístico.</i> <i>Analizar estilos e obras.</i></p>	<p>Demostra a súa comprensión das pinturas rupestres: (E.4. ACT.4,5). (CTA. ACT.2).</p> <p>Diferencia correctamente as pinturas cantábrica e levantina a partir de imaxes: (E.8. ACT.3).</p> <p>Coñece as construcións megalíticas peninsulares: (E.8. ACT.6).</p> <p>Diferencia e clasifica correctamente obxectos materiais da prehistoria en Galicia.</p>
--	--	--



## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Recursos dixitais (RD)

**Tarefa 1:** Traballamos coa imaxe inicial e xogamos co tempo.

- Expoñemos brevemente o esquema completo desta unidade impresa na PD.
- Observamos as imaxes da dobre páxina inicial e realizamos as tarefas indicadas no apartado «Xoga co tempo» do LA.

**Tarefa 2:** Analizamos as idades e as fontes da prehistoria.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Expoñemos as etapas e as idades da prehistoria e da historia universal, e analizamos o eixe cronolóxico da epígrafe 1.
- Documentamos os estudantes sobre as fontes da prehistoria e a importancia das escavacións arqueolóxicas, e explotamos didacticamente a ilustración central sobre o traballo dos arqueólogos.
- Realizamos, de forma individual, as actividades da epígrafe 1 do LA e sacamos conclusións relevantes que expoñemos ao grupo.

**Tarefa 3:** Analizamos a teoría sobre a orixe dos seres humanos e a súa evolución.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- A partir das imaxes da epígrafe 2 e a dobre páxina inicial do LA, razoamos o posible xurdimento dos seres humanos no continente africano e a súa expansión a través deste.
- Ante as mesmas imaxes e o texto, describimos o chamado «proceso de hominización».
- Sinalamos os trazos diferenciadores dos homínidos primitivos con respecto ao ser humano actual ou *Homo sapiens*.
- Explotamos didacticamente a ilustración coa árbore da evolución humana e realizamos en grupo a actividade 6 da epígrafe 2 do LA.

**Tarefa 4:** Analizamos os modos de vida dos seres humanos no Paleolítico.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Coa axuda das ilustracións e do texto da epígrafe 3 do LA, resumimos as características da vida cotiá dos pobos cazadores e recadadores, e as súas achegas tecnolóxicas e inventos.
- Pedímoslles aos estudantes que contesten ás actividades da epígrafe 3 do LA. Expoñemos as principais conclusións.
- Formulámoslles preguntas aos estudantes do tipo: *o home e a muller do Paleolítico deixáronnos mostras da súa vida espiritual? Que manifestacións nos poden dar pistas desta? E sobre o culto á fertilidade feminina?*
- Axudados polas imaxes da epígrafe 4 do LA, poñeremos exemplos dos modos de vida. Realizamos as actividades da epígrafe 4 do LA.

**Tarefa 5:** Analizamos os modos de vida dos seres humanos no Neolítico.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Indicamos as actividades que marcaron o inicio do Neolítico e exploramos o mapa do Crecente Fértil da epígrafe 5 do LA.
- Pedímoslles aos estudantes que lean o texto da epígrafe 5 e que contesten ás actividades 1, 2 e 3 desa epígrafe. Para finalizar, sacamos conclusións sobre os modos de vida dos pobos agricultores e gandeiros, e expoñémolas.
- Explotamos didacticamente a ilustración sobre o nacemento da vida sedentaria e realizamos de forma dirixida a actividade 4 da epígrafe 5 do LA.

**Tarefa 6:** Analizamos os modos de vida dos seres humanos na Idade dos Metais.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Enunciamos as transformacións habidas na Idade dos Metais a partir da explotación didáctica das imaxes sobre a vida nun poboado e o traballo do metal na epígrafe 6 do LA.
- Pedímoslles aos estudantes que contesten ás actividades desa epígrafe.
- Ademais, pedímoslles que describan as características das distintas clases de monumentos megalíticos, á vista das imaxes da epígrafe 7 do LA. Despois, facemos de forma cooperativa a actividade 1 desa epígrafe e obtemos conclusións.
- Pedímoslles aos alumnos que citen as principais transformacións vividas na Idade dos Metais.
- Á vista da escena reproducida na epígrafe 7 do LA, explicamos os pasos que se debían dar para construír un menhir ou un dolmen, e acompañamos a explicación con imaxes do crómlech de Stonehenge.
- Por último, realizamos de forma individual a actividade 4 da epígrafe 7 do LA.

**Tarefa 7:** Aprendemos sobre a prehistoria en España e en Galicia.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Pedímoslles aos estudantes que, tras ler o texto explicativo, contesten ás actividades 1 e 2 da epígrafe 8 do LA. Expoñemos en grupo as conclusións xerais.
- Realizamos, de forma colectiva, a actividade 4 da mesma epígrafe do LA. Anotamos no encerado os datos máis relevantes e pedímoslles aos estudantes que se autoavalién, comparando o cadro que realizaron previamente e obtendo os seus acertos e erros.
- Con axuda das ilustracións do LA, explicamos as realizacións artísticas peninsulares. Realizamos as actividades 3 e 5 do LA, e extraemos conclusións sobre esas realizacións: ámbito xeográfico, técnica, etc.

**Tarefa 8:** Técnicas para medir o tempo histórico.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Informamos os estudantes sobre os feitos históricos e as nocións cronolóxicas básicas: tempo, espazo, cronoloxía, eixes cronolóxicos, civilizacións, era cristiá, etc.

- Pedímoslles aos estudantes que realicen as actividades 1, 2, 3 e 4 do LA e extraemos conclusións en grupo.
- Buscamos o compromiso daqueles estudantes que estean dispostos a levar a cabo a actividade 5, e fixamos o día de exposición do póster cronolóxico.

**Tarefa 9:** Realizamos as actividades do «Comproba a túa aprendizaxe», recapitulamos e realizamos as actividades do «Comproba as túas competencias».

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos na aula, de forma individual, o conxunto de actividades existente no apartado «Comproba a túa aprendizaxe» do LA.
- Corrixímolos en grupo e extraemos conclusións xerais.
- Posteriormente, dividiremos o alumnado en dous grupos atendendo aos niveis de desempeño das competencias, o seu traballo previo na aula e os indicadores obtidos na realización das actividades do LA. Cada grupo realizará as actividades de reforzo e de ampliación da PD.
- Traballamos as actividades do Caderno de Reforzo dos RF.
- Facemos colectivamente as actividades do «Comproba as túas competencias» e rematamos cunha posta en común.
- Recompilaremos as actividades para o portfolio de cada alumno ou alumna.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas. Entre elas:

- Detección previa por parte do profesorado das dificultades de aprendizaxe que comporta a unidade para o alumnado. Será de grande utilidade a análise do mapa conceptual e o eixe cronolóxico da páxina inicial, pois daranos unha visión global do tema.
- Traballo reflexivo no desenvolvemento das actividades, sen renunciar ao traballo individual ou en grupo.
- Traballo de motivación do alumnado mediante o uso das imaxes obtidas do LA, dos libros de arte e as obtidas de Internet.

## 8. RECURSOS

Alguns posibles recursos para reforzar os contidos didácticos son os seguintes:

- Libro do alumnado, atlas históricos (*Atlas do mundo*), mapas murais históricos, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos, etc.
- Cartografía, globo terráqueo e mapas do mundo.
- Libros didácticos, como as distintas coleccións da editorial Anaya: *Biblioteca Básica de Arte, A vida no pasado*.
- Caderno do alumnado para realizar as actividades propostas.
- Mapa conceptual proposto na PD.
- Documentos, vídeos e presentacións incluídos nos RD.
- O cine na aula.

- Fichas de avaliación de contidos básicos dos RF.
- Recursos didácticos para o profesorado e o alumnado que acompañan á proposta didáctica, cos que reforzar e ampliar os contidos estudados.
- Enlaces web:

## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Probas de avaliación recollidas no xerador de avaliacións.
- Autoavaliación e avaliación entre iguais para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Probas orais e escritas, e actitude e interese mostrados na aula.
- Rexistro da actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Proba de avaliación por competencias da unidade.

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Para todos os alumnos e as alumnas:

- Actividades de reforzo da unidade da PD.
- Follas do Caderno de Reforzo dos RF.

Para algúns alumnos e alumnas:

- Tarefas da adaptación curricular (AC) dos RF.
- Actividades de ampliación da unidade existentes na PD.

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

Dispón dunha rúbrica para realizar esta autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».

## Unidade 8

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado



## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Mesopotamia*

### Descrición da unidade

O dominio da metalurxia do cobre e do bronce, así como o perfeccionamento da agricultura e a gandería, a artesanía, e o desenvolvemento do comercio, posibilitou o aumento da poboación e o asentamento desta no fondo dos vales dos grandes ríos. Éntrase entón nun novo período histórico, chamado das grandes civilizacións ou civilizacións hidráulicas, xa que se desenvolveron arredor de grandes ríos como o Nilo, o Tigre, o Éufrates, o Indo e o Yangtsé. A civilización mesopotámica xurdiu e prosperou na franxa de terra comprendida entre os ríos Tigre e Éufrates e foi, xunto coa civilización exipcia, a máis importante da Antigüidade. O estudo desta unidade céntrase nela: veremos a súa xeografía, a organización política e social, a súa economía, as súas cidades, e a súa expansión, enfrontamentos e guerras. Ademais, abórdase o estudo da arte e a relixión mesopotámicas, os seus inventos e manifestacións culturais, e a súa ciencia, pois o seu legado á nosa civilización foi moi importante. Por último, a técnica aborda o xeito de representar o tempo histórico grazas aos eixes cronolóxicos.

Mediante o estudo desta unidade, o alumnado accederá aos seguintes coñecementos relacionados coa civilización mesopotámica:

- As primeiras civilizacións históricas e os seus cambios.
- O espazo e o tempo. O territorio de Mesopotamia e a súa evolución histórica.
- A organización política e económica.
- A sociedade, a relixión e a vida cotiá.
- A cidade de Babilonia.
- O legado cultural e artístico de Mesopotamia.
- A representación do tempo histórico. O eixe cronolóxico.

Para a **adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. O espazo e o tempo:
  - O territorio de Mesopotamia.
  - A evolución histórica.
2. A organización política, económica e social:
  - O sistema político. As primeiras monarquías.
  - As actividades económicas.
  - A organización social.
3. O legado cultural e artístico:
  - A escritura cuneiforme.
  - A arquitectura. Templos e palacios.
  - A escultura e a cerámica vidrada.

### Temporalización

A presente unidade desenvolverase durante nove sesións, é dicir, tres semanas.

Marzo:

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Descubrir a importancia histórica das primeiras civilizacións e coñecer as súas características xerais.
2. Situar no espazo e o tempo a civilización mesopotámica, demostrando que coñece a súa evolución histórica.
3. Coñecer a organización política, económica e social de Mesopotamia.
4. Valorar a importancia histórica da cidade de Babilonia.
5. Valorar a contribución de Mesopotamia ao legado cultural e artístico da humanidade.
6. Aprender a representar o tempo histórico en eixes cronolóxicos.
7. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As primeiras civilizacións históricas.</li> <li>- As civilizacións fluviais.</li> <li>- Cambios políticos.</li> <li>- Cambios económicos, sociais e culturais.</li> </ul>	1. Recoñecer as civilizacións fluviais, localizalas no espazo e expresar as súas características máis relevantes.	1.1. Distingue as civilizacións fluviais e sitúaaas.	CCL, CMCT
		1.2. Sinala as súas principais características e os cambios que supuxeron.	CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O espazo e o tempo.</li> <li>- O territorio de Mesopotamia.</li> <li>- A evolución histórica (3 500 a. C.- 539 a. C.).</li> </ul>	2. Localizar no tempo e no espazo os pobos de Mesopotamia.	2.1. Sinala nun eixe cronolóxico as datas que corresponden a cada pobo de Mesopotamia.	CCL, CMCT
		2.2. Localiza os pobos de Mesopotamia nun mapa da rexión.	CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización política e económica.</li> <li>- O sistema político. As primeiras monarquías.</li> <li>- As actividades económicas.</li> </ul>	3. Coñecer a organización política e as actividades económicas de Mesopotamia.	3.1. Distingue e explica a organización política e as actividades económicas en Mesopotamia.	CSC, CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade, relixión e vida cotiá.</li> <li>- A organización social.</li> <li>- A relixión mesopotámica.</li> </ul>	4. Comprender a organización social, a relixión e algúns aspectos esenciais da vida cotiá en Mesopotamia.	4.1. Distingue a organización social, a relixión e os aspectos esenciais da vida cotiá en Mesopotamia.	CAA, CD, CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe gráfico. A cidade de Babilonia.</li> <li>- Babilonia, símbolo de poder.</li> <li>- O plano da cidade.</li> <li>- As defensas.</li> </ul>	5. Valorar a importancia histórica da cidade de Babilonia.	5.1. Describe a importancia histórica da cidade de Babilonia.	CD, CL, CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O legado cultural e artístico.</li> <li>- A escritura cuneiforme.</li> <li>- A arquitectura. Templo e pazo.</li> <li>- A escultura e a cerámica vidrada.</li> </ul>	6. Identificar e comentar as principais manifestacións culturais e artísticas de Mesopotamia.	6.1. Recoñece as achegas culturais e artísticas de Mesopotamia.	CL, CAA, CEC

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A representación do tempo.</li> <li>- A elaboración e o comentario dun eixe.</li> </ul>	<p>7. Coñecer como se representa o tempo histórico, e aplicalo a exemplos concretos.</p>	<p>7.1. Describe de que modo se representa un eixe cronolóxico.</p>	<p>CMC T</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.</li> </ul>	<p>8. Comprobar a progresión en competencias básicas.</p>	<p>8.2. Desenvolve competencias básicas.</p>	<p>CCL, CMCT , CAA</p>
		<p>7.2. Pon exemplos concretos.</p>	<p>CAA</p>

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF): Caderno estándares de aprendizaxe (CEA), Adaptación curricular (AC)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Distingue as civilizacións fluviais e sitúaaas.	- Actividade da epígrafe 1 do LA sobre comprender o espazo.
1.2. Sinala as súas principais características e os cambios que supuxeron.	- Actividade da epígrafe 1 do LA sobre as características das civilizacións fluviais.
2.1. Sinala nun eixe cronolóxico as datas que corresponden a cada pobo de Mesopotamia.	- Actividade da dobre páxina inicial do LA «Xoga co tempo» e actividade da epígrafe 2 do LA sobre aspectos cronolóxicos.
2.2. Localiza os pobos de Mesopotamia nun mapa da rexión.	- Actividade da epígrafe 2 do LA sobre localización espacial.
3.1. Distingue e explica a organización política e as actividades económicas de Mesopotamia.	- Actividades da epígrafe 3 do LA sobre a organización política e económica, e interpretar imaxes.
4.1. Distingue a organización social, a relixión e os aspectos esenciais da vida cotiá en Mesopotamia.	- Actividade da epígrafe 4 do LA sobre a organización social, a vida relixiosa e cotiá,
5.1. Describe a importancia histórica da cidade de Babilonia.	- Actividade do Informe gráfico do LA sobre a importancia histórica da cidade de Babilonia e as súas condicións de vida.
6.1. Recoñece as achegas culturais e artísticas de Mesopotamia.	- Actividade da epígrafe 5 do LA sobre a cultura e a análise de estilos artísticos e obras.
7.1. Describe de que modo se representa un eixe cronolóxico.	- Actividades da epígrafe «Técnicas» nas que representar o tempo histórico: eixe cronolóxico.
7.2. Pon exemplos concretos.	- Poñer en práctica os coñecementos e comprobar a aprendizaxe.
8.1. Desenvolve competencias básicas.	- Actividades do CTC do LA.

**5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS**

Libro do alumnado: Introducción (INTR); Epígrafe (E); Actividade (ACT); Informe gráfico (IG); Técnica (TEC); Comproba a túa aprendizaxe (CTA); Comproba as túas competencias (CTC).

Competencias	Descritores/ Subcompetencias	Desempeños
<p><i>Comunicación lingüística.</i></p>	<p>Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia./</p> <p><i>Analizar información.</i></p>	<p>Xustifica con argumentos por que as primeiras civilizacións recibiron distintas denominacións: (E.1. ACT.1).</p>
	<p>Comprender o sentido dos textos escritos e orais./</p> <p><i>Comprender textos.</i> <i>Interpretar textos.</i></p>	<p>Razoa por que se afirma que a historia comeza en Sumeria: (INTR. ACT.3). Comprende os textos lidos: (E.1. ACT.2). (E.5. ACT.1). (CTC. ACT.1,2,3).</p>
	<p>Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais./</p> <p><i>Adquirir vocabulario.</i></p>	<p>Utiliza o dicionario e anota a definición de termos: (INTR. ACT.4).</p>
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i></p>	<p>Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc./</p> <p><i>Utilizar criterios de medición.</i></p>	<p>Calcula o tempo transcorrido e transforma os anos en séculos: (INTR. ACT.1,2). Utiliza a escala do mapa: (E.2. ACT.6). Mide o tempo: (E.2. ACT.4). (CTC. ACT.4). Ordena cronoloxicamente: (CTA. ACT.1).</p>

	<p>Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos: biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etc./</p> <p><i>Comprender os mapas. Comprender o espazo.</i></p>	<p>Representa o tempo: (TEC. ACT.1,2).</p> <p>Sinala os continentes onde se encontran as civilizacións históricas: (E.1. ACT.6).</p> <p>Sinala nun atlas histórico os ríos onde se desenvolveron as primeiras civilizacións históricas: (E1. ACT.6).</p> <p>Responde cuestións mediante a observación cartográfica: (E2. ACT.5).</p> <p>Traballa con mapas mudos contidos relacionados coas civilizacións fluviais: (CTA. ACT.2).</p>
<i>Competencia dixital.</i>	<p>Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</p> <p><i>Mostrar interese polas TIC.</i></p>	<p>Busca información en Internet sobre a porta de Isthar: (IG. ACT.4).</p> <p>Busca información en Internet relativa ás crenzas relixiosas dos mesopotámicos: (E.4. ACT.2).</p>
<i>Aprender a aprender.</i>	<p>Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos./</p> <p><i>Interpretar imaxes. Traballar con textos e imaxes.</i></p>	<p>Realiza un esquema de claves cos cambios políticos, económicos, sociais e culturais: (E.1. ACT.5).</p> <p>Comprende os mapas, utiliza a escala e a lenda: (E.2. ACT.6,7).</p> <p>Interpreta as imaxes das canles mesopotámicas: (E.3. ACT.5).</p> <p>Organiza, información, indaga e traballa con textos e imaxes sobre a civilización mesopotámica: (E.4. ACT.1,2,3,4). (CTA. ACT.3). (CTC. ACT.5).</p>
	<p>Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe./</p> <p><i>Organizar información.</i></p>	<p>Coloca unha serie de persoas no seu nivel social ou grupo correspondente: (E.4. ACT.1).</p> <p>Elabora esquemas relacionados coa arquitectura mesopotámica: (E.2. ACT.2).</p> <p>Coopera con compañeiros e compañeiras nun traballo: (INT. ACT.5).</p>

	<p>Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</p> <p><i>Considerar preguntas.</i></p>	<p>Considera interrogantes sobre a cidade de Babilonia, as súas murallas, rúas, casas, mobles, etc.: (IG. ACT.1.2.3).</p>
	<p>Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe./</p> <p><i>Buscar información textual. Valorar achegas. Practicar razoamentos.</i></p>	<p>Infórmase de como xurdiu o poder político e a que institucións deu lugar: (E.1. ACT.3). Reflexiona sobre o uso que se lles deu aos ríos desde a Antigüidade ata a actualidade: (E.1. ACT.4). Busca información relacionada coa epígrafe: (E.2. ACT.1). Responde cuestións aplicando o seu sentido común e mediante a observación de imaxes: (E.3. ACT.4).</p>
<p><i>Competencias sociais e cívicas.</i></p>	<p>Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución./</p> <p><i>Comprender a realidade histórica.</i></p>	<p>Descobre o pobo que iniciou a civilización mesopotámica e o que lle puxo fin: (E.2. ACT.2). Sinala os metais utilizados por sumerios, babilonios e asirios: (INT. ACT.3). Ordena correctamente e de xeito cronolóxico etapas da historia de Mesopotamia: (E.2. ACT.3). Sinala as funcións do <i>patesi</i> e as súas diferenzas dos reis: (E.3. ACT.1). Responde cuestións históricas relacionadas cos contidos da unidade: (E.3. ACT.2,3). Debate sobre as diferenzas sociais na civilización mesopotámica: (E.4. ACT.5).</p>
	<p>Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos./</p> <p><i>Practicar valores democráticos.</i></p>	<p>Escribe se na sociedade actual sería aceptable o trato dado á muller no código de Hammurabi: (E.4. ACT.5). Desbota a violencia como forma de solucionar os problemas: (CTA. ACT.4).</p>



	<p>Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades./</p> <p><i>Recoñecer dereitos.</i></p>	<p>Sinala se a muller babilonia casada podía dispoñer libremente dos seus bens:</p> <p>(Lecturas complementarias, RF).</p>
<p><i>Conciencia e expresións culturais.</i></p>	<p>Comentar aspectos relacionados coa arte mesopotámica./</p> <p><i>Analizar estilos e obras.</i></p>	<p>Comenta esculturas mesopotámicas e relaciónaas con algúns conceptos:</p> <p>(CTA. ACT.5).</p> <p>Describe correctamente as partes que conforman un cigurat:</p> <p>(E.5. ACT.4).</p> <p>Diferencia unha estatua dun relevo:</p> <p>(E.5. ACT.5).</p>
	<p>Reflexionar sobre o uso da cerámica vidrada nas fachadas dos edificios mesopotámicos.</p> <p><i>Apreciar técnicas artísticas.</i></p>	<p>Conxectura sobre o uso da cerámica vidrada nas fachadas dos edificios mesopotámicos:</p> <p>(E.5. ACT.3).</p>

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Recursos dixitais (RD)

**Tarefa 1:** Traballamos coa imaxe inicial e xogamos co tempo.

- Expoñemos, brevemente, o esquema completo desta unidade impresa na PD.
- Observamos as imaxes da dobre páxina inicial e realizamos as tarefas indicadas no apartado «Xoga co tempo» do LA.

**Tarefa 2:** Estudamos as civilizacións antigas ou hidráulicas, e os cambios políticos, económicos, sociais e culturais.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Analizamos as civilizacións hidráulicas a través da lectura do texto proposto da epígrafe 1 e a contemplación das imaxes.
- Analizamos as civilizacións hidráulicas localizadas no mapa desta epígrafe e sinalamos os ríos en que se asentán.
- Realizamos individualmente as actividades propostas na epígrafe e sacamos conclusións colectivamente nunha posta en común.

**Tarefa 3:** Traballamos o espazo e o tempo.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Repasamos a xeografía de Mesopotamia co mapa e localizamos as cidades situadas na desembocadura dos ríos.
- Sinalamos o nome de tres cidades capitais do imperio e repasamos o texto.
- Analizamos o eixe cronolóxico vertical e ordenamos os seguintes períodos: primeiro dominio asirio, sumerio e acadio.

**Tarefa 4:** Estudamos a organización política e económica dos mesopotámicos.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Analizamos a imaxe da estatua de Gudea, patesi da cidade sumeria de Lagash, e repasamos o texto, para coñecer cales eran as súas principais funcións.
- Repasamos o texto e aprendemos de que se alimentaba a poboación mesopotámica.

**Tarefa 5:** Estudamos a sociedade, a relixión e vida cotiá de Mesopotamia.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Observamos a imaxe inserida e colocamos os personaxes no nivel social e grupo que lles corresponda.
- Repasamos o texto e buscamos en Internet imaxes dalgúns deuses mesopotámicos, indicando as súas funcións.
- Observamos o estandarte de Ur e repasamos a lectura do pé de foto, para sinalar que era o estandarte e os grupos sociais que aparecen representados nel.

**Tarefa 6:** Coñecemos a cidade de Babilonia.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Observamos as ilustracións e razoamos por que as cidades mesopotámicas estaban rodeadas de murallas.
- Consideramos o interior dunha vivenda e explicamos como se dispoñía e con que material estaba construída.

**Tarefa 7:** Estudamos o legado cultural e artístico de Mesopotamia.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Analizamos as características da arquitectura mesopotámica e realizamos un esquema sobre esta.
- Observamos a imaxe do cigurat, lemos o texto e describimos este tipo de monumento.
- Razoamos en que se diferencian as estatuas dos relevos mesopotámicos.

**Tarefa 8:** Coñecemos o código de Hammurabi.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.

**Tarefa 9:** Coñecemos a forma de representar o tempo na Técnica, e realizamos as actividades de «Comproba a túa aprendizaxe» e «Comproba as túas competencias».

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Repasamos o texto sobre o eixe cronolóxico e realizamos as actividades establecidas.
- Facemos, de forma colectiva, as actividades de «Comproba as túas competencias» e rematamos cunha posta en común.
- Recompilamos as actividades para o portfolio de cada alumno ou alumna.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas. Entre elas:

- Detección previa por parte do profesorado das dificultades de aprendizaxe que comporta a unidade para o alumnado. Será de grande utilidade a análise do mapa conceptual e o eixe cronolóxico da páxina inicial, pois daranos unha visión global do tema.
- Traballo reflexivo no desenvolvemento das actividades, sen renunciar ao traballo individual ou en grupo.
- Traballo de motivación do alumnado mediante o uso das imaxes obtidas do LA, dos libros de arte e as obtidas de internet.

## 8. RECURSOS

Alguns posibles recursos para reforzar os contidos didácticos son os seguintes:

- Libro do alumnado, atlas históricos (Atlas do mundo), mapas murais históricos, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos, etc.
- Cartografía, globo terráqueo, mapas do mundo.
- Libros didácticos, como as distintas coleccións da editorial Anaya: *Biblioteca Básica de Arte, A vida no pasado*.
- Caderno do alumno ou da alumna para realizar as actividades propostas.
- Mapa conceptual proposto na PD.
- Documentos, vídeos e presentacións incluídos nos RD.
- O cine na aula.
- Fichas de avaliación de contidos básicos dos RF.
- Recursos didácticos para o profesorado e o alumnado que acompañan á proposta didáctica, cos que reforzar e ampliar os contidos estudados.

- Enlaces web:

## **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Probas de avaliación recollidas no xerador de avaliacións.
- Autoavaliación e avaliación entre iguais para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Probas orais e escritas, e actitude e interese mostrados na aula.
- Rexistro da actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Proba de avaliación por competencias da unidade.

## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Para todos os alumnos e as alumnas:

- Actividades de reforzo da unidade da PD.
- Follas do Caderno de Reforzo dos RF.

Para algúns alumnos e alumnas:

- Tarefas da adaptación curricular (AC) dos RF.
- Actividades de ampliación da unidade existentes na PD.

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

Dispón dunha rúbrica para realizar esta autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».

## Unidade 9

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Egipto*

### Descrición da unidade

Unha vez estudada a civilización mesopotámica, iniciamos agora o estudo da outra gran civilización hidráulica do Crecente Fértil: a civilización exipcia. Se Mesopotamia se asentaba entre os ríos Tigre e Éufrates, Egipto localízase no val do río Nilo. Durante moito tempo, polemizouse sobre cal das dúas civilizacións xurdiu antes; actualmente, o debate non se centra nesa cuestión, senón no estudo das súas similitudes e diferenzas. Así, comezaremos estudando o río Nilo e a súa importancia, posteriormente, analizaremos o nacemento da civilización exipcia e as diferentes etapas históricas polas que atravesou. Así mesmo, veremos a súa organización política e social, as características da súa economía e os aspectos da vida cotiá. Finalmente, prestarémolles especial atención ao estudo da relixión e das manifestacións culturais e artísticas. Como noutras unidades, incluímos un informe gráfico, e finalizamos a unidade co estudo dunha técnica histórica e das competencias básicas.

Mediante o estudo desta unidade, o alumnado accederá aos seguintes coñecementos relacionados coa civilización exipcia:

- O espazo e o tempo: o río Nilo, asento da civilización exipcia e a súa evolución histórica.
- Organización política, social e económica.
- Vida cotiá, relixión e legado cultural e artístico.
- Informe gráfico: a vida despois da morte.
- Adquisición dunha técnica: o comentario dunha obra de arte.

Para a **adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. O Nilo e a antiga civilización exipcia.
  - As etapas históricas.
2. A organización política e social.
  - O faraón.
  - A pirámide social de Egipto.
3. A economía exipcia.
  - A importancia do regadío.
4. A vida cotiá.
  - Indumentaria.
  - Vivendas e poboados.
5. A relixión e a súa importancia.
  - Os deuses exipcios.
  - A vida despois da morte.
6. O legado cultural e artístico.
  - A escritura xeroglífica.
  - Templos e palacios.
7. O comentario de obras de arte.
8. Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

**Temporalización:**

O desenvolvemento da presente unidade farase durante nove sesións, é dicir, tres semanas.

Abril:

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer o espazo e o tempo da civilización do antigo Exipto, e sinalar as súas principais etapas históricas.
2. Interpretar a organización política e social de Exipto.
3. Analizar a vida económica do antigo Exipto e a importancia do Nilo.
4. Destacar algúns aspectos da vida cotiá en Exipto.
5. Sinalar a importancia alcanzada pola relixión no antigo Exipto.
6. Diferenciar a escritura xeroglífica, e as manifestacións artísticas básicas do antigo Exipto.
7. Aprender a comentar unha obra de arte.
8. Promover o desenvolvemento de competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unha antiga civilización fluvial.</li> <li>- O Nilo, o río da vida.</li> <li>- O nacemento da civilización exipcia.</li> <li>- As etapas históricas.</li> </ul>	1. Situar no espazo e o tempo a civilización do antigo Exipto e recoñecer as súas etapas históricas esenciais.	1.1. Sinala nun mapa a localización do río Nilo.	CCL, CSC, CSIE
		1.2. Indica a cronoloxía da civilización exipcia e sinala as etapas históricas que se sucederon.	CMCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A organización política e social.</li> <li>- A organización política.</li> <li>- Unha sociedade</li> </ul>	2. Recoñecer os trazos básicos da organización política e social de Exipto.	2.1. Identifica os trazos básicos da organización política e social do Exipto antigo.	CCL, CAA, CSIEE, CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía exipcia.</li> <li>- A agricultura de regadío.</li> <li>- Outras actividades económicas.</li> </ul>	3. Coñecer e comprender as actividades económicas do antigo	3.1. Recoñece comprensivamente as actividades económicas do antigo Exipto.	CCL, CSIEE, CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aspectos da vida cotiá.</li> <li>- A indumentaria exipcia.</li> <li>- Vivendas e poboados.</li> </ul>	4. Coñecer a indumentaria e a vivenda do antigo Exipto.	4.1. Recoñece a indumentaria e a estrutura das vivendas do antigo Exipto.	CCL, CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A relixión exipcia.</li> <li>- Os deuses exipcios.</li> <li>- O Xuízo de Osiris.</li> <li>- A vida despois da morte.</li> </ul>	5. Demostrar a súa comprensión de certos aspectos esenciais da relixión do antigo Exipto.	5.1. Describe razoadamente aspectos esenciais da relixión do Exipto faraónico.	CSC, CSIEE, CD, CCL,
	6. Identificar os pasos básicos do proceso de momificación.	6.1. Diferencia os pasos básicos do proceso de momificación.	CSC, CSIEE, CD, CCL,



<ul style="list-style-type: none"> <li>- O legado cultural e artístico.</li> <li>- A escritura xeroglífica.</li> <li>- A arquitectura. Tumbas e templos.</li> <li>- A escultura e a pintura.</li> </ul>	<p>7. Identificar a escritura xeroglífica e algunhas obras significativas do legado artístico exipcio.</p>	<p>7.1. Distingue a escritura xeroglífica e sinala algunhas obras significativas do legado artístico exipcio.</p>	<p>CCEC , CAA</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comentario dunha obra de arte.</li> <li>- A interpretación e o comentario de obras</li> </ul>	<p>8. Comentar con propiedade obras artísticas, en xeral, e de Exipto, en particular.</p>	<p>8.1. Describe con criterio obras de arte e en especial do Exipto antigo.</p>	<p>CAA, CCE C</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.</li> </ul>	<p>9. Desenvolver competencias básicas.</p>	<p>9.1. Desenvolve competencias básicas.</p>	<p>CSIE E, CMCT</p>	

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF): Caderno estándares de aprendizaxe (CEA), Adaptación curricular (AC)

Estándares de aprendizaxe	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Sinala nun mapa a localización do río Nilo.	- Actividade 6 da epígrafe 1 do LA sobre a localización xeográfica do río Nilo.
1.2. Indica a cronoloxía da civilización exipcia e sinala as etapas históricas	- Actividade 2 da dobre páxina de inicio do LA sobre a cronoloxía da civilización exipcia.
2.1. Identifica os trazos básicos da organización política e social do Exipto antigo.	- Actividades 1, 2, 3 da epígrafe 2 do LA, sobre a personalidade do faraón, os seus poderes e aspectos da sociedade exipcia.
3.1. Recoñece comprensivamente as actividades económicas do antigo Exipto.	- Actividades 1, 2, 3, 4 da epígrafe 3 do LA sobre produtos agrícolas cultivados, gandería, ferramentas e a relación da agricultura co clima.
4.1. Recoñece a indumentaria e a vivenda do antigo Exipto.	- Actividades 1 e 2 da epígrafe 4 do LA sobre a indumentaria exipcia. - Actividade 3 da epígrafe 3 do LA sobre as casas exipcias, tipos e distribución.
5.1. Describe razoadamente aspectos esenciais da relixión do Exipto faraónico.	- Actividades 1, 2, 3, 4, 5 e 6 da epígrafe 5 do LA sobre os deuses exipcios e as súas funcións.
6.1. Diferencia os pasos básicos do proceso de momificación.	- Actividades 3, 6 e 7 do IG no LA sobre o proceso de momificación.
7.1. Distingue a escritura xeroglífica e sinala algunhas obras significativas do legado artístico exipcio.	- Actividade 1 da epígrafe 6 do LA sobre as características da escritura xeroglífica. - Actividade 2 da epígrafe 6 do LA sobre os tipos de enterramento. - Actividades 3 e 4 do LA sobre o templo e a pintura exipcia.
8.1. Describe con criterio obras de arte, en especial, do Exipto antigo.	- Actividade 1 do apartado Técnica no LA sobre a análise e o comentario do grupo escultórico do faraón Micerinos xunto ás súas esposas.
9.1. Desenvolve competencias	- Actividades do CTC do LA.

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Libro do alumnado: Introducción (INTR); Epígrafe (E); Actividade (ACT); Informe gráfico (IG); Técnica (TEC); Comproba a túa aprendizaxe (CTA); Comproba as túas competencias (CTC).

Competencias	Descritores / Subcompetencias	Desempeños
<i>omunicación lingüística.</i>	Expresarse oralmente con corrección e coherencia./  <i>Expresarse de forma oral.</i> <i>Expresar opinións.</i>	Expón oralmente contidos da unidade: (E.5. ACT.4,5). Opina sobre se era xusto ou non o xuízo a que se sometía á alma no <i>Libro dos Mortos</i> : (E.5. ACT.7).
	Comprender o sentido dos textos escritos e orais./  <i>Comprender textos escritos.</i> <i>Comprender informacións.</i> <i>Diferenciar ideas esenciais.</i>	Comprende textos explicativos da unidade: (E.2. ACT.1). (E.3. ACT.1,2). (IG. ACT.1).
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais./  <i>Adquirir vocabulario.</i> <i>Usar vocabulario.</i> <i>Producir textos coherentes.</i>	Diferencia e define termos e busca no dicionario o significado de palabras: (E.4. ACT.1,2). Define conceptos relacionados coa política exipcia: (E.2. ACT.2). Describe correctamente o marco xeográfico onde se desenvolveu a civilización exipcia: (E.1. ACT.1). Explica feitos relacionados coa historia do antigo Exipto usando vocabulario propio:
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Cofecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc./  <i>Utilizar elementos matemáticos.</i>	Realiza cálculos matemáticos para resolver actividades relacionadas coa cronoloxía exipcia: (INT. ACT.1,2,3). (E.1. ACT.5). (CTC. ACT.3).
	Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos, biolóxico, xeolóxico, xeográfico,	Resolve actividades utilizando información cartográfica: (E.1. ACT.6).

	físico, tecnolóxico, etc./ <i>Comprender o espazo.</i>	
<i>Competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento./ <i>Utilizar as TIC.</i>	Busca información en Internet co fin de resolver actividades: (IG. ACT.3). Utiliza as novas tecnoloxías para avanzar na aprendizaxe: (TEC. ACT.2).
<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos./ <i>Interpretar imaxes. Relacionar informacións. Deducir información dunha imaxe.</i>	Interpreta imaxes para comprender e resolver actividades: (E.3. ACT.4). (E.4. ACT.3). (E.5. ACT.6). (E.6. ACT.2). (TEC. ACT.1). (CTC. ACT.1,2,4). Relaciona informacións para resolver actividades: (E.1. ACT.2). (E.2. ACT.3). (CTA. ACT.1,2). Responde actividades deducindo información de imaxes: (CONTA ACT3).
	Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe./ <i>Participar na aprendizaxe.</i>	Busca información para elaborar traballos ou informes relacionados coa historia do antigo Exipto: (INT. ACT.4). (CTA. ACT.4).
	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe./ <i>Obter información.</i>	Obtén información de fontes visuais, textuais ou telemáticas: (E.2. ACT.5). (E.5. ACT.3).
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Comprender aspectos relacionados coa cronoloxía do antigo Exipto./ <i>Comprender a realidade histórica.</i>	Ordena cronoloxicamente, de forma correcta, personaxes relacionados coa historia do antigo Exipto: (E.1. ACT.3). Completa cadros sobre os deuses exipcios, as súas funcións a súa representación:
	Abordar o papel da muller na sociedade exipcia./	Afonda no papel que xogou a muller dentro da sociedade exipcia:

	<i>Practicar valores democráticos.</i>	(INT. ACT.4). (E.2. ACT.4).
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos./  <i>Planificar traballos individuais ou en grupo.</i>	Planifica e elabora traballos individuais ou en grupos sobre diversos temas relacionados coa unidade: (E.1. ACT.4). (E.3. ACT.3).
	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover sesións novas./  <i>Ser creativo e emprendedor.</i>	Amplía contidos da unidade por conta propia: (E.5. ACT.2).
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Recoñecer aspectos relacionados co legado cultural e artístico dos exipcios./  <i>Valorar as achegas culturais dos antigos exipcios.</i>	Resolve actividades relacionadas coa escritura xeroglífica: (E.6. ACT.1).
	Analizar obras arquitectónicas levantadas pola civilización exipcia./  <i>Analizar estilos artísticos e obras arquitectónicas da civilización exipcia.</i>	Responde a cuestións relacionadas coa arte e a arquitectura exipcias: (E.6. ACT.3,4).

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiabíes (RF) / Recursos dixitais (RD)

**Tarefa 1:** Traballamos coa imaxe inicial e con xogamos co tempo.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Expoñemos, brevemente, o esquema completo desta unidade impresa na PD.
- Observamos as imaxes da dobre páxina inicial e realizamos as tarefas indicadas no apartado «Xoga co tempo» do LA.
- Ordenamos cronoloxicamente unha serie de personaxes relacionados co antigo Exipto e sinalamos o período histórico en que viviu cada un deles.

**Tarefa 2:** Analizamos a civilización exipcia antiga, o Nilo como río da vida e xogamos co espazo.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Analizamos a civilización exipcia a través da lectura do texto proposto na epígrafe 1 e da contemplación das imaxes insertas.
- Analizamos a civilización hidráulica exipcia localizada no mapa desta epígrafe e sinalamos que accidente do río Nilo separa o Alto e o Baixo Exipto.

**Tarefa 3:** Aprendemos sobre a organización política e social dos exipcios antigos.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Analizamos as imaxes dos faraóns da epígrafe 2, repasamos o texto e indicamos as funcións encomendadas ao faraón.
- Repasamos de novo o texto e indicamos se as mulleres exipcias tiñan realmente autonomía social.

**Tarefa 4:** Estudamos as características da economía do Exipto antigo.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Lemos o texto da epígrafe 3 e observamos os instrumentos representados nas ilustracións para escribir unha relación das plantas que cultivaban os exipcios e dos instrumentos que empregaban.
- Observamos as imaxes da epígrafe 3 sobre o calendario agrícola e o ciclo anual do traballo da terra, e sinalamos as estacións do ano agrícola.
- Atendemos á lectura do texto e comprobamos que podemos sinalar outras actividades económicas desempeñadas polos exipcios.

**Tarefa 5:** Estudamos a vida cotiá da sociedade do antigo Exipto.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Repasamos o texto da epígrafe 4 e diferenciamos as pezas de vestir: faldellín e túnica.
- Indagamos sobre o significado das palabras: indumentaria, adobe e azotea.
- Observamos as imaxes da epígrafe 4 e explicamos como se construían as casas exipcias.

**Tarefa 6:** Analizamos a relixión exipcia.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Buscamos información acerca do deus exipcio Osiris (ou de calquera outro) e anotamos un resumo desta.
- Observamos a imaxe da epígrafe 5 sobre o xuízo de Osiris e, reunidos en gran grupo, explicamos en que consistía o xuízo, e identificamos os personaxes principais.
- Debuxamos o cadro inserto na epígrafe 5 desta unidade e completámolo.
- Observamos as imaxes do Informe gráfico relacionadas co proceso de momificación exipcio e realizamos as actividades propostas.

**Tarefa 7:** Valoramos o legado cultural e artístico deixado polos antigos exipcios.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Analizamos o texto da epígrafe 6 e realizamos unha valoración das achegas culturais da civilización exipcia. Pódese realizar primeiro de forma individual e despois facer unha posta en común.
- Observamos a imaxe da pedra Rosetta e lemos o texto xeral e o pé de páxina da ilustración citada. Posteriormente, explicamos en que consiste a escritura xeroglífica e en que se diferencia da cuneiforme mesopotámica.
- Observamos as imaxes sobre os tipos de enterramentos e escribimos un comentario sobre as diferenzas entre eles.
- Analizamos a imaxe do templo exipcio e realizamos o proposto na actividade 6.
- Lemos os textos 4 e 5 das lecturas complementarias sobre «A tumba do gardián de Amón e a resolución do misterio da construción das pirámides de Exipto».
- Analizamos a pintura mural e realizamos a actividade 4.

**Tarefa 8:** Aprendemos a comentar unha obra de arte.

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Lemos a explicación da Técnica sobre como se deben comentar obras de arte. Posteriormente, lemos detidamente o exemplo de comentario proposto neste e realizamos a actividade establecida no apartado «Pon en práctica».

**Tarefa 9:** Recapitulamos e realizamos as actividades do apartado «Comproba as túas competencias».

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos na aula de forma individual o conxunto de actividades existentes no apartado «Comproba a túa aprendizaxe».
- Corriximos as actividades en gran grupo e extraemos conclusións xeneralizables.

**Tarefa 10:** Recapitulamos e realizamos as actividades de «Comproba as túas competencias».

- Coñecemos as suxestións metodolóxicas da PD.
- En primeiro lugar, observamos a gráfica sobre as inundacións do río Nilo e o calendario exipcio.
- Posteriormente, lemos o texto de Herodoto sobre Exipto e o Nilo.

- Por último, realizamos as actividades e recompilámolas para o portfolio de cada alumno e alumna.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas. Entre elas:

- Exposición do profesorado utilizando diversos soportes. Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar os estudantes sobre o tema a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, de libros de arte, etc.

## 8. RECURSOS

Alguns posibles recursos para reforzar os contidos didácticos son os seguintes:

- Libro do alumnado, atlas históricos (*Atlas do mundo*), mapas murais históricos, dicionarios, enciclopedias, medios informáticos, etc.
- Cartografía, globo terráqueo, mapas do mundo.
- Libros didácticos, como as distintas coleccións da editorial Anaya: *Biblioteca Básica de Arte, A vida no pasado*.
- Caderno do alumnado para realizar as actividades propostas.
- Mapa conceptual proposto na PD.
- Documentos, vídeos e presentacións incluídos nos RD.
- O cine na aula.
- Fichas de avaliación de contidos básicos dos RF.
- Recursos didácticos para o profesorado e o alumnado que acompañan á proposta didáctica, cos que reforzar e ampliar os contidos estudados.
- Enlaces web:

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Probas de avaliación recollidas no xerador de avaliacións.
- Autoavaliación e avaliación entre iguais para favorecer a aprendizaxe desde a reflexión.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Probas orais e escritas, e actitude e interese mostrados na aula.
- Rexistro da actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Proba de avaliación por competencias da unidade.



## **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Para todos os alumnos e as alumnas:

- Actividades de reforzo da unidade da PD.
- Follas do Caderno de Reforzo dos RF.

Para algúns alumnos e alumnas:

- Tarefas da adaptación curricular (AC) dos RF.
- Actividades de ampliación da unidade existentes na PD.

## **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

Dispón dunha rúbrica para realizar esta autoavaliación no anexo «Ferramentas de avaliación».

## Unidade 10

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Grecia*

### Descrición da unidade

Tras estudar as dúas grandes civilizacións antigas ou hidráulicas, Mesopotamia e Exipto, pasamos a analizar todo o relativo á civilización grega. A civilización grega implantou novas formas de goberno diferentes ás que predominaran en Mesopotamia e Exipto, como a democracia, e xurdiron cidades estado ou polis. Grecia considérase o berce da civilización occidental. Para o seu estudo, analizaremos a súa xeografía, as etapas da súa evolución histórica - arcaica, clásica, helenística-, e as guerras contra os persas e entre as polis gregas. Tamén veremos a súa organización política, económica e social. Ademais, prestarémoslle especial atención á vida cotiá grega e á súa relixión, cultura e arte. Mediante o Informe gráfico, poñeremos o foco sobre a cidade de Atenas e finalizaremos a unidade coa Técnica, que abordará o comentario dun mapa histórico, e unha dobre páxina final dedicada a comprobar coñecementos.

Mediante o estudo desta unidade, o alumnado accederá aos seguintes coñecementos relacionados coa civilización grega:

- A civilización antiga grega.
- A evolución histórica: época arcaica, clásica e helenística. O espazo e o tempo.
- A organización política da polis. A democracia.
- A economía e a sociedade.
- Aspectos da vida cotiá.
- Información gráfica: Atenas no século V a. C.
- A relixión e a cultura.
- A arte grega. Arquitectura, escultura e cerámica.
- Técnicas: o comentario dun mapa histórico.

Para a **adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A evolución histórica.
  - O territorio grego.
  - As etapas históricas.
2. A organización política, económica e social das polis.
  - Os sistemas políticos. Esparta e Atenas.
  - A economía. As actividades económicas.
  - A división social.
3. A cultura e a arte gregas.
  - A cultura grega.
  - A arquitectura. Características e edificios significativos.
  - A escultura. Características e evolución a través das épocas.

**Temporalización:**

O desenvolvemento da presente unidade farase durante nove sesións, é dicir, tres semanas.

Abril

Maio

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer o territorio da antiga Grecia e as etapas da súa historia.
2. Distinguir a organización política da antiga Grecia, e diferenciar os sistemas políticos de Esparta e Atenas.
3. Identificar os trazos básicos da economía e a sociedade da antiga Grecia.
4. Coñecer aspectos da vida cotiá grega.
5. Comprender os caracteres distintivos da relixión e a cultura gregas.
6. Explicar a significación histórica da arte grega e coñecer os seus exemplos máis representativos.
7. Aprender a elaborar e comentar mapas históricos.
8. Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Época arcaica.</li> <li>- O territorio grego.</li> <li>- A época clásica: as guerras médicas e a hexemonía de Atenas.</li> <li>- A guerra do Peloponeso: a hexemonía de Esparta.</li> <li>- A época helenística: 336 a. C. - 30 a. C.</li> </ul>	1.1. Localizar no espazo a civilización grega, ordenar nun eixe as súas etapas e relacionar a época arcaica con acontecementos significativos.	1.1. Localiza no espazo a civilización grega, ordena as súas etapas e relaciona a época arcaica con acontecementos significativos.	CCL, CAA, CMCT
	1.2. Relacionar as épocas clásica e helenística con acontecementos significativos.	1.2. Relaciona a época clásica e a helenística con acontecementos significativos.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A organización política das polis.</li> <li>- Sistema político de Esparta. A oligarquía.</li> <li>- Sistema político de Atenas. A</li> </ul>	2. Comparar os sistemas políticos de Atenas e Esparta, e relacionalos coa democracia e a oligarquía.	2.1. Compara a organización política de	CAA, CSEC
		2.2. Compara a democracia con modelos de goberno oligárquicos.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía e a sociedade.</li> <li>- As actividades económicas.</li> <li>- A división social.</li> </ul>	3. Identificar as bases da economía de Grecia e comprender e explicar a súa organización social.	3.1. Identifica as bases da economía de Grecia.	CMCT, CCL, CAA, CSEC
		3.2. Comprende e explica a súa organización social.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aspectos da vida cotiá.</li> <li>- Como eran as cidades gregas.</li> <li>- Como era a vida nas cidades.</li> <li>- Como era a</li> </ul>	4.1. Establecer correspondencias entre a mentalidade grega e determinados aspectos da súa vida cotiá.	4.1. Establece correspondencias entre a mentalidade grega e determinados aspectos da vida cotiá.	CD, CAA, CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Informe gráfico. Atenas no século V a. C.</li> </ul>	4.2. Coñecer a cidade de Atenas e diferenciar entre espazos públicos e privados.	4.2. Coñece a cidade de Atenas e diferencia entre espazos públicos e privados.	CCL, CAA, CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A relixión e a cultura.</li> <li>- Deuses, heroes e mitos.</li> <li>- O culto aos deuses.</li> <li>- A cultura grega.</li> </ul>	5. Citar exemplos de deuses e deusas gregos, e comprender a influencia de Grecia na cultura occidental.	5.1. Cita exemplos de deuses e deusas gregos.	CD, CCL, CSC, CAA
		5.2. Comprende a influencia de Grecia na cultura	

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A arte grega. A arquitectura.</li> <li>- As características da arquitectura.</li> <li>- O templo grego.</li> <li>- A casa nas cidades.</li> </ul>	6.1. Recoñecer as formas arquitectónicas gregas e a súa pervivencia no	6.1. Recoñece as formas arquitectónicas gregas e a súa pervivencia no tempo.	CAA, CCEC
	6.2. Recoñecer obras e escultores gregos, e relacionalos coas súas correspondentes etapas.	6.2. Recoñece obras e escultores gregos, e relaciónaos coas súas correspondentes etapas.	CAA, CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As características da escultura e a cerámica.</li> <li>- A evolución a través das épocas.</li> <li>- A cerámica e a súa evolución.</li> </ul>	7.1. Analizar as características principais da escultura e a súa evolución histórica.	7.1. Analiza as principais características da escultura grega e a súa evolución durante as etapas arcaica, clásica	CCEC
	7.2. Estudar a cerámica e a súa evolución.	7.2. Estuda as distintas variantes cerámicas gregas e a súa decoración.	CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar e comentar mapas históricos.</li> </ul>	8. Comprender e aplicar a técnica de elaboración e comentario de mapas históricos.	8.1. Comprende e aplica a técnica de elaboración e comentario de mapas históricos.	CAA, CSIEE, CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.</li> </ul>	9. Comprobar a progresión en competencias básicas.	9.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL, CAA, CMCT, CSIEE

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF): Caderno estándares de aprendizaxe (CEA), Adaptación curricular (AC)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Localiza no espazo a civilización grega, ordena as súas etapas e relaciona a época arcaica con acontecementos significativos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 da dobre páxina inicial do LA para ver a evolución no tempo da civilización grega, as súas etapas e a duración da súa contemporaneidade coa civilización exipcia.</li> <li>- Actividade 5 da dobre páxina inicial do LA referida ao nacemento da moeda.</li> <li>- Actividades 1, 2, 3 e 4 da epígrafe 1 do LA sobre o significado dalgunhas palabras (<i>Hélade</i> e <i>polis</i>), a proximidade das cidades ao mar, os mares que bañan as súas costas e o nome actual dalgunhas das súas colonias.</li> </ul>
1.2. Relaciona a época clásica e a helenística con acontecementos significativos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 d epígrafe 2 do LA relativa ás guerras médicas e do Peloponeso.</li> </ul>
2.1. Compara a organización política de Esparta e de Atenas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades 1, 2 e 3 da epígrafe 3 do LA sobre as funcións da Asemblea ou <i>Ecclesia</i> na democracia e na oligarquía.</li> </ul>
2.2. Compara a democracia con modelos de goberno	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 5 da epígrafe 3 do LA onde se definen os termos <i>oligarquía</i> e <i>democracia</i>.</li> </ul>
3.1. Identifica as bases da economía de Grecia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 1 da epígrafe 4 do LA sobre as profesións exercidas polos gregos a partir de imaxes.</li> </ul>
3.2. Comprende e explica a súa organización social.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 5 da epígrafe 4 do LA sobre as diferenzas sociais entre homes e mulleres na</li> </ul>
4.1. Establece correspondencias entre a mentalidade grega e determinados aspectos da vida cotiá.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade 2 da epígrafe 4 do LA sobre a influencia na posición social de aspectos como o sexo, a liberdade e a riqueza económica.</li> <li>- Actividade 5 da epígrafe 4 do LA acerca das diferenzas existentes na Grecia clásica entre homes e mulleres en canto dereitos políticos.</li> <li>- Actividades 2 e 4 da epígrafe 5 do LA relativas á educación na Grecia clásica.</li> </ul>

4.2. Coñece a cidade de Atenas e diferenza entre espazos públicos e privados.	- Actividades do IG do LA concernentes ás partes da cidade, os seus barrios e vivendas.	
5.1. Cita exemplos de deuses e deusas gregos.	- Actividades da epígrafe 6 do LA referentes aos deuses, deusas e heroes, e as relacións entre eles e o culto recibido.	
5.2. Comprende a influencia de Grecia na cultura occidental.	- Lectura e análise do texto no referente á relixión e a cultura, así como das ilustracións que o acompañan.	
6.1. Recoñece as formas arquitectónicas gregas e a súa pervivencia no tempo.	- Actividades da epígrafe 7 do LA referentes á arquitectura en xeral e ao templo en particular. - Análise das ilustracións que acompañan.	
6.2. Recoñece obras e escultores gregos, e relaciónaos coas súas correspondentes etapas.	- Actividades 1, 2, 3 e 4 da epígrafe 8 do LA referentes aos materiais utilizados polos escultores e os ceramistas, os temas cultivados, os estilos e as formas das vasillas. - Actividade 5 da epígrafe 8 do LA onde se comparan esculturas de diferentes etapas escultóricas.	
7.1. Analiza as principais características da escultura grega e a súa evolución durante as etapas arcaica, clásica e	- Actividade 5 da epígrafe 8 do LA relativa á descrición dos diferentes tipos escultóricos gregos.	
7.2. Estuda as distintas variantes cerámicas gregas e a súa decoración.	- Actividades 2, 3 e 4 da epígrafe 8 do LA sobre as variantes da cerámica grega e a súa	
8.1. Comprende e aplica a técnica de elaboración e comentario de mapas históricos.	- Actividades propostas no apartado <i>Pon en práctica</i> da Técnica do LA.	
9.1. Desenvolve competencias básicas.	- Actividades do CTC do LA.	



## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Libro do alumnado: Introducción (INTR); Epígrafe (E); Actividade (ACT); Informe gráfico (IG); Técnica (TEC); Comproba a túa aprendizaxe (CTA); Comproba as túas competencias (CTC).

Competencias	Descriptor / Subcompetencias	Desempeños
Comunicación lingüística.	<p>Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia./</p> <p><i>Comunicar información.</i> <i>Expresar opinións.</i></p>	<p>Comunica información relativa á vida política ateniense: (E.3. ACT.6).</p> <p>Responde a cuestións relacionadas coa vida cotiá grega: (E.5. ACT.1,2).</p> <p>Opina respecto ao tema da democracia ateniense:</p>
	<p>Comprender o sentido dos textos escritos e orais./</p> <p><i>Comprender informacións.</i></p>	<p>Le o texto sobre a Atenas do século v a. C. e responde ás cuestións: (IG. ACT.1).</p> <p>Pregunta sobre os parecidos e as diferenzas entre os deuses e os humanos; sobre os heroes, o culto aos deuses domésticos e o pensamento racional: (E.6. ACT.1,2,3).</p>
	<p>Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais./</p> <p><i>Usar o vocabulario.</i> <i>Producir textos.</i></p>	<p>Amplía o coñecemento de termos históricos referentes á Grecia clásica: (E.1. ACT.1). (CTA. ACT.1,2).</p> <p>Indica o significado dos termos <i>oligarquía</i> e <i>democracia</i>: (E.3. ACT.5).</p> <p>Redacta textos relacionados coa vida cotiá grega: (E.5. ACT.3).</p>
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	<p>Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc./</p> <p><i>Utilizar elementos matemáticos.</i> <i>Calcular porcentaxes.</i> <i>Traballar con esquemas.</i> <i>Traballar con gráficos.</i></p>	<p>Realiza cálculos matemáticos para resolver actividades relacionadas coa cronoloxía e a historia de Grecia: (INT. ACT.1,2,3,4,5,6).</p> <p>Calcula porcentaxes de voto: (E.3. ACT.9).</p> <p>Observa os esquemas sobre as institucións políticas en Atenas e Esparta e responde ás cuestións: (E.3. ACT.1,2,3).</p> <p>Traballa con eixes cronolóxicos relacionados coa historia da antiga Grecia:</p>

	<p>Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos, biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etc./</p> <p><i>Traballar con mapas.</i></p>	<p>(CTA ACT.3)</p> <p>Sinala no mapa os mares que bañan Grecia e as colonias gregas en Italia, Francia, España e Exipto: (E.1. ACT.4).</p> <p>Indica cales foron os límites do imperio de Alexandre Magno: (E.2. ACT.2).</p>
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<p>Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento./</p> <p><i>Utilizar as TIC.</i> <i>Traballar con textos e imaxes.</i></p>	<p>Busca información sobre as vivendas na antiga Grecia e elabora un póster ilustrativo: (IG. ACT.3).</p> <p>Consulta web con contido cartográfico: (TEC. ACT.3).</p> <p>Relaciona imaxes con profesións dos antigos gregos: (E.4. ACT.1).</p> <p>Resolve actividades apoiándose no texto e na información gráfica: (E.6. ACT.4).</p> <p>Busca os trucos ópticos empregados na arquitectura do Partenón: (E.7. ACT.3).</p>
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<p>Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos./</p> <p><i>Relacionar informacións.</i> <i>Traballar con imaxes.</i></p>	<p>Relaciona as profesións das mulleres e reflexiona sobre como influían na posición social factores como o sexo, a liberdade, a procedencia e a riqueza: (E.4. ACT.2,3,4).</p> <p>Relaciona informacións: (IG. ACT.2). (CTC. ACT.4).</p> <p>Observa o soldado hoplita e sinala o seu armamento ofensivo e defensivo: (E.2. ACT.3).</p> <p>Describe que era a Asemblea ateniense mediante a súa observación: (E.3. ACT.4).</p> <p>Describe espazos e edificios propios da vida cotiá grega como, por exemplo, a ágora ou o teatro: (E.5. ACT.5,6,7).</p> <p>Observa as máscaras do teatro grego e asocia cada unha co seu xénero teatral correspondente: (E.6. ACT.6).</p>

		<p>(CTA. ACT.4).</p> <p>Relaciona vasillas gregas coa súa forma e función:</p> <p>(E.8. ACT.4).</p> <p>Observa deidades gregas e relaciónaas co seu nome, significado e atributos:</p>
	<p>Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe./</p> <p><i>Organizar información.</i> <i>Participar na aprendizaxe.</i></p>	<p>Completa un cadro esquemático sobre aspectos das guerras médicas e do Peloponeso:</p> <p>(E.2. ACT.1).</p> <p>Realiza un esquema sobre as características da arquitectura grega:</p> <p>(E.7. ACT.1).</p> <p>Elabora un mapa conceptual sobre a civilización grega:</p> <p>(CTA. ACT.5)</p>
	<p>Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe./</p> <p><i>Obter información.</i> <i>Deducir información.</i></p>	<p>Busca información sobre Alexandre Magno e elabora unha biografía:</p> <p>(INT. ACT.7).</p> <p>Deduce como puido influír a proximidade das cidades gregas ás costas:</p> <p>(E.1. ACT.2).</p> <p>Observa a imaxe da vivenda grega e deduce en que tipo de barrio podería estar:</p> <p>(IG. ACT.2).</p> <p>Descobre o nome actual das antigas colonias gregas en España:</p> <p>(E1. ACT.3).</p> <p>Busca os trucos ópticos empregados na construción do Partenón:</p> <p>(E.7. ACT.3).</p>
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	<p>Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución./</p> <p><i>Comprender a realidade histórica.</i> <i>Traballar con mapas</i></p>	<p>Indaga sobre as diferenzas entre unha democracia directa e unha democracia representativa e compara o modelo democrático grego co actual:</p> <p>(E.3. ACT.7,8).</p> <p>(CTC. ACT.5).</p> <p>Expresa as diferenzas existentes entre homes e mulleres na Grecia antiga e indica se se manteñen na actualidade:</p> <p>(E.4. ACT.5).</p> <p>Elabora e comenta un mapa histórico:</p> <p>(TEC. ACT.1,2).</p>
	<p>Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en</p>	<p>Compara o modelo educativo grego co actual:</p>

	<p>ámbitos de participación establecidos./</p> <p><i>Entender a sociedade.</i></p>	(E.5. ACT.4).
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	<p>Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas./</p> <p><i>Levar a cabo proxectos.</i></p>	Busca información sobre os traballos de Hércules, redacta un texto e expono oralmente na clase:
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• f</li> <li>• h</li> <li>• l</li> <li>• n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CMCCT</li> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• l</li> <li>• n</li> <li>• fl</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.10. Reconquista e repoboación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• l</li> <li>• h</li> <li>• n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.12. Arte románica, gótica e islámica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> </ul>



Xeografía e Historia, 1º ciclo de ESO, 2º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
• 1				

## UNIDADE 1.

### Título

*O inicio da Idade Media. Xermanos e bizantinos*

### Descrición da unidade

Esta unidade didáctica inicia o estudo da Idade Media, enlazándoa co final do mundo antigo e establecendo a súa periodización entre os séculos V e XV nas tres etapas medievais clásicas: Alta, Plena e Baixa Idade Media. A continuación, abórdase a primeira destas etapas nos dous grandes ámbitos territoriais xurdidos tras a caída do imperio romano: o imperio bizantino en Oriente e os reinos xermánicos en Occidente, centrando a atención no reino suevo de Galicia, no reino visigodo e no imperio carolinxio. En todos eles, estúdanse os trazos básicos da evolución histórica e da organización político-administrativa, económica, social e cultural. A técnica da unidade, dedicada ao manexo da información temporal, proporciona unha ferramenta básica para o estudo histórico e o correcto encadramento dos seus períodos e etapas a través da elaboración e do comentario de eixes cronolóxicos.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os **coñecementos** seguintes:

- A Idade Media. Etapas e civilizacións.
- O imperio bizantino. Espazo, tempo e organización.
- A sociedade e a arte bizantinas.
- O asentamento xermano en Occidente. Reinos e consecuencias.
- O reino suevo de Galicia. Evolución histórica e modo de vida.
- O reino visigodo. Evolución histórica e modo de vida.
- O reino franco e o imperio carolinxio. Sociedade, cultura e arte carolinxias.
- Manexar información temporal: o tempo histórico e a súa comprensión. Os eixes cronolóxicos.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A Idade Media. Etapas e civilizacións:
  - O inicio da Idade Media e as súas etapas.
  - As civilizacións medievais.
2. O imperio bizantino:
  - A evolución histórica.
  - A igrexa e os seus problemas.
  - A arte bizantina.
3. Os reinos xermánicos:
  - O reino suevo de Galicia. Evolución histórica.
  - O reino visigodo. Evolución histórica.
  - O reino franco. Evolución histórica.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de dúas semanas, é dicir, 6 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Setembro



## **2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer o inicio da Idade Media. Etapas e civilizacións.
2. Coñecer o marco espazo-temporal onde se desenvolveu a civilización bizantina, e explicar a organización política, social e económica de Bizancio.
3. Comprender o legado cultural e artístico de Bizancio.
4. Identificar e localizar os reinos xermánicos e explicar as consecuencias do seu asentamento en Occidente.
5. Diferenciar o reino xermánico suevo e o reino xermánico visigodo.
6. Identificar a importancia histórica do imperio carolinxio, e coñecer a súa sociedade, cultura e arte.
7. Promover o manexo de información temporal.
8. Verificar a progresión na aprendizaxe e a aplicación dalgunhas competencias básicas.

**CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE  
 AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Idade Media.</li> <li>- Etapas.</li> <li>- Civilizacións.</li> </ul>	1. Coñecer a orixe e as etapas da Idade Media, e localizar as civilizacións medievais.	1.1. Identifica os fitos cronolóxicos fundamentais da Idade Media.	CSC
		1.2. Localiza no mapa as principais civilizacións medievais.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O imperio bizantino.</li> <li>- Espazo.</li> <li>- Tempo.</li> <li>- Organización.</li> <li>- Sociedade.</li> <li>- Arte.</li> </ul>	2.1. Localizar a extensión aproximada do imperio bizantino, e explicar os trazos básicos da organización política, económica e social bizantina.	2.1. Analiza a evolución do imperio bizantino mediante mapas.	CD CSC CCE C
	2.2. Identificar aspectos básicos do legado cultural e artístico de Bizancio.	2.3. Distingue manifestacións artísticas bizantinas.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O asentamento dos xermanos en Occidente.</li> <li>- Reinos.</li> <li>- Consecuencias.</li> </ul>	3. Enumerar e localizar no espazo algúns reinos xermánicos, e citar consecuencias do seu asentamento.	3.1. Localiza no mapa os reinos xermánicos.	CAA CSC
		3.2. Identifica as consecuencias do asentamento xermano.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os suevos e os visigodos.</li> <li>- Evolución histórica.</li> <li>- Modo de vida.</li> </ul>	4. Identificar, situar e datar o reino suevo de Galicia e o reino visigodo.	4.1. Explica a orixe, a extensión e o ocaso do reino suevo de Galicia.	CSC CMC T
		4.2. Sinala no mapa a evolución do reino visigodo e as súas etapas.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os francos e o imperio carolinxio.</li> <li>- Evolución histórica.</li> <li>- Sociedade.</li> <li>- Cultura e arte.</li> </ul>	5. Identificar, situar e datar o imperio carolinxio, e explicar as súas principais características.	5.1. Explica a orixe, a extensión e o ocaso do imperio carolinxio.	CSC
		5.2. Explica as principais características do imperio	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar información temporal: o tempo histórico e a súa comprensión.</li> <li>- Os eixes cronolóxicos.</li> </ul>	6. Desenvolver destrezas e estratexias sobre o tempo histórico.	6.1. Manexa con propiedade eixes cronolóxicos.	CMC T CAA CSIF
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.</li> </ul>	7. Desenvolver competencias básicas.	7.1. Desenvolve competencias básicas.	CL CMC T CSC



## UNIDADE 2.

### Título

*O islam*

### Descrición da unidade

Esta unidade didáctica estuda o islam, a terceira civilización xurdida no século VII no ámbito territorial do antigo imperio romano. A unidade iníciase cunha presentación da situación da península arábiga antes de Mahoma, e coa análise da figura do profeta e dos principios básicos da relixión islámica. A continuación, sintetízanse as fases da expansión musulmá; os trazos da súa organización política, económica e social; as súas achegas culturais —tratando con especial detalle a difusión de inventos orientais e os seus avances no terreo da medicina—; e as súas manifestacións artísticas, decorativas e arquitectónicas. A técnica de elaboración e o comentario de mapas históricos facilitan a concreción dos feitos pasados no espazo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os **coñecementos** seguintes:

- O nacemento do islam.
- A expansión islámica. A organización política e administrativa.
- As actividades económicas. Agricultura, artesanía e comercio.
- A sociedade e a vida cotiá.
- A cidade musulmá.
- O legado cultural e artístico. As achegas culturais.
- O manexo de mapas históricos.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. O islam. Inicios e expansión:
  - Mahoma e a relixión islámica.
  - A expansión do islam.
2. O goberno e a economía islámicas:
  - O goberno e a administración do territorio.
  - As actividades económicas.
3. A orixinal arte musulmá:
  - A arquitectura e a decoración. A mesquita.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de dúas semanas, é dicir, 6 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Outubro 

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer o marco xeográfico da civilización islámica e os conceptos máis significativos da súa relixión islámica.
2. Identificar as etapas da expansión islámica e descubrir como se organizaba o seu imperio.
3. Distinguir as actividades económicas do mundo musulmán.
4. Descubrir os trazos da organización social e certos aspectos da vida cotiá no mundo musulmán.
5. Diferenciar trazos esenciais dunha cidade musulmá.
6. Identificar o legado cultural e artístico do islam.
7. Mostrar algunhas achegas culturais islámicas: inventos e avances en medicina.
8. Aprender a traballar con mapas históricos.
9. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

**CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O nacemento do islam.</li> <li>- Arabia antes de Mahoma.</li> <li>- Mahoma.</li> <li>- A relixión islámica.</li> </ul>	1. Localizar Arabia e Próximo Oriente, e explicar a doutrina musulmá.	1.1. Identifica a área xeográfica na que se orixina o islam.	CCL CMC T
		1.2. Cita os principios do credo musulmán.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A expansión islámica.</li> <li>- A creación do imperio.</li> <li>- A organización política e administrativa.</li> </ul>	2. Enumerar as etapas da expansión islámica e do imperio islámico, e diferenciar conceptos básicos sobre a súa organización.	2.1. Elabora un cadro coas etapas do imperio islámico.	CAA CSC
		2.2. Asocia cargos políticos coas súas funcións.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As actividades económicas.</li> <li>- Agricultura.</li> <li>- Artesanía e comercio.</li> </ul>	3. Explicar conceptos relacionados coa organización económica do imperio islámico.	3.1. Aprende vocabulario novo relacionado coa unidade.	CCL CAA
		3.2. Realiza un mapa conceptual sobre a economía islámica.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade e a vida cotiá.</li> <li>- A organización social.</li> <li>- A alimentación.</li> <li>- As vivendas.</li> </ul>	4. Distinguir os compoñentes da sociedade islámica e explicar aspectos da vida cotiá.	4.1. Elabora un esquema da sociedade islámica e das funcións de cada grupo social.	CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A cidade musulmá.</li> <li>- A medina.</li> <li>- Os arrabaldes.</li> </ul>	5. Recoñecer a estrutura urbana dunha cidade musulmá.	5.1 Distingue os elementos característicos dunha cidade musulmá.	CCL CMC T
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As achegas culturais e o legado cultural e artístico.</li> </ul>	6.1. Recoñecer as achegas culturais islámicas.	6.1. Recoñece e identifica a orixinalidade da	CC CSC CCE C
	6.2. Diferenciar as principais características da cultura e a arte musulmá.	6.2. Recoñece o esencial da arte islámica.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O manexo de mapas históricos.</li> </ul>	7. Utilizar con corrección os mapas históricos.	7.1. Analiza e comenta un mapa histórico.	CCL CMC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.</li> </ul>	8. Desenvolver competencias básicas.	8.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL CMC T CSC CC



## UNIDADE 3.

### Título

*A Alta Idade Media. O inicio do feudalismo*

### Descrición da unidade

A Alta Idade Media en Europa estuda o período de formación do feudalismo entre os séculos IX e XI. Iníciase cunha breve presentación dos seus trazos básicos, orixe e extensión territorial. A continuación, aborda os caracteres da organización política, a economía señorial e a sociedade feudal, analizando a división interna e o modo de vida de cada estamento: a nobreza, o clero e o campesiñado. A unidade péchase co estudo da arte románica nas súas tres manifestacións principais: a arquitectura, a escultura e a pintura. A técnica de análise de obras de arte, centrada na arquitectura, proporciona unha útil metodoloxía para o comentario de obras arquitectónicas, e axuda a desenvolver a valoración e o aprecio cara ás manifestacións artísticas.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os **coñecementos** seguintes:

- O feudalismo en Europa.
- A economía feudal. O señorío.
- A sociedade feudal e as relacións de dependencia.
- O estamento nobiliario: como vivía a nobreza?
- O estamento eclesiástico: como vivía o clero?
- O estamento dos traballadores e das traballadoras: como vivía o campesiñado?
- A arte románica. A arquitectura.
- A arte románica. A escultura e a pintura.
- Analizar obras de arte. A arquitectura.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. O feudalismo en Europa:
  - Cronoloxía e orixes do feudalismo.
  - O feudo, base da economía.
2. A sociedade feudal e as relacións de dependencia:
  - A sociedade estamental.
  - As relacións de dependencia.
3. A arte románica:
  - A arquitectura.
  - A escultura e a pintura.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, 9 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Outubro     Novembro

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Estudar a orixe do feudalismo: cronoloxía, orixe, extensión e forma de goberno.
2. Establecer a organización económica do señorío.
3. Comprender a organización da sociedade feudal e as relacións de dependencia que se establecen entre os seus membros.
4. Coñecer a vida cotiá da nobreza.
5. Mostrar a importancia da Igrexa na Idade Media e coñecer o modo de vida eclesiástico.
6. Coñecer aspectos da vida cotiá do campesiñado na Idade Media.
7. Descubrir a arquitectura románica: elementos e tipos de edificios.
8. Descubrir a escultura e a pintura románicas.
9. Aprender a analizar obras arquitectónicas.
10. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

**CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE**

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares	CC
- O feudalismo en Europa. - Cronoloxía. - Orixe e extensión.	1. Explicar a orixe do feudalismo e coñecer a súa extensión e forma de goberno.	1.1. Identifica causas e alcance do feudalismo.	CSC
- A economía feudal. O señorío. - Organización. - Traballos.	2. Coñecer o feudo, diferenciar as súas partes e explicar a súa autosuficiencia económica.	2.1. Define os compoñentes do feudo.	CCL
		2.2. Explica a autosuficiencia económica do feudo.	
- A sociedade feudal e as relacións de dependencia. - A división en estamentos. - As relacións de dependencia.	3. Recoñecer a sociedade feudal e as relacións de dependencia existentes.	3.1. Elabora unha pirámide estamental medieval.	CAA
- O estamento nobiliario: como vivía a	4. Comprender o modo de vida da nobreza.	4.1. Detalla as diferenzas entre alta e baixa nobreza.	CCL
- O estamento eclesiástico: como vivía o clero?	5. Comprender as actividades da igrexa e o modo de vida do clero.	5.1. Realiza un esquema coas actividades da igrexa.	CCL CAA
		5.2. Clasifica os membros do clero.	
- O estamento dos traballadores: como vivía o campesiñado?	6. Coñecer a forma de vida do campesiñado e a aldea campesiña e as súas vivendas.	6.1. Analiza a vida campesiña.	CSYC CAA
		6.2. Describe unha aldea e	
- A arte románica. - A arquitectura.	7. Coñecer os caracteres básicos da arquitectura románica.	7.1. Explica as características da arquitectura	CCEC
- A arte románica. - A escultura. - A pintura.	8. Recoñecer obras de escultura e pintura románicas.	8.1. Analiza unha escultura e unha pintura	CCL CCEC
- Analizar obras de arte. A arquitectura.	9. Analizar correctamente obras de arte arquitectónicas.	9.1. Analiza a arquitectura románica.	CAA CSIE E
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.	10. Desenvolver competencias básicas.	10.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL CAA CMC T CD

## UNIDADE 4.

### Título

*A península ibérica entre os séculos VIII e XI*

### Descrición da unidade

A unidade dedicada á Alta Idade Media na península ibérica estruturouse en dúas partes. A primeira parte céntrase no espazo xeográfico de al-Ándalus durante o período comprendido entre a conquista musulmá (711) e a desintegración do califato nos reinos de taifas (1031). Estúdanse a evolución histórica; a organización política, económica e social; a cultura da auga nos seus usos para o regadío agrario e para os baños públicos; e a arte califal, centrada na mesquita de Córdoba. A segunda parte da unidade estuda a formación e evolución dos reinos cristiáns peninsulares entre os anos 722 e 1035; os trazos de goberno, a economía e a sociedade; a importancia relixiosa, económica e cultural do Camiño de Santiago; as manifestacións artísticas prerrománicas e románicas; e a evolución histórica, social e artística de Galicia entre os séculos VIII e XI. A técnica de análise de obras de arte, focalizada na pintura, proporciona unha útil metodoloxía para o comentario de obras pictóricas, contribuíndo tamén ao seu aprecio e valoración.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os **coñecementos** seguintes:

- Al-Ándalus. O islam na península ibérica (711-1031).
- A organización política e económica de al-Ándalus.
- A sociedade e a vida cotiá.
- A cultura da auga.
- A cultura e a arte califal.
- Os núcleos de resistencia cristiáns (722-1035).
- A organización dos núcleos de resistencia.
- A arte nos séculos IX e X. O Camiño de Santiago.
- A arte románica peninsular.
- Galicia entre os séculos VIII e XI.
- Analizar obras de arte. A pintura.
- Comprobar a progresión nalgúns competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. Al-Ándalus. O tempo, o espazo e a organización (711-1031):
  - Conquista e evolución do territorio.
  - O goberno, a economía e a sociedade.
2. Os núcleos cristiáns de resistencia (722-1035):
  - O tempo e o espazo (722-1035).
  - A organización dos núcleos cristiáns.
3. O legado artístico:
  - A arte califal.
  - A arte románica.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, 9 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Novembro



## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Identificar o espazo e o tempo do islam na península ibérica ata 1031.
2. Diferenciar as formas de goberno e a economía andalusí.
3. Describir a diversidade social de al-Ándalus, e algúns aspectos da vida cotiá: indumentaria e alimentación.
4. Obter datos e conclusións sobre a cultura da auga en al-Ándalus.
5. Formar redes conceptuais sobre a cultura e a arte califal.
6. Coñecer e localizar os reinos cristiáns de resistencia ao islam, e a súa evolución histórica.
7. Comprobar a organización política, económica e social dos núcleos de resistencia.
8. Formar redes conceptuais sobre a arte prerrománico e o Camiño de Santiago.
9. Mostrar a importancia do románico peninsular.
10. Constatar a evolución de Galicia entre os séculos VIII e XI.
11. Aprender a analizar obras pictóricas.
12. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

- Al-Ándalus. O islam na península ibérica (711-1031). Conquista	1. Recoñecer e explicar a evolución de al-Ándalus entre 711 e 1031.	1.1. Identifica e explica os momentos máis importantes da historia de al-Ándalus entre 711 e 1031.	CCL CSC
- A organización política e económica de al-Ándalus. - O goberno e a administración. - A economía andalusí.	2. Diferenciar o goberno, a administración e as actividades agrarias e urbanas en al-Ándalus.	2.1. Identifica a estrutura do goberno e a administración 2.2. Realiza un esquema sobre as actividades económicas andalusíes.	CL CAA CSYC
- A sociedade e a vida cotiá. - A diversidade social. - As festas, a indumentaria e a educación.	3. Describir os grupos sociais de al-Ándalus, e distinguir aspectos da indumentaria e a educación.	3.1. Caracteriza a sociedade andalusí e os seus hábitos. 3.2. Aborda aspectos cotiáns actuais da civilización musulmá.	CCL CAA CSC
- A cultura da auga.	4. Diferenciar as formas de captación, distribución e uso da auga en al-Ándalus.	4.1. Describe as formas de captación e uso da auga.	CCL CD CSIEE
- A cultura e a arte califal.	5. Recoñecer manifestacións culturais e artísticas do califato.	5.1. Identifica personalidades culturais e artísticas do califato e as súas obras.	CAA CSIEE
- Os núcleos cristiáns de resistencia (722-1035). - O núcleo cantábrico. - Os núcleos	6. Localizar, diferenciar e coñecer a evolución histórica dos núcleos cristiáns de resistencia.	6.1. Identifica os núcleos cristiáns de resistencia e describe a súa evolución.	CSC
- A organización dos núcleos cristiáns de resistencia. - O goberno. - As actividades económicas. - A sociedade.	7. Resumir a organización política, económica e social dos núcleos de resistencia.	7.1. Realiza un resumo sobre a evolución dun núcleo cristián de resistencia.	CCL
- A arte nos séculos IX e X. - A arte prerrománico. - O Camiño de Santiago.	8.1. Diferenciar as manifestacións artísticas prerrománicas. 8.2. Coñecer o Camiño de Santiago.	8.1. Identifica estilos prerrománicos. 8.2. Sinala nun mapa o itinerario xacobeo.	CCEC CSC
- A arte románica	9. Analizar a	9.1. Identifica os trazos	CAA



.

.

.

peninsular. - Arquitectura. - Escultura. - Pintura	escultura e pintura románicas.	máis característicos da arte románica.	CCEC
- Galicia entre os séculos VIII e XI.	10. Coñecer as principais características de Galicia entre os séculos VIII e XI.	10.1. Analiza a Alta Idade Media en Galicia.	CCL CSC CAA
- O comentario artístico. A pintura.	11. Observar de xeito analítico obras pictóricas.	11.1. Comenta analiticamente pinturas románicas.	CAA CSC CCEC
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.	12. Desenvolver competencias básicas.	12.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL CMCT CAA CSC CCEC



## UNIDADE 5.

### Título

A Plena Idade Media. O renacemento urbano

### Descrición da unidade

Esta unidade analiza os cambios experimentados polo sistema feudal en Europa entre os séculos XI e XIII. A atención céntrase na aparición dos parlamentos; nos avances ocorridos nas técnicas agrarias; e sobre todo, na recuperación da vida urbana, precisando as causas deste feito, a organización espacial das cidades, os seus organismos de goberno, as actividades desempeñadas polos gremios artesanais e por comerciantes, e os trazos da nova sociedade urbana e da vida cotiá na cidade. A unidade péchase coa análise da renovación cultural aparición das universidades; os principais trazos da relixiosidade da época cruzadas, ordes militares, inquisición e ordes mendicantes; e as principais manifestacións arquitectónicas, escultóricas e pictóricas da arte gótica. A técnica de análise de obras de arte aplícase agora á escultura, proporcionando unha metodoloxía para o comentario das obras escultóricas.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os **coñecementos** seguintes:

- O territorio europeo. Un mosaico de reinos e pobos.
- Os progresos agrarios e as súas consecuencias.
- As cidades medievais. Recuperación, funcións e espazos.
- O goberno e a economía das cidades medievais.
- A sociedade e a vida cotiá.
- A renovación cultural e relixiosa.
- A arquitectura gótica.
- A escultura, a pintura e a vidreira góticas.
- Analizar unha obra de arte. A escultura
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. O territorio europeo e a súa organización:
  - O marco territorial.
  - A organización política.
2. Os progresos agrarios na agricultura:
  - As innovacións técnicas na agricultura.
  - Consecuencias dos progresos agrarios.
3. O renacemento das cidades:
  - O renacemento urbano.
  - O goberno cidadán.
4. As actividades económicas:
  - O artesanado e a súa organización.
  - O auxe do comercio.
5. A arte gótica:
  - A arquitectura.
  - A escultura e a pintura.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, 9 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Decembro



Xaneiro



## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Distinguir o marco territorial e a organización política características da Plena Idade Media.
2. Enumerar os progresos agrarios e as súas causas e consecuencias.
3. Comprender o renacemento, as funcións e os espazos da cidade medieval.
4. Diferenciar as formas de goberno e as actividades económicas das cidades medievais.
5. Contrastar os grupos existentes na nova sociedade urbana e algúns aspectos da súa vida cotiá.
6. Comprender e explicar a cultura urbana e a relixiosidade medieval.
7. Recoñecer a arquitectura gótica.
8. Observar de xeito analítico a escultura, a pintura e a vidreira góticas.
9. Aprender a analizar unha escultura.
10. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

<ul style="list-style-type: none"> <li>- O territorio europeo. Un mosaico de reinos e pobos.</li> <li>- Cronoloxía.</li> <li>- Marco territorial.</li> </ul>	<p>1. Coñecer os trazos esenciais do mapa europeo a comezos do século XI e explicar a súa organización política.</p>	<p>1.1. Sinala no mapa de Europa a distribución territorial dos distintos reinos.</p>	<p>CCL CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os progresos agrarios.</li> <li>- As innovacións.</li> <li>- As consecuencias.</li> </ul>	<p>2. Explicar os cambios agrícolas ocorridos en Europa entre os séculos XI e XIII, e coñecer as súas principais causas e consecuencias.</p>	<p>2.1. Sinala causas e consecuencias das transformacións agrícolas entre os séculos XI e XIII.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As cidades medievais. Recuperación, funcións e espazos.</li> <li>- O renacemento urbano.</li> <li>- O burgo.</li> </ul>	<p>3. Comprender o renacemento urbano medieval e coñecer a cidade medieval e as súas condicións de vida.</p>	<p>3.1. Explica o rexurdir das cidades e as súas características.</p>	<p>CCL</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O goberno e a economía das cidades medievais.</li> </ul>	<p>4. Coñecer a organización da cidade e dos gremios medievais, e explicar os distintos tipos de</p>	<p>4.1. Diferencia as categorías de artesáns nos gremios.</p>	<p>CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade e a vida cotiá.</li> </ul>	<p>5. Xerarquizar a sociedade urbana e explicar aspectos da vida cotiá na cidade.</p>	<p>5.1. Elabora unha pirámide social da cidade.</p>	<p>CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A renovación cultural e relixiosa.</li> <li>- A cultura urbana.</li> <li>- Relixiosidade e</li> </ul>	<p>6. Explicar conceptos relacionados coa cultura e a relixiosidade medievais.</p>	<p>6.1. Define conceptos culturais e relixiosos.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arte gótica.</li> <li>- A arquitectura.</li> </ul>	<p>7. Recoñecer o estilo arquitectónico gótico.</p>	<p>7.1. Identifica edificios góticos e recoñece as súas características propias.</p>	<p>CCEC CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Arte gótica.</li> <li>- A escultura, a pintura e a vidreira góticas.</li> </ul>	<p>8. Diferenciar as esculturas monumental e exenta da arte gótica, e explicar trazos esenciais da pintura e das vidreiras.</p>	<p>8.1. Describe a escultura e a pintura góticas.</p>	<p>CCL CCEC</p>
		<p>8.2. Describe o proceso de fabricación dunha vidreira.</p>	



<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar unha obra de arte.</li> <li>- A escultura.</li> </ul>	<p>9. Observar de xeito analítico obras escultóricas.</p>	<p>9.1. Analiza esculturas góticas.</p>	<p>CD CSIEE CCEC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.</li> </ul>	<p>10. Progresar na aprendizaxe e aplicación das competencias</p>	<p>10.1. Desenvolve competencias básicas.</p>	<p>CCL CAA</p>

## UNIDADE 6.

### Título

*A península ibérica entre os séculos XI e XIII*

### Descrición da unidade

A unidade dedicada á Plena Idade Media na península ibérica, seguindo o mesmo esquema empregado na Alta Idade Media, estruturouse en dúas partes. A primeira parte, analiza a progresiva decadencia de al-Ándalus durante os períodos taifas, almorábide e almohade; e as súas manifestacións artísticas. A segunda parte, estuda a consolidación e avance dos reinos cristiáns peninsulares: a expansión territorial dos diferentes reinos; a organización política e o xurdimento de novas institucións, como as Cortes; os sistemas de repoboación do territorio conquistado a al-Ándalus; a organización social; o rexurdimento cultural; as manifestacións artísticas do gótico ata o século XIII e da arte mudéjar; e a situación económica, social e artística de Galicia. A técnica de elaboración dunha biografía histórica fomenta o oficio de historiadora ou historiador e permite ampliar os coñecementos sobre personaxes relevantes do momento histórico correspondente.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os **coñecementos** seguintes:

- A decadencia política e territorial de al-Ándalus (1031-1224). A evolución artística.
- A consolidación e o avance dos reinos cristiáns.
- O goberno e a administración dos reinos cristiáns.
- O repoboación do territorio conquistado.
- As actividades económicas dos reinos cristiáns.
- A sociedade estamental e as formas de vida.
- A cultura e a arte dos reinos cristiáns. O gótico e o mudéjar.
- Galicia entre os séculos XI e XIII.
- Elaborar unha biografía histórica.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A decadencia de al-Ándalus:
  - A evolución histórica: taifas, almorábides e almohades.
  - A evolución artística.
2. A consolidación dos reinos cristiáns:
  - Os reinos cristiáns.
  - As institucións políticas.
3. A cultura e a arte dos reinos cristiáns:
  - A convivencia das tres culturas.
  - A arte gótica ata o século XIII.
  - A arte mudéjar.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, 9 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Xaneiro



Febreiro



## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Explicar a evolución histórica e artística de al-Ándalus entre 1031 e 1224.
2. Identificar as bases da consolidación e avance dos reinos cristiáns peninsulares.
3. Distinguir as diferenzas existentes no goberno e na administración dos reinos cristiáns.
4. Sacar conclusións sobre os modelos de repoboación do territorio.
5. Diferenciar as actividades económicas dos reinos cristiáns.
6. Construír interpretacións sobre a sociedade estamental e as formas de vida de cada estamento.
7. Formar redes conceptuais sobre a arte gótica peninsular e sobre a arte mudéjar.
8. Apreciar a singularidade histórica de Galicia entre os séculos XI e XIII.
9. Aprender a elaborar unha biografía histórica.
10. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares	CC
----------	-------------------------	------------	----



<ul style="list-style-type: none"> <li>- A decadencia política e territorial de al-Ándalus (1031-1224).</li> <li>- A evolución política.</li> <li>- A evolución artística.</li> </ul>	<p>1. Coñecer a evolución histórica e artística de al-Ándalus baixo as taifas, almorábides e almohades.</p>	<p>1.1. Relaciona acontecementos históricos coa súa cronoloxía correspondente.</p> <p>1.2. Responde cuestións mediante a observación e a análise de información gráfica.</p>	<p>CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consolidación e avance dos reinos cristiáns.</li> <li>- Castela e León.</li> <li>- Estados e reinos orientais.</li> <li>- Reino de Portugal.</li> </ul>	<p>2. Analizar a consolidación dos reinos cristiáns.</p>	<p>2.1. Responde cuestións mediante a observación e a análise de eixes cronolóxicos.</p> <p>2.2. Relaciona información relativa aos contidos da unidade.</p>	<p>CSC CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O goberno e a administración dos reinos cristiáns.</li> <li>- As monarquías.</li> <li>- As institucións.</li> <li>- A administración territorial e municipal.</li> </ul>	<p>3. Sinalar institucións de goberno e coñecer diferenzas entre reinos.</p>	<p>3.1. Explica as diferenzas entre as institucións de goberno dos distintos reinos.</p>	<p>CCL CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A repoboación do territorio conquistado.</li> <li>- Do concello.</li> <li>- Ordes militares.</li> <li>- Repartimentos.</li> </ul>	<p>4. Diferenciar e explicar a repoboación do concello, a das ordes militares e por repartimento.</p>	<p>4.1. Compara a repoboación levada a cabo nos distintos territorios.</p>	<p>CAA CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As actividades económicas dos reinos cristiáns.</li> <li>- As actividades agrarias.</li> <li>- As actividades</li> </ul>	<p>5. Apreciar diferenzas nas actividades económicas de Castela e da coroa de Aragón.</p>	<p>5.1. Compara as economías castelá e aragonesa.</p>	<p>CAA CD</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade estamental e as formas de vida.</li> <li>- Os estamentos privilexiados.</li> <li>- O estamento non privilexiado.</li> <li>- Xudeus, mudéxares, vagos e mendigos.</li> </ul>	<p>6. Diferenciar grupos sociais na sociedade estamental e describir as súas formas de vida.</p>	<p>6.1. Elabora unha pirámide social, describindo a función de cada estamento.</p> <p>6.2. Compara as formas de vida dos distintos estamentos sociais.</p>	<p>CAA CSC</p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A cultura e a arte dos reinos cristiáns.</li> <li>- A arte gótica.</li> <li>- A arte mudéxar.</li> </ul>	7. Coñecer e explicar os estilos gótico e mudéxar, e recoñecer edificios significativos.	7.1. Describe o gótico e o mudéxar a partir de exemplos significativos.	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Galicia na Plena Idade Media.</li> </ul>	8. Apreciar singularidades na evolución histórica de Galicia entre os	8.1. Explica a situación de Galicia na Plena Idade Media.	CAA CSYC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaborar unha biografía histórica.</li> </ul>	9. Elaborar con propiedade unha biografía histórica.	9.1. Elabora unha biografía seguindo os criterios adecuados	CCL CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.</li> </ul>	10. Progresar na aprendizaxe e aplicación das competencias básicas.	10.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL CAA CCEC CSC

## UNIDADE 7.

### Título

*A Baixa Idade Media. Crise e recuperación*

### Descrición da unidade

A Baixa Idade Media estuda, nos ámbitos europeo e peninsular, o período correspondente aos séculos XIV e XV. A unidade ábrese cunha presentación desta etapa, centrada na crise do século XIV, e na recuperación iniciada no século XV. A continuación, abórdase a evolución histórica deste período na península ibérica: primeiro en al-Ándalus, onde se explica a situación do reino de Granada e as súas principais manifestacións artísticas; e, posteriormente, a dos reinos cristiáns peninsulares, onde se analizan os trazos da súa situación política e económica. Por último, trátanse os conflitos sociais da época, detallando a situación dos xudeus e dos xudeus peninsulares; as manifestacións culturais; e os trazos da arte gótica tardía. A técnica de realización dun traballo de historia permite ampliar coñecementos e desenvolver competencias de busca e comunicación da información.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os **coñecementos** seguintes:

- A Baixa Idade Media en Europa.
- A Baixa Idade Media en al-Ándalus. O reino nazarí.
- A Baixa Idade Media nos reinos cristiáns (I). Política.
- A Baixa Idade Media nos reinos cristiáns (II). Economía.
- A sociedade e os seus conflitos.
- Os xudeus e xudeus peninsulares.
- A cultura e a arte.
- Galicia na Baixa Idade Media.
- Participar na aprendizaxe. O traballo de historia.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A Baixa Idade Media en Europa:
  - A crise do século XIV e as súas consecuencias.
  - A recuperación do século XV.
2. A Baixa Idade Media en al-Ándalus:
  - O reino de Granada.
  - A arte nazarí.
3. A Baixa Idade Media nos reinos cristiáns:
  - Política e expansión territorial.
  - Tensións sociais.
  - Arte.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de dúas semanas, é dicir, 6 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Febreiro



## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Explicar a evolución de Europa na Baixa Idade Media.
2. Formar redes conceptuais sobre o reino nazarí de Granada.
3. Identificar a evolución política dos reinos cristiáns na Baixa Idade Media.
4. Analizar a evolución económica dos reinos cristiáns.
5. Formar redes conceptuais sobre a sociedade cristiá e os seus conflitos, no campo e na cidade.
6. Identificar os trazos diferenciais do xudaísmo no península ibérica.
7. Desenvolver a curiosidade por coñecer a cultura e a arte cristiá da época.
8. Aprender a realizar un traballo de historia.
9. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Baixa Idade Media en Europa.</li> <li>- Crise do século XIV e consecuencias.</li> <li>- Recuperación do</li> </ul>	1. Explicar os trazos esenciais da evolución histórica de Europa nos séculos XIV e XV.	1.1. Identifica e relaciona causas e consecuencias da crise baixomedieval de Europa.	CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Baixa Idade Media en al-Ándalus. O reino nazarí.</li> <li>- O reino de Granada.</li> <li>- A arte nazarí.</li> </ul>	2. Coñecer a evolución histórica do reino nazarí e comentar as súas principais manifestacións artísticas.	2.1. Expón os trazos esenciais da evolución do reino de Granada. 2.2. Identifica a riqueza artística da Alhambra e as súas diferentes manifestacións.	CAA CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Baixa Idade Media nos reinos cristiáns (I). Política.</li> <li>- As tensións políticas.</li> <li>- A expansión</li> </ul>	3. Recoñecer as tensións políticas e a expansión territorial das coroas de Castela e Aragón neste período.	3.1. Explica as tensións políticas internas dos reinos. 3.2. Localiza a expansión territorial das coroas castelá e aragonesa.	CCL CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Baixa Idade Media nos reinos cristiáns (II). Economía.</li> <li>- Os problemas agrarios e artesanais.</li> <li>- A importancia do comercio.</li> </ul>	4. Sinalar os principais trazos da evolución económica dos reinos cristiáns.	4.1. Explica a evolución económica baixomedieval na península ibérica.	CAA CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade e os seus conflitos.</li> <li>- Os estamentos sociais.</li> <li>- As tensións sociais.</li> </ul>	5. Coñecer e nomear grupos sociais e conflitos no campo e na cidade.	5.1. Identifica os conflitos sociais e os grupos que os protagonizan.	CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xudeus e os xudeus peninsulares.</li> </ul>	6. Explicar as características distintivas do xudaísmo	6.1. Sinala as peculiaridades dos xudeus e os xudeus	CD CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A cultura e a arte.</li> <li>- As manifestacións culturais.</li> <li>- A arquitectura gótica tardía.</li> <li>- A escultura e a pintura.</li> </ul>	7. Coñecer e explicar as manifestacións culturais e artísticas dos reinos cristiáns da época.	7.1. Identifica as manifestacións artísticas cristiás do período.	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participar na aprendizaxe. O traballo de historia.</li> </ul>	8. Elaborar de forma adecuada un traballo de historia.	8.1. Elabora con criterio científico un traballo historiográfico.	CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobar a progresión nalgúnhas</li> </ul>	9. Progresar na aprendizaxe e na	9.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL CMCT



competencias básicas.	aplicación das competencias básicas.		CAA CSC
-----------------------	--------------------------------------	--	------------

## UNIDADE 8.

### Título

*O medio físico e os bioclimas de España e de Galicia*

### Descrición da unidade

No curso anterior estudáronse de forma xeral os distintos fenómenos da xeografía física do noso planeta; agora, reducimos o espazo e aplicamos os conceptos aprendidos ao seu estudo en España, nación situada na península ibérica, a máis occidental e maciza das tres penínsulas que ten o mar Mediterráneo, e que se proxecta cara ao océano Atlántico. Estudaremos, pois, as súas montañas e veremos a súa disposición arredor dunha gran meseta central, o que fixo comparala cun castelo amurallado co seu gran patio central. A península ibérica é case unha illa, ten unha grande extensión de costas, mediterráneas e atlánticas, interrompidas unicamente polo istmo montañoso dos Pireneos, que a une ao continente europeo; pola contra, o estreito de Xibraltar sepáraa de África. Estudaremos a variedade do seu clima e a súa correspondente vexetación. Tamén veremos os seus ríos principais e afluentes, as súas augas interiores, lagos, lagoas e humidais. Dentro do territorio estatal, tamén estudaremos as illas de dous arquipélagos: Baleares no Mediterráneo e Canarias no océano Atlántico, mirando a África. Ademais, centrarémonos nas peculiaridades de Galicia en todos os aspectos sinalados: o clima, o relevo, a vexetación e as paisaxes de Galicia.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os **coñecementos** seguintes:

- A situación e o relevo de España.
- As augas de España.
- A situación e o medio físico de Galicia.
- Os climas e a vexetación de España.
- Os conxuntos bioclimáticos de España.
- Informe gráfico: riscos naturais, problemas medioambientais e espazos protexidos.
- Os climas, a vexetación e as paisaxes de Galicia.
- Técnica. Os gráficos xeográficos: o climograma.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** elixíronse os seguintes contidos:

1. A situación e o relevo de España:
  - Situación e límites xeográficos.
  - O relevo de España.
2. As augas en España.
3. Os climas, a vexetación e os bioclimas de España:
  - Os climas e a vexetación.
  - Os conxuntos bioclimáticos.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de dúas semanas, é dicir, 6 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Marzo





## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer, identificar e localizar en mapas as principais unidades do relevo de España.
2. Identificar as características das augas de España.
3. Coñecer a situación e o medio físico de Galicia.
4. Identificar os climas e a vexetación de España.
5. Identificar e localizar os bioclimas e as paisaxes naturais de España.
6. Comprender a importancia dos riscos naturais e a importancia da conservación medioambiental.
7. Coñecer os climas, a vexetación e as paisaxes de Galicia.
8. Promover o desenvolvemento de técnicas xeográficas básicas, como a análise de gráficos xeográficos como, por exemplo, os climogramas.
9. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3\_ CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
----------	-------------------------	-------------------------------------	----

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situación e relevo de España.</li> <li>- Situación e límites xeográficos.</li> <li>- O relevo e as costas peninsulares e de Canarias e Baleares.</li> </ul>	<p>1. Describir as peculiaridades do relevo español e situar nun mapa de España as súas principais unidades.</p>	<p>1.1. Explica as peculiaridades do relevo español e localiza nun mapa de España as súas principais unidades.</p>	<p>CMC T</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As augas en España.</li> <li>- As augas mariñas.</li> <li>- As augas continentais.</li> <li style="padding-left: 20px;">Glaciares e ríos.</li> <li>- As augas continentais.</li> </ul>	<p>2. Identificar as características das augas en España e localizar en mapas vertentes hidrográficas e ríos españois.</p>	<p>2.1. Coñece as características das augas de España e sitúa nun mapa as vertentes hidrográficas e os ríos españois.</p>	<p>CMC T</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situación e medio físico de Galicia.</li> <li>- Límites, situación e extensión.</li> <li>- O relevo.</li> <li>- A costa.</li> </ul>	<p>3. Coñecer os límites, a situación e as principais unidades de relevo de Galicia.</p>	<p>3.1. Coñece a situación e a extensión xeográfica de Galicia, e as súas principais unidades de relevo.</p>	<p>CMC T</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os climas e a vexetación de España.</li> <li>- Elementos e factores do clima.</li> <li>- Os climas e a vexetación.</li> </ul>	<p>4. Coñecer, describir e localizar os climas e a vexetación de España.</p>	<p>4.1. Sabe, explica e sitúa os climas e a vexetación de España.</p>	<p>CMC T CSIE E</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os conxuntos bioclimáticos de España.</li> <li>- O bioclima oceánico.</li> <li>- O bioclima mediterráneo.</li> <li>- O bioclima subtropical.</li> <li>- O bioclima de</li> </ul>	<p>5. Coñecer, describir e situar no mapa de España os grandes conxuntos bioclimáticos.</p>	<p>5.1. Sabe, explica e localiza no mapa de España os grandes conxuntos bioclimáticos.</p>	<p>CMC T CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Riscos naturais e espazos protexidos.</li> </ul>	<p>6. Expresar os principais riscos naturais de España e localizar os seus espazos naturais protexidos.</p>	<p>6.1. Relaciona os principais riscos naturais de España, e sitúa os seus espazos naturais</p>	<p>CD CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clima, vexetación e paisaxes de Galicia.</li> </ul>	<p>7. Aprender sobre as principais características climáticas, vexetais e paisaxísticas de Galicia.</p>	<p>7.1. Aprende as variantes climáticas vexetais e paisaxísticas de Galicia.</p>	<p>CMC T CSIE E</p>

- Os gráficos xeográficos. O climograma.	8. Elaborar e comentar adecuadamente climogramas.	8.1. Elabora e comenta adecuadamente climogramas.	CMC T CSIE
- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.	9. Comprobar a progresión en competencias básicas.	9.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL CMC T

## UNIDADE 9.

### Título

*O espazo humano mundial*

### Descrición da unidade

Esta unidade dedícase ao estudo dos trazos xerais da poboación mundial. As fontes demográficas e os aspectos da distribución son o punto de partida. Os movementos naturais inciden nas diferenzas espaciais e nos factores explicativos da natalidade e da mortalidade no mundo; e nas conseguíntes variacións no crecemento natural ao longo do tempo e nos diferentes espazos xeográficos. Os trazos da composición demográfica por sexo e por idade diferencian as poboacións novas, maduras e envellecidas da Terra. Os movementos migratorios actuais estúdanse a nivel interno e internacional, con especial referencia ao papel da muller e ás consecuencias que ocasionan nos países emisores e receptores. Por último, trátase o futuro da poboación mundial e os seus problemas. A técnica de elaboración e comentario de pirámides de poboación resulta de grande interese para evidenciar as diferenzas na estrutura demográfica dos países.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os **coñecementos** seguintes:

- Distribución espacial da poboación mundial.
- Os movementos naturais da poboación.
- Crecemento natural e evolución da poboación mundial.
- A composición da poboación.
- Os movementos migratorios. As migracións interiores.
- Os movementos migratorios. As migracións exteriores.
- Consecuencias das migracións.
- O futuro da poboación mundial.
- Elaboración e comentario de pirámides de poboación.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A distribución espacial da poboación mundial:
  - A poboación mundial e a súa repartición desigual.
  - Os factores de distribución da poboación mundial.
2. Os movementos da poboación:
  - A poboación é dinámica.
  - A natalidade. Diferenzas espaciais e factores.
  - A mortalidade. Diferenzas espaciais e factores.
3. A composición da poboación:
  - A composición por sexo.
  - A composición por idade.
  - As pirámides de idades.
4. Os movementos migratorios:
  - Migracións, emigrantes e causas das migracións.
  - As migracións interiores.
  - As migracións internacionais actuais.
5. Consecuencias das migracións:
  - As áreas de orixe.
  - As áreas de destino.

**Temporalización:**

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, nove sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Marzo          Abril:

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Explicar a distribución da poboación e os seus factores.
2. Distinguir os movementos naturais da poboación, as súas diferenzas espaciais e factores explicativos.
3. Analizar a evolución do crecemento natural e da poboación mundial.
4. Coñecer a composición ou estrutura da poboación mundial e as pirámides de idades.
5. Identificar e clasificar os movementos migratorios e coñecer as migracións interiores.
6. Interpretar as actuais migracións internacionais de traballo e as políticas migratorias.
7. Estudar as consecuencias das migracións.
8. Mostrar a importancia do coñecemento do futuro da poboación.
9. Aprender a elaborar e comentar pirámides de poboación.
10. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Distribución espacial da poboación mundial.</li> <li>- A poboación e as fontes demográficas.</li> <li>- A repartición desigual da poboación.</li> <li>- Os factores de distribución.</li> </ul>	1. Coñecer a distribución da poboación no planeta e os factores que a explican.	1.1. Distingue diferentes áreas demográficas.	CAA CSC
		1.2. Identifica os factores influentes na demografía.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os movementos naturais da poboación.</li> <li>- Natalidade.</li> <li>- Mortalidade.</li> </ul>	2. Identificar os movementos naturais da poboación, utilizar taxas demográficas e explicar as súas diferenzas espaciais.	2.1. Coñece os movementos naturais da poboación e a súa formulación estatística.	CMC T CSC
		2.2. Relaciona as taxas demográficas e as súas realidades	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crecemento natural e evolución da poboación mundial.</li> <li>- O crecemento natural.</li> <li>- A transición demográfica.</li> </ul>	3. Coñecer a evolución do crecemento natural da poboación e distinguir e diferenciar as súas	3.1. Explica a gráfica da transición demográfica.	CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A composición da poboación.</li> <li>- Por sexo.</li> <li>- Por idade.</li> <li>- As pirámides por idades.</li> </ul>	4. Distinguir a composición por sexo, idade e os tipos de pirámides de idades.	4.1. Identifica a información esencial dunha pirámide de poboación.	CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os movementos migratorios. As migracións interiores.</li> <li>- Migracións e emigrantes.</li> <li>- Causas das migracións.</li> <li>- Migracións interiores.</li> </ul>	5. Coñecer os movementos migratorios, os seus tipos e as súas causas, e aplicar este coñecemento ás migracións interiores.	5.1. Distingue os diversos tipos de movementos migratorios.	CMC T CAA
		5.2. Relaciona movementos migratorios e causas.	
		5.3. Analiza as	





		migracións interiores.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os movementos migratorios. As migracións exteriores.</li> <li>- Migracións internacionais.</li> <li>- Políticas migratorias.</li> </ul>	6.1. Identificar os principais tipos de migracións actuais e as políticas migratorias internacionais.	6.1. Analiza as migracións internacionais.	CCL CMC T CD
		6.2. Identifica a problemática asociada ás migracións internacionais.	
- A migración internacional feminina.	6.2. Asimilar a actual feminización da migración internacional.	6.3. Identifica as singularidades da migración feminina.	CSIE E
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consecuencias das migracións.</li> <li>- Área de orixe.</li> <li>- Áreas de destino.</li> <li>- A cooperación internacional.</li> </ul>	7. Identificar as principais consecuencias das migracións internacionais.	7.1. Identifica consecuencias das migracións internacionais.	CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O futuro da poboación mundial.</li> <li>- Poboación e fertilidade.</li> <li>- Esperanza de vida e envellecemento.</li> <li>- Migracións e cidades.</li> </ul>	8. Comprender a importancia das proxeccións demográficas.	8.1. Extrae conclusións de proxeccións demográficas.	CCL
- A técnica das pirámides de poboación.	9. Elaborar e comentar correctamente pirámides de poboación.	9.1. Elabora pirámides de poboación.	CMC T CD CSC
		9.2. Comenta pirámides de poboación.	
- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.	10. Progresar na aprendizaxe e aplicación das competencias básicas.	10.1. Desenvolve competencias básicas.	CMC T CD CAA CSC

## UNIDADE 10.

### Título

*O espazo humano en Europa, España e Galicia*

### Descrición da unidade

Nesta unidade estúdase a poboación no espazo europeo, español e galego. En primeiro lugar, analízanse a distribución; o movemento natural; os movementos migratorios pasados e presentes; o crecemento e a estrutura da poboación europea e española; a poboación galega; e un informe sobre as políticas demográficas relativas á natalidade, á inmigración e sobre o envellecemento. A unidade péchase coa técnica dedicada a traballar con mapas, que proporciona especialmente unha información útil para a elaboración, a análise e a interpretación de mapas temáticos.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os **coñecementos** seguintes:

- A distribución da poboación europea, española e galega.
- O movemento natural en Europa, en España e en Galicia.
- Os movementos migratorios en Europa.
- Os movementos migratorios en España.
- Os movementos migratorios en Galicia.
- O crecemento da poboación europea, española e galega.
- A composición ou estrutura da poboación en Europa, España e Galicia.
- Traballar con mapas. Os mapas temáticos.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A distribución da poboación:
  - A desigual repartición da poboación europea.
  - A poboación española. Concentración e despoboamento.
2. Os movementos da poboación europea e española:
  - O movemento natural de Europa e España.
  - Os movementos migratorios en Europa e España.
3. A composición da poboación:
  - A estrutura biolóxica.
  - A estrutura económica.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, 9 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Abril          Maio

## **2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Analizar a distribución da poboación europea, española e galega.
2. Diferenciar o movemento natural de Europa, España e Galicia.
3. Clasificar os movementos migratorios en Europa.
4. Mostrar a importancia dos movementos migratorios en España e Galicia.
5. Distinguir o crecemento da poboación europea, española e galega.
6. Explicar a estrutura da poboación en Europa, España e Galicia.
7. Aprender a traballar con mapas temáticos.
8. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A distribución da poboación europea e española.</li> <li>- A repartición da poboación europea.</li> <li>- A poboación española.</li> <li>- A poboación galega.</li> </ul>	1. Explicar a distribución da poboación europea, española e galega, e localizar nun mapa áreas de alta e baixa densidade.	1.1. Localiza nun mapa as densidades de poboación máis significativas e explícaas.	CMC T CD
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O movemento natural en Europa, en España e en Galicia.</li> </ul>	2. Distinguir semellanzas e diferenzas nos movementos naturais de Europa, España e Galicia.	2.1. Compara a evolución da poboación en España, Galicia e Europa.	CMC T
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os movementos migratorios en Europa.</li> <li>- As migracións tradicionais.</li> <li>- As migracións recentes.</li> </ul>	3. Explicar a evolución das migracións europeas e o impacto das migracións recentes.	3.1. Analiza e expón os trazos esenciais das migracións en Europa.	CCL CMC T CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os movementos migratorios en España.</li> <li>- A emigración española.</li> <li>- A inmigración de estranxeiros.</li> </ul>	4. Explicar con propiedade a emigración e a inmigración en España.	4.1. Explica a evolución histórica da emigración española.	CCL CAA
		4.2. Expón os datos esenciais da inmigración en España.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os movementos migratorios en Galicia.</li> </ul>	5. Explicar con propiedade a emigración interior e exterior en	5.1 Explica a evolución histórica da emigración galega.	CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O crecemento da poboación europea e española.</li> </ul>	6. Diferenciar a evolución da poboación europea e	6.1. Diferencia etapas na evolución da poboación de	CMC T CAA

	española.	Europa.	
- A composición ou estrutura da poboación en Europa, España e Galicia.	7. Diferenciar a estrutura biolóxica e económica da poboación europea, española e galega.	7.1. Analiza a estrutura biolóxica da poboación.	CMC T CAA
		7.2. Analiza a estrutura económica da poboación.	
- Os mapas temáticos.	8. Diferenciar e comentar mapas temáticos.	8.1. Comenta mapas temáticos.	CCL CMC T CD
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.	9. Progresar na aprendizaxe das competencias básicas.	9.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL CMC T CAA CSIF

## UNIDADE 11.

### Título

*Un mundo de cidades*

### Descrición da unidade

Esta unidade estuda o espazo urbano mundial. Iníciase aclarando o concepto de cidade e mostrando as distintas etapas do crecemento urbano coas súas diferenzas espaciais. A continuación, analízanse as grandes áreas urbanas do planeta e o papel dinamizador das megacidades; a morfoloxía urbana; as diferentes estruturas que mostran as cidades norteamericanas, latinoamericanas e africanas; a xerarquía urbana mundial, destacando o papel que desempeñan as cidades globais; os problemas urbanos actuais derivados do crecemento, a exclusión social e as alteracións medioambientais, e a análise da cidade como un ecosistema complexo. A técnica da unidade sobre os planos urbanos e os mapas mentais facilita o estudo sistemático da morfoloxía e a estrutura urbana, e permite aplicalo a cidades do contorno.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os **coñecementos** seguintes:

- Cidade e urbanización.
- As grandes áreas urbanas no mundo actual.
- A morfoloxía urbana.
- A estrutura urbana.
- As estruturas urbanas no mundo.
- A xerarquía urbana mundial.
- Os problemas actuais das cidades.
- A cidade como ecosistema.
- Planos urbanos e mapas mentais.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. Cidade e urbanización:
  - O concepto de cidade. As diferenzas da taxa de urbanización.
  - As aglomeracións urbanas.
2. A morfoloxía e as estruturas urbanas:
  - A morfoloxía urbana. O plano.
  - As estruturas urbanas no mundo.
3. Os problemas actuais das cidades:
  - Os problemas do crecemento urbano.
  - Os problemas sociais das cidades.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, 9 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Maio



## **2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Coñecer o concepto de cidade e as fases de desenvolvemento da urbanización mundial e as súas diferenzas.
2. Diferenciar as grandes áreas urbanas no mundo actual.
3. Identificar os compoñentes da morfoloxía urbana.
4. Diferenciar a configuración interna das cidades.
5. Analizar diferenzas entre estruturas urbanas no mundo.
6. Diferenciar os compoñentes da xerarquía urbana mundial.
7. Categorizar os problemas actuais das cidades.
8. Sacar conclusións sobre o funcionamento da cidade como un ecosistema.
9. Aprender a comentar planos urbanos e a realizar mapas mentais.
10. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cidade e urbanización.</li> <li>- O crecemento das cidades.</li> <li>- A taxa de urbanización.</li> </ul>	1. Coñecer o concepto de cidade e explicar o crecemento das cidades e as diferentes taxas de urbanización.	1.1. Manexa criterios para definir unha cidade.	CCL CMCT
		1.2. Explica con taxas o crecemento da poboación urbana.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As grandes áreas urbanas no mundo actual.</li> </ul>	2. Recoñecer as grandes áreas urbanas actuais e o seu papel diferenciadas.	2.1. Localiza nun atlas as principais áreas urbanas e explícaa.	CCL CMCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A morfoloxía urbana.</li> <li>- Localización e plano urbano.</li> <li>- Edificación e uso do solo.</li> </ul>	3. Identificar localizacións e tipos de planos urbanos, e distinguir a edificación.	3.1. Realiza un esquema sobre os elementos da morfoloxía urbana.	CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A estrutura urbana</li> </ul>	4. Coñecer as diferentes áreas nas que se dividen as cidades.	4.1. Recoñece como se configuran a maior parte das cidades na actualidade.	CCL CMCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As estruturas urbanas no mundo.</li> </ul>	5. Coñecer e diferenciar as estruturas urbanas das cidades norteamericanas, latinoamericanas e africanas.	5.1. Compara nun cadro as cidades norteamericanas, latinoamericanas e africanas.	CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A xerarquía urbana mundial.</li> <li>- Redes urbanas.</li> <li>- Cidades globais.</li> </ul>	6. Diferenciar os compoñentes da rede urbana mundial.	6.1. Define os conceptos esenciais da rede urbana mundial.	CCL
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os problemas actuais das cidades.</li> <li>- Inconvenientes do crecemento urbano.</li> <li>- Problemas sociais e medioambientais.</li> </ul>	7. Diferenciar os inconvenientes do crecemento urbano en distintas áreas da Terra e os problemas sociais que leva consigo este crecemento.	7.1. Recoñece os problemas urbanos en distintos contextos e explícaa.	CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A cidade como ecosistema.</li> </ul>	8. Coñecer o funcionamento do ecosistema urbano.	8.1. Analiza o funcionamento do ecosistema urbano.	CMCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planos urbanos e mapas mentais.</li> </ul>	9. Comentar planos urbanos e realizar mapas mentais.	9.1. Realiza un mapa mental e explícao.	CCL CMCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.</li> </ul>	10. Progresar na aprendizaxe e aplicación das	10.1. Desenvolve competencias básicas.	CCL CMCT





	competencias básicas.		CD CAA CSC
--	-----------------------	--	------------------

## UNIDADE 12.

### Título

*As cidades en Europa, España e Galicia*

### Descrición da unidade

Esta unidade concreta o estudo das cidades nos espazos europeo, español e galego. Co fin de evitar tediosas reiteracións, a unidade organizouse en diferentes epígrafes nos que se analizan globalmente os trazos comúns das cidades de Europa e España, e se precisan unicamente as diferenzas existentes. Trátanse así o poboamento rural e urbano; as etapas do proceso de urbanización preindustrial, industrial e postindustrial; as características e os tipos de cidades españolas, galegas e europeas; as partes da estrutura urbana centro urbano e periferia suburbana e rururbana; a xerarquía urbana coas diferentes categorías de cidades en Europa e España; e as particularidades das cidades de Galicia.. A técnica da unidade, sobre a realización dunha enquisa urbana, permite coñecer numerosos trazos das cidades utilizando fontes de información primarias.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os **coñecementos** seguintes:

- Os poboamentos rural e urbano.
- O proceso de urbanización. A etapa preindustrial.
- O proceso de urbanización. A etapa contemporánea.
- As características do poboamento urbano. Os tipos de cidades.
- A estrutura da cidade. O centro urbano.
- A estrutura da cidade. A periferia urbana.
- A xerarquía urbana.
- As cidades de Galicia.
- Realizar unha enquisa urbana.
- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.

Para a **Adaptación curricular** seleccionáronse os seguintes contidos:

1. Os poboamentos rural e urbano:
  - O poboamento rural.
  - O poboamento urbano.
2. Proceso de urbanización e tipos de cidades:
  - As etapas preindustrial e contemporánea.
  - Os tipos de cidades.
3. A estrutura da cidade:
  - O centro urbano.
  - A periferia urbana.

### Temporalización:

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, 9 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Xuño



## **2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

1. Diferenciar os poboamentos rural e urbano en Europa e España.
2. Comprender o proceso de urbanización na etapa preindustrial.
3. Comprender o proceso de urbanización na etapa contemporánea.
4. Identificar as características do poboamento urbano e os tipos de cidades.
5. Percibir a estrutura do centro urbano.
6. Percibir a estrutura da periferia urbana.
7. Identificar a xerarquía urbana das cidades de Europa e España.
8. Comprender a evolución e características das cidades de Galicia.
9. Aprender a realizar unha enquisa urbana.
10. Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
- Os poboamentos rural e urbano.	1. Resumir os elementos que diferencian o urbano e o rural en Europa	1.1. Analiza e clasifica localidades segundo sexan rurais e urbanos.	CAA
- O proceso de urbanización. A etapa preindustrial. - A Antigüidade. - A Idade Media. - A Idade Moderna.	2. Diferenciar as características do proceso de urbanización na etapa preindustrial.	2.1. Explica as distintas fases do desenvolvemento urbano europeo ata o Antigo Réxime.	CCL
- O proceso de urbanización. A etapa contemporánea. - A etapa industrial. - A etapa postindustrial.	3. Diferenciar as características do proceso de urbanización na etapa contemporánea.	3.1. Explica as novidades do proceso de urbanización industrial e postindustrial.	CMCT
- As características do poboamento urbano. Os tipos de cidades.	4. Comprender a distribución da urbanización e distinguir os diversos tipos de cidades existentes en Europa e en España.	4.1. Analiza e caracteriza as cidades europeas e españolas.	CMCT
- A estrutura da cidade.	5. Diferenciar e comprender a evolución e as partes da cidade en Europa e España ao longo da súa historia.	5.1. Analiza a estrutura da cidade preindustrial. 5.2. Explica as partes da 5.3. Explica as partes da periferia urbana e a cidade difusa na	CCL CMCT CAA CSC



<ul style="list-style-type: none"> <li>- A xerarquía urbana.</li> <li>- Metrópolis internacionais.</li> <li>- Metrópolis nacionais, rexionais e subrexionais.</li> <li>- Cidades medianas e pequenas.</li> </ul>	<p>6. Comprender e poñer exemplos da xerarquía urbana europea e española.</p>	<p>6.1. Sinala a xerarquía urbana de España e de Europa.</p>	<p>CMCT CAA</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As cidades de Galicia.</li> </ul>	<p>7. Analizar o poboamento, o proceso de urbanización e a estrutura das cidades en Galicia.</p>	<p>7.1. Analiza o poboamento, o proceso de urbanización e a estrutura e morfoloxía urbana de Galicia.</p>	<p>CCL CMCT</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización dunha enquisa urbana.</li> </ul>	<p>8. Comprender e aplicar o proceso de realización dunha</p>	<p>8.1. Concibe e aplica unha enquisa urbana.</p>	<p>CCL CSC</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobar a progresión nalgunhas competencias básicas.</li> </ul>	<p>9. Progresar na aprendizaxe e aplicación das competencias básicas.</p>	<p>9.1. Desenvolve competencias básicas.</p>	<p>CCL CMCT CSC</p>

## 6\_ Concrecións metodolóxicas que require a materia.

O obxectivo do ensino das ciencias sociais no segundo curso da ESO é por enriba de todo o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo como ferramenta indispensable para coñecer o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que lles deu tamén teñen cabida neste materia.

A metodoloxía a empregar na nosa materia tal como sinala Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.

Esta materia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

- § Fomentar a curiosidade natural do alumnado.
- § Utilizar atlas e mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos. § Fomentar a valoración crítica da conquista.
- § Utilizar internet como fonte de información.
- § Utilizar textos históricos e literarios da época ilustrativos do pensamento da época.
- § Utilizar o atlas e os mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos.
- § Utilizar internet como fonte iconográfica.
- § Facerlle comprender ao alumnado que forman parte da actividade económica. § Aproveitar as situación da vida cotiá para concienciar da desigualdade no consumo de recursos.
- § Utilizar a televisión e a prensa e os indicadores económicos que nesta aparecen, para poñer exemplos de economías recentes e próximos aos estudantes.



- § Poñer exemplos cotiáns da globalización económica actual: marcas, tendencias, gustos, forma de vestir, Internet,...
- § Resaltar os contidos esenciais das actividades agrarias.
- § Insistir na diferenza existente entre espazo agrario e espazo rural.
- § Incidir na dicotomía existente entre os factores físicos e humanos das actividades agrarias, utilizando as fotografías e as imaxes que acompañan o texto explicativo.
- § Facer listas con pares de conceptos: regulares/irregulares; abertas/pechadas; monocultivo/policultivo; secaño/regadío; etc.
- § Explorar didácticamente a oposición entre paisaxes agrarias tradicionais e evolucionadas, marcando o acento na distribución xeográfica, a extensión no espazo, a relación co medio físico e os distintos modelos existentes de cada paisaxe.
- § Explicar con detemento o proceso de explotación dos minerais.
- § Insistir en clasificación entre fontes de enerxías limpas e sucias, e no uso desmedido actual de enerxías non renovables e contaminantes
- § Diferenciar con claridade a orixe das distintas enerxías, os seus usos, problemas e inconvenientes.
- § Concienciar os estudantes da necesidade de aforrar enerxía.
- § Utilizar imaxes para comparar tipos de localizacións industriais, e poner exemplos representativos de cada localización.
- § Comentar cos estudantes noticias de prensa relacionadas cos países industriais actuais: China, novos países industriais, etc.
- § Insistir nas clásicas divisións de comercio por xunto e polo miúdo, interior e exterior.
- § Precisar as distintas formas actuais de comercio por xunto, poñendo exemplos concretos coñecidos polos estudantes.
- § Poñer acento nas vantaxes e inconvenientes de cada medio ou sistema de transporte.
- § Poner exemplos coñecidos das enormes diferenzas existentes no acceso á información entre áreas e países da Terra.
- § Insistir nos aspectos ambientais do turismo, así como na necesidade de avanzar no desenvolvemento do turismo sostible.
- § Utilizar o atlas e os mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos.
- § Fomentar a curiosidade natural dos rapaces, aproveitándoa para motivalos cara ao coñecemento dos sectores económicos e os oficios.
- § Aproveitar o seu interese polas viaxes para afianzar coñecementos de xeografía § Fomentar o interese pola conservación ambiental.

- § Aproveitar a predisposición favorable do alumnado cara á conservación do medio para afondar e consolidar conceptos.
- § Buscar contraste de intereses para interiorizar as diferentes perspectivas e enfoques dun debate.
- § Utilizar o atlas para localizar os principais espazos xeográficos.
- § Estudo dos termos que se aplican con frecuencia aos países subdesenvolvidos, como terceiro mundo, sur, ou países pobres.
- § Localizar sobre a superficie terrestre o fenómeno xeográfico, aplicando así os principios xeográficos de localización e distribución.
- § Precisar os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Coñecemento e implicación no tema.
- § Debates entre estudantes.

## **7\_ Materiais e recursos didácticos.**

Os principais recursos didácticos para o uso da materia son os seguintes:

- § O libro de texto do alumnado (Editorial Anaya).
- § Apuntes do docente.
- § Caderno do alumno. (tipo DIN A 4)
- § Prensa local, rexional e nacional.
- § Material da biblioteca do centro e da aula. §  
Diccionarios históricos.
- § Cartografía, globo terráqueo, mapas do mundo. §  
Atlas e mapas conceptuais.
- § Aula de informática para o uso de recursos dixitais (atlas dixitais,  
Google Maps, páxinas web interactivas,...)

## 8\_Criterios de cualificación e promoción.

As ferramentas de avaliación para o curso **2021-2022** cos seus correspondentes porcentaxes de cualificación son:

<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	<b>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</b>
Probas de avaliación escritas	80%
Caderno do alumno/a e traballos, deberes, actitude e participación na aula	20%

Polo tanto, o resultado da avaliación será unha nota numérica sobre **10**, derivada das cualificacións obtidas nas distintas probas escritas (80%), no caderno do alumno/a e nos traballos individuais e colectivos (**20%**), xunto coa actitude e participación positiva na clase

É necesario unha cualificación mínima dun cinco (5) na avaliación, para ser aprobar a avaliación, sendo necesario unha media de 4,5/10 nas probas de avaliación escrita para facer media co resto de porcentaxes.

Despois de cada avaliación haberá unha **proba de recuperación** para o alumnado que non acade a nota mínima de cinco (5). É necesario obter como mínimo unha cualificación de cinco (5) para considerar a avaliación como recuperada. A recuperación da 3ª avaliación realizaranna aquel alumnado que teña aprobadas ou recuperadas cando menos unha das anteriores recuperacións.

**A nota final de curso** será a media aritmética das tres avaliacións, tendo cada una un peso do 33%.

**A proba extraordinaria de xuño** constará de una parte escrita que poderá incluír exercicios prácticos. É necesario acadar unha cualificación mínima dun cinco (5) para aprobar a materia.

Por último, deixar constancia que ante o constante absentismo escolar nas datas de exames, todos/as aqueles/as alumnos/as que non se presenten as distintas probas escritas u orais (exposicións de traballos), terán que xustificar legalmente (parte médico,...) a súa falta de asistencia na data na que se realizou dita proba, de non ser así, a cualificación será de suspenso. Tamén incidir en que aqueles alumnos/as que sexan intervidos copiando nun exame a súa cualificación será de suspenso, e se non presentan os traballos individuais ou en equipo obrigatorios e o caderno, debidamente elaborados segundo os criterios establecidos e nos prazos indicados pola profesora, non se puntuarán.

**O portfolio** é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na **recollida de evidencias** da evolución da cada alumno e alumna. Cada evidencia debe recoller unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora personal. O portfolio pode ser en formato papel ou dixital.

As **evidencias** que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Ø Probas escritas por competencias de avaliación.
- Ø Autoevaluación do propio alumnado.
- Ø Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos en base ás actividades do libro.
- Ø Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Ø Problemas con resolución a base de razoamento lóxico.

## 9\_ Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao profesorado avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
<i>Temporalización da unidade didáctica</i>			
<i>Desenvolvemento dos obxectivos didácticos</i>			
<i>Manexo dos contidos da unidade</i>			
<i>Flexibilidade nas necesidades e intereses</i>			
<i>Actividades con planes de traballo metodolóxicos</i>			
<i>Tarefas diversas que faovereron a adquisición de competencias clave</i>			
<i>Estratexias metodolóxicas de aprendizaxe seleccionadas</i>			
<i>Recursos variados</i>			

<b><i>Claridade nos criterios de avaliación</i></b>			
<b><i>Uso de diversas ferramentas de avaliación</i></b>			
<b><i>Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe</i></b>			
<b><i>Atención á diversidade</i></b>			
<b><i>Interdisciplinariade</i></b>			
<b><i>Ambiente de traballo</i></b>			
<b><i>Actividades inividuais</i></b>			
<b><i>Actividades grupais</i></b>			

## **10\_Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Este curso non hai materias pendentes

Ao comenzo de curso entregarase a cada alumna/o coa asignatura pendente un *caderno de actividades de reforzo* para ser realizadas pola súa conta.

A cualificación dos/as alumnos/as pendentes farase tendo en conta os seguintes criterios:

- § *Alumnado que non entrega o caderno de actividades de reforzo*: pola nota acadada no exame de recuperación da asignatura pendente, sendo necesario a obtención dunha cualificación mínima dun cinco (5) para aprobar a asignatura. § *Alumnado que entrega o caderno de actividades de reforzo*: pola participación e presentación dos cadernos entregados con exercicios de repaso, así como pola súa actitude en xeral con respecto á materia.



## **11\_Diseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consencuencia dos seus resultados.**

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### ***Necesidades individuais***

Derivada da **avaliación inicial**, esta facilítanos o coñecemento acerca do grupo como, o que vai ser fundamental para:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

### **Necesidades colectivas**

Como medidas para a inclusión e atención á diversidade:

#### **∅ Para todos os alumnos e alumnas:**

- Actividades de reforzamento da unidade didáctica.
- Follas de mapas conceptuais incompletos.
- Actividades de apoio e ampliación.

#### **∅ Para algún alumnos e alumnas:**

- Tarefas de adaptación curricular.
- Actividades de ampliación da unidade didáctica.

## 12\_Medidas de atención á diversidade.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece os principios e fins do sistema educativo; entre os que destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a **educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado**; a orientación educativa e profesional do estudantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

Asemade, establécese que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Neste ámbito, o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala como o gran obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades

intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

Por tanto, aprender e ensinar a recoñecer, valorar e respectar as diferenzas, e comprender o concepto de diversidade no seu sentido máis amplo loitando contra múltiples barreiras como as sociais, as físicas, as sensoriais, as cognitivas, as estruturais, as comunicativas ou as curriculares, e con elo entender que a diversidade é unha oportunidade para construír a convivencia e desenvolvemento persoal do alumnado, e loitar para a eliminación de ditas barreiras.

**A atención á diversidade pon en valor a personalización do proceso de ensino aprendizaxe**, que deberá adaptarse ás distintas realidades do alumnado, considerando as súas potencialidades, o seu desenvolvemento, os seus distintos ritmos, os seus estilos e as distintas formas de aprender que ten cada alumno/a.

Para iso, as actuacións encamiñadas a romper barreiras serán:

- Aplicar metodoloxías e estratexias de ensino-aprendizaxe flexibles, participativas, activas, creativas, de equidade e que favorezan as relación interpersoais e o respecto mutuo.
- Organizar aulas accesibles para a aprendizaxe e a convivencia da diversidade do alumnado.
- Dispoñer de materias diversos que atendan a diversidade na aula e facilitan a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado
- Aproveitar as múltiples posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación
- Propiciar situación de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumnado, en lugar de partir das súas dificultades.
- Interactuar co alumnado estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, favorecendo a interrelación entre o alumnado e os apoios naturais entre iguais.

Tendo en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, intentarase proporcionar ao alumnado que o precise distintas tarefas con distintos niveis de profundidade e complexidade, tal como ven reflectido no desenvolvemento das unidades didácticas.

En relación ás orientacións sobre a **avaliación deste alumnado**, dita avaliación deberá permitírnos valorar aspectos tales como as axudas e os apoios prestados, os recursos utilizados, a adecuación metodolóxica, de maneira que non se centre unicamente en resultados finais senón que teña en conta a valoración dos distintos

factores que poden incidir neste proceso, dos procesos seguidos e das aprendizaxes e competencias acadadas, e debe contar cos recursos e co tempo que necesiten.

Prestarase especial atención á **avaliación inicial**, antes comentada, para determinar o nivel de competencia de cada alumno/a, como punto de partida para a elaboración dunha programación de aula que ten en conta distintos niveis de desempeño.

Así, personalizaremos a avaliación adaptándoa ás peculiaridades do alumnado e asegurando a concordancia coa metodoloxía de aprendizaxe. A avaliación farase en función dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Procurarase avaliar en positivo, resaltando aquilo que o alumno/a é capaz de facer ou foi adquirindo.

A avaliación ten como finalidade comprobar se se acadaron as aprendizaxes e informar do proceso seguido. Os instrumentos de avaliación deben encamiñarse a acadar esas dúas finalidade, adaptándose á realidade de cada un dos alumnos/as, para valorar os logros e progresos acadados nas aprendizaxes.

### **13\_Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

Os elementos transversais que trataremos na asignatura neste 3º curso da ESO son:

- § A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audivisual, as Tecnoloxías da Información (TIC), o emprendemento e a educación cívica e constitucional.
- § Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A isto se engade o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos así como os valores de liberdade; xustiza; igualdade; pluralismo político; a paz; a democracia; o respecto aos dereitos humanos; a igualdade de xénero; loita contra estereotipos que supoñan discriminación; loita contra comportamentos sexistas respecto ás persoas con discapacidade ou loita contra calquera tipo de violencia.

Tamén tratarase o desenvolvemento do espírito emprendedor, o fomento da igualdade de oportunidades, respecto ao emprendedor e empresario e ética empresarial.

Por último, trataremos a educación e seguridade vial, para promover comportamentos que melloren a convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

#### **14\_ Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento didáctico.**

Este curso o departamento de Xeografía e Historia non contempla a realización de actividades extraescolares debido á situación creada pola pandemia por COVID 19






## 15\_Contribución ao Plan Lector, ao Plan de Convivencia e ao Plan TIC.

### Contribución ao Plan lector.

Dende o Departamento de Xeografía e historia do IES valórase positivamente o “Plan de Fomento da lectura” e para acadar os seus obxectivos recomendarase unha serie de **lectura de libros** relacionadas coa materia e o acercamento á **prensa escrita tanto de ámbito nacional, rexional e local**, con temas relacionados coa materia e que teñan actualidade para poder interrelacionalos coa UD que se está desenvolvendo.

A idea e mellorar entre outras, a **comprensión lectora, a ortografía, a achega de información e fomentar espírito crítico**. Todos os libros recomendados están a disposición do alumnado na biblioteca no centro ou na propia biblioteca do departamento de ciencias sociais.

<b>LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS</b>	<b>1º TRIMESTRE</b>
Ti podes salvar o planeta (SM XERME)	

<b>LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS</b>	<b>2º TRIMESTRE</b>
El futuro será sostenible o no será (Mónica Luengo Montero)	

<b>LIBRO LECTURA RECOMENDADO</b>	<b>3º TRIMESTRE</b>

As actividades de lectura están suxeitas á situación creada pola pandemia de COVID 19

**Contribución ao Plan de convivencia.**

Tal como se sinalou no apartado de aspectos transversais, o desenvolvemento do espírito de convivencia é fundamental na nosa materia. Tal como sinalamos, é clave o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos así como os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, a igualdade de xénero, loita contra estereotipos que supoñan discriminación, loita contra comportamentos sexistas; respecto ás persoas con discapacidade ou loita contra calquera tipo de violencia.

**Contribución ao Plan TIC**

Tal como se sinala no apartado de materiais e recursos didácticos, a competencia dixital nesta etapa educativa é un elemento clave. Para iso, desenvolveremos ao longo de todo o currículo da materia o uso de aulas con equipos informáticos con conexión a Internet para manexar:

- § Atlas virtuais.
- § Páxinas interactivas.
- § Uso de Google Maps.
- § Enlaces a páxinas web en cada unidade didáctica á hora de realizar algunhas actividades do libro do alumno.

**16\_ Mecanismos de revisión, da avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

ITEMS VALORATIVOS PROGRAMACION 2º ESO	NECESÍTANSE INTRODUCIR MELHORAS IMPORTANTES (0)	MELLORABLE (1)	CORRECTO (2)	EXCELENTE (3)	TOTAL
1. Houbo coordinación docente na súa elaboración	Non se facilitou a coordinación docente por ningunha vía	Houbo coordinación docente pero non se implementou en todas as programacións	Houbo coordinación docente e implementouse por enriba do 80%	Houbo coordinación docente e implementouse na totalidade das programacións	
2. Acadáronse os obxectivos xerais da materia	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por debaixo do 50%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia entre un	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por enriba do 75%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por enriba do 90%	
3. Acadáronse os estándares de aprendizaxe	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por debaixo	Acadáronse os estándares de aprendizaxe entre un 50	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por riba dun	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por enriba	
4. Se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia e Plan	Non se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia	Se contribuíu ao Plan lector	Se contribuíu ao Plan lector e Plan de convivencia	Se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia e Plan	
5. Se traballaron as competencias	Non se traballaron as competencias clave	Se traballaron algunhas competencias clave	Se traballaron case todas as competencias clave	Se traballaron as competencias clave	
6. Usáronse correctamente os materiais e recursos	Non se usaron correctamente os materiais e recursos didácticos	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos pero en grado	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos en grado	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos	
7. Realizáronse todas as actividades extraescolares	Non se realizou ningunha das actividades extraescolares programadas	Realizouse só unha actividade extraescolar programada	Realizáronse dúas actividades extraescolares programadas	Realizáronse todas as actividades extraescolares programadas	
8. Se deu a coñecer os criterios de avaliación	Non se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso			Se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao	
9. Acadáronse os contidos incluídos no currículo	Non se acadaron os contidos incluídos no currículo	Acadáronse máis da metade pero menos do 75% dos contidos incluídos no	Acadáronse máis do 75% pero menos do 90% dos contidos incluídos no	Acadáronse os contidos incluídos no currículo por	
10. Se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se	Non se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se			Se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe	
11. Explicouse ao alumnado con materia pendente o modo	Non se explicou ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación			Explicouse ao alumnado con materia pendente o	

Posto que a puntuación máxima é de 33 puntos (11 items por 3 puntos cada un deles), enténdese que unha puntuación por debaixo dos 16 puntos esixirá unha revisión global da programación didáctica desta materia para o vindeiro curso.

Profesor :ALFONSO DÍAZ ANDRÉS e BEATRIZ SEOANE TARRÍO Setembro 2021

CCSS 2º ESO IES ILLA DE SAN SIMON-REDONDELA

**PROGRAMACIÓN**  
**CIENCIAS SOCIAIS 3º**  
**ESO**  
**CURSO 2021-2022**

## 1. Normativa.

A seguinte programación didáctica corresponde á materia de Ciencias Sociais no terceiro curso da ESO. A normativa a ter en conta para este nivel educativo é a seguinte:

- *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Contextualización da programación.

O IES Illa de San Simón é un dos catro centros educativos de carácter público que imparten o nivel de educación secundaria obligatoria (ESO) no concello de Redondela. Está situado na Avenida de Mendiño 28, na parroquia máis pequena do concello, Santiago de Redondela, que fai as veces de capital, e comenzou a súa andaina no curso 1999-2000.

O concello de Redondela, pertence á área metropolitana de Vigo tendo unha extensión de 51,9 kilómetros cadrados. No ano 2017, e cos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) contaba cunha poboación empadroada de

29.392 habitantes, sendo o cuarto municipio máis poblado da provincia, tras Vigo, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa. O término municipal está situado entre as dúas primeiras, e dista 13 km de Vigo e 20 de Pontevedra.

O alumnado é dende o punto de vista lingüístico, castelano falante, e procede das trece parroquias do concello, pero principalmente de Cesantes, O Viso, Ventosela, Reboreda e Santiago de Redondela.

A oferta educativa para o curso 2021-2022 consiste no primeiro e segundo ciclo da Educación Secundaria Obligatoria cos seguintes grupos:

- 1º ESO: 3 grupos e 1 grupo flexible
- 2º ESO: 3 grupos
- 3º ESO: 3 grupos e un grupo PMAR (Plan Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento)
- 4º ESO: 3 grupos.

### 3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribue a desenvolver nos alumnos e as alumnas as seguintes capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas relevantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e

incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- O) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permita a comunicación con outras linguas, en especial coas da comunidade lusófona

Por todo iso, as competencias a desenvolver dacordo á lexislación en vigor son:

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:**  
Utilizaremos ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Desenvolveráanse noções estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes e información, contraste de datos...
  - ✓ Coidado do ámbito ambiental e os seres vivos
  - ✓ Vida saudable
  - ✓ A ciencia no día a día
  - ✓ Manexo de elementos matemáticos
  - ✓ Razoamento lóxico e resolución de problemas.
  
- **Comunicación lingüística:** A través do coñecemento e uso correcto do vocabulario específico da materia, construción dun discurso preciso e expresandoo de xeito oral ou escrito e unha lectura comprensiva.



- ✓ Comprensión oral e escrita
- ✓ Expresión oral e escrita
- ✓ Normas de comunicación
- ✓ Comunicación noutras linguas

- **Comunicación dixital:** Traballando a información (obtención, tratamento, selección, análise,...) procedente de moitas diversas fontes (tradicionalis, audiovisuais e dixitais)...

- ✓ Tecnoloxías da información e da comunicación
- ✓ Comunicación audiovisual
- ✓ Utilización de ferramentas dixitais

- **Conciencia e expresións culturais:** Desenvolvemento dun espírito crítico e facilitar ao alumnado comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

- ✓ Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas.
- ✓ Expresión cultural e artística

- **Competencias sociais e cívicas:** Para comprender a cambiante realidade social ao longo dos tempos, vivindo en sociedades cada vez máis plurais e globalizadas, na que se convive con culturas diferentes.

- ✓ Educación cívica e constitucional
- ✓ Relación cos demais
- ✓ Comprensión social

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** Tratando de potenciar a capacidade

do alumando na toma de decisións que afectan a súa aprendizaxe, para transformas as súas ideas en acción.

- ✓ Autonomía persoal
- ✓ Liderado
- ✓ Creatividade
- ✓ Emprendemento

- **Aprender a aprender:** Para permitir ao alumnado que dispoña de habilidades ou estrexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida.

- ✓ Perfil de aprendiz
- ✓ Ferramentas para estimular o pensamento
- ✓ Planificación e avaliación da aprendizaxe.

#### 4. Obxectivos da area de Xeografía e Historia en 3º ESO.

Os obxectivos principais da área de Xeografía e Historia no 3º curso de ESO son:

1. Diferenciar os diversos sectores económicos europeos.
2. Coñecer as características dos diversos tipos de sistemas económicos.
3. Comprender a idea de “desenvolvemento sostible” e as súas implicacións.
4. Localizar e identificar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.
5. Identificar a distribución desigual das rexións industrializadas do mundo.
6. Comparar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario e extraer conclusións.
7. Identificar o papel de grandes cidades mundiais como dinamizadoras da economía da súa rexións.
8. Analizar gráficos onde se represente o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenveltos.
9. Relacionar áreas en conflito bélico no mundo con factores económicos e políticos.
10. Comprender o significado histórico da etapa do Renacemento en Europa. 11.

Relacionar a concepción de humanismo e o legado dos artistas científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.

12. Identificar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.

13. Coñecer os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.

14. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.

15. Coñecer as características das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.

16. Coñecer a vida e obra dalgúns autores da Idade Moderna.

17. Apreciar a importancia da arte barroca en Europa e en América

18. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado

## 5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Xeografía e Historia 3ºESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
b	B1.1 Localización. Latitude e lonxitude	B1.1 Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite	XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	CAA
e				CMCCT
f				CCL
g				CD
h				
			XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas	CAA
				CMCCT
				CD
	XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos	CAA		
		CMCCT		
		CCL		
		CD		
Bloque 2. O espazo humano				
a	B2.1 Organización política e territorial de España	B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas	CCL
b				CMCCT
e				CD
f				CAA
g				CSC
l				
h				

Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b	B2.2 Sectores de actividade económica	B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario e extraer conclusións	XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos	CCL
e				CMCCT
c				CD
f				CAA
g				CSC
h				
b	B2.3. Sectores económicos en Europa; en España e en Galicia	B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas	XHB 2.3.1 Diferencia os sectores económicos europeos	CCL
c				CMCCT
e				CAA
f				CSC
g				
h				
b	B2.4. Sistemas económicos do mundo	B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos	XHB 2.4.1 Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico	CCL
e				CSIEE
f				CCL
g				CAA
h				CSC
b	B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.	B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións	XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	CCL
c				CMCCT
e				CD
f				CAA
g				CSC
h				
l				
m				
ñ				

Xeografía e Historia 3ºESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
b	B2.6. Recursos e actividades agrarias	B2.6. localizar recursos agrarios e naturais no mapa mundial	XHB 2.6.1 Sitúa no mapa zonas cerealistas como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo	CD	
e			CMCCT		
f			XHB 2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais do mundo	CAA-CSIEE-CD-CMCFT	
g			XHB2.6.3. localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidores de enerxía do mundo	CAA	
h				CSIEE	
				CMCCT	
				XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas	CCL-CAACSEECMCCT
b	B2.7. Pesca: tipos y problemática	B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas	XHB2.7.1 Procura información sobre a explotación dos caladoiros de pesca usando recursos impresos e dixitais	CCL.	
c				CMCCT	
e				CD	
f				CAA	
g				CSC	
h				CSIEE	
m					
b	B2.8. Sector industrial.Rexións industrializadas do mundo.	B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.	XHB 2.8.1 Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.	CCL.	
e				CAA	
f				CSIEE	
g					
h					

Xeografía e Historia 3ºESO						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave		
b	B2.9. Actividades terciarias: transporte	B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno	XHB2.9.1. Traza sobre un mapa-mundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións	CD		
e				CAA		
f				CSC		
g				CSIEE		
h						
b	B2.10. Actividades terciarias: comercio	B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais	XHB 2.10.1 Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.	CAA		
e				CD		
f				CCL		
g				CMCCT		
h				CSIEE		
b	B2.11 Turismo	B2.11 Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica	XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	CAA		
e				CCL		
f				CCEC		
g				CSIEE		
h				CD		
PRO	RAMACIÓN CCSS 3º ESO		XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega	CAA		
				CCL		
				CCEC		
				CSIEE		
				CD		

<b>Xeografía e Historia 3ºESO</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
b	B2.12. Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa.	B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos	XHB2.12.1 Compara as características do consumo interior de países como Brasil e Francia	CAA
c				CCL
e				CSC
f				CSIEE
g				CD
h				CAA
m			CCL	
			CSIEE	
			CD	
			CAA	
			CMCCT	
			CSIEE	
			CD	
	CCL			
b	B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solución ao problema.	B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos	XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.	CAA
c				CSC
d				CSIEE
e				CCL
f				
g			CCL	
h			CAA	
			CSC	
	CSIEE			
<b>Bloque 3 . A historia</b>				
f	B3.1 Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través de historia.	B3.1.. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado" senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos ou inflúen eles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC
l				CAA
ñ				CCEC

Xeografía e Historia 3ºESO				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
h	B3.2. Fontes históricas	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas	CSC
l				CAA
ñ				
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC
				CAA
l	B3.3. Cambio e continuidade	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables,utilizando para iso as nocións básicas de sucesións, duración e simultaneidade.	CSC
ñ				CMCCT
			XHB3..3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC
				CMCCT
f	B3.4. Tempo histórico	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos	CSC
l				CMCCT
ñ				
h	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cadaépoca	CSC
l				CCL
ñ				
g	B3..6. A idade Moderna: concepto e datación.	B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa	XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento; Barroco; Absolutismo, etc).	CSC
l				CAA
f	B3.7. Renacemento e Humanismo: alcance posterior.	b3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.	XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos	CSC
g				CCEC
h				
l				CAA
n				CCL



Xeografía e Historia 3ºESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
I n ñ	B3.8 Arte renacentista e barroca	B3.8 Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América	XHB3.8.1 Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época	CSC
				CCEC
				CMCCT
				CCL
g l h n ñ	B3.9 Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII	B3.9 Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.	XHB3.9.1 Analiza obras ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	CSC
				CCEC
				CAA
				CCL
a c d g l	B3.10 estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.	B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.	XHB3.10.1. Distingue as características de reximenes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	CSC
				CAA
a c d g l	B3.11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia.	B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.	XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación con reinado dos Reis Católicos.	CSC
				CAA
f g h l m	B3.12. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.	B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	CSC
				CMCCT
				CAA
				CCL
			XHB3.12.2. Coñece os principais feitos de expansión de Aragón e de Castela polo mundo.	CSC
			XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e colonización de América.	CSC
				CAA
				CCL
g l	B3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerras	B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.	XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos"	CSC
				CAA

## **Organización e secuenciación de contidos e estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

Os contidos da área de Xeografía e Historia agrúpanse en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe farán que o alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permiten adquirir unha cultura social: os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu ámbito.

## **Contidos**

### **Bloque 2. O espazo humano.**

1. Organización política e territorial de España e Europa.
2. Sectores de actividade económica.
3. Sectores en Europa, en España e en Galicia.
4. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sostible.
5. Recursos naturais e actividades agrarias.
6. Pesca: tipos e problemática.
7. Sector industrial.
8. Actividades terciarias: transporte.
9. Actividades terciarias: comercio.
10. Actividades terciarias: turismo.
11. Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa.
12. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solución ao problema.

### **Bloque 3. Historia.**

## **A idade Moderna**

1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través de historia.
2. Fontes históricas.
3. Cambio e continuidade.
4. Tempo histórico.
5. Vocabulario histórico e artístico.
6. Idade moderna: concepto e datación.
7. Renacemento e Humanismo: influencia posterior.
8. Arte renacentista e barroca.
9. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII.
10. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.
11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia.
12. Descubrimentos xeográficos: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.
13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: Reforma, Contarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos.

## SECUENCIACIÓN E TEMPORIZACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS.

UNIDADES DIDÁCTICAS	SESIÓN S	TRIMESTR E
UD1_ O inicio da Idade Moderna. Os séculos XV e XVI.	18	1ºT
UD2_ O inicio da Idade Moderna en España, Galicia e América	18	1ºT
UD3_ O século XVII en Europa, España e Galicia	12	2ºT
UD4_ As actividade económicas e os espazos xeográficos	8	2ºT
UD5_ O sector primario. Os espazos agrarios	12	2ºT
UD6_ O sector secundario. Os espazos industriais	8	2ºT
UD7_ O sector terciario. Os espazos e as actividades	4	2ºT
UD8_ A organización e as actividades económicas en Europa	2	3ºT
UD9_ A organización e as actividades económicas en España e Galicia	5	3ºT
UD10_ Os recursos naturais e os impactos ambientais	3	3ºT
UD11_ Desigualdades socioeconómicas e conflitos mundiais	3	3ºT

## UNIDADES DIDÁCTICAS

<b>UD1_ O inicio da Idade Moderna. Os séculos XV e XVI.</b>	<b>Temporalización: 18 sesións</b>
<p style="text-align: center;"><b>Coñecementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>A idade moderna e os cambios dos séculos XV e XVI.</b></li><li>▪ <b>Os descubrimentos.</b></li><li>▪ <b>O nacemento do Estado Moderno.</b></li><li>▪ <b>Transformacións económicas e cambios sociais nos séculos XVI e XVI.</b></li><li>▪ <b>Cambios e conflitos relixiosos. A reforma e contrarreforma.</b></li><li>▪ <b>O humanismo.</b></li><li>▪ <b>O Renacemento e as súas características.</b></li><li>▪ <b>O Renacemento en Italia e fora de Italia</b></li></ul>	<p style="text-align: center;"><b>Obxectivos didácticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Coñecer as datas de inicio e final da Idade moderna e ter unha visión global dos cambios ocorridos durante os séculos XV e XVI.</b></li><li>▪ <b>Comprender a época dos descubrimentos.</b></li><li>▪ <b>Mostrar a importancia do nacemento do Estado Moderno.</b></li><li>▪ <b>Apreciar as transformacións demográficas, económicas e sociais nos séculos XV e XVI.</b></li><li>▪ <b>Identificar os cambios relixiosos en Europa no século XVI.</b></li><li>▪ <b>Recoñecer a importancia do Humanismo.</b></li><li>▪ <b>Formar redes conceptuais sobre a arte renacentista.</b></li><li>▪ <b>Comprender a importancia do tempo en historia e elaborar eixes cronolóxicos.</b></li><li>▪ <b>Promover o desenvolvemento de competencias básicas.</b></li></ul>
<p style="text-align: center;"><b>Adaptación curricular:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>A idade Moderna.</b></li><li>▪ <b>O nacemento do Estado moderno.</b></li><li>▪ <b>Cambios e conflitos relixiosos.</b></li><li>▪ <b>Humanismo e Renacemento.</b></li><li>▪ <b>O Renacemento artístico.</b></li><li>▪ <b>O Renacemento fora de Italia.</b></li></ul>	<p style="text-align: center;"><b>Tarefas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. <b>A idade moderna.</b></li><li>2. <b>Analizamos os descubrimentos xeográficos.</b></li><li>3. <b>Expoñemos o nacemento do Estado moderno.</b></li><li>4. <b>Aprendemos sobre as transformacións económicas e sociais.</b></li><li>5. <b>Aprendemos sobre a Reforma e Contrarreforma.</b></li><li>6. <b>Analizamos o Humanismo e as correntes humanistas.</b></li><li>7. <b>Analizamos o Renacemento en Italia e fora de Italia.</b></li></ol>

<p>UD2_O inicio da Idade Moderna en España, Galicia e América.</p>	<p>Temporalización: 18 sesións</p>
<p><b>Coñecementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>O reinado dos Reis Católicos.</b></li> <li>▪ <b>A monarquía hispánica.</b></li> <li>▪ <b>A política dos Austria.</b></li> <li>▪ <b>A conquista de América.</b></li> <li>▪ <b>A colonización e a organización de América.</b></li> <li>▪ <b>As consecuencias da conquista.</b></li> <li>▪ <b>Economía, sociedade e vida cotiá no século XVI.</b></li> <li>▪ <b>O Século de Ouro.</b></li> <li>▪ <b>A Idade Moderna en Galicia.</b></li> </ul>	<p><b>Obxectivos didácticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Analizar o reinado dos Reis Católicos e resaltar a súa importancia como inicio da Idade Moderna en España.</li> <li>▪ Interpretar a importancia histórica dos reinados de Carlos I e Felipe II.</li> <li>▪ Sacar conclusións sobre os procesos de conquista, colonización e organización de América.</li> <li>▪ Comprender a política, a economía, a sociedade e a vida cotiá na España do século XVI.</li> <li>▪ Formar redes conceptuais sobre o esplendor cultural e artístico do Século de Ouro.</li> <li>▪ Analizar o inicio da Idade Moderna en Galicia.</li> </ul>
<p><b>Adaptación curricular:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>O Reinado dos Reis Católicos.</b></li> <li>▪ <b>A Monarquía hispánica.</b></li> <li>▪ <b>Conquista, colonización e organización de América.</b></li> <li>▪ <b>O Século de Ouro.</b></li> </ul>	<p><b>Tarefas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Analizamos o reinado dos Reis Católicos.</li> <li>2. Analizamos a monarquía hispánica no século XVI.</li> <li>3. Analizamos a conquista de América.</li> <li>4. Analizamos a colonización hispanoamericana.</li> <li>5. Aprendemos sobre as transformacións económicas e sociais</li> <li>6. Coñecemos a vida cotiá no século XVI.</li> <li>7. Coñecemos o Século de Ouro.</li> </ol>

<p>UD3_O século XVII en Europa, España e Galicia.</p>	<p>Temporalización: 12 sesións</p>
<p><b>Coñecementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>O século XVII. Transformacións e conflitos.</b></li> <li>▪ <b>Os reximes políticos. Monarquías absolutas e sistemas parlamentarios.</b></li> <li>▪ <b>A poboación e a economía europeas.</b></li> <li>▪ <b>A monarquía hispánica no século XVII, e os seus problemas.</b></li> <li>▪ <b>A sociedade e a vida cotiá en Europa e en España.</b></li> <li>▪ <b>A ciencia e a cultura.</b></li> <li>▪ <b>O legado artístico. A arte barroca.</b></li> <li>▪ <b>O Barroco en Europa, España, Galicia e América. A importancia da obra de Velazquez</b></li> </ul>	<p><b>Obxectivos didácticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identificar algunhas transformacións e conflitos europeos característicos do século XVII.</li> <li>▪ Distinguir as características dos reximes monárquicos absolutos e parlamentarios.</li> <li>▪ Apreciar a evolución da poboación e a economía de Europa no século XVII.</li> <li>▪ Iniciarse no estudo da monarquía hispánica no século XVII.</li> <li>▪ Distinguir os trazos esenciais da sociedade e a vida cotiá no século XVII, tanto en Europa coma en España.</li> <li>▪ Extraer conclusións sobre a ciencia e a cultura do século XVII.</li> <li>▪ Formar redes conceptuais sobre a arte barroca.</li> <li>▪ Apreciar o Barroco en Europa, España, Galicia e América.</li> </ul>
<p><b>Adaptación curricular:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>O século XVII. Conflitos e transformacións políticas.</b></li> <li>▪ <b>A monarquía hispánica no século XVII.</b></li> <li>▪ <b>Ciencia, cultura e arte.</b></li> </ul>	<p><b>Tarefas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Analizamos o século XVII en Europa.</li> <li>2. Analizamos distintos tipos de reximes políticos.</li> <li>3. Analizamos a poboación e a economía.</li> <li>4. Coñecemos o período dos Austrias menores.</li> <li>5. Coñecemos a sociedade e a vida cotiá.</li> <li>6. Analizamos a ciencia e a cultura.</li> <li>7. Coñecemos o Barroco.</li> <li>8. Coñecemos o Barroco español, galego e a Velazquez.</li> </ol>

UD4\_As actividades económicas e os espazos xeográficos.

Temporalización: 8 sesións

**Coñecementos:**

- **O Compoñentes e sectores da actividade económica.**
- **Axentes económicos e as súas relacións.**
- **Factores de produción.**
- **Sistemas económicos.**
- **Tendencias económicas actuais.**
- **A globalización económica.**
- **Multinacionais.**
- **Áreas xoeconómicas mundiais.**
- **Buscar información na prensa e internet.**

**Obxectivos didácticos:**

- Distinguir os compoñentes e sectores da actividade económica.
- Identificar os principais axentes económicos e coñecer as súas relacións.
- Mostrar a importancia que teñen os factores de produción na actividade económica.
- Coñecer os sistemas económicos actuais.
- Diferenciar os problemas do capitalismo e a súa xeneralización.
- Afondar no coñecemento da actual globalización económica.
- Diferenciar as áreas xoeconómicas mundiais actuais.
- Aprender a buscar información na prensa e en internet.

**Adaptación curricular:**

- **A actividade económica.**
- **Os axentes económicos e as súas relación**
- **Os factores de produción.**
- **Os sistemas económicos.**
- **A globalización económica**
- **As áreas xoeconómicas mudiais.**

**Tarefas:**

1. Definimos a actividade económica, os compoñentes e os seus sectores.
2. Analizamos os axentes económicos e as suas relacións.
3. Os factores de produción materiais.
4. O factor humano: o traballo.
5. Coñecemos os sistemas económicos.
6. Coñecemos as ideoloxías económicas actuais.
7. Analizamos a globalización e as multinacionais
8. As áreas xoeconómicas



UD5\_ O sector primario. Os espazos agrarios.

Temporalización: 12 sesións

**Coñecementos:**

- Os espazos agrarios.
- A actividade agraria. Factores físicos e humanos.
- A paisaxe agraria e os seus elementos.
- A agricultura. Diversidade e tipos.
- Os sistemas agrarios tradicionais. Modelos representativos
- Os sistemas agrarios evolucionados: Modelos representativos.
- A gandería. Formas de explotación e modelos básicos.
- A explotación forestal.
- A pesca. A utilización do mar.
- Manexar táboas estatísticas: táboas e gráficos.

**Obxectivos didácticos:**

- Identificar o sector primario, as súas actividades e espazos.
- Comprender os principais factores, físicos e humanos, que condicionan a actividade agraria.
- Observar, de xeito analítico, os elementos das paisaxes agrarias
- Formar redes conceptuais sobre a variedade dos sistemas de cultivo e os tipos de agricultura.
- Clasificar os sistemas agrarios tradicionais, diferenciando modelos.
- Percibir a variedade das paisaxes agrarias evolucionadas, distinguindo modelos representativos.
- Mostrar a importancia da gandería e as súas formas de explotación e modelos.
- Clasificar os espazos forestais, as súas funcións e problemas.
- Analizar a pesca e a utilización do mar.
- Aprender a manexar datos estatísticos de contido xeográfico.
- Promover o desenvolvemento das competencias básicas.

**Adaptación curricular:**

- Os espazos agrarios
- A agricultura. Diversidade e tipos.
- Os sistemas agrarios tradicionais
- Os sistemas agrarios avanzados
- A gandería, a explotación forestal e a pesca.

**Tarefas:**

1. Traballos o concepto de espazo agrario.
2. Analizamos os factores físicos e humanos na actividade agraria.
3. Analizamos os elementos da paisaxe agraria.
4. Coñecemos os distintos tipos de agricultura.
5. Analizamos a agricultura tradicional.
6. Analizamos os sistemas agrarios avanzados
7. Coñecemos os modelos de gandería e a actividade forestal.
8. Analizamos a pesca
9. Realizamos actividades de repaso e aprendizaxe.

UD6\_ O sector secundario. Os espazos industriais.

Temporalización: 8 sesións

**Coñecementos:**

- **A actividade industrial. Actividades mineiras e da enerxía. A construción.**
- **Materias primas e os seus tipos. Problemática das materias primas.**
- **As fontes de enerxía tradicionais. As fontes de enerxía alternativas.**
- **Problemas enerxéticos e políticas enerxéticas. A tecnoloxía e os novos aproveitamentos e materiais.**
- **Paisaxes industriais e a súa imaxe.**
- **Tipos de industria actual.**
- **Factores actuais de localización industrial.**
- **Globalización e áreas industriais**
- **Traballar con imaxes de paisaxes**

**Obxectivos didácticos:**

- Distinguir o sector secundario e as súas actividades
- Identificar as bases da actividade industrial.
- Valorar os problemas e as políticas enerxéticas
- Mostrar a importancia dos novos aproveitamentos mine r í a s e enerxéticos, como o fracking e os minerais raros.
- Diferenciar a evolución da industria e das súas paisaxes.
- Observar de xeito analítico os tipos de industrias e os seus factores de localización.
- Coñecer as áreas industriais do mundo.
- Aprender a traballar con imaxes de paisaxes
- Promover o desenvolvemento de competencias básicas.

**Adaptación curricular:**

- **O sector secundario e as súas actividades**
- **As bases da actividade industrial.**
- **A industria actual.**

**Tarefas:**

1. Traballar o concepto de sector secundario.
2. Analizar o sector secundario.
3. Analizar as materias primas como base da industria.
4. Analizar as enerxías tradicionais.
5. Analizar as enerxías alternativas
6. Pensamos os problemas enerxéticos a escala global.
7. Analizamos as paisaxes industriais.
8. Coñecemos os tipos actuais de industria e os factores de localización.
9. Coñecemos as áreas industriais do mundo.

<p>UD7_ O sector terciario. Os espazos e as actividades.</p>	<p>Temporalización: 4 sesións</p>
<p><b>Coñecementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Os espazos terciarios.</b></li> <li>▪ <b>As actividades do sector terciario.</b></li> <li>▪ <b>As redes de transporte.</b></li> <li>▪ <b>Os sistemas de transporte.</b></li> <li>▪ <b>Tendencias actuais de transporte.</b></li> <li>▪ <b>O turismo: modalidades e espazos.</b></li> <li>▪ <b>Efectos do turismo.</b></li> <li>▪ <b>As actividades comerciais.</b></li> <li>▪ <b>O comercio interior.</b></li> <li>▪ <b>O comercio exterior.</b></li> <li>▪ <b>As áreas de comercio internacional.</b></li> </ul>	<p><b>Obxectivos didácticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identificar as actividades do sector terciario, tipos, e importancia no mundo actual.</li> <li>▪ Analizar as redes e sistemas de transporte.</li> <li>▪ Contrastar as últimas tendencias de transporte.</li> <li>▪ Sacar conclusións sobre a importancia do turismo no mundo actual.</li> <li>▪ Interpretar os elementos e evolución histórica da actividade comercial.</li> <li>▪ Comparar os tipos de comercio e espazos comerciais do comercio interior.</li> <li>▪ Diferenciar a organización e áreas do comercio internacional.</li> <li>▪ Aprender a realizar un traballo e a expoñelo en clase.</li> <li>▪ Promover o desenvolvemento de competencias básicas.</li> </ul>
<p><b>Adaptación curricular:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Os espazos terciarios.</b></li> <li>▪ <b>O transporte.</b></li> <li>▪ <b>O turismo.</b></li> <li>▪ <b>O comercio e os seus tipos.</b></li> </ul>	<p><b>Tarefas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Analizamos os espazos agrarios.</li> <li>2. Analizamos os espazos terciarios.</li> <li>3. Analizamos as redes de transporte.</li> <li>4. Coñecemos os sistemas de transporte.</li> <li>5. Analizamos o turismo e os seus espazos.</li> <li>6. Analizamos o impacto do turismo e as políticas turísticas.</li> <li>7. As actividades comerciais.</li> <li>8. Comercio interior e exterior.</li> </ol>

<p>UD8_ A organización e as actividades económicas en Europa.</p>	<p>Temporalización: 2 sesións</p>
<p><b>Coñecementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>A organización da Unión Europea.</b></li> <li>▪ <b>A poboación activa. Carácteres e problemas.</b></li> <li>▪ <b>As actividades agrarias e pesqueiras en Europa. As políticas comúns.</b></li> <li>▪ <b>O sector secundario en Europa. A política industrial europea.</b></li> <li>▪ <b>O sector terciario en Europa. Comercio, transporte e turismo.</b></li> </ul>	<p><b>Obxectivos didácticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estudar a organización da Unión Europea.</li> <li>▪ Diferenciar os caracteres xerais da poboación activa europea, e coñecer os seus principais problemas.</li> <li>▪ Sacar conclusións sobre as actividades do sector primario en Europa.</li> <li>▪ Formar redes conceptuais sobre o sector terciario en Europa.</li> <li>▪ Aprender a debater na aula</li> <li>▪ Promover o desenvolvemento de competencias básicas.</li> </ul>
<p><b>Adaptación curricular:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>A poboación activa e os seus problemas.</b></li> <li>▪ <b>Os sectores económicos europeos.</b></li> <li>▪ <b>As políticas europeas: PAC, PPC e política industrial.</b></li> </ul>	<p><b>Tarefas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. As actividades económicas en Europa.</li> <li>2. Analizamos a Unión Europea e as súas institucións.</li> <li>3. Analizamos as actividades agrarias e pesqueiras en Europa.</li> <li>4. Analizamos o sector secundario en Europa.</li> <li>5. Coñecemos o sector terciario europeo.</li> <li>6. Debatenos</li> <li>7. Realizamos actividades de repaso e comproba a túa aprendizaxe.</li> </ol>

UD9\_ A organización e as actividades económicas en España e Galicia.

Temporalización: 5 sesións

**Coñecementos:**

- **O sector primario en España. As paisaxes agrarias e a actividade pesqueira.**
- **O sector secundario en España. Minería, enerxía e industria.**
- **O sector terciario en España. Comercio, transporte e turismo.**
- **O desenvolvemento sostible e as medidas de protección.**
- **Os sectores primario, secundario e terciario na comunidade autónoma.**

**Obxectivos didácticos:**

- Analizar a organización política de España.
- Identificar a organización territorial de España.
- Coñecer as actividades agrarias en España e diferenciar as paisaxes agrarias españolas.
- Enumerar as bases da pesca marítima en España.
- Asimilar as características da industria española.
- Estudar a importancia do sector terciario en España.
- Coñecer, describir e valorar o desenvolvemento sostible e as medidas encamiñadas a protexer o medio.
- Identificar as características de cada un dos sectores económicos de Galicia.
- Aprender a comentar textos xeográficos.

**Adaptación curricular:**

- **A organización política e administrativa de España.**
- **O sector primario.**
- **O sector secundario.**
- **O sector terciario.**

**Tarefas:**

1. As actividades económicas en España.
2. Coñecemos a organización política de España.
3. Repasamos a organización territorial de España.
4. Analizamos o espazo agrario e a actividade pesqueira en España e Galicia.
5. Coñecemos a minería, a enerxía e a industria en España e Galicia.
6. Coñecemos o sector industrial español e galego.
7. Coñecemos o sector terciario. O comercio, o transporte e o turismo.
8. Realizamos actividades de repaso e comproba a túa aprendizaxe.

<p>UD10_ Os recurso naturais e os impactos ambientais.</p>	<p>Temporalización: 3 sesións</p>
<p style="text-align: center;"><b>Coñecementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>O ser humano e o medio.</b></li> <li>▪ <b>Os problemas do relevo e do solo.</b></li> <li>▪ <b>O e-lixo ou lixo tecnolóxico.</b></li> <li>▪ <b>Os problemas da auga e da atmosfera.</b></li> <li>▪ <b>A deforestación e a perda de biodiversidade.</b></li> <li>▪ <b>Os problemas ambientais en España.</b></li> <li>▪ <b>Os espazos protexidos en Europa, en España e en Galicia.</b></li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>Obxectivos didácticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Distinguir como evolucionou ao longo do tempo a relación entre o ser humano e o medio.</li> <li>▪ Recoñecer e discriminar os principais problemas aos que se enfrontan orelevo e o solo.</li> <li>▪ Constatar os problemas que leva consigo o e-lixo.</li> <li>▪ Recoñecer e discriminar os principais problemas aos que se enfrontan a auga e a atmosfera.</li> <li>▪ Analizar a deforestación e as súas consecuencias, e os problemas derivados da redución da biodiversidade.</li> <li>▪ Coñecer os principais problemas medioambientais de España.</li> <li>▪ Identificar os espazos naturais protexidos en Europa, España e Galicia.</li> <li>▪ Aprender a organizar carpetas e arquivos TIC.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>Adaptación curricular:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Os problemas ambientais.</b></li> <li>▪ <b>Os espazos naturais protexidos e Europa, en España e en Galicia.</b></li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>Tarefas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Presentamos os recursos naturais e o impacto ambiental.</li> <li>2. O ser humano e o medio.</li> <li>3. Analizamos a problemática do relevo e o solo.</li> <li>4. Analizamos os problemas da auga e da atmosfera.</li> <li>5. Analizamos a problemática da deforestación.</li> <li>6. Os problemas ambientais en España e en concreto, en Galicia.</li> <li>7. Os espazos protexidos de Europa, de España e de Galicia.</li> <li>8. Realizamos actividades de repaso e comproba a túa aprendizaxe.</li> </ol>

<p>UD11_ Desigualdades socioeconómicas e conflitos mundiais.</p>	<p>Temporalización: 3 sesións</p>
<p style="text-align: center;"><b>Coñecementos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Índices de desenvolvemento e desigualdades.</b></li> <li>▪ <b>Indicadores básicos de desenvolvemento humano.</b></li> <li>▪ <b>Países e graos de desenvolvemento.</b></li> <li>▪ <b>Causas de desigualdades.</b></li> <li>▪ <b>Evolución recente das desigualdades.</b></li> <li>▪ <b>As desigualdades socioeconómicas en Europa.</b></li> <li>▪ <b>As desigualdades sociais, rexionais en España.</b></li> <li>▪ <b>Retos pendentes do desenvolvemento.</b></li> <li>▪ <b>Conflitos bélicos e desigualdades.</b></li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>Obxectivos didácticos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprender como se miden as desigualdades de desenvolvemento e os seus indicadores básicos.</li> <li>▪ Contrastar os distintos graos de desenvolvemento e diferenciar países de alto e baixo desenvolvemento e o de desenvolvemento emerxente.</li> <li>▪ Analizar as causas de desenvolvemento desigual.</li> <li>▪ Explicar a evolución recente das desigualdades mundiais.</li> <li>▪ Diferenciar as causas, situación e consecuencias das desigualdades socioeconómicas en Europa.</li> <li>▪ Comprender as desigualdades que existen en España.</li> <li>▪ Comprobar os retos pendentes do desenvolvemento humano e algunhas das solucións propostas para resolvelos.</li> <li>▪ Sinalar a relación que existen entre a desigualdade e os conflitos bélicos actuais.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>Adaptación curricular:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Desigualdades e graos de desenvolvemento.</b></li> <li>▪ <b>As causas do desenvolvemento desigual.</b></li> <li>▪ <b>Conflitos bélicos e desigualdades.</b></li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>Tarefas:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Traballamos os conceptos de benestar e desigualdade.</li> <li>2. Analizamos os graos de desenvolvemento.</li> <li>3. Analizamos as causas de desigualdade e a súa evolución recente.</li> <li>4. Coñecemos as desigualdades en Europa.</li> <li>5. Coñecemos as desigualdades en España.</li> <li>6. Buscamos solucións ás desigualdades.</li> <li>7. Relacionamos conflitos bélicos e desigualdade.</li> <li>8. Denunciamos a desigualdade.</li> <li>9. Realizamos tarefas de repaso e comproba a túa aprendizaxe.</li> </ol>

## **6. Concrecións metodolóxicas que require a materia.**

O obxectivo do ensino das ciencias sociais no terceiro curso da ESO é por enriba de todo o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo como ferramenta indispensable para coñecer o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que lles deu tamén teñen cabida neste materia.

A metodoloxía a empregar na nosa materia tal como sinala Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, deberá axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.

Esta materia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

- Fomentar a curiosidade natural do alumnado.
- Utilizar atlas e mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos.
- Fomentar a valoración crítica da conquista.
- Utilizar internet como fonte de información.
- Utilizar textos históricos e literarios da época ilustrativos do pensamento da época.
- Utilizar o atlas e os mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos.
- Utilizar internet como fonte iconográfica.
- Facerlle comprender ao alumnado que forman parte da actividade económica.



- Aproveitar as situación da vida cotiá para concienciar da desigualdade no consumo de recursos.
- Utilizar a televisión e a prensa e os indicadores económicos que nesta aparecen, para poñer exemplos de economías recentes e próximos aos estudantes.
- Poñer exemplos cotiáns da globalización económica actual: marcas, tendencias, gustos, forma de vestir, Internet,...
- Resaltar os contidos esenciais das actividades agrarias.
- Insistir na diferenza existente entre espazo agrario e espazo rural.
- Incidir na dicotomía existente entre os factores físicos e humanos das actividades agrarias, utilizando as fotografías e as imaxes que acompañan o texto explicativo.
- Facer listas con pares de conceptos: regulares/irregulares; abertas/ pechadas; monocultivo/policultivo; secaño/regadío; etc.
- Explorar didácticamente a oposición entre paisaxes agrarias tradicionais e evolucionadas, marcando o acento na distribución xeográfica, a extensión no espazo, as relación co medio físico e os distintos modelos existentes de cada paisaxe.
- Explicar con detemento o proceso de explotación dos minerais.
- Insistir en clasificación entre fontes de enerxías limpas e sucias, e no uso desmedido actual de enerxías non renovables e contaminantes
- Diferenciar con claridade a orixe das distintas enerxías, os seus usos, problemas e inconvenientes.
- Concienciar os estudantes da necesidade de aforrar enerxía.
- Utilizar imaxes para comparar tipos de localizacións industriais, e poner exemplos representativos de cada localización.
- Comentar cos estudantes noticias de prensa relacionadas cos países industriais actuáis: China, novos países industriais, etc.
- Insistir nas clásicas divisións de comercio por xunto e polo miudo, interior e exterior.
- Precisar as distintas formas actuáis de comercio por xunto, poñendo exemplos concretos coñecidos polos estudantes.

- Poñer acento nas vantaxes e inconvenientes de cada medio ou sistema de transporte.
- Poner exemplos coñecidos das enormes diferenzas existentes no acceso á información entre áreas e países da Terra.
- Insistir nos aspectos ambientais do turismo, así como na necesidade de avanzar no desenvolvemento do turismo sostible.
- Utilizar o atlas e os mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico.</li> <li>• B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade.</li> <li>• B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB1.1.1. Señala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico.</li> <li>• VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.</li> <li>• VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral".</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/a adolescente.</li> <li>• B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escollos de ...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia de ...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> </ul>
Valores éticos. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• autodeterminación no ser humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• forzo e a vontade persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• trución, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escollos dos valores éticos que a conformarán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", elixindo os valores éticos que desexa incorporar a súa personalidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.</li> <li>• VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integrais na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa.</li> <li>• B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral.</li> <li>• B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.</li> <li>• VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral.</li> <li>• VEB1.5.3. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.11. Habilidades emocionais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocio-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> </ul>



Valores éticos. 1º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• m</li> </ul>	segundo Goleman. <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas.</li> <li>• B1.13. Introspección: autocóñecemento, autocontrol e autonomía.</li> </ul>	emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.	nals que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo.  <ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras.</li> <li>• VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIIE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos.</li> <li>• B1.15. Persoa como proxecto vital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influir de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo/a.</li> <li>• VEB1.7.2. Deseña un proxecto de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIIE</li> <li>• CSIIE</li> </ul>

Valores éticos. 1º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.	
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. A natureza social do ser humano.</li> <li>• B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade.</li> <li>• B2.3. Os valores éticos como guías das relacións interpersoais na sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimulando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.</li> <li>• VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.</li> <li>• VEB2.1.3. Achega razóns que fundamentan a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informativos, unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CSIIE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.4. Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais.</li> <li>• B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade.</li> <li>• B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade en que vive.</li> <li>• VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da persoa-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> </ul>

Valores éticos. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	humana.		<p>lidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.</p> <p>• VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais.</p>	
• a • h	• B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito). Limites da liberdade nos dous ámbitos.	• B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social.	• VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos.	• CSC
• a • b • d • h	• B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relacións humanas.	• B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional sinaladas por Goleman, en relación coa vida interpersoal, e establecer o seu vínculo cos valores éticos que enriquecen as relacións humanas.	• VEB2.4.1. Comprende a importancia que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o tema.	• CAA
• a • b	• B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición.	• B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa persoa-	• VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamento	• CCL • CSIEE

Valores éticos. 1º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• h</li> </ul>	<p>nas relacións interpersoais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.13. Deber moral e cívico do auxilio.</li> </ul>	<p>valores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.</p>	<p>das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc.</li> <li>• VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSC</li> </ul>
Bloque 3. A reflexión ética				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Diferenzas entre ética e moral. Importancia da reflexión ética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Distinguir entre ética e moral, sinalando as semellanzas e as diferenzas entre elas e estimando a importancia da reflexión ética como un saber práctico necesario para guiar de forma racional a conduta do ser humano á súa plena realización.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.1.1. Recoñece as diferenzas entre a ética e a moral.</li> <li>• VEB3.1.2. Achega razóns que xustifiquen a importancia da reflexión ética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Conduta instintiva animal e o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Destacar o significado e a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.2.1. Distingue entre a conduta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> </ul>

Valores éticos. 1º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• f</li> <li>• h</li> </ul>	<p>comportamento racional, libre e moral do ser humano.</p>	<p>importancia da natureza moral do ser humano, tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas.</p>	<p>ta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.3. Liberdade e concepto de persoa.</li> <li>• B3.4. Influencia na liberdade da intelixencia e da vontade.</li> <li>• B3.5. Factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.3. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral na persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.3.1. Describe a relación entre a liberdade e o concepto de persoa.</li> <li>• VEB3.3.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que temos decidido facer.</li> <li>• VEB3.3.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais, que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e a vontade, nomeadamente o papel da educación, e expón as súas conclusións de forma clara, mediante unha presentación realizada con soportes informáticos e audiovisuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CCL</li> <li>• CD</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.6. Valores. O seu papel na vida individual e colectiva.</li> <li>• B3.7. Clases de valores.</li> <li>• B3.8. Xerarquías de valores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.4. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, a súa clasificación e a súa xerarquía, coa finalidade de comprender a súa natureza e a súa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.4.1. Explica o que son os valores e as súas principais características, e aprecia a súa importancia na vida individual e colectiva das persoas.</li> <li>• VEB3.4.2. Procura e selecciona</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> </ul>

Valores éticos. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		Importancia.	<p>Información sobre a existencia de clases de valores: relixiosos, afectivos, intelectuais, vitais, etc.</p> <p>• VEB3.4.3. Realiza, en traballo en grupo, unha xerarquía de valores, explicando a súa fundamentación racional, mediante unha exposición usando medios informáticos ou audiovisuais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• h</li> </ul>	• B3.9. Caracter distintivo dos valores éticos.	• B3.5. Resaltar a importancia dos valores éticos, as súas especificacións e a súa influencia na vida persoal e social do ser humano, destacando a necesidade de ser recoñecidos e respectados por todos.	• VEB3.5.1. Explica a diferenza entre os valores éticos e o resto dos valores, e valora a importancia para a persoa dos valores éticos.	• CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	• B3.10. Valores e normas éticas, e os seus efectos beneficiosos para a persoa e para a comunidade.	• B3.6. Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticas, como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e promovelos polos beneficios que proporcionan á persoa e á comunidade.	<p>• VEB3.6.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e normas éticas, tales como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.</p> <p>• VEB3.6.2. Empeña, utilizando a iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu medio, co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>

Valores éticos. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			social.	
	Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados Internacionais sobre dereitos humanos			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.1. Preámbulo da DUDH: a dignidade das persoas como fundamento dos seus dereitos universais, inalienables e innatos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.1. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais como o fundamento do que derivan todos os dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEBS.1.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como persoa, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.2. Dereitos da muller: patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e desigualdade de xénero.</li> <li>• B5.3. Dereitos da infancia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.2. Estimar a importancia do problema actual do exercicio dos dereitos da muller e da infancia en grande parte do mundo, coñecendo as súas causas e tomando conciencia deles, coa finalidade de promover a súa solución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEBS.2.1. Dá razóns sobre a orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os patróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEBS.2.2. Xustifica a necesidade de actuar en defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e as nenas son vítimas no século XXI, tales como o abuso sexual, o traballo infantil, ou a súa utilización como soldados/as, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEBS.2.3. Empeña, en colaboración en grupo, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu medio familiar, escolar e social, e avalla os resultados obtidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>

Valores éticos. 1º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.4. Organizacións que traballan polos dereitos humanos: Institucións internacionais e ONG.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos, auxiliando as persoas que por natureza os posúen, pero non teñen a oportunidade de exercelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEBS.3.1. Indaga, en traballo en colaboración, sobre o traballo de institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos (Amnistía Internacional, e ONG como Mans Unidas, Médicos sen Fronteiras e Cáritas, entre outros), e elabora e expresa as súas conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> </ul>



## UNIDADE 1.

### ANIMAIS E PERSOAS

#### Descrición da unidade

Esta unidade comeza cunha aproximación sinxela que poida servir para que o alumnado aprenda a reflexionar e sexa consciente das diferenzas entre persoas e animais, coa riqueza e posibilidades que implica pertencer ao primeiro grupo.

- Somos seres conscientes e capaces de pensar tanto acerca de nós mesmos como do que nos rodea. Unha parte importante dese pensamento ten que ver con clasificar obxectos, o que nos permitirá distinguir as persoas do resto de obxectos.
- O certo é que non deixamos de pertencer ao reino animal e é bo ser consciente de como se levan a cabo as clasificacións zoolóxicas, con distincións como a de especie e raza.
- Non obstante, hai trazos característicos que lle dan á nosa especie a posibilidade da que falabamos ao principio: o gran tamaño do noso cerebro en comparación co do noso corpo posibilita que teñamos unha capacidade de razoamento extraordinaria.
- Pero esa capacidade só terá efectos positivos se somos capaces de utilizala dun xeito adecuado, defendendo a dignidade humana e procurando construír un mundo máis xusto.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- Diferenza entre suxeito e obxecto.
- Clasificacións zoolóxicas.
- Distinción entre raza e especie.
- Peculiaridades anatómicas do ser humano.
- Tipos de conduta e a intelixencia.
- A dignidade de todo ser humano.

#### Temporalización:

Setembro:

Outubro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender a peculiaridade humana dentro do reino animal.
- Identificar algunhas características que distinguen o ser humano doutros seres vivos.
- Diferenciar raza e especie.
- Elaborar un esquema zoolóxico que sitúe o ser humano.
- Coñecer a variabilidade de tipos de conduta respecto da intelixencia.
- Valorar a dignidade como algo atribuíble a todo ser humano.
  - Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión da diferenza entre suxeito e obxecto.</li> <li>- Aproximación á peculiaridade humana dentro do reino animal.</li> <li>- Identificación dalgunhas características que distinguen o ser humano doutros seres vivos.</li> <li>- Diferenciación dos conceptos de raza e especie.</li> <li>- Elaboración dun esquema zoolóxico que sitúe o ser humano.</li> <li>- Coñecemento da variabilidade de tipos de conduta respecto da intelixencia.</li> <li>- Valoración da dignidade como algo atribuíble a todo ser humano.</li> <li>- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.</li> <li>- Comprensión da realidade social e exercicio dunha cidadanía construtiva, solidaria e respectuosa coa natureza.</li> <li>- Coñecemento e uso</li> </ul>	1. Construír un concepto de persoa valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.	1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa.	CC L, CC	
			1.2. Explica e valora a dignidade da persoa que se converte nun	CS C, SIE
	2. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecelo con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal.	2.1. Identifica en que consiste a personalidade, os factores xenéticos, sociais, culturais e ambientais que inflúen na súa construción e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.	CMC T, CD, CSC	
	3. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar «como quere ser», elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.	3.1. Describe e estima o papel relevante da razón e da liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.	CC L, CS C	
	4. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír na construción da súa propia identidade, conforme os valores éticos.	4.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha	C A A , C S C , SIE P	
		4.2. Deseña un proxecto de vida conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir.	CS C, SIE P	





## UNIDADE 2.

### A PERSOA COMO SER MORAL

#### Descrición da unidade

Esta unidade ten unha finalidade específica centrada na reflexión sobre a persoa e en valorar a súa dignidade moral como indiscutible.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Definir o termo persoa e apreciar as súas características morais.
- Adoptar unha actitude de respecto á dignidade da persoa.
- Tomar conciencia da persoa como ser social, racional e libre.
- Entender o proceso de formación da persoa.
- Valorar os dereitos humanos como base ética da construción da persoa.

#### Temporalización:

Outubro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer o valor da persoa e a súa dignidade.
- Identificar a persoa como ser social, racional e libre.
- Adoptar un compromiso de defensa dos dereitos da persoa.
- Tomar conciencia do valor moral da persoa.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Definir o concepto de persoa.</li> <li>- Distinguir a persoa doutros seres e valorar a súa dignidade como a súa identidade moral.</li> <li>- Valorar a noción de persoa como ser racional, social e libre.</li> <li>- Apreciar o valor da responsabilidade que acompaña a liberdade.</li> <li>- Adoptar unha actitude de respecto cara á persoa.</li> <li>- Entender o proceso de formación moral da persoa.</li> </ul>	1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.	1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa analizando o seu significado etimolóxico e algunhas definicións	CC L, CD, CE C
	2. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar «como quere ser», elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.	2.1. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.	CC L CS C CE C
	3. Valorar a importancia de enriquecer a personalidade con virtudes éticas mediante o esforzo.	3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e ambientais que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación.	CMC T, CAA, CSC , SIEP
	4. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da	4.1. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun «ser moral».	CC L, CS C

	ua «persoa», co fin de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.	4.2. Explica a concepción kantiana do concepto de «persoa» como suxeito autónomo capaz de ditar as súas propias normas morais. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesmo, rexeitando a posibilidade de ser	CC L, CS C, CE C
--	--	---	---------------------------------

### UNIDADE 3.

## ***A construción da personalidade***

#### **Descrición da unidade**

Esta unidade achégase a unha reflexión desde a Ética sobre o proceso de construción da personalidade. O obxectivo é que o alumnado perciba ese proceso no que el mesmo está inmerso, identifique os seus problemas e consiga ir forxando a súa propia personalidade tomando conciencia da necesidade e do beneficio de colaborar cos outros e respectalos como fins en si mesmos.

Para poder identificar convenientemente o proceso de formación da personalidade resulta imprescindible ter en conta a adolescencia como fase na que o alumnado se atopa nesta etapa educativa

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- Entender o proceso de socialización: as súas etapas principais e os seus axentes, así como o papel que desempeña no proceso de formación da personalidade.
- Valorar a importancia de colaboración e respecto como principios básicos das relacións en sociedade.
- Distinguir entre heteronomía e autonomía.
- Aprender a controlarse.
- Tomar conciencia dos problemas do adolescente e aprender a resolvelos.
- Comprender e manexar a intelixencia emocional
- Coñecer as etapas do desenvolvemento moral da persoa.

#### **Temporalización:**

Novembro:

## **2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Recoñecer o proceso de socialización e a súa finalidade.

- Distinguir entre autonomía e heteronomía e valorar a necesidade de conseguir a primeira.
- Identificar os problemas da adolescencia e aprender a resolvelos.
- Coñecer as etapas do desenvolvemento moral da persoa.
- Aprender a manexar a intelixencia emocional.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saber en que consiste a socialización, coñecer os seus axentes e o seu papel no desenvolvemento da personalidade.</li> <li>- Saber que é a «personalidade» e identificar as etapas do seu desenvolvemento moral.</li> <li>- Distinguir entre autonomía e heteronomía no contexto do desenvolvemento da personalidade.</li> <li>- Tomar conciencia dos problemas da adolescencia e</li> </ul>	<p>1. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, describindo as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, co fin de seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta.</p>	<p>1.1. Coñece información, de fontes diversas, acerca dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, realizando un resumo coa información obtida.</p>	CD , CS C
		<p>1.2. Elabora conclusións acerca da importancia que ten para o adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme os valores éticos libremente elixidos.</p>	CA A, CS C

<p>aprender a resolvelos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a controlarse e mellorar a autoestima.</li> <li>- Comprender o concepto de intelixencia emocional e aprender a desenvolvela eficazmente.</li> </ul>	<p>2. Identificar os conceptos de heteronomía e autonomía, mediante a concepción kantiana da «persoa», co fin de valorar a súa importancia e aplicala na realización da vida moral.</p>	<p>2.1. Comenta e valora a idea de Kant ao concibir a persoa como un fin en si mesmo e un suxeito autónomo, rexeitando que poida ser utilizada por</p>	<p>CS C, CE C</p>
	<p>3. Entender a nosa responsabilidade na construción da nosa personalidade.</p>	<p>3.1. Entende a importancia dos procesos de socialización na súa realidade persoal e nos demais.</p>	<p>CA A, CS C</p>
		<p>3.2. Analiza algúns factores que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e da vontade.</p>	<p>C A A , C S C</p>

	<p>4. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano e a súa influencia na construción da personalidade, co fin de mellorar as súas habilidades emocionais.</p>	<p>4.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano e atopa a relación que existe, disertando en grupo, entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como: a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza, entre</p>	<p>CMC T, CD, CSC</p>
--	---	--	-----------------------------------

## UNIDADE 4.

### Título

## Ser adolescente

### Descrición da unidade

Neste curso, a maioría dos alumnos e as alumnas atópanse na primeira adolescencia. É moi probable que recibisen xa noutros ámbitos información e orientación sobre esta nova etapa da súa vida. A presente unidade recolle as datos máis significativos sobre a adolescencia, pero non se trata dun libro de psicoloxía evolutiva, senón dun libro de ética e, polo tanto, pretende orientar o alumnado nas circunstancias tan variadas coas que se vai atopar, dándolle criterios para relacionarse proveitosamente cos demais e para saber gobernarse a si mesmo.

- Ser adolescente é unha etapa da vida na que xa non se é neno nin aínda somos homes ou mulleres adultos. Esa indefinición é tamén unha característica propia desa idade.
- Os cambios prodúcense no ámbito hormonal, físico en xeral, e tamén no psicolóxico, e todo iso incide nunha conduta moitas veces impredecible que desorienta as persoas próximas ao adolescente e a el mesmo.
- A adolescencia, ademais, é tamén unha realidade social, ou mellor sociolóxica, nas sociedades actuais, en contraste co que sucedía nos pobos primitivos. Esta realidade fai que, mentres que os adolescentes se senten impulsados a independizarse porque se consideran xa maiores e alcanzaron a madurez sexual, a sociedade na que viven segue considerándoos aínda como non adultos. Esta situación convértese nunha nova fonte de conflitos para eles.
- Coa adolescencia, imos marcando determinados trazos da nosa personalidade que nos diferencian do resto. Ao mesmo tempo, descubrimos a nosa cara interna, empezamos a preocuparnos por problemas, situacións e relacións que antes apenas contaban para nós.
  - Un trazo moi determinante desa idade é a relación cos nosos amigos, sexa para ben ou para mal en moitas ocasións. Aquí damos pautas para que esa etapa sexa o máis proveitosa e menos traumática posible, pero é o propio alumno ou alumna quen, en última instancia, ten que asumir a súa propia responsabilidade.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- Que é a adolescencia?
- Os cambios que se producen no adolescente e no contorno respecto a el.
- A necesidade de coñecerse a si mesmo.
- As novas ocasións de desenvolvemento persoal que se presentan ao adolescente.
- A importancia dunha relación sa cos amigos e coas amigas.
- A importancia do autocontrol da nosa impulsividade que nos faga máis libres.
  - O fortalecemento da nosa autoestima co desenvolvemento do noso sentido crítico e a reflexión serena.

### Temporalización:

Novembro:

Decembro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender que se entende por adolescencia.
- Identificar os cambios que se producen no adolescente.
  
- Entender a adolescencia como unha realidade social.
- Comprender que é unha crise de identidade e como se produce na adolescencia.
- Relacionar a identificación co noso grupo de amigos coa autoafirmación.
- Identificar as manifestacións de impulsividade propias da idade.
  - Razoar a importancia do autocontrol como forma de liberdade e relación enriquecedora cos demais.
  - Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

## 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Definición de adolescencia.</li> <li>- Aproximación ás características da adolescencia.</li> <li>- Comprensión da adolescencia como fenómeno cultural e social.</li> <li>- Caracterización da crise de identidade do adolescente.</li> <li>- Valoración do grupo de iguais como nova referencia.</li> <li>- Catalogación de grupos e tribos urbanas.</li> <li>- Comprensión</li> </ul>	1. Coñecer que é a adolescencia e cales son as súas manifestacións.	1.1. Sitúa a idade adolescente e sinala as súas manifestacións.	CC L, CS
		1.2. Explica e valora a adolescencia como fenómeno cultural.	CS C, CE
	2. Entender en que consiste a crise de identidade do adolescente.	2.1. Coñece as causas e detecta os síntomas da crise de identidade.	CC L, CS C
	3. Recoñecer o valor do grupo, os seus aspectos positivos e problemáticos e distinguir os distintos grupos e tribos.	3.1. Describe e xulga situacións nas que o grupo beneficia e/ou prexudica a súa dignidade e o seu crecemento como persoa moral.	C C L , C S C , SIE P



<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión do fenómeno da autoafirmación.</li> <li>- Valoración do autocontrol da impulsividade.</li> </ul>	<p>4. Comprender o fenómeno da autoafirmación como unha peculiaridade da personalidade en formación.</p>	<p>4.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha persoa digna de ser</p>	<p>C A A , C S C , S I E P</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.</li> </ul>	<p>5. Valorar o control da impulsividade como algo necesario para unha relación proveitosa e satisfactoria cos demais.</p>	<p>5.1. Sabe explicar que se entende por autocontrol e entende os seus beneficios.</p>	<p>C C L , C S C , S I E P</p>

<p>contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e defender opinións, e desenvolvemento de actitudes de respecto e de colaboración ao traballar en grupo.</li> </ul>	<p>6. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.</p>	<p>6.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e con responsabilidade.</p>	<p>CD , CA A</p>
	<p>7. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e a colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>7.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e</p>	<p>CA A, S I E P</p>

## UNIDADE 5.

### Emocións e sentimentos

#### Descrición da unidade

Esta unidade pretende centrarse na vida persoal dos seres humanos, procurando que os alumnos e as alumnas reflexionen acerca de si mesmos. A orientación recaerá nos aspectos emocionais. Pero preténdese que non se faga como algo oposto á razón, senón máis ben como algo inseparable desta. Con esa finalidade alúdese ás teorías das intelixencias múltiples e da intelixencia emocional.

Como non pode ser doutro xeito, e dada a idade destes alumnos e alumnas, insístiuse na importancia do control emocional e a súa relación coa ética.

Procurouse tamén pechar cun apartado que posibilite unha aproximación a algunhas das inquiredanzas que van xurdindo coa adolescencia, como son a das relacións amorosas de parella e a dos trastornos alimentarios.

- Á parte de sermos seres conscientes e capaces de pensar, como dicíamos na primeira unidade, temos un aspecto valiosísimo que é o emocional, que tamén require atención.
- Para valorar precisamente as emocións como algo importante e positivo debemos coñecer as súas funcións.
- Debemos evitar caer na tentación de concibir as paixóns como algo oposto á razón, posto que, máis ben, forman un todo con ela. Á fin e ao cabo somos un só ser, unha persoa.
- A psicoloxía de finais do século XX propuxo teorías integradoras dos sentimentos na razón. En particular as das intelixencias múltiples e da intelixencia emocional.
- As emocións poden contribuír á nosa felicidade se sabemos xestionalas. Dende ese punto de vista, o seu control e a adquisición da tolerancia á frustración son imprescindibles.
- A adolescencia fai xurdir inquietudes novas que debemos aprender a manexar. Entre elas hai as vinculadas especialmente aos demais (como o amor erótico) e a nós mesmos (como a satisfacción coa imaxe persoal). Debemos saber buscar os seus aspectos positivos e evitar posibles perigos nelas.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que as alumnas e os alumnos adquiran os coñecementos seguintes:

- Funcións das emocións.
- Teoría de Gardner sobre as intelixencias múltiples.
- Defensa de Goleman sobre a intelixencia emocional.
- Importancia da tolerancia á frustración e o control das emocións.
- Tipos de amor e algúns trazos do amor erótico.
- Perigos dos trastornos de alimentación

#### Temporalización:

Xaneiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Valorar as emocións como un aspecto fundamental da vida persoal.
- Coñecer as funcións das emocións e a súa vinculación coa razón.
- Debater as teorías da intelixencia de Gardner e Goleman.
  
- Definir a tolerancia á frustración e a súa importancia na maduración emocional.
- Entender a vinculación do control das emocións e a vida moral.
- Aproximarse a algúns dos cambios emocionais que supón a adolescencia.
  - Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión do valor e das funcións das emocións na vida persoal.</li> <li>- Aproximación ás teorías da intelixencia que destacan a importancia dos compoñentes emocionais.</li> <li>- Recoñecemento da tolerancia á frustración e a súa importancia.</li> <li>- Coñecemento do papel que desempeña o control das emocións nas</li> </ul>	1. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral.	1.1. Define a intelixencia emocional e as súas características.	CCL, CMCT, CD, CEC
		1.2. Explica en que consisten as emocións e como se relacionan coa vida moral.	CSC
	2. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional.	2.1. Comprende o sentido das teorías de Gardner e Goleman.	CMCT, CD, CEC
	3. Utilizar a introspección e mellorar as habilidades emocionais.	3.1. Reflexiona sobre as súas emocións e a importancia de controlalas.	CAA, CSC, CEC

<p>teorías éticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración do amor erótico como forma de relación cos seus aspectos positivos e riscos.</li> <li>- Actitude de alerta ante os riscos dos trastornos alimentarios.</li> <li>- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.</li> <li>- Comprensión da realidade social e exercicio dunha cidadanía construtiva.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> </ul>	<p>4. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír na construción da súa propia identidade, conforme os</p>	<p>4.1. Deseña un proxecto de vida conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir.</p>	<p>CS C, SIE P</p>
	<p>5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos</p>	<p>5.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade</p>	<p>CD , CA A</p>
	<p>6. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo</p>	<p>6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente</p>	<p>CA A, SIE P</p>

## UNIDADE 6.

### INDIVIDUO E SOCIEDADE

#### Descrición da unidade

Esta unidade trata de aproximar o alumnado á súa realidade individual e social nun momento do seu desenvolvemento psicoafectivo no que as liñas divisorias son aínda moi difusas. É de todos coñecida a tendencia dos preadolescentes a ir definindo a súa personalidade en relación estreita, e dependente, co grupo de amigos e amigas, coa cuadrilla, etc.

Neste contexto cómpre abrir unha primeira reflexión moral sobre a responsabilidade individual dos nosos actos e os límites que non se deben superar na nosa relación de pertenza ao grupo.

O tema ábrese cun texto da novela *Rebeldes*, da que existe tamén película, no que o protagonista, orfo e criado nun ambiente violento de cuadrillas, expón os problemas da súa relación cos seus irmáns.

A unidade xira en torno a unha idea central: a amizade é un valor fundamental da nosa vida, na que se conxugan de forma ideal as nosas aspiracións individuais e relacións sociais. Ponse como modelo para analizar o grupo de amigos e amigas, que é unha realidade fundamental na vida, e moi particularmente destes alumnos e alumnas. Os temas que se tratan na unidade están orientados a esa idea central e tratan de que o alumnado a comprenda e, na medida do posible, a faga súa.

- Tratamos de que o alumnado comprenda a súa importancia e unicidade como individuo, que non é un número; e ao mesmo tempo, que é un ser social e non está só.
- Dáse unha primeira aproximación aos distintos xéneros de agrupacións humanas que diferencia a socioloxía, centrándose nas máis próximas ao alumnado (comunidades).
- Ocupámonos de dous problemas que, de forma xenérica, afectan á vida e a orientación moral dos alumnos e das alumnas nesta nova etapa da súa formación de grao medio: o individualismo e o gregarismo.
- Finalmente, centramos a reflexión moral sobre o que significa «ter personalidade», en particular en relación co grupo de amizades.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que as alumnas e os alumnos adquiran os coñecementos seguintes:

- O significado humano de individuo e sociedade.
- Que é a socialización? A súa influencia na vida individual e algúns riscos como individualismo e o gregarismo.
- Que se entende por actuar con personalidade? A súa importancia para o individuo e para a sociedade?
- Importancia e significado da amizade

#### Temporalización:

Febreiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecemos como individuos, coas nosas características propias e diferenciadas.
- Coñecer que significa «a socialización» e enumerar as súas etapas.
- Definir «individualismo» e «gregarismo».
- Describir «actuar con personalidade».
- Aclarar que se entende por amizade.
- Valorar a importancia dos verdadeiros amigos e amigas na vida.
  - Practicar o debate, serio e sereno, entre compañeiros e compañeiras sobre os temas que nos interesan.
  - Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendiz.

### **3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CC
----------	----------------------	---

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A individualidade diferéncianos dos demais.</li> <li>- Somos seres sociais que nos guiamos por leis morais.</li> <li>- Diferenza entre comunidade e sociedade.</li> <li>- Definición e sentido do proceso de socialización.</li> <li>- Definición e significado moral do individualismo e o gregarismo.</li> <li>- Saber detectar outros perigos da socialización no contorno cotián.</li> <li>- Comprensión do que significa unha actuación persoal no noso contorno.</li> <li>- Valorar e discernir o que é unha verdadeira amizade e apreciar a súa importancia na vida humana.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información.</li> <li>- Desenvolvemento de actitudes de</li> </ul>	1. Analizar o papel do individuo na nosa sociedade.	1.1. Entende a relación entre individuo e sociedade.	CA A,
	2. Reflexionar sobre a influencia da sociedade sobre os individuos no proceso de socialización.	2.1. Distingue entre sociedade e outros agrupamentos humanos e animais.	CMC T, CYS
	3. Entender a nosa responsabilidade na construción da nosa personalidade.	3.1. Entende a importancia dos procesos de socialización na súa realidade persoal.	CA A, CS
	4. Saber diferenciar a acción individualista ou gregaria da actuación moral e persoal.	4.1. Valora correctamente os perigos do individualismo e o gregarismo.	CMC T, CSC
	5. Adquirir unha actitude crítica ante as amizades prexudiciais para o noso desenvolvemento moral.	5.1. Aprecia a importancia da amizade na súa vida persoal.	CA A, CS
		5.2. Recoñece o significado de actuar con personalidade.	CS C, SIE
	6. Destacar o deber moral e cívico de prestar auxilio e socorro a quen está en perigo inminente, aplicando os primeiros auxilios.	6.1. Coñece o deber moral e cívico de socorrer a quen está en perigo.	CD ,
		6.2. Coñece técnicas de primeiros auxilios.	CS ,



## UNIDADE 7.

### A SOCIALIZACIÓN

#### Descrición da unidade

Esta unidade escapa un pouco do ámbito individual ao que conecta o ser humano coa sociedade a través da cultura, máis concretamente o proceso educativo. O primeiro apartado pretende aclarar algún concepto e contribuír a evitar confusións.

Ten, polo tanto, un carácter máis ben teórico, aínda que pode contribuír a resolver cuestións prácticas.

Posteriormente, introdúcese xa o protagonista no proceso, é dicir, fálase de como os seres humanos nos integramos na sociedade a partir dunha educación de carácter cultural. Aquí aproveítase para falar de temas que poden interesarlles especialmente con esta idade, como o papel que desempeñan en diferentes etapas os distintos axentes de socialización.

En terceiro lugar, intentamos explicar a viaxe moral da heteronomía á autonomía cunha linguaxe menos técnica e máis próxima á que adoitan empregar con esta idade, falando do sometemento infantil e a rebelión adolescente.

Nesa dirección, do máis teórico ao máis práctico, a unidade péchase cun apartado que introduce algúns dos conflitos máis característicos da adolescencia, como son os cambios físicos, algúns trastornos e o risco de adiccións.

- Podemos distinguir natureza e cultura, aínda que non significa que sexan dúas cousas realmente diferentes nin moito menos opostas, dado que a natureza humana é cultural.
- E a diferenciación entre as dúas tampouco ten que levar consigo unha catalogación moral, considerando unha boa e a outra mala.
- Unha característica fisiolóxica do ser humano é o seu nacemento prematuro, que leva consigo unha necesidade biolóxica de coidados prolongados que, á súa vez, forza un proceso de enculturación.
- A educación ten unha función de adaptación dos suxeitos á sociedade.
  - Ao longo da vida dunha persoa hai distintas persoas que contribúen á socialización e cuxa influencia varía coa idade.
  - A socialización ten entre os seus aspectos máis relevantes a proposta e asunción dunha serie de valores, ante os que o individuo vai reaccionando de xeito cada vez máis autónomo segundo vai madurando.
  - En todo ese proceso, a adolescencia é un momento de especiais dificultades e riscos: producíndose cambios físicos e novos impulsos que, en ocasións, poden levar a trastornos e adiccións.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Diferenza entre natureza e cultura.
- Relación entre cultura e valores.
- O papel da educación na vida humana.
- A maduración moral.
- Cambios fisiolóxicos da adolescencia.

- Algúns riscos asociados a esa etapa vital.

**Temporalización:**

Febreiro:

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Entender a relación entre natureza, cultura e moral.
- Coñecer algunha idea filosófica acerca desa relación.
- Valorar o proceso educativo desde o punto de vista da súa función social e moral.
- Elaborar unha visión persoal do proceso de socialización e o papel que representan tanto a sociedade coma o suxeito.
- Adquirir conciencia do sentido da maduración moral.
- Recoñecer algunhas peculiaridades da adolescencia.
- Entender e evitar certos riscos que corren os adolescentes debido ao seu proceso madurativo.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión da diferenza entre natureza e cultura.</li> <li>- Aproximación ao debate que frecuentement e vincula a anterior distinción con asuntos morais.</li> <li>- Identificación dalgunhas ideas filosóficas respecto a estas cuestións.</li> <li>- Relación da prematuridade coa necesidade de educación e socialización.</li> </ul>	1. Explicar os principios que regulan as relacións entre os cidadáns e	1.1. Explica e valora a relación entre natureza e cultura, así como o	CC L, CMCT, CEC
	2. Favorecer a comprensión e realización	2.1. Identifica os principais axentes e etapas do proceso de socialización	CAA, CSC
	3. Explicar en que consisten	3.1. Describe e avalía o proceso de socialización, mediante o	CAA
	4. Valorar o desenvolvemento moral das persoas.	4.1. Deseña un proxecto de vida conforme o modelo de persoa que	CSC, SIEP
	5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a	5.1. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual, ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados no tema e	CD, CAA

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración dun esquema dinámico que reflecta a maduración moral cos axentes que interveñen.</li> <li>- Coñecemento dalgúns cambios madurativos propios da adolescencia.</li> <li>- Precaución ante algúns riscos da adolescencia.</li> <li>- Comprensión de informacións, adquisición de</li> </ul>	<p>6</p> <p>Compaxinar unha actitude crítica co respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>SIE P</p>
---	---	---	------------------

## UNIDADE 8.

### Título

## A RELACIÓN COS DEMÁIS

### Descrición da unidade

A unidade trata dunha realidade que é determinante na nosa vida, como é a relación cos demais e que na adolescencia o é aínda máis, aínda que moito máis difícil de obxectivar e controlar nesa etapa da vida.

Dada a gran diversidade existente no campo das relacións no noso contorno social, procuramos expoñer esta con claridade pero con gran delicadeza, xa que se tocan realidades que son moi sensibles para os estudantes e, en moitos casos, se teñen prexuízos. Conseguir dos nosos estudantes un respecto convencido á devandita diversidade pode considerarse o fin último desta unidade, e seguramente de toda a materia.

- Faise unha reflexión sobre a familia por ser a base determinante das nosas relacións cos demais. Trátase de que os alumnos e as alumnas entendan a realidade familiar, de calquera tipo que sexa esta, como unha comunidade que require tamén un compromiso pola nosa banda para construíla.

- Os amigos e as amigas son a outra gran relación da vida. No grupo de amigos e amigas prodúcense as nosas primeiras relacións independentes e un primeiro contacto cunha realidade ata entón «sen importancia», a sexualidade. O tema trátase desde un punto de vista moral, para a información biolóxica haberá que remitir o alumnado á materia de Ciencias Naturais.
- Hai conflitos nas relacións que son algo natural e frecuente e o alumnado ten que aprender a distinguilos das agresións. Na unidade trátanse estes temas no contexto da escola pola súa relevancia na vida dos mozos nese momento.
- Centramos a reflexión moral no manexo das relacións conflictivas cunha aproximación á conduta asertiva como método idóneo e moral para a súa resolución.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- O sentido do noso compromiso na familia.
- O valor do grupo de amigos e amigas e como aproveitalo para o noso desenvolvemento persoal, con referencia especial ao ambiente escolar.
- A importancia da sexualidade na vida humana e a súa diversidade de expresións, así como o principio moral fundamental que debe rexer as nosas relacións neste terreo.
- Entender que é o *bullying*, a súa gravidade moral.
- Coñecer e adquirir métodos asertivos de enfrontarse ás situacións conflictivas.

### **Temporalización:**

Marzo:

## **2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Recoñecer o valor da familia e responder ao interese dos nosos pais con gratitude e colaboración.
- Valorar o papel dos amigos e as amigas desde unha perspectiva crítica.
- Definir o papel da sexualidade nas nosas relacións.
- Entender a importancia de aprender a convivir e participar na escola, para despois facelo na vida.
- Aclarar o que se entende por *bullying* e a gravidade, moral e penal, da devandita forma de acoso.
- Coñecer os mecanismos básicos dunha conduta asertiva ante os posibles conflitos, sexa entre amigos e amigas ou compañeiros e compañeiras.
- Practicar o debate, serio e sereno, entre compañeiros e compañeiras sobre os temas que nos interesan.
- Traballar de forma colaboradora con outros compañeiros e compañeiras en grupo.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Na familia temos unha experiencia básica de relación cos demais.</li> <li>- Como regra xeral, os fillos debemos gratitude aos nosos pais.</li> <li>- Para elixir os nosos amigos e amigas debemos ter un bo criterio.</li> <li>- Definir sexualidade e a importancia da súa regulación moral.</li> <li>- Valorar as nosas relacións e participación no centro escolar.</li> <li>- Saber diferenciar e detectar condutas agresivas graves doutras agresións.</li> <li>- Entender que a agresividade é un factor esencial da natureza humana co que temos que saber convivir.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información.</li> <li>- Desenvolvemento de actitudes de respecto aos que expresan ideas ou opinións diferentes.</li> </ul>	1. Analizar e valorar o papel da familia nas relacións humanas.	1.1. Aprecia o valor da familia na nosa vida.	C A A , C S
	2. Reflexionar sobre a influencia dos amigos e das amigas na relación cos demais.	2.1. Distingue entre a amizade construtiva e a negativa.	CA A, CS
	3. Entender a importancia da sexualidade na construción da nosa moral persoal.	3.1. Utiliza criterios morais para xulgar a sexualidade.	C C L , C A A ,
	4. Valorar as leis de convivencia no noso contorno	4.1. Coñece e valora as leis e normas que o afectan na	CA A,
	5. Saber o que é o acoso e o dano moral que provoca.	5.1. Recoñece correctamente o <i>bullying</i> e as súas	CA A, CS
	6. Xustificar e apreciar o papel dos valores na vida persoal e social, resaltando as súas características, clasificación e xerarquía.	6.1. Realiza un traballo sobre os valores éticos e preséntao en grupo mediante medios informáticos.	CD, CS C, CE C

## UNIDADE 9.

### ***Vida pública e liberdade***

#### **Descrición da unidade**

A relación entre o individuo e a sociedade ten aspectos positivos, que supoñen colaboración, e outros dun carácter máis conflitivo, nos que os intereses chocan.

Unha visión política desa relación reflíctese na contraposición das vidas pública e privada. Esta unidade pretende achegar ideas que permitan iluminala desde diferentes ángulos. En primeiro lugar, introducindo os alumnos e as alumnas ao significado e valor dos servizos públicos. En segundo lugar, coa achega de diferentes filósofos á reflexión acerca de cales son as obrigas dos cidadáns e se teñen algún límite posible ou razoable. O terceiro apartado trata da relación, non sempre harmoniosa, entre dereito e xustiza.

A unidade péchase abordando o tema desde un punto de vista máis próximo á realidade do adolescente, ao que el pode e debe facer fronte á inxustiza, comprendendo a importancia (a pesar do paradoxo) da obediencia ás leis para conservar a liberdade, dos beneficios duns valores comúns como os da DUDH e da adopción dunha actitude asertiva.

- En sociedades como a nosa é moi importante entender a distinción entre o público e o privado.
  - Esa diferenza non ten que conducir a unha oposición, senón máis ben á busca da harmonización de obxectivos, resultando moi importante que todos valoremos o común tamén como algo propio.
  - Debemos entender que a vida harmoniosa en sociedade implica que os cidadáns se vexan obrigados a cumprir cunha serie de obrigas.
  - Pero o recoñecemento anterior non pode escusar unha tiranía ditatorial na que se impoñan obrigas abusivas ou absurdas.
  - Varios filósofos contribuíron ao esclarecemento de cal é o sentido da obediencia e cales deben ser os seus límites.
  - O legal e o xusto non sempre coinciden, aínda que o ideal é que o fagan. Ao longo da historia buscáronse ideas e mecanismos que poidan contribuír nesa dirección.
  - O cumprimento das leis por parte de todos serve para preservar a liberdade máis que para rematar con ela.
  - A DUDH proporciona un marco que pode ser aceptado de xeito común e contribuír a aclarar como debemos actuar.
  - Desde un punto de vista persoal, a mellor actitude ante a inxustiza é a asertividade
- A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Diferenza entre pública e privado.
- Relación entre o común e o propio.
- A importancia do cumprimento das leis.
- Os límites do poder.
- O valor da DUDH como marco común.
- Os beneficios da asertividade.

**Temporalización:**

Marzo:

Abril:

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Entender a relación entre público e privado.
- Coñecer algunha idea filosófica acerca desa relación.
- Valorar as achegas históricas na construción dun dereito e unha legalidade que contribúa a beneficiar os diferentes pobos.
- Elaborar unha visión persoal dos posibles conflitos e das vantaxes dunha relación harmónica entre o público e o privado, o legal e o xusto.
- Adquirir conciencia dos beneficios do cumprimento das leis.
- Entender que a obediencia tampouco debe ser cega e valorar que hai circunstancias nas que a rebeldía está xustificada.
- Entender os beneficios dunha actitude asertiva.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

**3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión da diferenza entre público e privado.</li> <li>- Aproximación ao debate sobre as tensións que se producen sobre o que é común.</li> <li>- Valoración do respecto ao público.</li> <li>- Identificación dalgunhas ideas filosóficas respecto a estas cuestións.</li> <li>- Relación entre o legal</li> </ul>	1. Explicar os principios que regulan as relacións entre os cidadáns e o Estado.	1.1. Explica e valora a importancia do público e a obriga dos cidadáns de respectalo.	CC L, CS C, CE
	2. Favorecer a comprensión e realización do cumprimento dos principios sociais.	2.1. Identifica achegas filosóficas e históricas na construción dunha realidade legal e xusta.	CS C, CE C
	3. Explicar, apoiándose na DUDH a relación individuo-Estado.	3.1. Comenta, baseándose na DUDH, dereitos e obrigas sociais do individuo.	CD, CS C,



<p>e o xusto.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de esquemas sobre as ideas dos filósofos e as achegas históricas nestes temas.</li> <li>- Adopción de actitudes de respecto ao social e común, ao mesmo tempo que tenden a preservar a reflexión moral madura.</li> <li>- Comprensión da realidade social e exercicio dunha cidadanía construtiva.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.</li> </ul>		3.2. Explica límites do Estado apoiándose en valores reflectidos na DUDH.	CC L, CS
	4. Explicar en que consiste a socialización.	4.1. Describe o proceso de socialización, mediante o que se interiorizan valores, e sinala algúns perigos, recoñecendo	CC L, CS C,
	5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	5.1. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual, ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados na unidade e expoñendo as súas conclusións de forma argumentada	CC L, CD, CS C
	6. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e	SIEP

**UNIDADE 10.****MORAL E ETICA****Descrición da unidade**

Con esta unidade propónse unha aproximación á temática filosófica relacionada cos valores morais.

A xeito de xustificación da introdución da reflexión filosófica a idades tan temperás, lembramos que desde hai varios anos se desenvolveu e se estendeu por todo o mundo, a partir dos Estados Unidos, a chamada «filosofía para nenos e nenas» que, malia o seu carácter introdutorio ao pensamento racional, presenta un rigor moi aceptable. Aquí procuramos aplicar algúns dos principios desta filosofía ás realidades morais.

- Comézase aclarando o sentido do moral na vida do ser humano, en contraste e relación coa diversidade de accións que realizamos, e a súa estreita relación da acción moral coa realidade persoal.
- Explícase e aclárase a natureza moral do ser humano que nace moral pero ten que chegar a facerse moral. Nese camiño recoñécese a herdanza cultural recibida dos nosos antepasados como camiño para construír o noso futuro.
- Facemos unha descrición fenomenolóxica do moral e establécese a relación co ética.
- Definimos ética e a súa orixhistórica.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- Diferenciar a acción moral doutros tipos de accións.
- Establecer a estreita relación existente entre o moral e a persoa.
- Entender que, aínda que o ser humano nace como ser moral, ten que aprender a comportarse de forma moral coa súa acción libre e responsable.
- Coñecer as características das accións que chamamos morais a través das cales formamos un carácter moral.
- Definir que é ética, saber cal é a súa orixe e recoñecer o seu valor para a vida cotiá

**Temporalización:**

Abril:

**2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Recoñecer o uso e o significado do moral.
- Relacionar o moral coa acción con persoas.
- Definir a natureza moral do ser humano e valorar a aprendizaxe moral ao longo da vida.
- Saber as características do moral.
- Definir ética e coñecer as súas orixes.
- Valorar a importancia da ética na vida do ser humano.

**3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saber o significado e uso de «o moral».</li> <li>- Relacionar o moral coas accións que afectan as persoas.</li> <li>- Distinguir entre «moral», «inmoral» e «amoral».</li> <li>- Comprender por que o ser humano é moral por natureza.</li> <li>- Diferenciar as accións instintivas das voluntarias.</li> <li>- Relacionar a liberdade coa responsabilidade.</li> <li>- Saber o que é a Ética e a súa función na nosa vida.</li> <li>- Desenvolvemento de actitudes de respecto aos que expresan ideas ou opinións diferentes.</li> <li>- Colaborar cando se traballe en</li> </ul>	1. Distinguir o moral entre os distintos tipos de accións.	1.1. Diferencia a acción moral doutro tipo de accións.	CC L, CA
	2. Reflexionar sobre a persoa como eixe central da	2.1. Comprende a relación da persoa co moral.	CSC
	3. Explicar por que o ser humano é un ser moral.	3.1. Entende a diferenza entre instintivo e voluntario.	CD , CS
	4. Coñecer a diferenza entre o instintivo e o	4.1. Relaciona a liberdade coa responsabilidade.	CS C,
	5. Entender a necesidade da Ética	5.1. Sabe argumentar a necesidade da Ética.	CC L.
	6. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.	SIEP

**UNIDADE 11.****Título****OS VALORES ÉTICOS****Descrición da unidade**

A presente unidade é básica para comprender unha materia que precisamente se chama «Valores Éticos». Trátase de introducir os alumnos e alumnas nesa realidade tan complexa e tan aberta a múltiples investigacións como é o mundo axiolóxico. En certo sentido, esta unidade é unha xustificación da materia que os alumnos e as alumnas teñen diante.

Comezamos cunha descrición fenomenolóxica do que é o valor en xeral para pasar posteriormente a centrarnos nos valores éticos en particular.

- Empezamos mostrando un negativo: o que sería un mundo natural sen valores. Isto permite ao alumnado distinguir dous tipos de realidades: as naturais e as culturais, axiolóxicas, espirituais, etc.
- Faise unha breve descrición da esfera dos valores e a súa importancia na nosa vida cotiá.
- Presentamos as características dos valores máis fáciles de entender, e tamén na que están de acordo a maioría das escolas filosóficas que tratan o tema.
- Propoñemos unha aclaración sinxela do que son os valores éticos e os seus trazos distintivos respecto ao resto de valores.
- Finalmente, argumentamos a necesidade, e a utilidade, de que os cidadáns teñan unha idea clara do que son eses valores que son o fundamento das nosas sociedades democráticas.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- Que entendan o tipo de realidade dos valores en xeral.
- Recoñecer as principais características dos valores e a súa importancia na vida humana.
- Coñecer e apreciar os valores éticos, e tamén saber diferenciarlos doutros valores.
- Saber por que estudamos esta materia.

**Temporalización:**

Maio:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Diferenciar o mundo natural e o mundo dos valores.
- Recoñecer que vivimos nun mundo de valores.
- Coñecer as características principais dos valores.
- Saber cales son as características distintivas dos valores éticos.
- Entender o sentido da obriga moral como un aspecto distintivo dos valores éticos.
- Apreciar os valores éticos como fundamento da convivencia social.
- Comprender a necesidade de que se aprendan e ensinen os valores na sociedade e na escola.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

## 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	CC
Entender que vivimos nun mundo natural e de valores. - Os valores son calidades que apreciamos. - Os valores presentan dous polos. - Os valores e s t á n relacionados coa felicidade do ser humano. - Existe unha	1. Descubrir que vivimos nun mundo de valores.	1.1. Sabe distinguir os valores das outras realidades.	CC L, CA
	2. Reflexionar sobre as características dos valores.	2.1. Coñece as principais características	CC L,
	3. Distinguir os valores éticos doutros valores.	3.1. Distingue os valores éticos dos demais	CA A,
	4. Analizar a característica obriga dos	4.1. Comprende por que os valores éticos nos obrigan a	CSC
	5. Comprender as razóns do seu estudo e a necesidade de	5.1. Recoñece correctamente o sentido de estudar os valores éticos.	CA A, CS

<p>xerarquia nos valores.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Os valores éticos fan referencia a persoas.</li><li>- Os valores éticos obríganos a realízalos.</li><li>- Valorar a educación en valores.</li><li>- Uso de estratexias para</li></ul>	<p>6. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>SIEP</p>
---	---	---	-------------

## UNIDADE 12.

### OS DEREITOS HUMANOS

#### Descrición da unidade

Nesta unidade toca encadrar os valores e as actitudes nun marco legal e histórico máis xeral que poña de manifesto o respecto aos dereitos fundamentais das persoas: os dereitos humanos.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- Coñecemento do obxectivo e características dos dereitos humanos.
- O papel das ONG en pro dos dereitos humanos.
- Orixe e desenvolvemento históricos da Declaración Universal dos dereitos humanos e a súa estrutura.
- Fundamentación da dignidade de todo ser humano no respecto aos dereitos humanos.
- Rexeitamento das actitudes contrarias aos dereitos humanos.

#### Temporalización:

Maio:

Xuño:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Fundamentar a dignidade humana no respecto aos dereitos humanos.
- Identificar as características básicas dos dereitos humanos.
- Coñecer a orixe, estrutura e desenvolvemento histórico da DUDH.
  - Rexeitar actitudes contrarias aos dereitos humanos como a violencia e discriminación contra a muller e a infancia, o Holocausto, etc.

- Coñecer e valorar o papel das ONG en favor da dignidade de todo ser humano.
  - Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH.</li> <li>- Elaboración dunha liña de tempo cos fitos históricos da DUDH, sinalando as tres xeracións de dereitos.</li> <li>- Coñecemento do obxectivo e características dos dereitos humanos.</li> <li>- Apreciación dos valores éticos fundamentais dos dereitos humanos.</li> <li>- Valoración da tarefa das ONG na defensa dos dereitos humanos.</li> <li>- Rexeitamento das actitudes contrarias aos dereitos humanos.</li> <li>- Coñecemento e rexeitamento do Holocausto.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das</li> </ul>	1. Contextualizar historicamente a elaboración da DUDH e a creación da ONU.	1.1. Explica a función da DUDH como un «código ético» recoñecido polos países integrantes da ONU, co fin promover a xustiza, a	CC L, CS C, CE C	
		1.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que deron orixe á	CD, CA A, CE	
		1.3. Sinala os obxectivos que tivo a creación da ONU e a data na que se asinou a DUDH, valorando a importancia deste feito para a historia da humanidade.	CS C, CE C	
		2. Interpretar e apreciar o contido e estrutura interna da DUDH, co fin de coñecela e propiciar o seu aprecio e respecto.	2.1. Elabora unha campaña, en colaboración grupal, co fin de difundir a DUDH como fundamento do dereito e da democracia, no	CD, CAA , CSC , SIEP , CEC

<p>TIC.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de estratexias para tratar crítica e racionalmente a información e aplicala a distintos contextos.</li> <li>- Iniciativa á hora de afrontar problemas e perseveranza para defender</li> </ul>	<p>3. Identificar, no preámbulo da DUDH, o respecto á dignidade das persoas e os seus atributos esenciais.</p>	<p>3.1. Constrúe un esquema acerca da estrutura da DUDH, a cal se compón dun preámbulo e 30 artigos.</p>	<p>CAA , SIEP , CEC</p>
--	--	--	---

<p>racionalmamente fundamentadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración grupal.</li> </ul>	<p>4. Coñecer e apreciar os valores éticos dos dereitos humanos como base da dignidade das persoas.</p>	<p>4.1. Explica e aprecia en que consiste a dignidade que esta declaración recoñece ao ser humano como comparece, posuidora duns dereitos universais, inalienables e innatos, mediante a lectura do seu preámbulo.</p>	<p>C C L , C A A , C</p>
	<p>5. Elaborar unha presentación, facendo uso das TIC, coa que mostrar e apreciar a tarefa dalgunha ONG na súa defensa dos dereitos humanos.</p>	<p>5.1. Xustifica a necesidade de actuar na defensa dos dereitos da infancia, loitando contra a violencia e o abuso do que nenos e nenas son vítimas no século XXI, como o abuso</p>	<p>C C L , C S C , C E</p>
		<p>5.2. Emrende, en colaboración grupal, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu contorno</p>	<p>C S C , S I E P</p>
	<p>6. Identificar actitudes de discriminación contra a dignidade das persoas e contra os dereitos da muller e a infancia.</p>	<p>6.1. Coñece e rexeita o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns</p>	<p>C D , C S C , C</p>



<p>7. Obter información a través do uso responsable das TIC sobre casos históricos concretos de violación dos dereitos humanos, como o Holocausto.</p>	<p>7.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.</p>	<p>C D , C A A</p>
<p>8. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de defender os dereitos humanos e desenvolver actitudes</p>	<p>8.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación</p>	<p>S I E P</p>

### **Concrecións metodolóxicas que require a materia.**

A metodoloxía a empregar na nosa materia tal como sinala Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, ***deberá axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.***

O obxectivo do ensino de **VALORES ÉTICOS** no **primeiro curso da ESO ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal.** A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desaracionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

**No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave.** Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).

É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. **Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.**

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en **traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos**, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación

Esta materia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

- Fomentar a curiosidade natural do alumnado.
- Fomentar a valoración crítica.
- Utilizar internet como fonte de información.
- Utilizar textos históricos e literarios da época ilustrativos do pensamento da época.
- Utilizar internet como fonte iconográfica.
- Aproveitar as situación da vida cotiá para concienciar.
- Utilizar a televisión e a prensa.
- Poner exemplos coñecidos das enormes diferenzas existentes no acceso á información entre áreas e países da Terra.
- Utilizar o atlas e os mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos.
- Fomentar a curiosidade natural dos rapaces.
- Aproveitar o seu interese
- Aproveitar a predisposición favorable do alumnado cara á conservación do medio para afondar e consolidar conceptos.
- Buscar contraste de intereses para interiorizar as diferentes perspectivas e enfoques dun debate.
- Utilizar o atlas para localizar os principais espazos xeográficos.
- Debates entre estudantes.

### **Materiais e recursos didácticos.**

Os principais recursos didácticos para o uso da materia son os seguintes:

- Apuntes do docente.
- Caderno do alumno. (tipo DIN A 4)
- Prensa local, rexional e nacional.
- Material da biblioteca do centro e da aula.
- Aula de informática para o uso de recursos dixitais.

### **Criterios sobre avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.**

Tal como sinala a normativa, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

A avaliación será continua en canto que forma parte do proceso de ensinanza aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.**

As ferramentas de avaliación para o curso **2021-2022** cos seus correspondentes porcentaxes de cualificación son:

<b><i>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</i></b>	<b><i>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</i></b>
Actitude e participación na aula	20%
Probas de avaliación escritas	80%

Polo tanto, o resultado da avaliación será unha nota numérica sobre **10**, derivada das cualificacións obtidas nos traballos (**80%**), xunto coa actitude e participación positiva na clase (**20%** nota).

É necesario unha cualificación mínima dun cinco (5) na avaliación, para ser aprobar a avaliación, sendo necesario unha media de 4,5/10 nas probas de avaliación escrita para facer media co resto de porcentaxes.

Despois de cada avaliación haberá unha **proba de recuperación** para o alumnado que non acade a nota mínima de cinco (5). É necesario obter como mínimo unha cualificación de cinco (5) para considerar a avaliación como recuperada.

**A nota final de curso** será a media aritmética das tres avaliacións, tendo cada una un peso do 33%.

**A proba extraordinaria de xuño** constará de una parte escrita que poderá incluír exercicios prácticos. É necesario acadar unha cualificación mínima dun cinco (5) para aprobar a materia.

Por último, deixar constancia que ante o constante absentismo escolar nas datas de exames, todos/as aqueles/as alumnos/as que non se presenten as distintas probas escritas u orais (exposicións de traballos), terán que xustificar legalmente (parte médico,...) a súa falta de asistencia na data na que se realizou dita proba, de non ser así, a cualificación será de suspenso. Tamén incidir en que aqueles alumnos/as que sexan intervidos copiando nun exame a súa cualificación será de suspenso, e se non presentan os traballos individuais ou en equipo obrigatorios e o caderno, debidamente elaborados segundo os criterios establecidos e nos prazos indicados pola profesora, non se puntuarán.

**O portfolio** é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na **recollida de evidencias** da evolución da cada alumno e alumna. Cada evidencia debe recoller unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora personal. O portfolio pode ser en formato papel ou dixital.

As **evidencias** que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Probas escritas por competencias de avaliación.
- Autoevaluación do propio alumnado.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos en base ás actividades do libro.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Problemas con resolución a base de razoamento lóxico.

## Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao profesorado avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
<i>Temporalización da unidade didáctica</i>			
<i>Desenvolvemento dos obxectivos didácticos</i>			
<i>Manexo dos contidos da unidade</i>			
<i>Flexibilidade nas necesidades e intereses do alumnado</i>			
<i>Actividades con planes de traballo predefinidos</i>			
<i>Tarefas diversas que favoreceron a adquisición de competencias clave</i>			
<i>Estratexias metodolóxicas de aprendizaxe seleccionadas</i>			
<i>Recursos variados</i>			
<i>Claridade nos criterios de avaliación</i>			
<i>Uso de diversas ferramentas de avaliación</i>			
<i>Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe</i>			



<b><i>Atención á diversidade</i></b>			
<b><i>Interdisciplinabilidade</i></b>			
<b><i>Ambiente de traballo</i></b>			
<b><i>Actividades individuais</i></b>			
<b><i>Actividades grupais</i></b>			

### **Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Ao comenzo de curso entregarase a cada alumna/o coa asignatura pendente un *caderno de actividades de reforzo* para ser realizadas pola súa conta.

A cualificación dos/as alumnos/as pendentes farase tendo en conta os seguintes criterios:

- *Alumnado que non entrega o caderno de actividades de reforzo*: pola nota acadada no exame de recuperación da asignatura pendente, sendo necesario a obtención dunha cualificación mínima dun cinco (5) para aprobar a asignatura.
- *Alumnado que entrega o caderno de actividades de reforzo*: pola participación e presentación dos cadernos entregados con exercicios de repaso, así como pola súa actitude en xeral con respecto á materia.

### **Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consencuencia dos seus resultados.**

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.

- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### ***Necesidades individuais***

Derivada da **avaliación inicial**, ésta facilítanos o coñecemento acerca do grupo como, o que vai ser fundamental para:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

### **Necesidades colectivas**

Como medidas para a inclusión e atención á diversidade:

- **Para todos os alumnos e alumnas:**
  - Actividades de reforzón da unidade didáctica.
  - Follas de mapas conceptuais incompletos.
  - Actividades de apoio e ampliación.
- **Para algún alumnos e alumnas:**
  - Tarefas de adaptación curricular.
  - Actividades de ampliación da unidade didáctica.

## **Medidas de atención á diversidade.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece os principios e fins do sistema educativo; entre os que destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a **educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado**; a orientación educativa e profesional do estudiantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

Asemade, establécese que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Neste ámbito, o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala como o gran obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades

intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

Por tanto, aprender e ensinar a recoñecer, valorar e respectar as diferenzas, e comprender o concepto de diversidade no seu sentido máis amplo loitando contra múltiples barreiras como as sociais, as físicas, as sensoriais, as cognitivas, as estruturais, as comunicativas ou as curriculares, e con elo entender que a diversidade é unha oportunidade para construír a convivencia e desenvolvemento persoal do alumnado, e loitar para a eliminación de ditas barreiras.

**A atención á diversidade pon en valor a personalización do proceso de ensino aprendizaxe**, que deberá adaptarse ás distintas realidades do alumnado, considerando as súas potencialidades, o seu desenvolvemento, os seus distintos ritmos, os seus estilos e as distintas formas de aprender que ten cada alumno/a.

Para iso, as actuacións encamiñadas a romper barreiras serán:

- Aplicar metodoloxías e estratexias de ensino-aprendizaxe flexibles, participativas, activas, creativas, de equidade e que favorezan as relacións interpersoais e o respecto mutuo.
- Organizar aulas accesibles para a aprendizaxe e a convivencia da diversidade do alumnado.
- Dispoñer de materias diversos que atendan a diversidade na aula e facilitan a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado
- Aproveitar as múltiples posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación
- Propiciar situación de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumnado, en lugar de partir das súas dificultades.
- Interactuar co alumnado estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, favorecendo a interrelación entre o alumnado e os apoios naturais entre iguais.

Tendo en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, intentarase proporcionar ao alumnado que o precise distintas tarefas con distintos niveis de profundidade e complexidade, tal como ven reflectido no desenvolvemento das unidades didácticas.

En relación ás orientacións sobre a **avaliación deste alumnado**, dita avaliación deberá permitírnos valorar aspectos tales como as axudas e os apoios prestados, os recursos utilizados, a adecuación metodolóxica, de maneira que non se centre unicamente en resultados finais senón que teña en conta a valoración dos distintos factores que poden incidir neste proceso, dos procesos seguidos e das aprendizaxes e competencias acadadas, e debe contar cos recursos e co tempo que necesiten.

Prestarase especial atención á **avaliación inicial**, antes comentada, para determinar o nivel de competencia de cada alumno/a, como punto de partida para a elaboración dunha programación de aula que ten en conta distintos niveis de desempeño.

Así, personalizaremos a avaliación adaptándoa ás peculiaridades do alumnado e asegurando a concordancia coa metodoloxía de aprendizaxe. A avaliación farase en función dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Procurarase avaliar en positivo, resaltando aquilo que o alumno/a é capaz de facer ou foi adquirindo.

A avaliación ten como finalidade comprobar se se acadaron as aprendizaxes e informar do proceso seguido. Os instrumentos de avaliación deben encamiñarse a acadar esas dúas finalidade, adaptándose á realidade de cada un dos alumnos/as, para valorar os logros e progresos acadados nas aprendizaxes.

### **Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

Os elementos transversais que trataremos na asignatura neste 1º curso da ESO son:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información (TIC), o emprendemento e a educación cívica e constitucional.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A isto se engade o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos así como os valores de liberdade; xustiza; igualdade; pluralismo político; a paz; a democracia; o respecto aos dereitos humanos; a igualdade de xénero; loita contra estereotipos que supoñan discriminación; loita contra comportamentos sexistas respecto ás persoas con discapacidade ou loita contra calquera tipo de violencia.

Tamén tratarase o desenvolvemento do espírito emprendedor, o fomento da igualdade de oportunidades, respecto ao emprendedor e empresario e ética empresarial.

Por último, trataremos a educación e seguridade vial, para promover comportamentos que melloren a convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

#### 4. Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento didáctico.

O departamento de Xeografía e Historia propón para o curso 2021-2022 as seguintes **actividades extraescolares**, según avance a situación derivada do COVID 19 divididas por trimestres:

<b>ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR:</b>  <b>Visita a Sogama</b>	<b>1º TRIMESTRE</b>
<b>Xustificación:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que o alumnado coñeza o sistema de reciclaxe nunha sociedade como a nosa e a importancia da reciclaxe</li> </ul>	<b>Data:</b> outubro-novembro
<b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b>

<b>ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR</b>  <b>Visita ao Museo do Mar</b>	<b>2º TRIMESTRE</b>
<b>Xustificación:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer a importancia do coidado do medio e o respecto polo planeta</li> </ul>	<b>Data:</b> febreiro-marzo
<b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis:</b>

<b>ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR:</b>  <b>Visita a un pleno do Concello de Redondela.</b>	<b>3º TRIMESTRE</b>
<b>Xustificación:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recoñecer a importancia da política como xeneradora de accións modificadoras do contorno-</li> </ul>	<b>Data:</b> abril-maio
<b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis:</b>

Como **actividades complementarias** á formación para o curso 2021-2022 decidíronse por parte do departamento as seguintes:



<p><b>ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA:</b></p> <p><b>A CONTAMINACIÓN DO PLASTICO</b></p>	<p><b>1º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b></p> <p>A importancia da protección do medio ambiente en especial ao papel contaminante do plástico.</p>	<p>Data : <b>setembro-decembro</b></p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor</p>	<p>Estándares de aprendizaxe avaliáveis XHB3.13.1</p>

<p><b>ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA:</b></p> <p><b>Limpieza dun bosque</b></p>	<p><b>3º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b></p> <p>Pedírase ao alumnado que elabore un traballo sobre a actividade industrial en Galicia e o mundo rural galego con especial incidencia á contaminación xenerada por dita actividade.</p>	<p>Data: <b>abril -xuño</b></p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor</p>	<p>Estándares de aprendizaxe avaliáveis XHB2.2.1 XHB 2.3.1 XHB 2.6.1</p>

## 5. Contribución ao Plan Lector, ao Plan de Convivencia e ao Plan TIC.

### Contribución ao Plan lector.

Dende o Departamento de Xeografía e historia do IES valórase positivamente o “Plan de Fomento da lectura” e para acadar os seus obxectivos recomendarase unha serie de **lectura de libros** relacionadas coa materia e o acercamento á **prensa escrita tanto de ámbito nacional, rexional e local**, con temas relacionados coa materia e que teñan actualidade para poder interrelacionalos coa UD que se está desenvolvendo.

A **idea e mellorar entre outras, a comprensión lectora, a ortografía, a achega de información e fomentar espírito crítico**. Todos os libros recomendados están a disposición do alumnado na biblioteca no centro ou na propia biblioteca do departamento de ciencias sociais.

LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS	1º TRIMESTRE
El lugar más bonito del mundo (Anna Cameron)	

LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS	2º TRIMESTRE
Los juegos del hambre (A Collins)	

LIBRO LECTURA RECOMENDADO	3º TRIMESTRE
La buena suerte (Alex Rovira)	

### **Contribución ao Plan de convivencia.**

Tal como se sinalou no apartado de aspectos transversais, o desenvolvemento do espírito de convivencia é fundamental na nosa materia. Tal como sinalamos, é clave o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos así como os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, a igualdade de xénero, loita contra estereotipos que supoñan discriminación, loita contra comportamentos sexistas; respecto ás persoas con discapacidade ou loita contra calquera tipo de violencia.

### **Contribución ao Plan TIC**

Tal como se sinala no apartado de materiais e recursos didácticos, a competencia dixital nesta etapa educativa é un elemento clave. Para iso, desenvolveremos ao longo de todo o currículo da materia o uso de aulas con equipos informáticos con conexión a Internet para manexar:

- Páxinas interactivas.
- Uso de Google e outros buscadores
- Enlaces a páxinas web en cada unidade didáctica á hora de realizar algunhas actividades do libro do alumno.

## Mecanismos de revisión, da avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

ITEMS VALORATIVOS PROGRAMACION 1º ESO VALORES ÉTICOS	NECESÍTANSE INTRODUCIR MELLORAS IMPORTANTES (0)	MELLORABLE (1)	CORRECTO (2)	EXCELENTE (3)	TOTAL
1. Houbo coordinación docente na súa elaboración	Non se facilitou a coordinación docente por ningunha vía	Houbo coordinación docente pero non se implementou en todas as programacións	Houbo coordinación docente e implementouse por enriba do 80%	Houbo coordinación docente e implementouse na totalidade das programacións	
2. Acadáronse os obxectivos xerais da materia	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por debaixo do 50%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia entre un 50 e un 75%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por enriba do 75%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por enriba do 90%	
3. Acadáronse os estándares de aprendizaxe	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por debaixo do 50%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe entre un 50 e un 75%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por riba dun 75% pero menos do 90%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por enriba do 90%	
4. Se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia e Plan TIC	Non se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia nin Plan TIC	Se contribuíu ao Plan lector	Se contribuíu ao Plan lector e Plan de convivencia	Se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia e Plan TIC	
5. Se traballaron as competencias clave	Non se traballaron as competencias clave	Se traballaron algunhas competencias clave	Se traballaron case todas as competencias clave	Se traballaron as competencias clave	
6. Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos	Non se usaron correctamente os materiais e recursos didácticos	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos pero en grado mínimo	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos en grado medio	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos	
7. Realizáronse todas as actividades extraescolares programadas	Non se realizou ningunha das actividades extraescolares programadas	Realizouse só unha actividade extraescolar programada	Realizáronse dúas actividades extraescolares programadas	Realizáronse todas as actividades extraescolares programadas	
8. Se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado	Non se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado			Se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado	
9. Acadáronse os contidos incluídos no currículo	Non se acadaron os contidos incluídos no currículo	Acadáronse máis da metade pero menos do 75% dos contidos incluídos no currículo	Acadáronse máis do 75% pero menos do 90% dos contidos incluídos no currículo	Acadáronse os contidos incluídos no currículo por enriba do 90%	
10. Se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar	Non se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar			Se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar	
11. Explicouse ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación	Non se explicou ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación			Explicouse ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación	

Posto que a puntuación máxima é de 33 puntos (11 items por 3 puntos cada un deles), enténdese que unha puntuación por debaixo dos 16 puntos esixirá unha revisión global da programación didáctica desta materia para o vindeiro curso.

PROFESORADO:

*BEATRIZ E. SEOANE TARRÍO /ALFONSO DÍAZ ANDRÉS*

SETEMBRO 2021

**PROGRAMACIÓN  
VALORES ÉTICOS  
2ºESO  
IES ILLA DE SAN SIMÓN  
CURSO 2021-2022**

## INTRODUCCIÓN

### 1. Normativa.

A seguinte programación didáctica corresponde á materia de **Valores Éticos en primeiro curso da ESO**. A normativa a ter en conta para este nivel educativo é a seguinte:

- *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

### 2. Contextualización da programación.

O IES Illa de San Simón é un dos catro centros educativos de carácter público que imparten o nivel de educación secundaria obligatoria (ESO) no concello de Redondela. Está situado na Avenida de Mendiño 28, na parroquia máis pequena do concello, Santiago de Redondela, que fai as veces de capital, e comenzou a súa andaina no curso 1999-2000.

O concello de Redondela, pertence á área metropolitana de Vigo tendo unha extensión de 51,9 kilómetros cadrados. No ano 2017, e cos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) contaba cunha poboación empadroada de 29.392 habitantes, sendo o cuarto municipio máis poboado da provincia, tras Vigo, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa. O término municipal está situado entre as dúas primeiras, e dista 13 km de Vigo e 20 de Pontevedra.

O alumnado é dende o punto de vista lingüístico, castelano falante, e procede das trece parroquias do concello, pero principalmente de Cesantes, O Viso, Ventosela, Reboreda e Santiago de Redondela.

A oferta educativa para o curso 2021-2022 consiste no primeiro e segundo ciclo da Educación Secundaria Obligatoria cos seguintes grupos:

- 1º ESO: 3 grupos
- 2º ESO: 3 grupos
- 3º ESO: 3 grupos
- 4º ESO: 3 grupos.





## 1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

## 2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES ÉTICOS 2.º ESO

1. Expresar o significado da personalidade, describindo as virtudes e os valores éticos que fortalecen o carácter e axudan a actuar sobre a base da razón e da liberdade.
2. Tomar conciencia da importancia que teñen o desenvolvemento da autonomía e o control da conduta no crecemento moral da persoa cara á vida adulta.
3. Desenvolver certas habilidades sociais e técnicas de comunicación para dominar formas e xestos habituais que favorezan tanto as relacións interpersoais como o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas.
4. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para construír un autoconcepto positivo e potenciar a súa autoestima.
5. Valorar a importancia das habilidades emocionais, sociais e asertivas, co fin de moldear a personalidade a través de valores e virtudes éticos que favorezan as relacións interpersoais positivas e respectuosas, asegurando así unha vida en sociedade máis xusta e enriquecedora.
6. Entender a influencia das virtudes e dos valores éticos no establecemento respectuoso e comprensivo de relacións interpersoais, así como no exercicio da liberdade individual e social.
7. Identificar a liberdade como base que sostén a moral da persoa e a intelixencia, a vontade e as normas éticas como medios que rexen a súa conduta.
8. Sinalar os límites entre a liberdade persoal e a social, marcados pola ética e os dereitos humanos.
9. Recoñecer a vida privada e pública das persoas para trazar os límites da liberdade individual e social.
10. Asumir que a liberdade e a xustiza conforman a base moral do ser humano, valorando a vontade e a razón como elementos que incrementan a súa independencia e autonomía na sociedade.
11. Coñecer diversas teorías éticas, así como os elementos comúns e diferenciadores que as compoñen.
12. Comprender os elementos máis significativos de teorías éticas, como o hedonismo de Epicuro, o eudemonismo aristotélico e a ética utilitarista.
13. Aproximarse aos aspectos básicos do eudemonismo aristotélico, apreciando a súa validez na actualidade.
14. Coñecer as semellanzas e as diferenzas entre a ética, o dereito e a xustiza.
15. Coñecer o panorama actual respecto ao exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, coñecendo as causas da situación e tomando conciencia delas, co fin de promover a súa solución.
16. Tomar conciencia da falta de neutralidade de certas investigacións científicas actuais, cuxos obxectivos non respectan un código ético fundamentado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, en prol dun falso progreso e prexudicando as persoas ou o ambiente.
17. Coñecer que é a tecnociencia e avaliar o seu impacto negativo no ambiente.
18. Aplicar os valores éticos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos como criterio para establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, evitando así unha aplicación indebida e facilitando a resolución dos dilemas morais que adoitan presentarse nos campos da medicina e da biotecnoloxía.
19. Entender os problemas que a dependencia da tecnoloxía provoca ao ser humano.
20. Identificar pautas e investigacións científicas que non respectan o código ético fundamentado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

## 3. DESCRITORES

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.</li> <li>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</li> <li>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.</li> <li>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.</li> </ul>
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).</li> <li>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor e responder preguntas.</li> </ul>
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.</li> <li>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.</li> <li>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.</li> </ul>

	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.</li> <li>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.</li> <li>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.</li> </ul>
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</li> <li>- Manter unha actitude favorable cara á lectura.</li> </ul>
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</li> <li>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> </ul>
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.</li> <li>- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.</li> </ul>

<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>
	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.</li> <li>- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.</li> <li>- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.</li> </ul>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.</li> <li>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.</li> <li>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>

<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.</li> <li>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> </ul>
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.</li> <li>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>- Involucrarse ou promover accións cun fin social.</li> </ul>
<i>Sentido de iniciativa e</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.</li> <li>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> <li>- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.</li> </ul>

<i>espírito emprendedor</i>	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.</li> <li>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.</li> </ul>
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.</li> <li>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.</li> <li>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> <li>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> </ul>
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</li> </ul>
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.</li> <li>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.</li> </ul>

#### 4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

##### **Descrición do modelo competencial**

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudará a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, debera conducirnos a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

##### **Na área de Valores Éticos**

Na área de Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

##### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos debullar o eixe no que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións propias ou baseadas en teorías éticas e filosóficas. Ademais, permite considerar e realizar xuízos morais ou aplicar estratexias de resolución de problemas e de conflitos.

Os descritores que podemos traballar son:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.



- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e das súas repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura, a análise e a reflexión de libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste modo, desenvolveranse a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, ao mesmo tempo que se adquiren coñecementos sobre as teorías e os valores éticos, a moral, a liberdade, a xustiza, os dereitos humanos e a vida en sociedade.

Por outro lado, contribuirase conxuntamente á comunicación lingüística e á transmisión de valores a través da reflexión individual e grupal sobre situacións pasadas e actuais, da busca de información, da elaboración e exposición de traballos en colaboración que esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e sentimentos, utilizando as linguaxes verbal, corporal e artística.

Os descritores que podemos utilizar son:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais correctas para elaborar textos escritos e orais.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.

### *No caso de centros plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que possibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos, de teorías éticas e científicas e de tratados internacionais que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía, os valores éticos e a sociedade, para que aprenda a facer un bo uso dela ao longo da súa vida.

Os descritores que podemos utilizar son:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida en que se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores culturais. Á súa vez, posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores éticos e os dereitos e os deberes socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade, e fomentar o gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a construción da súa personalidade, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade ou o respecto á pluralidade cultural, política e relixiosa, favorecendo a socialización e a adquisición de comportamentos morais significativos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e da xustiza, e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a capacidade de innovación, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área fórmulanse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie

accións novas, investigue, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais, dixitais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cómpre traballar son:

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

### *Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender implica ser consciente das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade dos feitos históricos e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que se poden utilizar son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 5. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os contidos da área de Valores Éticos agrúpanse en seis bloques e ligados a eles propóñense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía, priorizar os seus valores e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

### CONTIDOS

#### Bloque 1. A dignidade da persoa

1. O desenvolvemento da personalidade e as virtudes éticas.
  - O proxecto persoal de vida e a función dos valores éticos.
  - Actos, hábitos e carácter.
  - A importancia da virtude en Aristóteles.

#### Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

1. O desenvolvemento social no ser humano, as relacións interpersoais e os valores éticos.
  - A dignidade da persoa e as relacións interpersoais.
  - A asertividade, as habilidades sociais e os valores éticos.
  - A intelixencia emocional e a súa importancia na vida moral.
  - O respecto aos valores éticos a través das habilidades sociais e a asertividade.

#### Bloque 3. A reflexión ética

1. As normas éticas como guía da liberdade.
  - A liberdade persoal e os factores que interveñen no seu desenvolvemento.
  - A educación como un dereito da persoa e un deber da sociedade.
  - A necesidade dos valores e as normas éticos no individuo e na sociedade.
  - Problemas derivados da ausencia de valores e de normas éticos.
2. As teorías éticas.
  - Éticas materiais e éticas formais.
  - O eudemonismo Aristotélico.
  - O hedonismo epicúreo.
  - O utilitarismo de John Stuart Mill.

#### Bloque 4. Xustiza e política

1. O concepto de xustiza.
  - A variedade cultural e o carácter relativo da xustiza.
  - O recoñecemento do que é xusto.
  - A xustiza entendida como equilibrio.
  - Distintas formas de concibir a xustiza.

#### Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH

1. A busca da liberdade e da igualdade.
  - A escravitude e o sometemento dos seres humanos.
  - A loita pola liberdade e a igualdade e o fin da escravitude.

- A historia da submisión da muller ao varón.
- O feminismo e a loita pola liberación da muller.

## **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. A relación entre ética, ciencia e tecnoloxía.
  - A distinción entre a investigación e a aplicación científica e tecnolóxica, e os valores que achegan á humanidade.
  - A tecnociencia e a concepción tradicional da ciencia e da tecnoloxía.
  - O mito da neutralidade científica e a falsa noción de progreso.
2. A necesidade da reflexión ética acerca da ciencia e da tecnoloxía: os dilemas morais.
  - Os límites éticos e xurídicos da investigación e da aplicación científica e tecnolóxica.
  - A tecnodependencia.
  - A tecnociencia e o seu impacto negativo no medio ambiente.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

### **Bloque 1. A dignidade da persoa**

1. *Entender a relación que existe entre os actos, os hábitos e o desenvolvemento do carácter, mediante a comprensión do concepto de virtude en Aristóteles e, en especial, o relativo ás virtudes éticas, pola importancia que teñen no desenvolvemento da personalidade.*
  - 1.1. Indaga en diversas fontes acerca do concepto de virtude e as súas características en Aristóteles, sinalando a relación que ten cos actos, os hábitos e o carácter, elaborando conclusións de forma razoada acerca do tema.
  - 1.2. Explica os beneficios que, segundo Aristóteles, achegan as virtudes éticas ao ser humano, identificando algunhas delas e ordenándoas, de acordo co seu criterio, e explicando os argumentos nos que fundamenta a devandita orde.
2. *Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír de xeito consciente e voluntario na construción da súa propia identidade conforme os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.*
  - 2.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a súa propia identidade e facer de si mesmo unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc.; nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesma.
  - 2.2. Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.

## **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais**

1. *Comprender e valorar a importancia que teñen os valores e as virtudes éticos para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.*
  - 1.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais; entre elas, a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc.
2. *Utilizar de xeito habitual formas e xestos que favorecen o respecto á dignidade e aos dereitos das persoas nas relacións interpersoais, mediante o exercicio e o desenvolvemento dalgunhas habilidades sociais e técnicas de comunicación.*
  - 2.1. Mantén unha conduta asertiva, evitando o comportamento agresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental nas relacións interpersoais o respecto á dignidade das persoas.
  - 2.2. Emprega e exercita, en diálogos curtos reais ou inventados, as súas habilidades sociais, como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, entre outras, co fin de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación cos demais.
  - 2.3. Practica algunhas técnicas de comunicación interpersoal mediante a realización de diálogos orais, como a forma adecuada de dicir *non*, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxectivo de dominalas e utilízalas no momento adecuado.
  - 2.4. Nas relacións interpersoais, mostra unha actitude de respecto cara aos dereitos de todo ser humano a sentir, a pensar e a actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e, especialmente, a ser valorados polo simple feito de ser persoas, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc.
3. *Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional en relación coa vida interpersoal e establecer o seu vínculo con aqueles valores éticos que enriquecen as relacións humanas.*
  - 3.1. Comprende a importancia que teñen a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais.

## **Bloque 3. A reflexión ética**

1. *Destacar o significado e a importancia da natureza moral do ser humano, analizando as súas etapas de desenvolvemento e tomando conciencia da necesidade que ten de normas éticas, libre e racionalmente asumidas, como guía da súa conduta.*
  - 1.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano, destacando a magnitude das súas diferenzas e apreciando as consecuencias que estas teñen na vida das persoas.
  - 1.2. Identifica en que consiste a estrutura moral da persoa e as súas características como ser racional e libre, razón pola cal é responsable da súa conduta e das consecuencias que esta teña.
2. *Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral da persoa e apreciar o papel que a intelixencia e a vontade teñen como factores que incrementan a capacidade de autodeterminación.*
  - 2.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e de estrutura moral.
  - 2.2. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia, que nos permite coñecer posibles opcións para elixir, e a vontade, que nos dá a fortaleza suficiente para facer o que decidimos facer.
  - 2.3. Analiza algúns factores biolóxicos, psicolóxicos, sociais, culturais e ambientais que inflúen no desenvolvemento da intelixencia e da vontade, especialmente o papel da educación, expoñendo as súas conclusións de forma clara mediante unha presentación en soporte informático e audiovisual.

3. *Tomar conciencia da importancia dos valores e das normas éticos como guía da conduta individual e social, asumindo a responsabilidade de difundilos e de promovelos polos beneficios que achegan á persoa e á comunidade.*
  - 3.1. Destaca algunhas das consecuencias negativas que, a nivel individual e comunitario, ten a ausencia de valores e de normas éticos, como o egoísmo, a corrupción, a mentira, o abuso de poder, a intolerancia, a insolidariedade, a violación dos dereitos humanos, etc.
  - 3.2. Emrende, utilizando a súa iniciativa persoal e a colaboración en grupo, a organización e o desenvolvemento dunha campaña no seu contorno co fin de promover o recoñecemento dos valores éticos como elementos fundamentais do pleno desenvolvemento persoal e social.
4. *Explicar as características e os obxectivos das teorías éticas, así como a súa clasificación en éticas de fins e procedementais, sinalando os principios máis destacados do hedonismo de Epicuro.*
  - 4.1. Enuncia os elementos distintivos das teorías éticas, elaborando un esquema coas súas características máis destacadas.
  - 4.2. Enuncia os aspectos fundamentais da teoría hedonista de Epicuro e os valores éticos que defende, destacando as características que a identifican como unha ética de fins.
  - 4.3. Elabora, en colaboración grupal, argumentos a favor e en contra do epicureísmo, expoñendo as súas conclusións cos argumentos racionais correspondentes.
5. *Entender os principais aspectos do eudemonismo aristotélico, identificándoo como unha ética de fins e valorando a súa importancia e a súa vixencia actual.*
  - 5.1. Explica o significado do termo «eudemonismo» e o que para Aristóteles significa a felicidade como ben supremo, elaborando e expresando conclusións.
  - 5.2. Distingue os tres tipos de tendencias que hai no ser humano, segundo Aristóteles e a súa relación co que el considera como ben supremo da persoa.
  - 5.3. Achega razóns para clasificar o eudemonismo de Aristóteles dentro da categoría das éticas de fins.
6. *Comprender os elementos máis significativos da ética utilitarista e a súa relación co hedonismo de Epicuro, clasificándoa como unha ética de fins e elaborando argumentos que apoiem a súa valoración persoal acerca deste plan ético.*
  - 6.1. Salienta as ideas fundamentais da ética utilitarista: o principio de utilidade, o concepto de pracer, a compatibilidade do egoísmo individual co altruísmo universal e a situación do valor moral nas consecuencias da acción, entre outras.
  - 6.2. Enumera as características que fan do utilitarismo e do epicureísmo éticas de fins.
  - 6.3. Argumenta racionalmente as súas opinións acerca da ética utilitarista.

#### **Bloque 4. A xustiza e a política**

1. *Comprender e valorar a importancia da relación entre os conceptos de ética, política e xustiza, mediante a análise e a definición destes termos, destacando o vínculo entre eles no pensamento de Aristóteles.*
  - 1.1. Explica e aprecia as razóns que dá Aristóteles para establecer un vínculo entre ética, política e xustiza.
  - 1.2. Utiliza e selecciona información acerca dos valores éticos e cívicos, identificando e apreciando as semellanzas e as diferenzas entre eles.
2. *Coñecer e apreciar a política de Aristóteles e as súas características esenciais, así como entender o seu concepto da xustiza e a súa relación co ben común e a felicidade, elaborando un xuízo crítico acerca da perspectiva deste filósofo.*
  - 2.1. Elabora, recorrendo á súa iniciativa persoal, unha presentación con soporte informático, acerca da política aristotélica como unha teoría organicista que propón unha finalidade

ética do Estado.

- 2.2. Selecciona e usa información, en colaboración grupal, para entender e apreciar a importancia que Aristóteles dá á xustiza como o valor ético no que se fundamenta a lexitimidade do Estado e a súa relación coa felicidade e o ben común, expoñendo as súas conclusións persoais debidamente fundamentadas.

## **Bloque 5. Os valores éticos, o dereito e a DUDH**

1. *Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade e estimar a importancia do problema que formula na actualidade o exercicio dos dereitos da muller e da infancia en gran parte do mundo, tomando conciencia dela co fin de promover a solución deses problemas.*
  - 1.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos.
  - 1.2. Dá razóns acerca da orixe histórica do problema dos dereitos da muller, recoñecendo os padróns económicos e socioculturais que fomentaron a violencia e a desigualdade de xénero.
  - 1.3. Emprende, en traballo colaborador, a elaboración dunha campaña contra a discriminación da muller e a violencia de xénero no seu ámbito familiar, escolar e social, avaliando os resultados obtidos.

## **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía**

1. *Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos co fin de orientar a súa actividade conforme aos valores defendidos na DUDH.*
  - 1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía, avaliando os impactos positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana: social, económico, político, ético e ecolóxico, entre outros.
  - 1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos á investigación e práctica tanto científica coma tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.
  - 1.3. Recorre á súa iniciativa persoal para expoñer as súas conclusións acerca do tema tratado, utilizando medios informáticos e audiovisuais, de forma argumentada e ordenada racionalmente.
2. *Recoñecer que, na actualidade, existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada cando os obxectivos que se pretenden non respectan un código ético fundamentado na DUDH.*
  - 2.1. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos expostos na DUDH, xerando impactos negativos no ámbito humano e ambiental, sinalando as causas.
  - 2.2. Diserta, en colaboración grupal, acerca da idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu contorno, elaborando e expoñendo conclusións.
  - 2.3. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgunhas das ameazas que para o ambiente e para a vida ten a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnoloxía, como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc.
3. *Recoñecer a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos á actividade científica e tecnolóxica, utilizando como criterio de demarcación os valores éticos da DUDH, co fin de evitar a súa aplicación inadecuada e de solucionar os dilemas morais que ás veces se*



*presentan, especialmente no terreo da medicina e da biotecnoloxía.*

- 3.1. Destaca o valor da investigación científica e técnica, pero, ademais, xustifica a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos no seu uso e aplicación, co fin de garantir o respecto á dignidade humana e os dereitos fundamentais, así como a protección do ambiente.
  - 3.2. Analiza información, seleccionada de diversas fontes, co fin de coñecer en que consisten algúns dos últimos avances en medicina e en biotecnoloxía que formulan dilemas morais, tales como a utilización de células nai, a clonación, a eutanasia e a euxenesia, entre outros, sinalando algúns perigos que estes encerran se non se respectan os valores éticos, como pode ser, por exemplo, a manipulación xenética con fins económicos, políticos, etc.
  - 3.3. Asume unha actitude de tolerancia e de respecto ante as diferentes opinións que se expresan, co fin de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas formuladas.
4. *Entender e valorar o problema da tecnodependencia e a alienación humana á que esta conduce.*
- 4.1. Destaca o problema e o perigo que representa para o ser humano a tecnodependencia, sinalando os seus síntomas e as súas causas, e considerando as súas consecuencias negativas, como unha adicción incontrolada aos dispositivos electrónicos, aos videoxogos e ás redes sociais, que conducen as persoas cara a unha progresiva deshumanización.
5. *Identificar e valorar algúns impactos negativos que, para a especie humana e para o seu ámbito natural, produciron o desenvolvemento científico e tecnolóxico utilizado á marxe dos valores éticos.*
- 5.1. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgúns das ameazas que, para o ambiente e a vida, está tendo a aplicación indiscriminada da ciencia e da tecnociencia, tales como a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc., elaborando e expoñendo conclusións.
  - 5.2. Debate, en pequenos grupos, acerca dos intereses e dos obxectivos que están detrás das aplicacións inapropiadas da tecnociencia, e a falsa idea de progreso que está implícita nela, expresando as súas opinións fundamentadas nos valores éticos.

## 6. CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS PARA UTILIZAR NA ÁREA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Valores Éticos:

Os alumnos e as alumnas deben desenvolver nesta etapa un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en valores morais e éticos recoñecidos. Por iso, farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cre estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

Á súa vez, a transmisión do coñecemento das características que conforman a imaxe persoal farase a partir de aprendizaxes baseadas na experiencia, onde o alumnado percibe a información a través das súas propias experiencias e respectando sempre o desenvolvemento dos seus diversos estilos de aprendizaxe. Tamén se combinarán técnicas como o ensino recíproco, a discusión guiada con técnicas de visualización, de *role play*.

Este abano de accións docentes permitiralle ao alumnado comprender e interiorizar os valores éticos de forma holística, comprensiva e significativa.

## 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Con respecto ás actividades complementarias que se poden propoñer ao alumnado, convén reflexionar sobre estas cuestións:

- Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Cal foi o resultado da realización das actividades?
- Cales delas gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

## 8. EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

A partir do traballo cos desempeños competenciais, obteranse diversas evidencias de aprendizaxe, vinculadas aos estándares que inclúe o currículo de cada materia. Para rexistralas, utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula, o que fai necesario que, ao longo das distintas unidades didácticas, se planifiquen a realización e a recollida de probas que mostren o nivel de consecución do estándar, así como a súa evolución ao longo do curso.

O portfolio é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución de cada alumno e alumna; esta recollida pode pautarse, ou deixar que sexa o propio alumnado o que seleccione que evidencias quere mostrar. Cada evidencia debe incorporar unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou en formato dixital. No anexo de avaliación preséntase un guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Actividades do libro do alumnado ou da guía que traballen explicitamente os estándares definidos na unidade.
- Mapas mentais ou conceptuais elaborados polos alumnos e as alumnas.
- Produtos de aprendizaxe deseñados para poder aplicalos en tarefas realizadas nun contexto real; por exemplo: unidades de medida deseñadas por eles, o deseño dun obxecto con figuras xeométricas, murais, traballos de aplicación das tarefas, etc.
- Probas escritas que evidencien o traballo cos estándares de aprendizaxe.
- Problemas de aplicación de contidos nos que é necesario o desenvolvemento do razoamento lóxico.
- Ferramentas de autoavaliación e coavaliación do traballo na aula.

## 9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación, o profesor ou a profesora, o departamento, o seminario ou o equipo docente decidirá o peso que na cualificación final de cada trimestre e área terán os instrumentos de avaliación utilizados para o seguimento das aprendizaxes dos seus estudantes. Para a súa determinación, poden apoiarse nunhas táboas como as seguintes:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Traballo individual e grupal na aula	<b>80%</b>
Actitude, comportamento e participación na aula	<b>20%</b>
<b>Cualificación total</b>	<b>100%</b>

Ao final do curso:

### PORCENTAXE NA NOTA FINAL

1. <sup>a</sup> avaliación	33 %
2. <sup>a</sup> avaliación	33 %
3. <sup>a</sup> avaliación	33 %
Portfolio de aprendizaxe	
<b>Cualificación total</b>	<b>100 %</b>

Así mesmo, cada centro determinará o peso de cada área e competencia de cara á promoción final de cada alumno e alumna.

Ó longo de cada unha das avaliacións realizaranse as seguintes probas para comprobar o nivel de coñecementos do alumnado :



- Exercicios de clase
- preguntas orais
- controis escritos
- traballos individuais
- traballos en grupo
- búsqueda de información por medios propios, do centro....

Por último, deixar constancia que ante o constante absentismo escolar nas datas de exames, todos/as aqueles/as alumnos/as que non se presenten as distintas probas escritas u orais (exposicións de traballos), terán que xustificar legalmente ( parte médico, ...) a súa falta de asistencia na data na que se realizou dita proba, de non ser así, a cualificación será de suspenso. Tamén incidir en que aqueles alumnos/as que sexan intervidos copiando nun exame a súa cualificación será de suspenso, asómesmo se non presentan os traballos individuais ou en equipo obrigatorios e o caderno, debidamente elaborados segundo os criterios establecidos e nos prazos indicados pola profesora.

*É condición indispensable para o alumnado obter a cualificación de aprobado —ou superior- que presente o traballo referido aos tres grupos de actividades (probas, caderno e traballos obrigatorios).*

#### Alumnado con materia pendente

A cualificación dos/as alumnos/as pendentes farase tendo en conta os seguintes criterios:

-  Alumnado que non entrega actividades de reforzo: pola nota acadada no exame (80%)
-  Alumnado que entrega actividades de reforzo: pola participación e presentación dos cadernillos entregados con exercios de repaso, así como pola súa actitude en xeral con respecto á materia un (100%)

## 10. RECURSOS DIDÁCTICOS

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- O libro do alumnado para a área de Valores Éticos de 2.º ESO.
- A proposta didáctica para Valores Éticos de 2.º ESO.
- O libro dixital.
- Os cadernos de estratexias metodolóxicas.
- A web do profesorado.
- A web do alumnado e da familia.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

### Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
  - Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
  - Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que se van adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- 
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
  - Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
  - Fixar a maneira en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

## 12. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual maneira, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS QUE AVALIAR	PARA DESTACAR...	PARA MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinabilidade			



## UNIDADES DIDÁCTICAS

# Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/ Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Forxar o carácter*

### Descrición da unidade

Nesta unidade propónse facer unha reflexión desde a ética sobre o carácter e a necesidade de construílo. O obxectivo é que o alumnado entenda que a vida é un proceso no que nos imos facendo, con éxitos e con fracasos, e comprenda as vantaxes de ter carácter para realizar os nosos proxectos.

O feito de tratar esta problemática na primeira adolescencia resulta oportuno para o alumnado xa que aquí se lle propón unha tarefa á que apenas poñería atención se non se fai obxecto dunha materia como *Valores Éticos*.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- A importancia de estar preparados para afrontar cos nosos propios medios o camiño que proxectamos facer na vida.
- A importancia da virtude da prudencia nos seus xustos termos.
- A elaboración dunha estratexia utilizando os medios adecuados.
- A vida humana é un proxecto que hai que construír.
- A distinción entre temperamento e carácter.
- A capacidade de afrontar a frustración.
- O camiño para chegar a ser un mesmo.

### Temporalización:

Setembro:

Outubro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer a necesidade de estar preparados para construír a nosa vida.
- Adquirir un concepto correcto da virtude da prudencia.
- Identificar as estratexias necesarias para acadar as metas propostas.
- Distinguir entre temperamento e carácter.
- Entender que é a resiliencia ante a frustración.
- Saber que significa realmente ser auténtico: a autenticidade.
- Coñecer o sentido da distinción aristotélica entre o conxénito e o adquirido.
- Valorar a importancia da educación.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento da necesidade de estar preparados para construír a nosa vida.</li> <li>- Identificación das estratexias necesarias para alcanzar as metas propostas.</li> <li>- Distinción entre temperamento e carácter.</li> <li>- Comprensión de que se entende por resiliencia ante a frustración.</li> <li>- Significado real da autenticidade.</li> <li>- Coñecemento do sentido da distinción aristotélica entre o conxénito e o adquirido.</li> </ul>	1. Comprender a vida como un camiño que ten que facer cada un e para o que hai que prepararse.	1.1. Entende a necesidade e o significado de estar preparado para realizar un camiño propio na vida.	CSC, CCL, CD, CSIEE	
			1.2. Comprende o significado correcto do que é actuar con prudencia.	CSIEE, CSC
	2. Coñecer que temos unha vocación que debemos realizar utilizando os medios e as tácticas e as estratexias adecuados.	2.1. Comenta e valora a idea de Ortega y Gasset sobre o ser humano como vocación, aplica correctamente os conceptos de estratexia e de táctica, e sabe expresar como o entende.	CSC, CAA, CCEC, CCL	
	3. Definir e saber diferenciar entre temperamento e carácter.	3.1. Sabe explicar o papel que desempeñan o temperamento e o carácter na formación da nosa personalidade.	CMCT, CSC	
	4. Entender o papel das frustracións na construción do carácter.	4.1. Define a frustración e a importancia da resiliencia, e explica a súa influencia na formación do carácter.	CMCT, CAA, CSC	
	5. Entender a propia realización como unha tarefa baseada na verdade e na virtude.	5.1. Expón de forma coherente o que significa a autenticidade na moral.	CSC	

		5.2. Comenta e explica o que entende Aristóteles por hábito e a súa importancia na vida moral.	CCEC, CSC
--	--	--	--------------

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos e as alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Entende a necesidade e o significado de estar preparado para realizar un camiño propio na vida.	- Actividades da lectura inicial do LA. - Actividades do apartado 1 do LA.
1.2. Comprende o significado correcto do que é actuar con prudencia.	- Actividade 3 do apartado 1 do LA. - Actividades da lectura inicial.
2.1. Comenta e valora a idea de Ortega y Gasset sobre o ser humano como vocación, aplica correctamente os conceptos de estratexia e de táctica e sabe expresar como o entende.	- Actividades do apartado 2 do LA. - Selección de actividades da PD.
3.1. Sabe explicar o papel que desempeñan o temperamento e o carácter na formación da nosa personalidade.	- Actividades do apartado 3 do LA.
4.1. Define a frustración e a importancia da resiliencia e explica a súa influencia na formación do carácter.	- Actividades do apartado 3 do LA.
5.1. Expón de forma coherente o que significa a autenticidade na moral.	- Actividades do apartado 4 do LA.
5.2. Comenta e explica o que entende Aristóteles por hábito e a súa importancia na vida moral.	- Actividades do apartado 4 do LA.

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda. Manexa os conceptos con corrección.
	Gozar coa lectura.	Comprende o texto das unidades.
	Expresarse de forma correcta cando fala.	Utiliza o vocabulario adecuado ao falar.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover relacións positivas coas persoas do seu contorno.	Calcula racionalmente as consecuencias e os riscos das condutas. Recoñece e asume a importancia da conduta racional e metódica en todos os ámbitos.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais propostas.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente...	Incrementa a súa capacidade de realizar tarefas sen axuda. Sabe buscar recursos para superar as súas dificultades.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Saber argumentar os seus puntos de vista e recoñecer os dos outros.	É capaz de recoñecer as súas calidades e as dos demais e de rectificar cando se equivoca.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Participa activamente na clase, con propostas e ideas. Identifica os seus erros nas tarefas. Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.



## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Entendemos o sentido e a importancia de estar preparados para a vida.

- Comprendemos a vida como un camiño que ten que facer cada un.
- Valoramos a virtude da prudencia como guía nese camiño.
- Distinguimos ser prudente de ser pusilánime ou timorato.

**Tarefa 2:** Propoñémonos metas para realizar o noso proxecto de vida.

- Distinguimos o que son obxectivos estratéxicos e obxectivos tácticos.
- Recoñecemos a importancia de elixir ben os medios para conseguir as nosas metas.
- Valoramos que somos un proxecto e que a nosa vocación é realizalo.

**Tarefa 3:** Entendemos que a frustración é un ingrediente necesario na vida.

- Diferenciamos o temperamento da construción do carácter.
- Comprendemos o significado e a importancia da resiliencia.

**Tarefa 4:** Apreciamos o verdadeiro sentido da autenticidade.

- Coñecemos o sentido do conxénito e do adquirido en relación coa conduta moral.
- Mostramos e apreciamos a importancia da educación na formación do carácter.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar estruturas da aprendizaxe cooperativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.



## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Éticos:

- Recursos da proposta didáctica.

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e as alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade no LD.

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que outras cousas se podían realizar en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade para o próximo curso? Por que?

## Unidade 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Solución de conflitos*

### Descrición da unidade

A unidade trata dunha realidade que é determinante na nosa vida, como é a relación cos demais; en particular, as dificultades que xorden en forma de conflito.

O punto de vista adoptado céntrase máis na busca de solucións adecuadas que nas orixes ou nos tipos de conflito. Trátase, polo tanto, dun enfoque que dá prioridade aos aspectos do currículo que teñen que ver coa intelixencia emocional.

Non obstante, dado o carácter da materia, nesta unidade procurouse que o enfoque ético acompañe o psicolóxico.

Polo tanto, podemos destacar dous tipos de mensaxes: aquelas que van dirixidas a que a actitude dos adolescentes ante os conflitos sexa a adecuada e as que procuran dar pautas que axuden a reflexionar dun xeito rigoroso e racional antes de actuar e á hora de recoñecer cal é a mellor opción en cada circunstancia.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- A importancia de xestionar con madurez emocional e moral os conflitos.
- O valor da intelixencia emocional e as habilidades sociais.
- As vantaxes dun adecuado control emocional.
- A comprensión da achega da reflexión ética na resolución de conflitos.
- A adquisición de métodos asertivos para enfrontarse ás situacións conflitivas.

### Temporalización:

Outubro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer o valor da intelixencia emocional de cara á resolución pacífica dos conflitos.
- Valorar a importancia da reflexión ética.
- Coñecer a necesidade das habilidades sociais.
- Entender a importancia de aprender a convivir e de participar na escola, para despois facelo na vida.
- Aclarar que se entende por resolución adecuada dos conflitos.
- Coñecer os mecanismos básicos dunha conduta asertiva ante os posibles conflitos, sexa entre amigos e amigas ou compañeiros e compañeiras.
- Practicar o debate, serio e sereno, entre compañeiros e compañeiras sobre os temas que nos interesan.
- Traballar de forma colaboradora con outros compañeiros e compañeiras en grupo.

- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociabilidade humana presenta moitas vantaxes, pero tamén nos presenta conflitos.</li> <li>- Unha resolución emocionalmente intelixente dos conflitos é unha vía de aprendizaxe moral.</li> <li>- A ética axúdanos a xestionar mellor as nosas relacións.</li> <li>- A intelixencia emocional.</li> <li>- A valoración das nosas relacións e as habilidades sociais.</li> <li>- A diferenciación e a detección de condutas agresivas graves doutras agresións.</li> <li>- A valoración da asertividade como a mellor actitude ante os conflitos.</li> <li>- O uso de estratexias para tratar a</li> </ul>	<p>1. Coñecer a natureza social do ser humano e a relación que establece coa sociedade.</p>	<p>1.1. Valora as consecuencias que ten na súa vida persoal e moral a sociabilidade humana.</p>	CSC
		<p>1.2. Acheга razóns que fundamentan a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais.</p>	CCL, CSC
	<p>2. Valorar a importancia da influencia do contorno social no desenvolvemento moral da persoa.</p>	<p>2.1. Exemplifica, en colaboración grupal, a influencia que teñen na configuración da personalidade humana os valores morais.</p>	CAA, CSC, CSIEE
		<p>2.2. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional como medio para adecuar os costumes do seu contorno aos valores éticos universais.</p>	CCL, CSC

<p>información.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O desenvolvemento de actitudes de respecto aos que expresan ideas ou opinións diferentes.</li> <li>- A colaboración cando se traballa en grupo.</li> </ul>	<p>3. Relacionar e valorar a importancia das habilidades sociais e da intelixencia emocional en relación coa vida interpersoal e establecer o seu vínculo con aqueles valores éticos que enriquecen as relacións humanas.</p>	<p>3.1. Entende e estima a importancia das habilidades sociais e da intelixencia emocional.</p>	<p>CCL, CSC, CSIEE, CCEC</p>
	<p>4. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais co fin de incorporar á súa personalidade algúns valores e algunhas virtudes éticos necesarios no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora.</p>	<p>4.1. Mostra, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara aos dereitos de todo ser humano.</p>	<p>CAA, CSC, CSIEE</p>
	<p>5. Xustificar a importancia que teñen os valores e as virtudes éticos para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.</p>	<p>5.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais.</p>	<p>CSC, CCEC</p>

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos e as alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Valora as consecuencias que ten na súa vida persoal e moral a sociabilidade humana.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades dos apartados 1 a 3 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
1.2. Achega razóns que fundamentan a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades dos apartados 2 e 4 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
2.1. Exemplifica, en colaboración grupal, a influencia que teñen na configuración da personalidade humana os valores morais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do apartado 3 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
2.2. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional como medio para adecuar os costumes do seu entorno aos valores éticos universais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades dos apartados 1 a 4 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
3.1. Entende e estima a importancia das habilidades sociais e da intelixencia emocional.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do apartado 2 do LA.</li> </ul>
4.1. Mostra, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara aos dereitos de todo ser humano.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do Taller de valores do LA.</li> <li>- Actividades de traballo cooperativo da PD.</li> </ul>
5.1. Identifica a adquisición das virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades dos apartados 1 e 3 do LA.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda. Manexa os conceptos con corrección.
	Gozar coa lectura.	Comprende o texto das unidades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico.	Calcula racionalmente as consecuencias e os riscos das condutas. Recoñece e asume a importancia da conduta racional e metódica en todos os ámbitos.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais propostas.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente...	Incrementa a súa capacidade de realizar tarefas sen axuda. Sabe buscar recursos para superar as súas dificultades.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	É capaz de recoñecer as súas calidades e as dos demais e de rectificar cando se equivoca.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.



<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i></p>	<p>Ser constante no traballo superando as dificultades.</p>	<p>Participa activamente na clase con propostas e ideas. Identifica os seus erros nas tarefas. Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</p>
<p><i>Conciencia e expresións culturais.</i></p>	<p>Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</p>	<p>Realiza o traballo con pulcritude.</p>

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Entendemos como afrontar os conflitos de forma emocional e moralmente intelixente.

- Reflexionamos sobre as implicacións da sociabilidade humana.
- Comprendemos os beneficios da resolución pacífica de conflitos.
- Recoñecemos a importancia da intelixencia emocional.

**Tarefa 2:** Avaliamos e recoñecemos o papel da ética.

- Entendemos de forma positiva as achegas da ética.
- Valoramos as vantaxes de reflexionar racionalmente antes de actuar.

**Tarefa 3:** Valoramos como unha oportunidade a resolución pacífica dos conflitos.

- Comprendemos a importancia da resolución adecuada dos conflitos.
- Valoramos o centro educativo como un lugar de convivencia.

**Tarefa 4:** Reflexionamos sobre os conflitos cos demais.

- Avaliamos o papel da agresividade nas relacións humanas.
- Entendemos que significa o acoso ou *bullying* e a súa inmoralidade.
- Valoramos a asertividade como unha actitude fundamental na resolución dos conflitos.

**Tarefa 5:** Que aprendemos?

- Apreciamos as realidades próximas que configuran as nosas relacións.
- Utilizamos a asertividade como criterio nos conflitos cos demais.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumnado.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar estruturas da aprendizaxe cooperativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Éticos:

- Recursos da proposta didáctica.

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e as alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade no LD.

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas alcanzou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que outras cousas se podían realizar en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade para o próximo curso? Por que?

## Unidade 3

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Respectámonos uns a outros*

### Descrición da unidade

A unidade trata dunha realidade que é determinante na nosa vida, como é a relación cos demais?, e que na adolescencia o é aínda máis, aínda que moito máis difícil de obxectivar e de controlar nesa etapa da vida.

Dada a gran diversidade no campo das relacións no noso contorno social, procuramos expoñela con claridade e, ao mesmo tempo, con delicadeza, xa que se tocan realidades que son moi sensibles para o alumnado e, en moitos casos, existen prexuízos. Conseguir dos nosos estudantes unha actitude de respecto pode considerarse o fin último desta unidade, e seguramente de toda a materia.

- A reflexión sobre a identidade e a diferenza permite afianzar máis ferreamente ideas que xa deben ser coñecidas. Insítese, polo tanto, na igualdade de dereitos, nas distincións persoais, no rexeitamento á discriminación e na valoración da diversidade.
- O enfoque do libro do alumnado é inevitablemente moi xeral, formulando algunhas das situacións nas que é máis frecuente e probable que se produzan situacións de rexeitamento. É evidente que o docente non só poderá, senón que deberá axustar a mensaxe ao grupo de estudantes co que traballa, procurando insistir e afondar no que lle pareza máis conveniente e adecuado para o grupo.
- Distinguimos o respecto en dous apartados para reforzar a idea de que é unha vía de dobre sentido: debemos respectar os demais, pero teñen que respectarnos a nós. Con iso preténdese abordar e atallar situacións como as do acoso escolar. A tolerancia e o amparo da lei son os dous polos que guían a reflexión.
- Finalmente, propónse un apartado que resalte algunhas formas de discriminación das que adoita falarse menos e que non foron tan destacadas noutras unidades do libro: a xenofobia e a aporofobia.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- A igualdade de dereitos baséase na dignidade persoal, máis alá de calquera tipo de diferenza.
- A importancia de adoptar unha actitude respectuosa cara a todos os demais e o sentido da tolerancia.
- A argumentación e os mecanismos que axudan a reivindicar o dereito a ser tratado con respecto, actuando de forma asertiva.
- A identificación das raíces que subxacen a moitos prexuízos daniños que desembocan frecuentemente en discriminación.
- O coñecemento dalgún caso que axude a reflexionar sobre a dignidade humana e o fortalecemento dunha actitude activa ao seu favor.

### Temporalización:

Novembro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer a importancia da dignidade humana e a conseguinte igualdade de dereitos.
- Definir a tolerancia e coñecer o seu alcance e os seus límites.
- Valorar o respecto como actitude fundamental na construción dunha sociedade xusta.
- Entender a importancia do rexeitamento a calquera tipo de discriminación.
- Aclarar que se entende por xenofobia e por aporofobia.
- Coñecer os mecanismos básicos que permiten adoptar unha actitude que nos axude a ser respectados polos demais.
- Practicar o debate, serio e sereno, entre compañeiros e compañeiras sobre os temas que nos interesan.
- Traballar de forma colaboradora con outros compañeiros e compañeiras.
- Utilizar as TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Somos individuos que convivimos en sociedade procurando compaxinar liberdade e igualdade.</li> <li>- Hai estudos sobre distintas personalidades que axudan a apreciar o valor das diferenzas.</li> <li>- Máis alá da personalidade de cada cal, a dignidade equipáranos a todos.</li> <li>- A importancia e o alcance da tolerancia.</li> <li>- A necesidade de que os demais nos respecten sen recorrer á violencia.</li> <li>- O coñecemento dalgunhas formas de discriminación.</li> <li>- O recoñecemento das raíces da discriminación e o rexeitamento cara a ela.</li> <li>- O uso de estratexias para tratar a información.</li> <li>- O desenvolvemento de actitudes de respecto aos que expresan ideas ou opinións diferentes.</li> <li>- A colaboración cando se traballa en grupo.</li> </ul>	1. Describir e valorar a importancia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa.	1.1. Achega razóns que fundamenten a necesidade de valores que guíen as relacións interpersoais.	CCL, CSC, CCEC
	2. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais para desenvolver unha vida social máis xusta e enriquecedora.	2.1. Explica en que consiste a actitude tolerante e rexeita a discriminación.	CCL, CSC
	3. Xustificar a importancia que teñen os valores e as virtudes éticos para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias.	3.1. Utiliza criterios morais para valorar a tolerancia e rexeitar a discriminación.	CCL, CSC, CSIEE
	4. Valorar as leis de convivencia no noso contorno cotián.	4.1. Coñece e valora as leis e as normas que o afectan na escola.	CAA, CSC
	5. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e a colaboración á hora de traballar en grupo.	5.1. Exercita técnicas de comunicación interpersoal mediante diálogos orais.	CCL, CSC, CSIEE





#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos e as alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Achega razóns que fundamenten a necesidade de valores que guíen as relacións interpersoais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades dos apartados 1 e 4 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
2.1. Explica en que consiste a actitude tolerante e rexeita a discriminación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades da lectura inicial.</li> <li>- Actividades dos apartados 2, 3 e 4 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
3.1. Utiliza criterios morais para valorar a tolerancia e rexeitar a discriminación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades dos apartados 2 e 4 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
4.1. Coñece e valora as leis e as normas que lle afectan na escola.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do apartado 3 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
5.1. Exercita técnicas de comunicación interpersoal mediante diálogos orais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades da lectura inicial e do Obradoiro de valores do LA.</li> <li>- Actividades de traballo cooperativo da PD.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda. Manexa os conceptos con corrección.
	Gozar coa lectura.	Comprende o texto das unidades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico.	Calcula racionalmente as consecuencias e os riscos das condutas. Recoñece e asume a importancia da conduta racional e metódica en todos os ámbitos.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais propostas.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente...	Incrementa a súa capacidade de realizar tarefas sen axuda. Sabe buscar recursos para superar as súas dificultades.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	É capaz de recoñecer as súas calidades e as dos demais e de rectificar cando se equivoca.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Participa activamente na clase con propostas e ideas. Identifica os seus erros nas tarefas. Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Entendemos a dificultade e a importancia de compatibilizar liberdade e igualdade.

- Reflexionamos sobre o sentido determinante da personalidade.
- Comprendemos a nosa participación na vida social.
- Recoñecemos a importancia da dignidade e do respecto.

**Tarefa 2:** Avaliamos e recoñecemos o papel dos demais.

- Entendemos de forma positiva as diferenzas cos demais.
- Valoramos as vantaxes e os inconvenientes das relacións entre persoas diferentes.

**Tarefa 3:** Valoramos a tolerancia.

- Comprendemos a importancia de manter e de defender unha actitude tolerante.
- Valoramos o respecto no marco dos dereitos humanos.

**Tarefa 4:** Reflexionamos sobre a discriminación.

- Avaliamos o papel da discriminación nas relacións humanas.
- Entendemos que significan a xenofobia e a aporofobia.
- Valoramos a asertividade como actitude fundamental na resolución dos conflitos.

**Tarefa 5:** Que aprendemos?

- O aprecio das realidades próximas que configuran as nosas relacións.
- O respecto aos demais e que os demais nos respecten.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumnado.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar estruturas da aprendizaxe cooperativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesor.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Éticos:

- Recursos da proposta didáctica.

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e as alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade no LD.

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que outras cousas se podían realizar en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade para o próximo curso? Por que?

## Unidade 4

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/ Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*A liberdade*

### Descrición da unidade

A unidade trata dous sentidos diferentes da liberdade, aínda que vinculados entre si. O primeiro ten que ver coa vontade e o problema filosófico do determinismo, mentres que o segundo se relaciona coas liberdades públicas.

En canto ao primeiro, preséntase dun modo sinxelo e relacionado coa responsabilidade persoal, que se pretende que vaian asumindo os adolescentes. O segundo, en cambio, relaciónase cos dereitos humanos e trátase dun asunto de carácter máis social.

A idea que conecta os dous sentidos é o concepto de dignidade.

- A liberdade da vontade é un privilexio humano que ten como contrapeso a responsabilidade.
- Debemos asumir a responsabilidade das nosas accións voluntarias.
- Posto que somos que seres racionais, non podemos obviar a importancia de reflexionar e elixir ben como comportarnos.
- A dignidade humana ten como fundamentos a racionalidade e a liberdade.
- A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) recolle a liberdade como un dos dereitos fundamentais.
- O dereito á liberdade concrétese nunha serie de liberdades públicas, como as de expresión ou de relixión.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- A diferenza entre determinismo e indeterminismo.
- A relación entre razón, vontade e liberdade.
- A importancia de asumir a responsabilidade.
- O valor da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a súa defensa da liberdade.
- As liberdades públicas recoñecidas na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Constitución española.

### Temporalización:

Novembro:          Decembr

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender a relación entre razón, vontade e liberdade.
- Coñecer algunha idea filosófica acerca do determinismo e do indeterminismo.
- Valorar as achegas históricas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos no recoñecemento da liberdade.
- Elaborar unha visión persoal da asunción das responsabilidades.

- Adquirir conciencia dos beneficios da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e da Constitución española.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.



### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión das implicacións da liberdade.</li> <li>- Aproximación ao debate entre determinismo e indeterminismo.</li> <li>- Valoración da conduta responsable.</li> <li>- Identificación dalgunhas ideas filosóficas con respecto a estas cuestións.</li> <li>- Relación entre a razón, a liberdade e a dignidade.</li> <li>- Elaboración de esquemas sobre a liberdade.</li> <li>- Adopción de actitudes de respecto aos demais, ao mesmo tempo que se desenvolve a reflexión moral madura.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa</li> </ul>	1. Destacar o significado e a importancia da natureza do ser humano, tomando conciencia da necesidade de normas éticas libre e racionalmente asumidas.	1.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano.	CAA, CMCT, CSC
	2. Recoñecer que a liberdade constitúe a raíz da estrutura moral da persoa.	2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre pola que é responsable da súa conduta.	CCL, CSC
	3. Apreciar o papel da intelixencia e da vontade como factores claves da peculiaridade humana.	3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e de dignidade.	CCL, CSC
	4. Xustificar o papel da razón e a preferencia respecto dos valores na vida persoal e social.	4.1. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia e a vontade.	CSC
	5. Valorar as liberdades defendidas na DUDH e na Constitución española.	5.1. Sinala e comenta a importancia das liberdades recoñecidas na DUDH e na Constitución española.	CCL, CSC,

participación activa no propio proceso de aprendizaxe.	6. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	6.1. Elabora unha presentación en soporte informático e audiovisual, ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados na unidade e expoñendo as súas conclusións de forma argumentada.	CCL, CD, CSC
	7. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e a colaboración á hora de traballar en grupo.	7.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.	CSIEE

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos e as alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Distingue entre a conduta instintiva do animal e o comportamento racional e libre do ser humano.	- Actividades do apartado 2 do LA. - Selección de actividades da PD.
2.1. Sinala en que consiste a estrutura moral da persoa como ser racional e libre pola que é responsable da súa conduta.	- Actividades dos apartados 1 e 2 do LA. - Selección de actividades da PD.
3.1. Describe a relación entre a liberdade e os conceptos de persoa e de dignidade.	- Actividades dos apartados 2 e 3 do LA. - Selección de actividades da PD.
4.1. Analiza e valora a influencia que teñen na liberdade persoal a intelixencia e a vontade.	- Actividades dos apartados 2 e 3 do LA. - Selección de actividades da PD.
5.1. Sinala e comenta a importancia das liberdades recoñecidas na DUDH e na Constitución española.	- Actividades da lectura inicial do LA. - Actividades do apartado 4 do LA.
6.1. Elabora unha presentación en soporte informático e audiovisual, ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados na unidade e expoñendo as súas conclusións de forma argumentada.	- Actividades do apartado «Aprender a emprender» do LA.
7.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.	- Actividades do apartado «Aprender a emprender» do LA. - Actividades de traballo cooperativo da PD.

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Expresarse de xeito oral e escrito.	Recoñece e emprega o vocabulario adecuado.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar métodos para mellorar a comprensión da realidade no ámbito sociolóxico.	Recoñece e asume a importancia da socialización.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, emocional, independente...	Incrementa a súa capacidade de análise crítica.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Atreverse a emprender.	Mostra iniciativa persoal para resolver tarefas novas.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar os valores culturais da evolución do pensamento científico.	Valora as análises da filosofía e o dereito.

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (A) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Entendemos o significado da liberdade da vontade.

- Reflexionamos sobre o problema do determinismo.
- Valoramos a importancia de asumir a propia responsabilidade.
- Recoñecemos os beneficios do respecto cara a todo ser humano, racional e libre.

**Tarefa 2:** Recoñecemos as achegas filosóficas ao concepto de persoa digna.

- Entendemos que todo ser humano ten dignidade.
- Adoptamos unha actitude que nos axude a madurar moralmente.
- Rexeitamos condutas irresponsables e discriminatorias.

**Tarefa 3:** Reflexionamos sobre a importancia da liberdade humana.

- Asumimos que o privilexio da liberdade leva consigo o peso da responsabilidade.
- Valoramos a achega da DUDH ao afán de construír modelos sociais máis xustos.
- Adoptamos unha actitude cívica respecto das liberdades recollidas na Constitución española.

**Tarefa 4:** Que aprendemos?

- O ser humano é un ser racional e libre, o que lle confire dignidade e posibilita a creación dunha sociedade máis xusta.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumnado.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar estruturas da aprendizaxe cooperativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesorado.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Éticos:

- Recursos da proposta didáctica.

### **Recursos dixitais**

- Libro dixital: os alumnos e as alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>.

### **9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade no LD.

### **10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

### **11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO**

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que outras cousas podíamos realizar en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade para o próximo curso? Por que?

## Unidade 5

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/ Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*Sociedade, liberdade e valores*

### Descrición da unidade

Nesta unidade trátase de relacionar a liberdade no ámbito público cos valores éticos. Pártese dunha concepción da liberdade en situación, é dicir, condicionada polas tendencias humanas, as circunstancias nas que se desenvolve a nosa vida, tanto de tipo físico e biolóxico como de tipo social ou ambiental.

A unidade céntrase nos valores cívicos como expresión da ética cidadá e participativa.

- Sen liberdade de acción e de decisión non tería sentido falar de orientar a nosa vida nunha dirección ou noutra, non seríamos seres morais.
- Pero a nosa liberdade está condicionada polas nosas tendencias e condicionamentos tanto biolóxicos, xenéticos e sociais ou ambientais como culturais.
- Na Grecia de Aristóteles, os valores éticos eran tamén valores cívicos, porque non había distinción entre individuo e cidadán.
- Na Idade Moderna establécese esa distinción entre valores éticos e valores cívicos, porque se diferencia entre a vida privada do individuo e a súa vida social, que o Estado pretende dirixir.
- A sociedade civil, como a definiu Alexis de Tocqueville, é un intento de escapar ao pleno control dos cidadáns polo Estado. Nesa sociedade civil descóbrense os valores cívicos.
- O debate sobre o relativismo e o obxectivismo dos valores fórmulase prioritaria e historicamente no ámbito da sociedade con Sócrates e os sofistas.
- A sociedade actual é pluralista, pero ten que compartir uns valores comúns que permitan a convivencia. Respetar e valorar esa pluralidade de valores fainos cidadáns educados.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira estes coñecementos e reflexione sobre os valores seguintes:

- A liberdade como núcleo da vida moral.
- As tendencias humanas segundo Aristóteles.
- A diferenza entre os valores éticos e os valores cívicos.
- O xurdimento da sociedade civil fronte ao poder do Estado.
- A importancia dos valores éticos e cívicos na democracia.
- O respecto ao pluralismo e aos valores cívicos para favorecer a convivencia cidadá nas sociedades democráticas.

### Temporalización:

Xaneiro:



## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender a relación entre racionalidade, liberdade e vida moral.
- Coñecer as tendencias do ser humano segundo Aristóteles.
- Relacionar os valores éticos cos valores cívicos.
- Comprender o sentido e a orixe da sociedade civil e dos valores cívicos.
- Tomar conciencia das consecuencias negativas da ausencia de valores na sociedade democrática e pluralista.
- Aprender a aceptar o pluralismo sen renunciar aos valores propios.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relación da liberdade coa vida moral.</li> <li>- Valoración do papel da educación.</li> <li>- Coñecemento da orixe e do significado do relativismo moral.</li> <li>- Coñecemento da orixe e do significado do obxectivismo moral.</li> <li>- Comprensión da clasificación das tendencias humanas segundo Aristóteles.</li> <li>- Papel dos valores éticos na vida da sociedade.</li> <li>- Aproximación á orixe e ao sentido dos valores cívicos.</li> <li>- Recoñecemento das consecuencias negativas da ausencia de valores éticos e cívicos nas sociedades pluralistas.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> </ul>	1. Destacar a importancia da natureza da persoa tomando conciencia da relación entre liberdade e vida moral.	1.1. Describe a relación que existe entre a liberdade e os conceptos de persoa e de estrutura moral.	CAA, CSC
	2. Recoñecer o sentido do relativismo e do obxectivismo morais con sentido crítico.	2.1. Compara o relativismo e o obxectivismo morais apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade e expresando opinións de forma argumentada.	CCL, CSC
	3. Distinguir entre os distintos tipos de vida que adoptan os humanos segundo Aristóteles.	3.1. Describe e exemplifica as tendencias humanas que sinala Aristóteles.	CCL, CSC
	4. Xustificar o papel dos valores cívicos na convivencia social e política.	4.1. Clasifica accións da súa vida cotiá e do ámbito público distinguindo aquelas que teñen un carácter moral e explica os valores éticos que avalan as súas decisións co fin de diferenciar os conceptos de civismo e de moral.	CSC, CCEC

<p>- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.</p>	<p>5. Valorar as consecuencias negativas da ausencia de valores nas sociedades democráticas.</p>	<p>5.1. Analiza situacións da vida real nas que a ausencia de implicación e de participación da cidadanía xerou discriminación ou perda de dereitos lexítimos que toda democracia debe protexer.</p>	<p>CCL, CSC,</p>
	<p>6. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.</p>	<p>6.1. Elabora unha presentación en soporte informático e audiovisual ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados na unidade e expoñendo as súas conclusións de forma argumentada.</p>	<p>CCL, CD, CSC</p>
	<p>7. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e a colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>7.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>CSIEE</p>

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos e as alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Describe a relación que existe entre a liberdade e os conceptos de persoa e de estrutura moral.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do apartado 1 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
2.1. Compara o relativismo e o obxectivismo morais apreciando a vixencia destas teorías éticas na actualidade e expresando opinións de forma argumentada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades dos apartados 3 e 4 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
3.1. Describe e exemplifica as tendencias humanas que sinala Aristóteles.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividade do apartado 1 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
4.1. Clasifica accións da súa vida cotiá e do ámbito público distinguindo aquelas que teñen un carácter moral e explica os valores éticos que avalan as súas decisións co fin de diferenciar os conceptos de civismo e de moral.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do apartado 2 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
5.1. Analiza situacións da vida real nas que a ausencia de implicación e de participación da cidadanía xerou discriminación ou perda de dereitos lexítimos que toda democracia debe protexer.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades da lectura inicial do LA.</li> <li>- Actividades do apartado 4 do LA.</li> </ul>
6.1. Elabora unha presentación en soporte informático e audiovisual ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados na unidade e expoñendo as súas conclusións de forma argumentada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do apartado «Aprender a emprender» do LA.</li> </ul>

<p>7.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Actividades do apartado «Aprender a emprender» do LA.</li><li>- Actividades de traballo cooperativo da PD.</li></ul>
---	--

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Expresarse de xeito oral e escrito.	Expresa as súas opinións de xeito coherente. Recoñece e emprega o vocabulario adecuado.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar métodos para mellorar a comprensión da realidade no ámbito sociolóxico.	Recoñece e asume a importancia da orde e o razoamento nos seus comentarios.
<i>Competencia dixital.</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, emocional, independente...	Elixe a información adecuada a cada tema.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Atreverse a emprender.	Mostra iniciativa persoal para resolver tarefas novas.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar os valores culturais da evolución do pensamento científico.	Valora as achegas da filosofía e da historia.

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Entendemos o significado da liberdade como fundamento da vida moral.

- Reflexionamos sobre as tendencias do ser humano segundo Aristóteles.
- Recoñecemos os condicionamentos da liberdade humana como unha posibilidade de elección.
- Valoramos a importancia da educación na realización da liberdade.

**Tarefa 2:** Reflexionamos sobre a importancia dos valores éticos e cívicos.

- Asumimos a centralidade dos valores éticos na vida humana.
- Diferenciamos e relacionamos os valores éticos cos valores cívicos.
- Sabemos expoñer a vinculación dos valores cívicos coa sociedade civil.

**Tarefa 3:** Recoñecemos as achegas filosóficas ao debate entre relativismo e obxectivismo dos valores.

- Entendemos a opinión dos sofistas sobre os valores e as leis.
- Expoñemos o sentido do intelectualismo moral socrático.
- Recoñecemos as consecuencias da ausencia de valores na nosa sociedade.

**Tarefa 4.** Comprendemos o alcance cívico de ser un cidadán educado.

- Reflexionamos sobre a dificultade e a oportunidade de vivir nunha sociedade pluralista.
- Razoamos sobre a necesidade de compartir valores comúns nunha sociedade pluralista.

**Tarefa 5:** Que aprendemos?

- O ser humano é un ser moral que ten que se desenvolver civicamente na sociedade democrática.
- A necesidade nas sociedades pluralistas de profesar valores recoñecidos por todos.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumnado.

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e alumnas e utilizar estruturas da aprendizaxe cooperativa para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Círculos de aprendizaxe.
- Exposición do profesorado.

## 8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Valores Éticos:

- Recursos da proposta didáctica.

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e as alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- A continuación recóllense algúns enlaces web: <http://anayadigital.es>.

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade no LD.

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos e alumnas acadou os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que recursos e actividades deron mellor resultado?
- Que outras cousas podíamos realizar en función dos intereses do alumnado?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade para o próximo curso? Por que?



## Unidade 6

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis/ Competencias clave
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias clave: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e a atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

*A argumentación moral*

### Descrición da unidade

A unidade céntrase nunha das habilidades fundamentais no terreo moral, tanto nas nosas relacións cos demais como nos conflitos e as dúbidas morais nos que, inevitablemente, nos encontramos na nosa vida. Trátase de que os alumnos e as alumnas entendan as vantaxes de poñer o hábito do diálogo e a argumentación racional por riba da discusión ilóxica e, por suposto, das descualificacións ou insultos nos que, ás veces, convertemos os nosos desencontros teóricos e prácticos cos que nos rodean.

Utilizamos para apoiar estas habilidades os exemplos históricos, sexan modelos teóricos dos filósofos, sexan exemplos universalmente recoñecidos de persoas que usaron esta vía de modo eminente.

- Comezamos establecendo unha breve relación do noso tema coas orixes do pensamento racional, da filosofía e da ciencia, establecendo as diferenzas e semellanzas da argumentación en ambos os dous casos, así como vendo a importancia de aplicala ao terreo moral, por exemplo, no caso dos dilemas morais que se nos presentan.
- Facemos un brevísimo recordatorio histórico dalgunhas filosofías que utilizaron como instrumento fundamental das súas teorías morais a argumentación racional, e dos desastres que ocasionaron as actitudes intolerantes, como exemplos das consecuencias dunha argumentación dogmática, que cre na posesión da verdade absoluta.
- Finalizamos relacionando a argumentación moral co noso desenvolvemento moral, xa que a devandita argumentación debe estar ao servizo dunha personalidade moral boa e recta.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Entender que significa argumentar e a súa relación coa vida moral.
- Saber que son os dilemas morais.
- Coñecer distintos modelos filosóficos de argumentar.
- Valorar o perigo da intolerancia.
- Recoñecer o papel da Ilustración como movemento humanizador.
- A nosa personalidade e desenvolvemento moral están relacionados cos argumentos que utilizamos e con como os utilizamos.

### Temporalización:

Febreiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender que significa argumentar e a súa importancia na vida moral.
- Identificar diferentes tipos de argumentación moral utilizadas historicamente.

- Comprender a debilidade das actitudes intolerantes.
- Recoñecer o papel histórico da Ilustración.
- Coñecer a relación do desenvolvemento moral coa argumentación.
- Valorar a argumentación moral como un medio ao servizo da fortaleza moral.
- Coñecer como usaron a argumentación algúns dos líderes da non-violencia.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión do valor da argumentación na vida moral.</li> <li>- Definición de dilema moral.</li> <li>- Coñecemento do diálogo socrático e outras formas modernas de razoar en moral.</li> <li>- Comprensión da ética dialóxica contemporánea.</li> <li>- Valoración da intolerancia e as súas manifestacións máis notorias.</li> <li>- Coñecemento da tolerancia ilustrada.</li> <li>- Valoración da argumentación como medida da madurez moral.</li> <li>- Comprensión do papel subordinado da argumentación moral á fortaleza moral.</li> <li>- Valoración dos líderes da non-violencia e a súa</li> </ul>	1. Comprender o que é argumentar e como facelo en cuestións morais.	1.1. Distingue argumentar doutras formas de defender posturas morais.	CCL, CSYC
	2. Explicar en que consiste o diálogo socrático, a razón moral kantiana e a ética dialóxica.	2.1. Expón de forma clara os contidos fundamentais das teorías sinaladas.	CCL, CSC
	3. Saber criticar as manifestacións de intolerancia e en que consiste a tolerancia ilustrada.	3.1. Fai unha crítica razoada da intolerancia e valora os progresos que supuxo a Ilustración.	CSC, CCEC
	4. Valorar a argumentación moral como criterio de madurez moral e da acción non violenta.	4.1. Toma conciencia do que supón argumentar no seu proceso de maduración moral e na práctica da acción non-violenta.	CCL, CSC, CSIEE
	5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	5.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CD, CSC

<p>relación coa temática tratada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e defender opinións, e desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.</li> </ul>	<p>6. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>CSIEE</p>
---	---	--	--------------

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos e as alumnas que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Distingue argumentar doutras formas de defender posturas morais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do texto inicial do LA.</li> <li>- Actividades do apartado 1 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
2.1. Expón de forma clara os contidos fundamentais das teorías sinaladas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades 2 e 3 do resumo.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
3.1. Fai unha crítica razoada da intolerancia e valora os progresos que supuxo a Ilustración.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do apartado 3 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
4.1. Toma conciencia do que supón argumentar no seu proceso de maduración moral e na práctica da acción non violenta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades do apartado 4 do LA.</li> <li>- Selección de actividades da PD.</li> </ul>
5.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades 2 e 3 do apartado 1 do LA.</li> </ul>
6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de traballo cooperativo da PD.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Entende o enunciado dos exercicios sen necesidade de axuda.
	Gozar coa lectura.	Comprende o texto das unidades.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico.	Recoñece e asume a importancia da conduta racional e metódica en todos os ámbitos.
<i>Competencia dixital.</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	É capaz de realizar as actividades dixitais.
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de problemas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, independente...	É capaz de realizar tarefas sen axuda.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Recoñece as súas calidades e as dos demais e rectifica cando se equivoca.
	Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Esfórzase e persevera na súa aprendizaxe: atende, participa e realiza as actividades con interese.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Identifica os seus erros na tarefa. Actúa con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

## 6. TAREFAS

Libro do alumnado (LA) / Proposta didáctica (PD) / Libro dixital (LD)

**Tarefa 1:** Recoñecemos a necesidade de argumentar na vida moral.

- Sabemos que é argumentar.
- Valoramos a necesidade de argumentar as nosas posicións ante os demais.
- Recoñecemos que son os dilemas morais e os relacionamos coa necesidade de argumentación.

**Tarefa 2:** Coñecemos diferentes modos de argumentación utilizados en Ética.

- Entendemos a estrutura e o sentido do diálogo socrático.
- Coñecemos as propostas de Spinoza e de Kant.
- Entendemos en que consiste a ética dialóxica.

**Tarefa 3:** Utilizamos argumentos contra a intolerancia.

- Definimos «intolerancia».
- Lembramos distintos tipos de intolerancia máis comúns na historia.
- Valoramos o papel da Ilustración fronte á intolerancia.

**Tarefa 4:** Relacionamos a argumentación co desenvolvemento moral da persoa.

- Comprendemos a relación entre modo de argumentar e desenvolvemento moral.
- Entendemos que a finalidade da argumentación moral é a nosa fortaleza moral.
- Valoramos a acción dos líderes da non violencia.

**Tarefa 5:** Que aprendemos?

- Argumentar é mellor que berrar, discutir irracionalmente ou impoñer pola forza.
Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

##### **Na área de Valores Éticos.**

Na área de Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

##### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos debullar o eixe no que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións propias ou baseadas en teorías éticas e filosóficas. Ademais, permite considerar e realizar xuízos morais ou aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno-
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura e a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares- Deste xeito, desenvolverase a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores e as teorías éticas, a moral, a xustiza, os dereitos humanos e a vida en sociedade.

Así mesmo, contribuirase, xunto á comunicación lingüística, á transmisión de valores a través de, por un lado, a reflexión individual e grupal sobre situacións pasadas e actuais, e por outro, da busca de información, a elaboración e a exposición de traballos en colaboración, que esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e a non verbal.

Os descritores que podemos utilizar son:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.

### *En caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:*

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos, de teorías éticas e científicas, e de tratados internacionais, que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía, os valores éticos e a sociedade, para que aprenda a facer un bo uso da tecnoloxía ao longo da súa vida.

Os descritores que podemos utilizar son:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no contorno cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza, favorecendo a socialización e a adquisición de comportamentos morais significativos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e a xustiza, e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a capacidade de innovación, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área consideran tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie

accións novas, investigue, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais, dixitais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cumpriría adestrar serían:

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

### *Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender implica a conciencia das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que se poden utilizar son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## **5. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.**

Os contidos da área de Valores Éticos agrúpanse en dous bloques e ligados a eles propóñense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía, priorizar os seus valores e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

## 3º de ESO

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. A democracia como forma de goberno na que se plasman os principios éticos da DUDH.</li> <li>• B4.2. O Estado de dereito.</li> <li>• B4.3. Léxico da unidade: democracia, cidadán/cidada, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xustiza, representatividade, etc.</li> <li>• B4.4. División de poderes. A proposta de Montesquieu e a súa función de control do Estado por parte da cidadanía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de "Estado de dereito" e "división de poderes".</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.1.1. Fundamenta racionalmente e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.1.2. Define o concepto de "Estado de dereito" e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e cívicos na sociedade democrática.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.1.3. Describe o significado dos seguintes conceptos e establece a relación entre eles: democracia, cidadán/cidada, soberanía, autonomía persoal, igualdade, xusti-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> </ul>

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			za, representatividade, etc.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.1.4. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder lexislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático, como instrumento para evitar o monopolio do poder político e como medio que permite aos cidadáns e ás cidadás o control do Estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.5. Deber moral da participación cidadá no exercicio da democracia.</li> <li>• B4.6. Riscos de democracias que violen os dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns e das cidadás na vida política do Estado coa finalidade de evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.2.1. Asume e explica o deber moral e cívico que teñen os cidadáns e as cidadás de participar activamente no exercicio da democracia, coa finalidade de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.2.2. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH (dexeneración en demagogía, ditadura das maiorías, escasa participación cidadá, etc.) e formula posibles medidas para evitalos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.7. A Constitución española: valores éticos nos que se fundamenta e conceptos preliminares que establece.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis salientables nos que se fundamenta a Constitución española, e sinala a orixe da súa lexitimidade e a súa finalidade, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>

Valores éticos. 3º ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.3.2. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética (nación española, pluralidade ideolóxica ou papel e funcións atribuídas ás Forzas Armadas), a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.8. Dereitos e liberdades públicas fundamentais na Constitución española.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.4. Amosar respecto pola Constitución española e identificar nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e os deberes do individuo como persoa e cidadán ou cidadá, apreciando a súa adecuación á DUDH, coa finalidade de asumir de xeito consciente e responsable os principios de convivencia que ben rexer no Estado español.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.4.1. Sinala e comenta a importancia dos "dereitos e as liberdades públicas fundamentais da persoa" establecidos na Constitución: liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; carácter aconfesional do Estado; dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; e dereito á reunión política e á libre asociación, e os seus límites.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.9. Adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH.</li> <li>• B4.10. Deberes cidadáns na Constitución española.</li> <li>• B4.11. Responsabilidade fiscal e principios reitores da política social e económica na Constitución española.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos definidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos "dereitos e deberes dos cidadáns" (artigos do 30 ao 38) e dos "principios reitores da política social e económica" (artigos do 39 ao 52).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.5.1. Cofece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, e sinala os valores éticos en que se fundamentan os dereitos e os deberes dos cidadáns e das cidadás, así como os principios reitores da política social e económica.</li> <li>• VEB4.5.2. Explica e asume os deberes cidadáns que establece a Constitución, e ordenaos segundo a súa importancia, xustificando a orde elixida.</li> <li>• VEB4.5.3. Achega razóns para</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> </ul>

Valores éticos. 3º ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns as cidadás sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas como un deber cívico, xurídico e ético.</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.5.4. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns e das cidadás, e a súa relación cos orzamentos xerais do Estado como un deber ético que contribúe ao desenvolvemento do ben común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• i</li> <li>• fi</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.12. Estatuto de Autonomía de Galicia: título preliminar; título primeiro, capítulos I e II.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.6. Cofecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia segundo aparece no seu título preliminar e no título primeiro, capítulos I e II.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.6.1. Sinala e comenta, a través do traballo colaborativo, os elementos esenciais do Estatuto de autonomía de Galicia recollidos no seu título preliminar.</li> <li>• VEB4.6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o "poder galego".</li> <li>• VEB4.6.3. Identifica e valora as funcións e as características do Parlamento sinaladas no capítulo I, e da Xunta e a súa Presidencia, segundo o capítulo II.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.13. Desenvolvemento histórico da Unión Europea (UE): obxectivos e valores éticos en que se fundamenta, de acordo coa DUDH.</li> <li>• B4.14. Logros alcanzados pola UE en beneficio dos seus cidadáns e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.7. Cofecer os elementos esenciais da UE, analizando os beneficios recibidos e as responsabilidades adquiridas polos estados membros e a súa cidadanía, coa finalidade de recoñecer a súa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.7.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico desde 1951, os seus obxectivos e os valores éticos nos que se fundamenta, de acordo coa DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>

Valores éticos. 3º ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	das súas cidadás.	utilidade e os logros alcanzados por esta.	• VE54.7.2. Identifica e aprecia a importancia dos logros alcanzados pola UE e o beneficio que estes supuxeron para a vida dos cidadáns e das cidadás (anulación de fronteiras e restricións alfandegueiras, libre circulación de persoas e capitais, etc.), así como as obrigas adquiridas en diferentes ámbitos (económico, político, da seguridade e a paz, etc.).	• CSC
Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos				
• a • b • e • h	• B5.1. Relación entre ética e dereito. • B5.2. Relación entre legalidade e lexitimidade.	• B5.1. Sinalar a vinculación entre a ética, o dereito e a xustiza, a través do coñecemento das súas semellanzas, diferenzas e relacións, e analizar o significado dos termos de legalidade e lexitimidade.	• VE5.1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a Ética e o Dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.	• CAA • CD
• a • b • e • g • h • i	• B5.3. Xustificación das normas xurídicas. • B5.4. Convencionalismo dos sofistas • B5.5. Iusnaturalismo. Iusnaturalismo de Locke. • B5.6. Iuspositivismo de Kelsen.	• B5.2. Explicar o problema da xustificación das normas xurídicas, a través da análise das teorías do dereito natural ou iusnaturalismo, o convencionalismo e o positivismo xurídico, identificando a súa aplicación no pensamento xurídico de determinados/as filósofos/as, coa finalidade de ir conformando unha opinión argumentada sobre a fundamentación ética das leis.	• VE5.2.1. Elabora en grupo unha presentación con soporte dixital sobre a teoría iusnaturalista do dereito, o seu obxectivo e as súas características, identificando na teoría de Locke un exemplo desta no que se refire á orixe das leis xurídicas, a súa validez e as funcións que lle atribúe ao Estado. • VE5.2.2. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre "physis" e "nomos", descri-	• CD • CSC  • CCEC

Valores éticos. 3º ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			bindo a súa contribución ao convencionalismo xurídico, e elabora conclusións argumentadas arredor deste tema.	
			• VE5.2.3. Analiza información sobre o positivismo xurídico de Kelsen, nomeadamente no relativo á validez das normas e dos criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito.	• CCEC
			• VE5.2.4. Recorre ao espírito emprendedor e á iniciativa persoal para elaborar unha presentación con medios informáticos, en colaboración co grupo, comparando as tres teorías do dereito e explicando as súas conclusións.	• CAA • CD • CSIEE
• a • b • d • e • h • i	• B5.7. Elaboración da DUDH e creación da ONU. Circunstancias históricas, obxectivos de ambos os acontecementos e papel da DUDH como código ético de conduta dos estados.	• B5.3. Analizar o momento histórico e político que impulsou a elaboración da DUDH e a creación da ONU, coa finalidade de entendela como unha necesidade do seu tempo, cuxo valor continúa vivente como fundamento ético universal da lexitimidade do dereito e dos estados.	• VE5.3.1. Explica a función da DUDH como un código ético recoñecido polos países integrantes da ONU, coa finalidade de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo. • VE5.3.2. Contrasta información dos acontecementos históricos e políticos que orixinaron a DUDH, entre eles o uso das ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns homes sobre outros, chegando ao extremo do Holocausto xudeu, así como a discriminación e o exterminio de	• CSC  • CAA

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>todas as persoas que non pertencen a unha determinada etnia, a un modelo físico, a unha relixión, a unhas ideas políticas, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• VE5.3.3. Sinala os obxectivos da creación da ONU e a data en que se asinou a DUDH, e valora a importancia deste feito para a historia da humanidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.8. Estrutura da DUDH: os seus artigos e os tipos de dereito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.4. Interpretar e apreciar o contido e a estrutura interna da DUDH, coa finalidade de coñecer e propiciar o seu aprecio e respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VE5.4.1. Constrúe un esquema sobre a estrutura da DUDH, que se compón dun preámbulo e 30 artigos que poden clasificarse da seguinte maneira: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os artigos 1 e 2 refírense aos dereitos inherentes a todas as persoas: a liberdade, a igualdade, a fraternidade e a non-discriminación.</li> <li>- Os artigos do 3 ao 11 refírense aos dereitos individuais.</li> <li>- Os artigos do 12 ao 17 establecen os dereitos do individuo en relación coa comunidade.</li> <li>- Os artigos do 18 ao 21 sinalan os dereitos e as liberdades políticas.</li> <li>- Os artigos do 22 ao 27 céntranse nos dereitos económicos, sociais e culturais.</li> <li>- Finalmente, os artigos do 28 ao 30 refírense á interpretación de todos eles, ás condicións necesarias para o seu exercicio e aos seus límites.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CCL</li> </ul>

Valores éticos. 3º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estandares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VE5.4.2. Elabora unha campaña, en colaboración co grupo, coa finalidade de difundir a DUDH como fundamento do dereito e a democracia, no seu medio escolar, familiar e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.9. Xeracións de dereitos e feitos históricos que influíron no seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.5. Comprender o desenvolvemento histórico dos dereitos humanos como unha conquista da humanidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VE5.5.1. Describe os feitos máis influentes no desenvolvemento histórico dos dereitos humanos da primeira xeración (dereitos civís e políticos), da segunda xeración (económicos, sociais e culturais) e da terceira (dereitos dos pobos a solidariedade, ao desenvolvemento e á paz).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.10. Problemas aos que se enfrenta o exercicio dos dereitos civís e políticos da DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.6. Avallar, utilizando o xulzo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfrenta a aplicación da DUDH.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VE5.6.1. Investiga mediante información obtida en distintas fontes, sobre os problemas e os retos da aplicación da DUDH, no que se refire ao exercicio de dereitos civís (destacando os problemas relativos á intolerancia, a exclusión social, a discriminación da muller, a violencia de xénero e a existencia de actitudes como a homofobia, o racismo, a xenofobia, o acoso laboral e escolar, etc.) e dos dereitos políticos (guerras, terrorismo, ditaduras, xenocidio, refuxiados/as políticos/as, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> </ul>
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Necesidade de criterios éticos na investigación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Recoñecer que existen casos en que a investigación científica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VE6.1.1. Obtén e selecciona información, traballando en colabora-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CD</li> </ul>



Valores éticos. 3º ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	Progreso científico-técnico e valores éticos.	ca non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc., mediante a análise da idea de progreso e a súa interpretación equivocada, cando os obxectivos non respectan un código ético fundamentado na DUDH.	<p>ración, daigúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos nos ámbitos humano e ambiental, sinalando as causas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB6.1.2. Diserta, colaborando en grupo, sobre a idea de progreso na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto a dignidade humana e o seu medio, e elabora e expón conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB6.1.3. Selecciona e contrasta información, colaborando en grupo, sobre algunhas das ameazas da aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía para o contorno ambiental e para a vida (explotación descontrolada dos recursos naturais, destrución de hábitats, contaminación química e industrial, choiva ácida, cambio climático, desertificación, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CMCCT</li> <li>• CSIEE</li> </ul>

## UNIDADE 1.

### Título

*A política*

### Descrición da unidade

Esta unidade aborda un tema ante o que frecuentemente os adolescentes manifestan un importante rexeitamento. Por ese motivo convén aclarar algúns dos sentidos do termo e o valor que ten na organización social.

En primeiro lugar, comézase orientando o tema cara a un marco clásico: a aparición da Política entendida como ciencia. Situados claramente no ambiente filosófico grego, incidimos no desenvolvemento do pensamento de Aristóteles como exemplo da importancia dunha reflexión racional, serena e rigorosa acerca do que debe ser a política e o que debe evitar.

O terceiro apartado concéntrase xa nunha forma política concreta: a democracia, entendida nun marco histórico e destacando algún dos momentos e dos autores máis relevantes no seu desenvolvemento.

Finalmente, desembocamos nalgúns dos momentos máis relevantes da política mundial do século XX, tal e como son a DUDH e a organización dos Estados de dereito en marcos constitucionais. Dentro desta perspectiva, a unidade péchase cunha reflexión acerca da Constitución española e a división de poderes.

- Desde que existen sociedades, hai unha organización de poder con alguén que goberna e outros que obedecen.
- Nas sociedades máis primitivas, o poder está asociado sinxelamente á forza, mandando quen pode e sen necesidade de xustificarse ante os demais.
- En Grecia foi posible contrastar diferentes modelos políticos e deuse un marco de liberdade que permitiu que algunhas persoas se preguntasen cal podería ser a mellor forma posible de goberno.
- Aristóteles escribiu un tratado de política no que fixo o esforzo de aclarar moitos conceptos, incluídos os relativos aos principais réximes políticos.
- Para o *estagirita*, o que fai que un goberno sexa recto ou unha desviación deste é a finalidade que persegue: se se busca o ben común, trátase dun sistema bo, mentres que se os gobernantes buscan o seu propio beneficio non o será.
- En Grecia xurdiron algunhas formas democráticas, aínda que non recoñecían como pobo máis que os cidadáns, unha pequena parte dos habitantes.
- O Imperio Romano orientou a súa política cara a formas que concedían algúns dereitos políticos ao pobo, aínda que nunca dun xeito que poidamos sinalar como unha democracia.
- Coa Ilustración abríronse camiño novas ideas políticas, entre as que destacou a defensa de Rousseau de que o poder emana do pobo.
- O nacemento dos Estados Unidos está asociado a unha visión democrática da sociedade.
- No século XX producíronse novidades relativas á organización política, como a DUDH e a organización constitucional dos Estados de Dereito, que tenden a protexer os dereitos do pobo.
- En España hai unha democracia constitucional na que se recolle a división de poderes.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Orixe da ciencia política.
- Principais ideas políticas de Aristóteles.
- Desenvolvemento histórico da democracia.
- A DUDH e as constitucións.
- A Constitución española e a división de poderes.

### Temporalización:

Setembro:     Outubro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a orixe das reflexións filosóficas acerca da política.
- Entender e explicar algúns aspectos da proposta aristotélica respecto dos réximes políticos.
- Describir algúns dos principais pasos históricos na organización política.
- Elaborar unha visión persoal acerca dos obxectivos da política a partir da reflexión que permite a unidade.
- Recoñecer a importancia da DUDH e a organización estatal mediante constitucións nos sistemas políticos modernos.
- Comprender e explicar as vantaxes da división de poderes recollida na Constitución española.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reflexión sobre a orixe da ciencia política.</li> <li>- Comprensión das teorías aristotélicas acerca dos réximes políticos.</li> <li>- Valoración das formas políticas atendendo ao obxectivo dos gobernantes.</li> <li>- Análise dalgunhas formas políticas históricas.</li> <li>- Influencia de Rousseau e da Declaración da independencia na democracia.</li> <li>- Achegas da DUDH e das constitucións aos sistemas políticos modernos.</li> <li>- A Constitución española e a división de poderes.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.</li> </ul>	1. Concibir a democracia como unha forma de goberno e un estilo de vida cidadá.	1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia o cumprimento dos deberes.	CAA, CSC, SIEP, CEC
	2. Reflexionar sobre a importancia da promoción dos valores éticos.	2.1. Elabora conclusións sobre a importancia de establecer regulacións éticas e políticas.	CCL, CAA, CSC
	3. Defender a dignidade e os dereitos humanos.	3.1. Comenta o deber ético e político dos Estados para protexer os dereitos humanos.	CSC, CEC
	4. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	4.1. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual, ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados na unidade e expoñendo as súas conclusións de forma argumentada.	CCL, CD
	5. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	5.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.	SIEP



## UNIDADE 2.

### Título

*Dereitos humanos e constitucións*

### Descrición da unidade

Nesta unidade trátase da relación que hai entre a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH), a democracia e os Estados democráticos de dereito. A Declaración apoia tanto a orixe e o fundamento democrático do poder como as liberdades que se recollen na maior parte das constitucións actuais.

A democracia consolidouse como modelo político na sociedade occidental na actualidade e, con iso, o cidadán, protagonista dela, adquiriu dereitos que preservan a súa dignidade como persoa, pero tamén se viu comprometido a novos deberes. A Constitución española é un exemplo claro das implicacións que todo iso ten.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- A orixe e os obxectivos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- A relación que ten a Declaración coa democracia.
- O significado das democracias representativas.
- O concepto de Estado de dereito e as súas implicacións.
- Os dereitos e os deberes na Constitución española.
- A identificación dos valores fundamentais da Constitución española.
- A valoración da cidadanía no funcionamento da democracia.

### Temporalización:

Outubro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a orixe da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e valorar a súa importancia.
- Comprender a diferenza entre democracia directa e democracia representativa.
- Comprender a relación entre a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a democracia.
- Definir os conceptos de democracia, democracia representativa e Estado de dereito.
- Identificar os valores fundamentais da Constitución española.
- Enumerar e explicar os principais deberes e liberdades dos cidadáns recollidos na Constitución española.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Explicación da orixe da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> <li>- Valoración da ONU como organización que promove a paz e os dereitos humanos.</li> <li>- Relación entre a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a democracia.</li> <li>- Concepto de democracia representativa e as súas implicacións.</li> <li>- Argumentación das vantaxes dos Estados de dereito.</li> <li>- Coñecemento e apreciación dos valores fundamentais da Constitución española.</li> <li>- Identificación dalgúns dos dereitos e dos deberes recollidos na Constitución española.</li> <li>- Valoración da actitude cidadá como base ética do funcionamento da democracia.</li> </ul>	<p>1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e dos principios éticos contidos na DUDH como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando a súa relación co concepto de Estado de dereito.</p>	<p>1.1. Fundamenta racional e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH.</p>	<p>CCL, CD, CSC, SIEP, CEC</p>
		<p>1.2. Define o concepto de Estado de dereito e establece a súa relación coa defensa dos valores éticos e dos valores cívicos na sociedade democrática.</p>	<p>CCL, CAA, CSC</p>
	<p>2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns na vida política do Estado.</p>	<p>2.1. Relaciona os dereitos e os deberes recollidos na Constitución española coa convivencia democrática.</p>	<p>CCL, CMCT, CSC, CEC</p>
		<p>2.2. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns de participar activamente no exercicio da democracia, co fin de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.</p>	<p>CSC, SIEP</p>
	<p>3. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.</p>	<p>3.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis destacados nos que se fundamenta a Constitución española, sinalando a orixe da súa lexitimidade e a finalidade que persegue.</p>	<p>CAA, CSC</p>

<p>4. Identificar na Constitución española os dereitos e os deberes do individuo como cidadán, apreciando a súa adecuación á DUDH, co fin de asumir os principios de convivencia que implican.</p>	<p>4.1. Sinala e comenta algúns dos dereitos e das liberdades públicas establecidos na Constitución española.</p>	<p>CCL, CSC</p>
<p>5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos da DUDH atendendo aos dereitos e aos deberes dos cidadáns e aos principios da política social e económica.</p>	<p>5.1. Coñece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, sinalando os valores éticos nos que se fundamentan os dereitos e os deberes cidadáns.</p>	<p>CAA, CSC, CEP</p>
	<p>5.2. Recoñece a responsabilidade fiscal dos cidadáns como deber cívico que contribúe ao ben común.</p>	<p>CSC, CEP</p>
<p>6. Coñecer e valorar os elementos esenciais do Estatuto de Autonomía de Galicia segundo aparecen no seu Título Preliminar e no Título 1.º, capítulo I e II</p>	<p>6.1. Sinala e comenta mediante o traballo cooperativo os elementos esenciais do Estatuto de Autonomía de Galicia recollidos no seu Título Preliminar.</p>	<p>CAA, CSC, CEC</p>
	<p>6.2. Identifica e valora as características sinaladas no título I sobre o poder galego.</p>	<p>CEC</p>
	<p>6.3. Identifica e valora as funcións e características do Parlamento sinaladas no capítulo I; e da Xunta e do seu presidente segundo o capítulo II.</p>	<p>CSC, CEC</p>





## UNIDADE 3.

### Título

*Ser cidadán nunha democracia*

### Descrición da unidade

A democracia consolidouse como modelo político na sociedade occidental na actualidade e con iso o cidadán, protagonista desta, adquiriu dereitos que preservan a súa dignidade como persoa, pero tamén se viu comprometido a novos deberes. Nesta unidade preténdese que o alumnado comprenda e asuma o que significa ser cidadán e coñeza a súa historia, ao tempo que identifique a orixe da democracia, as súas características e vantaxes para a vida tanto persoal como social, valorando a convivencia democrática e mostrando actitudes de participación.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- A polis e a política.
- Distinción entre cidadán e súbdito.
- Coñecemento da cidadanía na súa historia.
- Coñecemento da orixe da democracia.
- Diferenzas entre democracia directa e representativa.
- Identificación dos riscos que axedan á democracia.
- Valoración da virtude do cidadán como base ética do funcionamento da democracia.

### Temporalización:

Novembro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir o concepto de «polis» e política.
- Comprender a diferenza entre súbdito e cidadán.
- Identificar as características básicas da cidadanía e coñecer a súa historia.
- Coñecer a orixe da democracia e valorar as súas vantaxes.
- Comprender a diferenza entre democracia directa e representativa.
- Identificar os riscos que ameazan democracia na actualidade.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Definición de polis e contraposición con outras formas de asociación.</li> <li>- Valoración da política como estratexia para resolver conflitos, ordenar a vida social e canalizar a participación do cidadán no poder.</li> <li>- Distinción entre cidadán e súbdito.</li> <li>- Coñecemento da cidadanía na súa historia.</li> <li>- Coñecemento da orixe da democracia.</li> <li>- Diferenzas entre democracia directa e representativa.</li> <li>- Identificación dos riscos que ameazan a democracia.</li> <li>- Valoración da virtude do cidadán como base ética do funcionamento da democracia.</li> </ul>	1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos, contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI.	1.1. Fundamenta racional e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na DUDH.	CCL, CD, CSC, SIEP, CEC
	2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns na vida política do Estado.	2.1. Describe o significado e relación existente entre os seguintes conceptos: democracia, cidadán e soberanía.	CCL, CMCT, CSC, CEC
		2.2. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns de participar activamente no exercicio da democracia, co fin de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.	CSC, SIEP
	3. Evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.	3.1. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da DUDH, como a dexeneración en demagogia, a ditadura das maiorías e a escasa participación cidadá, entre outros, formulando posibles medidas para evitalos.	CCL, CD, CSC, CEC

		<p>3.2. Achega razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas.</p>	<p>CCL, CSC, CEC</p>
--	--	--	------------------------------

## UNIDADE 4.

### Título

*Que é unha constitución?*

### Descrición da unidade

A vida en sociedade precisa normas comúns e leis supremas especificamente políticas. As constitucións son exemplos deste tipo de leis. Aínda que non son imprescindibles, si que é certo que a súa existencia favorece o desenvolvemento democrático do poder político. En España existiron algúns momentos históricos de aparición de distintas constitucións. O último deles instaurou o modelo político que aínda temos baixo o auspicio da Constitución de 1978. Nesta unidade preténdese que o alumnado comprenda, en xeral, que é unha constitución e identifique a súa finalidade e, en particular, que coñeza e asuma os valores ético-políticos, sociais e económicos da Constitución española de 1978.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- Coñecemento de que é unha constitución e para que serve.
- Identificación histórico-cultural da aparición do Estado e das primeiras constitucións.
- Valoración da importancia que ten para a vida democrática a división de poderes.
- Coñecemento da orixe e estrutura da Constitución española de 1978.
- Identificación, valoración e asunción dos dereitos humanos presentes na Constitución española de 1978.

### Temporalización:

Novembro:     Decembro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir o concepto de «constitución» e identificar a súa finalidade.
- Valorar a división de poderes como fundamento da democracia.
- Identificar a estrutura da Constitución española de 1978.
- Coñecer a orixe histórico-cultural das primeiras constitucións e valorar a súa importancia para a aparición do Estado.
- Asumir os dereitos humanos presentes na Constitución española de 1978.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento de que é unha constitución e para que serve.</li> <li>- Valoración da importancia que ten para a vida democrática a división de poderes.</li> <li>- Coñecemento da orixe e estrutura da Constitución española de 1978.</li> <li>- Valoración da adecuación da Constitución española á DUDH.</li> <li>- Xustificación dos principios ético-políticos, sociais e económicos sobre os que se asenta a Constitución española de 1978.</li> </ul>	<p>1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos, contidos na DUDH, como fundamento universal das democracias durante os séculos XX e XXI, destacando as súas características e a súa relación cos conceptos de «Estado de dereito» e «división de poderes».</p>	<p>1.1. Explica a división de poderes proposta por Montesquieu e a función que desempeñan o poder legislativo, o executivo e o xudicial no Estado democrático para limitar o poder político e mellorar a participación da cidadanía no control do poder.</p>	CCL, CD, CSC, CEC
	<p>2. Coñecer e valorar os fundamentos da Constitución española de 1978, identificando os valores éticos dos que parte e os conceptos preliminares que establece.</p>	<p>2.1. Identifica e aprecia os valores éticos máis destacados nos que se fundamenta a Constitución española, sinalando a orixe da súa lexitimidade e a finalidade que persegue, mediante a lectura comprensiva e comentada do seu preámbulo.</p>	CD, CAA, CSC, CEC
	<p>3. Mostrar respecto pola Constitución española identificando nela, mediante unha lectura explicativa e comentada, os dereitos e deberes que ten o individuo como persoa e cidadán, apreciando a súa adecuación a DUDH.</p>	<p>3.1. Describe os conceptos preliminares delimitados na Constitución española e a súa dimensión ética, como: a nación española, a pluralidade ideolóxica, así como o papel e as funcións atribuídas ás Forzas Armadas, a través da lectura comprensiva e comentada dos artigos 1 ao 9.</p>	CD, CSC, CEC

<p>4. Mediante a lectura comentada e reflexiva dos «dereitos e deberes dos cidadáns» (artigos do 30 ao 38) apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos defendidos pola DUDH.</p>	<p>4.1. Sinala e comenta a importancia dos «dereitos e liberdades públicas fundamentais da persoa» establecidos na Constitución, como: a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto; o carácter aconfesional do Estado español; o dereito á libre expresión de ideas e pensamentos; o dereito á reunión pública e á libre asociación e os seus límites.</p>	<p>CD, CAA, CSC, CEC</p>
<p>5. Sinalar e apreciar a adecuación da Constitución española aos principios éticos defendidos pola DUDH, mediante a lectura comentada e reflexiva dos «dereitos e deberes dos cidadáns» (artigos do 30 ao 38) e os «principios reitores da política social e económica» (artigos do 39 ao 52).</p>	<p>5.1. Coñece e aprecia na Constitución española a súa adecuación á DUDH, sinalando os valores éticos nos que se fundamentan os dereitos e deberes dos cidadáns, así como os principios reitores da política social e económica.</p>	<p>CD, CSC, CEC</p>





## UNIDADE 5.

### Título

*A Unión Europea*

### Descrición da unidade

A Unión Europea (UE) é o resultado dunha serie de asociacións que non só medrou en canto ao número de membros, senón que se foi facendo máis ambiciosa no que se refire aos seus obxectivos e posibilidades. Desde os acordos comerciais e laborais entre seis países sobre o carbón e o aceiro ata a unión política actual, que abrangue case trinta Estados, hai un salto que é cuantitativo e cualitativo.

O funcionamento da Unión Europea está concibido para defender os dereitos humanos, os intereses dos Estados membros e os dos seus cidadáns. Na unidade menciónanse algunhas das súas institucións fundamentais e as vantaxes da pertenza a esta asociación.

Na unidade tamén se trata dos conflitos que formula a relación entre a organización e os seus compoñentes, explicando como se relaciona coas soberanías e culturas nacionais e rexionais.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- Que é e como xurdiu a UE?
- A identificación histórico-cultural do desenvolvemento da UE.
- A valoración da importancia que ten a UE para os Estados membros e para os seus cidadáns.
- O coñecemento das institucións e do funcionamento da UE.
- A comprensión da relación entre a pertenza á UE e as diferentes soberanías nacionais.

### Temporalización:

Xaneiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Distinguir a Comunidade Económica Europea (CEE) da Unión Europea (UE) e valorar o camiño que leva dunha á outra.
- Valorar a defensa que a UE fai dos dereitos humanos.
- Identificar as principais institucións da UE e as súas funcións.
- Coñecer as vantaxes da pertenza á UE.
- Asumir as obrigas do proxecto europeo común.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento da orixe e do desenvolvemento da UE.</li> <li>• Valoración da importancia da UE.</li> <li>• Coñecemento das principais institucións da UE e da súa función.</li> <li>• Valoración da pertenza á UE.</li> <li>• Comprensión da relación entre ser membro da UE e a soberanía nacional de cada Estado membro.</li> </ul>	1. Identificar o compromiso da UE cos dereitos recollidos na DUDH.	1.1. Recoñece a vinculación do proxecto político común europeo, a UE, cos dereitos humanos.	CD, CAA, CSC, CEC
	2. Coñecer a historia e os elementos esenciais da UE.	2.1. Describe a integración económica e política da UE, o seu desenvolvemento histórico e os seus obxectivos.	CCL, CD, CSC, CEC
		2.2. Enumera as principais institucións europeas e sinala cal é a súa función.	
	3. Analizar os beneficios da pertenza á UE.	3.1. Identifica e aprecia a importancia dos logros da UE e o beneficio para a vida dos cidadáns.	CD, CAA, CSC, CEC
	4. Asumir as responsabilidades adquiridas polos Estados membros e polos seus cidadáns.	4.1. Comprende e asume as obrigas adquiridas polos Estados membros da UE e polos seus cidadáns en diferentes ámbitos: económico, político, da seguridade e a paz...	CD, CSC, CEC



## UNIDADE 6.

### Título

*Normas morais, leis e dereito*

### Descrición da unidade

Partindo da evidencia da presenza de regras e normas que regulan a existencia e convivencia dos seres humanos en sociedade, nesta unidade preténdese que o alumnado reflexione sobre o carácter moral dalgunhas desas normas e que comprenda a súa ancoraxe e relación co ámbito do dereito como sistema xurídico de ordenamento das relacións humanas en sociedade baixo o imperio da lei.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- Diferenza entre «physis» (natureza ou lei natural) e «nomos» (lei humana e social).
- Definición de norma e os seus múltiples tipos.
- A especificidade das normas xurídicas e morais e a súa importancia para a vida do ser humano.
- Fundamentación das normas: legalidade e lexitimidade. Relación e diferenzas.
- Significado, función e fundamento do dereito.
- Iusnaturalismo e convencionalismo xurídicos como principais teorías do dereito e da xustificación das normas xurídicas e morais.

### Temporalización:

Febreiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir o concepto de «norma» e distinguir os seus tipos.
- Comprender a diferenza entre lei natural e lei humana ou convencional.
- Identificar as características básicas do dereito, así como a súa finalidade e fundamento.
- Coñecer as principais teorías xurídicas: o iusnaturalismo e o convencionalismo.
- Comprender a diferenza e relación entre lei legal e lei lexítima.
- Aplicar ese coñecemento á fundamentación e validez das leis morais.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do concepto de norma e apreciación do significado, función e fundamento do Dereito.</li> <li>- Distinción entre lei natural e lei convencional.</li> <li>- Valoración da importancia para a vida do ser humano das normas xurídicas e morais.</li> <li>- Coñecemento do iusnaturalismo e convencionalismo xurídicos como principais teorías do dereito.</li> <li>- Desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración grupal na xustificación das normas xurídicas e morais.</li> <li>- Distinción entre a legalidade e a lexitimidade dunha norma e a súa aplicación a casos concretos.</li> <li>- Iniciativa á hora de afrontar problemas e perseveranza para defender opinións racionalmente fundamentadas.</li> </ul>	1. Elaborar unha presentación facendo uso das TIC coa que mostrar e apreciar o significado e función do dereito, mostrando iniciativa e perseveranza á hora de defender o dereito e as normas lexítimas.	1.1. Busca e selecciona información en páxinas web, para identificar as diferenzas, semellanzas e vínculos existentes entre a ética e o dereito, e entre a legalidade e a lexitimidade, elaborando e presentando conclusións fundamentadas.	CD, CAA, CSC, SIEP, CEC
	2. Distinguir entre a legalidade e a lexitimidade dunha norma e coñecer a fundamentación que diso fai o positivismo xurídico.	2.1. Analiza información acerca do positivismo xurídico, principalmente o relativo á validez das normas e os criterios que utiliza, especialmente o de eficacia, e a relación que establece entre a ética e o dereito.	CD, CSC, SIEP, CEC
	3. Recoñecer a diferenza entre lei natural e convencional.	3.1. Destaca e valora, no pensamento sofista, a distinción entre <i>physis</i> e <i>gnomos</i> , describindo a súa achega ao convencionalismo xurídico e elaborando conclusións argumentadas acerca deste tema	CCL, CSC, CEC
	4. Coñecer o iusnaturalismo xurídico e a súa aplicación a casos concretos.	4.1. Elabora, en grupo, unha presentación, con soporte dixital, acerca da teoría «iusnaturalista do dereito».	CD, CSC, SIEP, CEC

	5. Coñecer as semellanzas e diferenzas entre as teorías do dereito comparando as súas conclusións.	5.1. Emprende e elabora unha presentación con medios informáticos, en colaboración grupal, comparando as teorías do dereito e explicando as súas conclusións.	CD, CAA, CSC, SIEP, CEC
--	--	---	-------------------------

## UNIDADE 7.

### Título

*Xustificación das normas xurídicas*

### Descrición da unidade

A ética ten unha estreita relación co dereito. Nesta unidade faise unha incursión sobre as normas xurídicas, que son a materia propia do dereito.

Non se trata, non obstante, de facer un tema de dereito, senón de falar do sentido do dereito na vida humana, na vida civilizada, e a súa relación coa xustiza como base da xustificación das normas xurídicas. Tamén se afronta o tema do dereito como un instrumento creado para facer efectiva a moralidade pública, a moralidade común aceptada.

Os alumnos e as alumnas, polo xeral, a estas idades adoitan dar importancia de forma case exclusiva a feitos naturais ou sociais: ser forte, guapo, intelixente; ou rico, de boa familia, con posición social, etc., e moi raramente coñecen, e polo tanto tampouco valoran, a armazón legal que, en certa forma, sustenta aquelas realidades.

Nesta unidade preséntanse distintas teorías xurídicas para explicar que as normas legais non poden ser caprichosas, senón que teñen que xustificarse dalgún xeito para seren lexítimas. Esta presentación faise do xeito máis conciso e claro para facilitar ao alumnado un primeiro contacto cun tema, o da xustificación das normas xurídicas, que é moi complexo e no que non hai unanimidade nin tan sequera entre os expertos.

- Iníciase a unidade aclarando os diferentes tipos de normas existentes e a relación existente entre elas. Pasamos seguidamente a explicar en que sentido falamos de «dereito» nesta unidade e o seu vínculo coa vida cotiá e o poder político.
- Facemos unha necesaria e breve referencia aos requisitos fundamentais que debe ter a norma xurídica para ver xustificada a súa normatividade, e relacionamos esta co poder que ten o dereito de humanizar as relacións sociais.
- Concluimos cunha breve exposición das principais teorías xurídicas existentes para xustificar a normatividade do dereito.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Distinguir as normas xurídicas das morais e as sociais.
- Coñecer o característico de «o xurídico».
- Valorar a presenza do dereito na vida cotiá.
- Saber como se relaciona o dereito co poder político.
- Comprender que é un Estado, a súa legalidade e lexitimidade.
- Entender os requisitos necesarios da norma xurídica: validez e xustiza.
- Valorar o papel do dereito na humanización.
- Coñecer as dúas teorías fundamentais que xustifican a validez das normas xurídicas.

### Temporalización:

Febreiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características propias das normas xurídicas fronte ás sociais e as morais.
- Valorar a importancia do dereito na vida.
- Entender a relación do dereito coa política.
- Comprender de onde provén a forza do dereito.
- Saber relacionar a normatividade do dereito co progreso moral da humanidade.
- Argumentar a necesidade de que a norma xurídica ten que estar fundamentada e coñecer as principais teorías.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.



### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión das normas xurídicas e a súa diferenza coas morais e sociais.</li> <li>- Valoración do dereito na vida diaria.</li> <li>- Comprensión da relación do dereito co Estado.</li> <li>- Aproximación aos requisitos da normatividade xurídica.</li> <li>- Recoñecemento do valor humanizador do dereito.</li> <li>- Xustificación da necesidade de fundar as normas xurídicas.</li> <li>- Entendemento das teorías xurídicas do iusnaturalismo e a teoría de Kelsen.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e defender opinións, e desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración a traballar en grupo.</li> </ul>	1. Saber que é unha norma xurídica.	1.1. Define norma xurídica e coñece o que a diferenza doutras normas.	CCL, CSC
	2. Coñecer a relación que existe entre dereito e poder político.	2.1. Relaciona de forma correcta o dereito coa vida e co poder político.	CAA, CSC, CEC
	3. Saber en que se basea a legalidade e lexitimidade das normas xurídicas.	3.1. Coñece o papel da validez e a xustiza en xustificación das normas xurídicas.	CSC, CEC
	4. Valorar as razóns do iusnaturalismo e do positivismo xurídico.	4.1. Expón con claridade as teorías do iusnaturalismo e do positivismo xurídico.	CCL, CSC, CEC
	5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	5.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade, e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CD, CAA
	6. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	SIEP



## UNIDADE 8.

### Título

*A conquista dos dereitos humanos*

### Descrición da unidade

A unidade trata de facer comprender aos alumnos e ás alumnas a historia da humanidade desde a perspectiva do progreso dos dereitos humanos como síntese dos valores éticos universalmente recoñecidos. Evidentemente, non se trata nin dunha historia da humanidade nin do dereito, senón máis ben de incidir nalgúns datos históricos polo seu significado moral ou xurídico e pola súa transcendencia na implantación dos valores humanos na lexislación e no dereito.

Tamén se insiste en que esa marcha da humanidade cara ao recoñecemento universal dos dereitos humanos e dos valores éticos non é tarefa exclusiva dos poderes públicos ou da autoridade, senón de cidadáns ou entidades que nun determinado momento forzaron o recoñecemento dalgún dereito preferido polas autoridades políticas.

- Facemos un recordatorio das primeiras lexislacións coñecidas, tomando como exemplos o Código de Hammurabi, o dereito de xentes e o dereito na guerra, de maneira que o alumnado sexa consciente do longo camiño percorrido pola humanidade ata o que el, presumiblemente, considere case como «natural», é dicir, unha vida baseada nos dereitos humanos fundamentais.
- Tratamos as primeiras manifestacións do dereito en relación coa organización política do Estado baixo a idea xeral da aspiración universal á xustiza. E detémonos nas bases teóricas, filosóficas, dos distintos tipos de Estado que se deron na historia moderna da humanidade.
- Rematamos cunha referencia ao xuízo da cúpula nazi en Nürnberg, como fito histórico e moral, ou salto cualitativo, no nacemento dun dereito internacional, como superación dos límites do Estado nacional e a posterior extensión universal da DUDH, finalizando cun recordatorio da tarefa urxente respecto aos dereitos humanos: cumprilos!

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Entender a situación histórica de partida respecto aos dereitos humanos.
- Saber como se implanta no dereito o respecto aos «outros», os que non son dos nosos (dereito de xentes, dereito en guerra).
- Valorar a xustiza como unha aspiración universal.
- Coñecer os primeiros pasos do dereito no Estado.
- Explicar como entenderon o Estado de dereito J. Locke e J. J. Rousseau.
- Recoñecer algunhas leis como primeiros pasos cara ao Estado de dereito.
- Comprender a importancia do dereito internacional e a acción dos cidadáns na implantación do dereito na humanidade.

### Temporalización:

Marzo:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender a situación histórica de partida respecto aos dereitos humanos.
- Saber como se implanta no dereito o respecto aos «outros», os que non son dos nosos (dereito de xentes, dereito en guerra).
- Valorar a xustiza como unha aspiración universal ao longo da historia.
- Recoñecer as primeiras formas de organización política como pasos cara ao respecto dos dereitos de todos.
- Explicar como entenderon o Estado de dereito J. Locke e J. J. Rousseau.
- Recoñecer leis, como *Bill of Rights* ou a Declaración de Virxinia, como primeiros pasos cara ao Estado de dereito.
- Saber que é o Dereito internacional e as súas orixes (Francisco de Vitoria, H. Grocio, Nürnberg).
- Comprender a importancia do dereito supranacional e a acción dos cidadáns na implantación do dereito na humanidade.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración do dereito hai catro mil anos.</li> <li>- Coñecemento do significado e orixe do dereito de xentes e do dereito na guerra en vista da paz.</li> <li>- Recoñecemento do dereito como expresión da nosa aspiración á xustiza.</li> <li>- Coñecemento dos imperios antigos como primeiras organizacións políticas que usan o dereito.</li> <li>- Aproximación á xustificación do Estado absolutista moderno feita por T. Hobbes.</li> <li>- Diferenciación entre a xustificación do Estado de dereito que fai J. Locke e J. J. Rousseau.</li> <li>- Coñecemento de leis e feitos históricos que son precedentes da DUDH e os tribunais internacionais.</li> <li>- Comprensión da acción cidadá e humanitaria como promotora eficiente dos dereitos humanos.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> </ul>	1. Expoñer o proceso histórico de implantación do dereito na vida humana.	1.1. Coñece feitos relevantes que proban o progreso do dereito.	CSC, CEC
	2. Valorar o devandito proceso como resposta á aspiración humana á xustiza.	2.1. Comprende que a aspiración á xustiza é universal.	CAA, CSC
	3. Coñecer a teoría do Estado absolutista de T. Hobbes.	3.1. Expón con precisión a teoría do Estado absolutista de T. Hobbes.	CCL, CSC, CEC
	4. Identificar as similitudes e diferenzas das teorías contractualistas do Estado de dereito.	4.1. Diferencia as teorías contractualistas de Locke e Rousseau.	CEC
	5. Comprender a necesidade de crear un dereito internacional baseado nos dereitos humanos.	5.1. Valora o papel das persoas, institucións e de certos feitos históricos na ampliación internacional do dereito.	CSC, CEC
	6. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	6.1. Usa as TIC de forma eficiente e responsable.	CD

<p>recuperación de...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e defender opinións, e desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración a traballar en grupo.</li> </ul>	<p>7. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>7.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>SIEP</p>
--	---	--	-------------



## UNIDADE 9.

### Título

*Os retos dos dereitos*

### Descrición da unidade

Nesta unidade trátase de facerlle comprender ao alumnado algúns dos principais problemas que afronta a humanidade no noso tempo. Preténdese que amplíen o seu horizonte de intereses e inquedanzas ao conxunto da humanidade, abrindo a súa perspectiva a conflitos que non deben deixar de interesarnos e preocuparnos, aínda que estean afastados na distancia.

Procurouse centrar as cuestións fundamentalmente en dous: a pobreza e a violencia, dividindo as epígrafes de maneira que mostren o problema e as posibles vías de solución: pobreza-solidariedade, violencia-comunidade internacional. Dado que xa se falou da liberdade e da igualdade, esta formulación contribúe a ir completando o cadro de valores vinculados aos dereitos humanos que constitúen algúns dos nosos retos máis importantes.

- Dado o enfoque da unidade, o asunto da pobreza lévase cara ao campo internacional. Desde logo, isto non é un obstáculo para o recoñecemento das necesidades das persoas que están máis próximas a nós, senón que é un recordatorio de que non se debe esquecer do que acontece lonxe de nós.
- Explícase o concepto de terceiro mundo e os problemas que supoñen as desiguais relacións internacionais.
- Preséntanse algunhas das principais vías de colaboración e de solidariedade internacionais, tanto oficiais coma non oficiais.
- O problema bélico ocupa o terceiro apartado e preséntase exemplificado nalgúns dos seus casos máis crueis, asociado a problemas que van mesmo máis alá do número de vítimas.
- Ante esa situación, a comunidade internacional procura xuntar esforzos que contribúan a evitar a violencia. A ONU e a UE son organizacións que teñen entre os seus obxectivos a preservación dos dereitos humanos.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e os valores seguintes:

- A comprensión da depauperación que padece boa parte da humanidade.
- A toma de conciencia dalgúns esforzos para reaccionar e corrixir esas inxustizas.
- A valoración da solidariedade internacional.
- O coñecemento dalgunhas das grandes guerras que azoutaron a humanidade.
- O significado dos conceptos de xenocidio e de refuxiado.
- O recoñecemento cara a algunhas institucións que procuran a paz internacional.
- A comprensión da importancia de que a paz e o benestar alcancen o maior número posible de habitantes do planeta.

### Temporalización:

Marzo:          Abril:



## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Entender a realidade económica da comunidade internacional.
- Saber como se organizan determinadas institucións para tratar de corrixir as inxustizas.
- Valorar a solidariedade como un mecanismo que contribúe á creación dun mundo mellor.
- Recoñecer os danos que causan as guerras como mecanismo violento na resolución de disputas.
- Explicar o significado e rexeitar a traxedia que supoñen os xenocidios.
- Recoñecer os problemas que supón o desprazamento de refuxiados.
- Saber que son a ONU e os «cascos azuis».
- Comprender a importancia da acción dos cidadáns na consecución dun mundo mellor.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración da realidade económica internacional.</li> <li>- Coñecemento da orixe e do significado da expresión «terceiro mundo».</li> <li>- Recoñecemento do dereito das persoas do terceiro mundo a unha vida digna.</li> <li>- Coñecemento dalgúns dos esforzos de diferentes colectivos para conseguir un mundo máis xusto.</li> <li>- Rexeitamento dos danos que causan as guerras.</li> <li>- Comprensión do termo «xenocidio» e das implicacións da súa realidade histórica.</li> <li>- Coñecemento das institucións que procuran mellorar o benestar de toda a humanidade.</li> <li>- Comprensión da acción cidadá e humanitaria como promotora eficiente dos dereitos humanos.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento propio e aplicala a distintos contextos, e participación activa no propio proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e</li> </ul>	1. Analizar o momento histórico e político que impulsou a creación da ONU.	1.1. Contrasta información de acontecementos que deron orixe á DUDH; entre eles, o triunfo de ideoloxías nacionalistas e racistas que defendían a superioridade duns seres humanos sobre outros.	CSC, CEC
	2. Avaliar, utilizando o xuízo crítico, a magnitude dos problemas aos que se enfronta a aplicación da DUDH.	2.1. Explica a función da DUDH como código recoñecido polos países da ONU co fin de promover a xustiza, a igualdade e a paz en todo o mundo.	CCL, CAA, CSC, CEC
	3. Apreciar o labor que realizan institucións e ONG que traballan pola defensa dos dereitos humanos.	3.1. Sinala os obxectivos que tivo a creación da ONU, valorando a importancia deste feito para a historia da humanidade.	CSC, CEC
	4. Identificar as consecuencias máis terribles da pobreza e dos conflitos bélicos, así como as principais institucións que os combaten.	4.1. Indaga, en traballo colaborador, acerca das actividades das institucións e dos voluntarios que, en todo o mundo, traballan polo cumprimento dos dereitos humanos.	CD, CSC, SIEP, CEC
	5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	5.1. Usa as TIC de forma eficiente e responsable.	CD

<p>afrentar problemas e defender opinións, e desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración a traballar en grupo.</p>	<p>6. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>SIEP</p>
--	---	--	-------------



## UNIDADE 10.

### Título

*O poder da información: a ciencia e a ética*

### Descrición da unidade

Mediante esta unidade preténdese realizar unha aproximación a algúns dos problemas morais asociados inevitablemente ao desenvolvemento científico e tecnolóxico, entendidos como saberes vinculados a un poder, conforme a máxima de Francis Bacon.

Como é ben sabido, teoría e praxe están inevitablemente unidas na conduta humana, de maneira que os grandes descubrimentos e inventos presentan e formulan cuestións morais que os estudantes desta idade xa poden empezar a coñecer.

Os problemas que aquí se formulan son xerados pola aplicación da ciencia, o acceso ao seu coñecemento e a vinculación que, en xeral, debe ter coa sociedade e a política en último termo. A necesidade de establecer unha relación adecuada entre ciencia, ética e política é algo que se fai prioritario nunha sociedade como a nosa, na que o avance científico e tecnolóxico é tan determinante.

Deste xeito, o alumnado poderá reflexionar de forma máis madura acerca dalgúns cuestións nas que a vinculación entre pensamento e acción se retroalimenta.

- A nosa sociedade aposta pola ciencia como a forma de saber máis eficaz para coñecer e dominar o contorno.
- A idea de progreso deriva, en boa medida, dos avances técnicos e tecnolóxicos.
- A globalización permite que as investigacións científicas teñan un alcance moito maior do que era posible antigamente.
- A tecnociencia ten consecuencias na vida social, polo que esixe unha formulación ética seria.
- O saber democratizouse coa extensión da educación, concibida como dereito universal de todo ser humano.
- Por veces, téñense producido algunhas fraudes no campo científico, aínda que este saber desenvolve tamén os mecanismos que permiten poñelos en evidencia.
- Debido á relevancia social da ciencia e da tecnoloxía, as decisións en torno a elas convértense nun asunto moral e politicamente moi importante.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- O predominio do saber científico nas sociedades occidentais contemporáneas.
- A relevancia das consecuencias prácticas da investigación científica.
- Os motivos da confianza nas posibilidades da ciencia e da tecnoloxía para resolver os problemas da humanidade.
- O avance que supón a sociedade actual no camiño da democratización do saber.
- A asociación inevitable entre ética, política, ciencia e tecnoloxía.

### Temporalización:

Abril:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Valorar as achegas da ciencia e da tecnoloxía na nosa sociedade.
- Coñecer os cambios que supuxo a Revolución Científica.
- Definir «progreso».
- Distinguir os cambios que se foron introducindo nos últimos séculos no campo do saber científico-tecnolóxico.
- Aproximarse á esixencia da reflexión ética sobre a ciencia e a tecnoloxía.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O papel da ciencia e da tecnoloxía na nosa sociedade.</li> <li>- Aproximación ao significado e ás implicacións da relación entre saber e praxe.</li> <li>- Recoñecemento dos problemas e das limitacións da ciencia e da tecnoloxía nos últimos séculos.</li> <li>- Coñecemento do cambio que supuxeron as TIC na sociedade.</li> <li>- Análise crítica da relación entre ciencia, tecnoloxía e política.</li> <li>- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.</li> </ul>	1. Analizar o papel da ciencia e da tecnoloxía na nosa sociedade.	1.1. Recoñece a importancia da ciencia e da tecnoloxía na nosa sociedade.	CMCT, CEC
		1.2. Utiliza distintas fontes para avaliar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía.	CD, CMCT, CSC
		1.3. Diserta en grupo sobre a idea de progreso.	CCL, CAA
	2. Aplicar os valores éticos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos no campo científico e tecnolóxico.	2.1. Argumenta a conveniencia de poñer límites nas investigacións e nos desenvolvementos tecnolóxicos baseados nos dereitos humanos.	CCL, CMCT, CSC, SIEP
		3. Entender que detrás da ciencia e da tecnoloxía pode haber outros intereses (políticos, económicos, etcétera).	3.1. Obtén e selecciona información sobre as consecuencias dos avances científicos e tecnolóxicos.
	4. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír na construción da súa propia identidade, conforme os valores éticos.	4.1. Deseña un proxecto de vida conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir.	CSC, SIEP





## UNIDADE 11.

### Título

*Tecnoloxía e ética*

### Descrición da unidade

Nesta unidade preténdese realizar unha aproximación a algúns dos problemas morais asociados inevitablemente ao desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Como é ben sabido, teoría e praxe están unidas na conduta humana, de maneira que os grandes descubrimentos e inventos presentan e formulan cuestións morais que os estudantes desta idade xa poden empezar a coñecer.

Para abrir a unidade, propoñemos un fragmento da novela de Mark Haddon *El curioso incidente del perro a medianoche*, cuxo protagonista e narrador é autista, o que explica tanto o modo no que está relatada como o contido. Desde ese punto de vista, permite abordar temas relativos ás profesións relacionadas coa tecnoloxía (tal e como se fai nas actividades) ou ben coa discriminación.

Polo demais, a unidade estrutúrase dun xeito moi claro en torno ás tres revolucións industriais que distinguen algúns autores. A partir de todas elas, conclúese lembrando a importancia de que tanto a investigación científica como os avances tecnolóxicos teñan unha supervisión ética.

- A Primeira Revolución Industrial tivo consecuencias diversas, non todas positivas.
- O ambiente no que se desenvolveu esa revolución industrial en Gran Bretaña estivo asociado a unha dobre moral que axuda a explicar que tivese como resultado tanto beneficios como prexuízos sociais.
- Tamén a Segunda Revolución Industrial tivo consecuencias sociais, malia que o seu alcance foi mundial.
- A Terceira Revolución Industrial tivo lugar nun campo que antes era dificilmente imaxinable: o do traballo intelectual.
- A tecnociencia ten consecuencias na vida social, polo que esixe unha formulación ética seria.
- A informática formula retos novos que o ser humano debe abordar reflexivamente.
- Debido á relevancia social da ciencia e da tecnoloxía, as decisións en torno a elas convértense nun asunto moral e politicamente moi importante.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- As tres revolucións industriais como paradigma das achegas tecnocientíficas.
- As consecuencias sociais de cada revolución industrial.
- A relación entre investigación científica, tecnoloxía e ética.
- Os novos retos morais que nos formula a informática.
- A asociación inevitable entre ética, política, ciencia e tecnoloxía.

### Temporalización:

Maio:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Valorar as achegas da ciencia e da tecnoloxía na nosa sociedade.
- Coñecer os cambios que supuxeron as revolucións industriais para a sociedade.
- Debater sobre os cambios que supuxo o desenvolvemento tecnolóxico nos últimos séculos.
- Distinguir as tres revolucións industriais.
- Aproximarse á esixencia de reflexión ética sobre a relación entre política e ciencia e tecnoloxía.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O papel da ciencia e da tecnoloxía na nosa sociedade.</li> <li>- Aproximación ao significado e as implicacións do concepto de «revolución industrial».</li> <li>- Recoñecemento dos problemas e das limitacións da ciencia e da tecnoloxía nos últimos séculos.</li> <li>- Coñecemento das consecuencias sociais das revolucións industriais.</li> <li>- Análise crítica da relación entre ciencia, tecnoloxía e política.</li> <li>- Comprensión de informacións, adquisición de vocabulario e mantemento dunha actitude favorable cara á lectura.</li> <li>- Comprensión da realidade social e exercicio dunha cidadanía construtiva.</li> <li>- Coñecemento e uso responsable das TIC.</li> <li>- Uso de estratexias para tratar a información.</li> <li>- Desenvolvemento de actitudes de respecto e colaboración ao traballar en grupo.</li> </ul>	1. Analizar o papel da ciencia e da tecnoloxía na nosa sociedade.	1.1. Recoñece a importancia da ciencia e da tecnoloxía na nosa sociedade.	CMCT, CEC
	1.2. Utiliza distintas fontes para avaliar a dimensión moral da ciencia e da tecnoloxía.	CD, CMCT, CSC	
	1.3. Diserta en grupo sobre a idea de revolución industrial.	CCL, CAA	
	2. Aplicar os valores éticos da DUDH nos campos científico e tecnolóxico.	2.1. Argumenta a conveniencia de poñer límites ás investigacións e aos desenvolvementos tecnolóxicos.	CCL, CMCT, CSC, SIEP
	3. Entender que detrás da ciencia e da tecnoloxía pode haber outros intereses (políticos, económicos, etc.).	3.1. Obtén e selecciona información sobre as consecuencias da ciencia e da tecnoloxía.	CMCT, CD
	4. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano para influír na construción da súa propia identidade, conforme os valores éticos.	4.1. Deseña un proxecto de vida conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir.	CSC, SIEP
	5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	5.1. Obtén e organiza información, traballa co esquema da unidade e utiliza os recursos dixitais con interese e responsabilidade.	CD, CAA

	6. Compaxinar unha actitude crítica co respecto e a colaboración á hora de traballar en grupo.	6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente na aprendizaxe cooperativa.	SIEP
--	--	--	------



## UNIDADE 12.

### Título

*A bioética*

### Descrición da unidade

Nesta unidade reflexiónase sobre a bioética: a súa finalidade e as súas funcións, a súa necesaria aproximación crítica ao campo das prácticas científicas en xeral, pero de xeito especial nos terreos da medicina e a bioloxía.

O obxectivo é que o alumnado perciba que as prácticas biomédicas non son neutrais e que necesitan un control ético para garantir que estas respecten os dereitos da persoa e a súa constitutiva dignidade.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Entender o concepto e a tarefa da bioética no contexto das prácticas científicas biomédicas.
- Identificar os principais dilemas morais que esas prácticas poidan provocar e adoptar un compromiso moral ante eles.
- Coñecer o proxecto Xenoma Humano.
- Tomar conciencia das relacións entre a investigación en biomedicina e as empresas farmacéuticas.

### Temporalización:

Maio:     Xuño:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a tarefa e a finalidade da bioética.
- Recoñecer os riscos morais de determinadas prácticas biomédicas.
- Adoptar ante eles unha posición moral respectuosa coa dignidade da persoa.
- Coñecer o proxecto Xenoma Humano.
- Entender o equilibrio necesario entre a investigación biomédica e a actividade empresarial nese campo e os dereitos fundamentais das persoas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saber en que consiste a bioética.</li> <li>- Coñecer o proxecto Xenoma Humano.</li> <li>- Valorar a necesidade de control ético das prácticas científicas en xeral e das propias da actividade biomédica.</li> <li>- Identificar os dilemas morais que levan consigo esas prácticas.</li> <li>- Adoptar ante eles unha posición moral acorde coa dignidade e dereitos humanos.</li> <li>- Recoñecer o equilibrio necesario entre investigación biomédica e actividade empresarial nese terreo.</li> </ul>	1. Utilizar os valores éticos contidos na DUDH no terreo da medicina e a biotecnoloxía, co fin de evitar a súa aplicación inadecuada.	1.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, co fin de coñecer en que consisten algúns dos avances en medicina e biotecnoloxía, que formulan dilemas morais.	CCL, CD, CSC, SIEP, CEC
		1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos á investigación e práctica tanto científica como tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.	CMCT, CSC
	2. Recoñecer que existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc.	2.1. Sinala os perigos morais que levan consigo determinadas prácticas de investigación en biomedicina como: a utilización de células nai, a clonación e a euxeñese, entre outros, se se prescinde do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.	CMCT, CD, CAA, CSC, CEC

		<p>2.2. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da DUDH, xerando impactos negativos no contorno humano e ambiental, sinalando as causas.</p>	<p>CMCT, CD, CSC, CEC</p>
	<p>3. Solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan no campo da biomedicina.</p>	<p>3.1. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as diferentes opinións que se expresan na confrontación de ideas, co fin de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de utilizar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.</p>	<p>CSC, SIEP</p>



### 3. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía a empregar na nosa materia tal como sinala Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, ***deberá axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.***

O obxectivo do ensino de **VALORES ÉTICOS** no **primeiro curso da ESO ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na esolla do seu proxecto de vida persoal.** A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desaracionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

**No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave.** Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).

É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. **Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información,** procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación. Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en **traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos,** etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación

Esta materia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

- Fomentar a curiosidade natural do alumnado.
- Fomentar a valoración crítica.
- Utilizar internet como fonte de información.
- Utilizar textos históricos e literarios da época ilustrativos do pensamento da época.
- Utilizar internet como fonte iconográfica.
- Aproveitar as situación da vida cotiá para concienciar.
- Utilizar a televisión e a prensa.
- Poner exemplos coñecidos das enormes diferenzas existentes no acceso á información entre áreas e países da Terra.
- Utilizar o atlas e os mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos.
- Fomentar a curiosidade natural dos rapaces.
- Aproveitar o seu interese

- Aproveitar a predisposición favorable do alumnado cara á conservación do medio para afondar e consolidar conceptos.
- Buscar contraste de intereses para interiorizar as diferentes perspectivas e enfoques dun debate.
- Utilizar o atlas para localizar os principais espazos xeográficos.
- Debates entre estudantes

#### **4. Materiais e recursos didácticos.**

Os principais recursos didácticos para o uso da materia son os seguintes:

- O libro de texto do alumnado (Editorial Anaya).
- Apuntes do docente.
- Caderno do alumno. (tipo DIN A 4)
- Prensa local, rexional e nacional.
- Material da biblioteca do centro e da aula.
- Dicionarios históricos.
- Cartografía, globo terráqueo, mapas do mundo.
- Atlas e mapas conceptuais.
- Aula de informática para o uso de recursos dixitais (atlas dixitais, Google Maps, páxinas web interactivas,...)

## 5. Criterios sobre avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.

Tal como sinala a normativa, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

A avaliación será continua en canto que forma parte do proceso de ensinanza aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

As ferramentas de avaliación para o curso **2021-2022** cos seus correspondentes porcentaxes de cualificación son:

<i><b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b></i>	<i><b>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</b></i>
Actitude e participación na aula	80%
Traballos en grupo e individuais	20%

É necesario unha cualificación mínima dun cinco (5) na avaliación, para ser aprobar a avaliación, sendo necesario unha media de 4,5/10 nas probas de avaliación escrita para facer media co resto de porcentaxes.

Despois de cada avaliación haberá unha **proba de recuperación** para o alumnado que non acade a nota mínima de cinco (5). É necesario obter como mínimo unha cualificación de cinco (5) para considerar a avaliación como recuperada.

**A nota final de curso** será a media aritmética das tres avaliacións, tendo cada una un peso do 33%.

**A proba extraordinaria de xuño** constará de una parte escrita que poderá incluír exercicios prácticos. É necesario acadar unha cualificación mínima dun cinco (5) para aprobar a materia.

Por último, deixar constancia que ante o constante absentismo escolar nas datas de exames, todos/as aqueles/as alumnos/as que non se presenten as distintas probas escritas u orais (exposicións de traballos), terán que xustificar legalmente (parte médico,...) a súa falta de asistencia na data na que se realizou dita proba, de non ser así, a cualificación será de suspenso. Tamén incidir en que aqueles alumnos/as que sexan intervidos copiando nun exame a súa cualificación será de suspenso, e se non presentan os traballos individuais ou en equipo obrigatorios e o caderno, debidamente elaborados segundo os criterios establecidos e nos prazos indicados pola profesora, non se puntuarán.

O **portfolio** é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na **recollida de evidencias** da evolución da cada alumno e alumna. Cada evidencia debe recoller unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora personal. O portfolio pode ser en formato papel ou dixital.

As **evidencias** que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Probas escritas por competencias de avaliación.
- Autoevaluación do propio alumnado.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos en base ás actividades do libro.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Problemas con resolución a base de razoamento lóxico.

## **6. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.**

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao profesorado avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
<i>Temporalización da unidade didáctica</i>			
<i>Desenvolvemento dos obxectivos didácticos</i>			
<i>Manexo dos contidos da unidade</i>			
<i>Flexibilidade nas necesidades e intereses do alumnado</i>			
<i>Actividades con planes de traballo predefinidos</i>			
<i>Tarefas diversas que favorececeron a adquisición de competencias clave</i>			
<i>Estratexias metodolóxicas de aprendizaxe seleccionadas</i>			
<i>Recursos variados</i>			
<i>Claridade nos criterios de avaliación</i>			
<i>Uso de diversas ferramentas de avaliación</i>			
<i>Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe</i>			
<i>Atención á diversidade</i>			
<i>Interdisciplinariade</i>			
<i>Ambiente de traballo</i>			
<i>Actividades inividuais</i>			
<i>Actividades grupais</i>			

## **7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

Ao comenzó de curso entregarase a cada alumna/o coa asignatura pendente un *caderno de actividades de reforzo* para ser realizadas pola súa conta.

A cualificación dos/as alumnos/as pendentes farase tendo en conta os seguintes criterios:

- *Alumnado que non entrega o caderno de actividades de reforzo:* pola nota acadada no exame de recuperación da asignatura pendente, sendo necesario a obtención dunha cualificación mínima dun cinco (5) para aprobar a asignatura.
- *Alumnado que entrega o caderno de actividades de reforzo:* pola participación e presentación dos cadernos entregados con exercicios de repaso, así como pola súa actitude en xeral con respecto á materia.

## 8. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consencuencia dos seus resultados.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.



### ***Necesidades individuais***

Derivada da **avaliación inicial**, ésta facilítanos o coñecemento acerca do grupo como, o que vai ser fundamental para:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

### **Necesidades colectivas**

Como medidas para a inclusión e atención á diversidade:

- **Para todos os alumnos e alumnas:**
  - Actividades de reforzón da unidade didáctica.
  - Follas de mapas conceptuais incompletos.
  - Actividades de apoio e ampliación.
- **Para algún alumnos e alumnas:**
  - Tarefas de adaptación curricular.
  - Actividades de ampliación da unidade didáctica.

## 9. Medidas de atención á diversidade.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece os principios e fins do sistema educativo; entre os que destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a **educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado**; a orientación educativa e profesional do estudantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

Asemade, establécese que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Neste ámbito, o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala como o gran obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

Por tanto, aprender e ensinar a recoñecer, valorar e respectar as diferenzas, e comprender o concepto de diversidade no seu sentido máis amplo loitando contra múltiples barreiras como as sociais, as físicas, as sensoriais, as cognitivas, as estruturais, as comunicativas ou as curriculares, e con elo entender que a diversidade é unha oportunidade para construír a convivencia e desenvolvemento persoal do alumnado, e loitar para a eliminación de ditas barreiras.

**A atención á diversidade pon en valor a personalización do proceso de ensino aprendizaxe**, que deberá adaptarse ás distintas realidades do alumnado, considerando as súas potencialidades, o seu desenvolvemento, os seus distintos ritmos, os seus estilos e as distintas formas de aprender que ten cada alumno/a.

Para iso, as actuacións encamiñadas a romper barreiras serán:

- Aplicar metodoloxías e estratexias de ensino-aprendizaxe flexibles, participativas, activas, creativas, de equidade e que favorezan as relacións interpersoais e o respecto mutuo.
- Organizar aulas accesibles para a aprendizaxe e a convivencia da diversidade do alumnado.
- Dispoñer de materias diversos que atendan a diversidade na aula e facilitan a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado
- Aproveitar as múltiples posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación
- Propiciar situación de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumnado, en lugar de partir das súas dificultades.
- Interactuar co alumnado estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, favorecendo a interrelación entre o alumnado e os apoios naturais entre iguais.

Tendo en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, intentarase proporcionar ao alumnado que o precise distintas tarefas con distintos niveis de profundidade e complexidade, tal como ven reflectido no desenvolvemento das unidades didácticas.

En relación ás orientacións sobre a **avaliación deste alumnado**, dita avaliación deberá permitírnos valorar aspectos tales como as axudas e os apoios prestados, os recursos utilizados, a adecuación metodolóxica, de maneira que non se centre unicamente en resultados finais senón que teña en conta a valoración dos distintos factores que poden incidir neste proceso, dos procesos seguidos e das aprendizaxes e competencias acadadas, e debe contar cos recursos e co tempo que necesiten.

Prestarase especial atención á **avaliación inicial**, antes comentada, para determinar o nivel de competencia de cada alumno/a, como punto de partida para a elaboración dunha programación de aula que ten en conta distintos niveis de desempeño.

Así, personalizaremos a avaliación adaptándoa ás peculiaridades do alumnado e asegurando a concordancia coa metodoloxía de aprendizaxe. A avaliación farase en función dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Procurarase avaliar en positivo, resaltando aquilo que o alumno/a é capaz de facer ou foi adquirindo.

A avaliación ten como finalidade comprobar se se acadaron as aprendizaxes e informar do proceso seguido. Os instrumentos de avaliación deben encamiñarse a acadar esas dúas finalidade, adaptándose á realidade de cada un dos alumnos/as, para valorar os logros e progresos acadados nas aprendizaxes.

## 10. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Os elementos transversais que trataremos na asignatura neste 3º curso da ESO son:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información (TIC), o emprendemento e a educación cívica e constitucional.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A isto se engade o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos así como os valores de liberdade; xustiza; igualdade; pluralismo político; a paz; a democracia; o respecto aos dereitos humanos; a igualdade de xénero; loita contra estereotipos que supoñan discriminación; loita contra comportamentos sexistas respecto ás persoas con discapacidade ou loita contra calquera tipo de violencia.

Tamén tratarase o desenvolvemento do espírito emprendedor, o fomento da igualdade de oportunidades, respecto ao emprendedor e empresario e ética empresarial.

Por último, trataremos a educación e seguridade vial, para promover comportamentos que melloren a convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

## 11. Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento didáctico.

O departamento de Xeografía e Historia propón para o curso 2021-2022 as seguintes **actividades extraescolares**, e supeditadas a evolución da pandemia derivada da COVID 19 son, divididas por trimestres:

<b>ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR:</b>  <b>Visita a Sogama</b>	<b>1º TRIMESTRE</b>
<b>Xustificación:</b> ▪ <b>Que o alumnado coñeza o sistema de reciclaxe nunha sociedade como a nosa e a importancia da reciclaxe</b>	<b>Data:</b> outubro-novembro
<b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b>

<b>ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR</b>  <b>Visita ao Museo do Mar</b>	<b>2º TRIMESTRE</b>
<b>Xustificación:</b> ▪ Coñecer a importancia do coidado do medio e o respecto polo planeta	<b>Data:</b> febreiro-marzo
<b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis:</b>

<b>ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR:</b>  <b>Visita a un pleno do Concello</b>	<b>3º TRIMESTRE</b>
<b>Xustificación:</b> ▪ Recoñecer a importancia da política como xeneradora de accións modificadoras do contorno-	<b>Data:</b> abril-maio
<b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis:</b>

Como **actividades complementarias** á formación para o curso 2021-2022, decidíronse por parte do departamento as seguintes:

<p><b>ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA:</b> <b>A CONTAMINACIÓN DO PLASTICO</b></p>	<p><b>1º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b> Pedírase ao alumnado que elabore un traballo sobre a CONTAMINACIÓN do plástico en Galicia e o mundo rural galego con especial incidencia á contaminación xenerada por dita activiadad.</p>	<p>Data : <b>setembro-décembro</b></p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor</p>	<p>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</p>

<p><b>ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA:</b> <b>LIMPEZA DUN BOSQUE</b></p>	<p><b>3º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b> Pedírase ao alumnado que elabore un traballo sobre a actividade industrial en Galicia e o mundo rural galego con especial incidencia á contaminación xenerada por dita activiadad.</p>	<p>Data: <b>abril -xuño</b></p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor</p>	<p>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</p>

## 12. Contribución ao Plan Lector, ao Plan de Convivencia e ao Plan TIC.

### Contribución ao Plan lector.

Dende o Departamento de Xeografía e historia do IES valórase positivamente o “Plan de Fomento da lectura” e para acadar os seus obxectivos recomendarase unha serie de **lectura de libros** relacionadas coa materia e o acercamento á **prensa escrita tanto de ámbito nacional, rexional e local**, con temas relacionados coa materia e que teñan actualidade para poder interrelacionalos coa UD que se está desenvolvendo.

A **idea e mellorar entre outras, a comprensión lectora, a ortografía, a achega de información e fomentar espírito crítico**. Todos os libros recomendados están a disposición do alumnado na biblioteca no centro ou na propia biblioteca do departamento de ciencias sociais.

<b>LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS</b>	<b>1º TRIMESTRE</b>
El lugar más bonito del mundo (Anna Cameron)	

<b>LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS</b>	<b>2º TRIMESTRE</b>
Los juegos del hambre (A Collins)	

<b>LIBRO LECTURA RECOMENDADO</b>	<b>3º TRIMESTRE</b>
La buena suerte (Alex Rovira)	



**Contribución ao Plan de convivencia.**

Tal como se sinalou no apartado de aspectos transversais, o desenvolvemento do espírito de convivencia é fundamental na nosa materia. Tal como sinalamos, é clave o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos así como os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, a igualdade de xénero, loita contra estereotipos que supoiñan discriminación, loita contra comportamentos sexistas; respecto ás persoas con discapacidade ou loita contra calquera tipo de violencia.

**Contribución ao Plan TIC**

Tal como se sinala no apartado de materiais e recursos didácticos, a competencia dixital nesta etapa educativa é un elemento clave. Para iso, desenvolveremos ao longo de todo o currículo da materia o uso de aulas con equipos informáticos con conexión a Internet para manexar:

- Atlas virtuais.
- Páxinas interactivas.
- Uso de Google Maps.
- Enlaces a páxinas web en cada unidade didáctica á hora de realizar algunhas actividades do libro do alumno.

### 13. Mecanismos de revisión, da avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

ITEMS VALORATIVOS PROGRAMACION 3º ESO VALORES ÉTICOS	NECESÍTANSE INTRODUCIR MELLORAS IMPORTANTES (0)	MELLORABLE (1)	CORRECTO (2)	EXCELENTE (3)	TOTAL
1. Houbo coordinación docente na súa elaboración	Non se facilitou a coordinación docente por ningunha vía	Houbo coordinación docente pero non se implementou en todas as programacións	Houbo coordinación docente e implementouse por enriba do 80%	Houbo coordinación docente e implementouse na totalidade das programacións	
2. Acadáronse os obxectivos xerais da materia	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por debaixo do 50%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia entre un 50 e un 75%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por enriba do 75%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por enriba do 90%	
3. Acadáronse os estándares de aprendizaxe	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por debaixo do 50%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe entre un 50 e un 75%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por riba dun 75% pero menos do 90%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por enriba do 90%	
4. Se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia e Plan TIC	Non se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia nin Plan TIC	Se contribuíu ao Plan lector	Se contribuíu ao Plan lector e Plan de convivencia	Se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia e Plan TIC	
5. Se traballaron as competencias clave	Non se traballaron as competencias clave	Se traballaron algunhas competencias clave	Se traballaron case todas as competencias clave	Se traballaron as competencias clave	
6. Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos	Non se usaron correctamente os materiais e recursos didácticos	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos pero en grado mínimo	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos en grado medio	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos	
7. Realizáronse todas as actividades extraescolares programadas	Non se realizou ningunha das actividades extraescolares programadas	Realizouse só unha actividade extraescolar programada	Realizáronse dúas actividades extraescolares programadas	Realizáronse todas as actividades extraescolares programadas	
8. Se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado	Non se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado			Se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado	
9. Acadáronse os contidos incluídos no currículo	Non se acadaron os contidos incluídos no currículo	Acadáronse máis da metade pero menos do 75% dos contidos incluídos no currículo	Acadáronse máis do 75% pero menos do 90% dos contidos incluídos no currículo	Acadáronse os contidos incluídos no currículo por enriba do 90%	
10. Se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar	Non se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar			Se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar	
11. Explicouse ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación	Non se explicou ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación			Explicouse ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación	

Posto que a puntuación máxima é de 33 puntos (11 items por 3 puntos cada un deles), enténdese que unha puntuación por debaixo dos 16 puntos esixirá unha revisión global da programación didáctica desta materia para o vindeiro curso.

BEATRÍZ EUGENIA SEOANE TARRÍO.

Setembro 2021.

**PROGRAMACIÓN  
VALORES ÉTICOS  
4ºESO  
IES ILLA DE SAN SIMÓN  
2021-2022**

## INTRODUCCIÓN.

### 1. Normativa.

A seguinte programación didáctica corresponde á materia de VALORES ÉTICOS no CUARTO curso da ESO. A normativa a ter en conta para este nivel educativo é a seguinte:

- *Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

### 2. Contextualización da programación.

O IES Illa de San Simón é un dos catro centros educativos de carácter público que imparten o nivel de educación secundaria obligatoria (ESO) no concello de Redondela. Está situado na Avenida de Mendiño 28, na parroquia máis pequena do concello, Santiago de Redondela, que fai as veces de capital, e comezou a súa andaina no curso 1999-2000.

O concello de Redondela, pertence á área metropolitana de Vigo tendo unha extensión de 51,9 kilómetros cadrados. No ano 2017, e cos datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) contaba cunha poboación empadroada de 29.392 habitantes, sendo o cuarto municipio máis poblado da provincia, tras Vigo, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa. O término municipal está situado entre as dúas primeiras, e dista 13 km de Vigo e 20 de Pontevedra.

O alumnado é dende o punto de vista lingüístico, castelano falante, e procede das trece parroquias do concello, pero principalmente de Cesantes, O Viso, Ventosela, Reboreda e Santiago de Redondela.

A oferta educativa para o curso 2021-2022 consiste no primeiro e segundo ciclo da Educación Secundaria Obligatoria cos seguintes grupos:

- 1º ESO: 3 grupos
- 2º ESO: 3 grupos
- 3º ESO: 3 grupos
- 4º ESO: 3 grupos.



## 1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

## 2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE VALORES ÉTICOS

1. Adquirir os instrumentos de racionalidade e obxectividade necesarios para poder formular xuízos valorativos con rigor, coherencia e fundamentación racional, e realizar eleccións dignas de guiar a súa conduta, a súa vida persoal e as súas relacións sociais.
2. Lograr o desenvolvemento da personalidade no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais, segundo o establecido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e nos acordos internacionais ratificados por España.
3. Adquirir autonomía e prepararse para converterse no principal axente do propio desenvolvemento, aprendendo a construír, mediante unha elección libre e racionalmente fundamentada en valores éticos e o investimento do seu propio esforzo, un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.
4. Contribuír á construción dunha sociedade libre, igualitaria, próspera e xusta, mediante a participación activa de cidadáns conscientes e respectuosos dos valores éticos nos que debe fundamentarse a convivencia e a participación democrática, recoñecendo os dereitos humanos como referencia universal para superar os conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.
5. Desenvolver as competencias relativas ao pensamento crítico e a resolución de problemas mediante a análise, formulación, argumentación e busca de solucións aos problemas éticos.
6. Reflexionar sobre o fundamento ético da sociedade e tomar conciencia da importancia dos seus valores culturais para incrementar a competencia social e cívica, a de conciencia e expresión cultural, así como o traballo colaborador.
7. Buscar solucións aos conflitos interpersoais de forma non violenta, desenvolvendo actitudes de tolerancia, solidariedade, compromiso e respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza.
8. Exercitar procesos cognitivos que favorezan o descubrimento da verdade, como analizar, sintetizar, relacionar, comparar, aplicar, avaliar, argumentar, etc., e gozar do gusto e da satisfacción que iso produce.
9. Enfrontarse a dilemas éticos e debater posibles solucións facendo uso das súas competencias comunicativas, exercitándose na escoita, a exposición de ideas e a comunicación de sentimentos, e utilizando tanto a linguaxe oral como outros sistemas de representación.
10. Asumir a importancia da dignidade da persoa como fundamento dos valores éticos e a capacidade que esta posúe para elixir as súas accións e modelar a súa propia personalidade, asumindo a responsabilidade de ser libre.
11. Entender as relacións interpersoais a partir do respecto e a igualdade.
12. Comprender a natureza social do ser humano, así como a necesidade de desenvolver a capacidade de relación coa comunidade.
13. Tomar conciencia da importancia das influencias sociais no individuo e os límites que supoñen para a práctica da súa liberdade.
14. Reflexionar acerca dos valores éticos e a súa relación coa autorrealización humana e o seu desenvolvemento moral.
15. Analizar algunhas teorías éticas realizadas por pensadores especialmente significativos.

16. Considerar a relación entre a xustiza e a política no mundo actual, o papel da democracia, a súa vinculación co estado de dereito e a división de poderes, facendo posibles unha sociedade que garanta o exercicio dos dereitos humanos para toda a cidadanía.
17. Reflexionar sobre os valores éticos que sinala a Constitución española e as relacións que esta establece entre o Estado e o cidadán, así como co feito histórico da súa integración na Unión Europea.
18. Establecer a relación entre o dereito e a ética.
19. Comprender o papel da Declaración Universal dos Dereitos Humanos como criterio internacional para unha xustificacón ética do Dereito, como instrumento que regule e garanta o seu cumprimento, establecéndose como ideais irrenunciabes para a humanidade.
20. Reflexionar acerca da función da ética no relativo á ciencia e a tecnoloxía, a elaboración de códigos deontolóxicos profesionais e empresariais, para asegurar que os avances nestes campos e a súa aplicación non violen o respecto á dignidade e os dereitos humanos, nin á protección e conservación do ambiente.



## 3. DESCRITORES

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.</li> <li>- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.</li> <li>- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.</li> <li>- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.</li> </ul>
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.</li> <li>- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.</li> </ul>
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.</li> <li>- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).</li> <li>- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.</li> </ul>
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.</li> <li>- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.</li> <li>- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.</li> </ul>

	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.</li> <li>- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.</li> <li>- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.</li> </ul>
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</li> <li>- Manter unha actitude favorable cara á lectura.</li> </ul>
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.</li> <li>- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</li> <li>- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.</li> </ul>
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</li> <li>- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.</li> </ul>
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.</li> <li>- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.</li> <li>- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.</li> <li>- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.</li> </ul>

<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Empregar distintas fontes para a busca de información.</li> <li>- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.</li> <li>- Elaborar e publicitar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.</li> </ul>
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.</li> <li>- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.</li> </ul>
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</li> <li>- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.</li> <li>- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.</li> </ul>
	<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas
Expresión cultural e artística		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.</li> <li>- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.</li> <li>- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.</li> </ul>

<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha Constitución.</li> <li>- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.</li> </ul>
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.</li> <li>- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.</li> <li>- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.</li> </ul>
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.</li> <li>- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.</li> <li>- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.</li> <li>- Involucrarse ou promover accións cun fin social.</li> </ul>
<i>Sentido de iniciativa e</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</li> <li>- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</li> <li>- Ser constante no traballo, superando as dificultades.</li> <li>- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.</li> </ul>
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.</li> <li>- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.</li> <li>- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.</li> </ul>

<i>espírito emprendedor</i>	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.</li> <li>- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.</li> <li>- Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian.</li> </ul>
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.</li> <li>- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.</li> <li>- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.</li> <li>- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.</li> </ul>
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...</li> <li>- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.</li> <li>- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.</li> </ul>
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...</li> <li>- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</li> </ul>
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.</li> <li>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</li> <li>- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.</li> </ul>

#### 4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

##### **Descrición do modelo competencial**

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permitan ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudará a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, debera conducirnos a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

##### **Na área de Valores Éticos**

Na área de Valores Éticos incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

##### *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos debullar o eixe no que xira todo o currículo básico e o carácter específico do saber ético, xa que todo problema ou situación implica unha demostración racional. Así mesmo, esta competencia ofrece a oportunidade de realizar argumentacións propias ou baseadas en teorías éticas e filosóficas. Ademais, permite considerar e realizar xuízos morais ou aplicar estratexias de resolución de problemas.

Os descritores que podemos traballar son:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder a preguntas.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

### *Comunicación lingüística*

Para o bo desenvolvemento desta competencia, será decisivo o fomento da lectura e a análise e a reflexión sobre libros e textos relacionados cos contidos curriculares. Deste modo, desenvolverase a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, á vez que se adquiren coñecementos sobre os valores e as teorías éticas, a moral, a xustiza, os dereitos humanos e a vida en sociedade.

Así mesmo, contribuirase, xunto á comunicación lingüística, á transmisión de valores a través de, por un lado, a reflexión individual e grupal sobre situacións pasadas e actuais, e por outro, da busca de información, a elaboración e a exposición de traballos en colaboración, que esixen poñer en práctica habilidades como a escoita activa, a empatía e a expresión de ideas e sentimentos, utilizando a linguaxe verbal e o non verbal.

Os descritores que podemos utilizar son:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal en diferentes rexistros e nas diversas situacións comunicativas.

No caso de centros plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

### *Competencia dixital*

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento de feitos sociais, de documentos históricos, de teorías éticas e científicas, e de tratados internacionais, que poñan de relevo a contribución dos valores éticos á sociedade. Á súa vez, proporcionará ao alumnado a oportunidade de entender a relación que existe entre a tecnoloxía, os valores éticos e a sociedade, para que aprenda a facer un bo uso da tecnoloxía ao longo da súa vida.

Os descritores que podemos utilizar son:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### *Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribúe á competencia de conciencia e expresións culturais na medida en que posibilita a adquisición de pautas persoais, interpersoais e interculturais que permiten participar de forma eficaz e construtiva en calquera sociedade democrática, respectando os valores e os dereitos socialmente recoñecidos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade, e mostrar gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### *Competencias sociais e cívicas*

A área de Valores Éticos é, sen dúbida, a materia desde onde se traballan de forma máis directa as competencias sociais e cívicas do alumnado. As habilidades sociais e de colaboración increméntanse cando se reflexiona sobre o fundamento ético da sociedade e se toma conciencia da importancia dos seus valores éticos e morais. Á súa vez, ofrece a posibilidade de resolver conflitos interpersoais de forma construtiva, polo que o alumnado non só fortalece a súa identidade persoal, senón que desenvolve actitudes como a tolerancia, a asertividade, a solidariedade e o respecto á pluralidade cultural, política, relixiosa ou de calquera outra natureza, favorecendo a socialización e a adquisición de comportamentos morais significativos.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha Constitución.
- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e de traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de colaboración establecidos.
- Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e de ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

### *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor*

Para exercer dun modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e a xustiza, e emprender accións que beneficien a sociedade, resulta necesario que os alumnos e as alumnas desenvolvan aspectos como a autonomía, o liderado, a capacidade de innovación, a creatividade ou a iniciativa persoal.

Desde esta área fórmulanse tarefas e situacións reais e hipotéticas que permiten o adestramento das devanditas habilidades. Isto vai posibilitar que o alumnado expoña as súas ideas, inicie



accións novas, investigue, asuma responsabilidades ou xestione os recursos materiais, dixitais e persoais que ten ao seu alcance.

Neste caso, os descritores que cómpre traballar son:

- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Atopar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

### *Aprender a aprender*

A competencia de aprender a aprender implica a conciencia das necesidades e dos procesos de aprendizaxe, o recoñecemento de oportunidades e a habilidade de superar dificultades para poder aprender con éxito. Esta promóvese na área de Valores Éticos mediante o exercicio de procesos cognitivos como analizar, sintetizar, relacionar, comparar ou argumentar, así como favorecendo o interese por descubrir a verdade e os valores que impregnan as experiencias da súa vida cotiá.

Os descritores que se poden utilizar son:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 5. ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Os contidos da área de Valores Éticos agrúpanse en seis bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fórmulanse para o segundo ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria, aínda que soamente van aparecer os referentes a 4.º de ESO.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e unhas destrezas básicas que lle permitan mellorar a súa autonomía, priorizar os seus valores e prepararse para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento.

### 4º de ESO

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A dignidade da persoa				

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.</li> <li>• B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.</li> <li>• B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xulzo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes a súa natureza.</li> <li>• VEB1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade.</li> <li>• VEB1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xulzo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> </ul>
Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos.</li> <li>• VEB2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CCL</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	mo valor ético fundamental.	sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal.</li> <li>• VEB3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant.</li> <li>• VEB3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
Bloque 4. A xustiza e a política				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• h</li> <li>• i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Democracia e xustiza.</li> <li>• B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Conclir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, soldado e conservación de todos os bens e servizos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• f</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.</li> <li>• B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido a magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de por en grande risco os dereitos fundamentais da persoa.</li> <li>• VEB3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CMCCT</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• h</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guiala/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.4. Éticas formais e éticas materiais.</li> <li>• B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa co-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos as éticas materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.).	
Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)				
• a • d • g • h	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.</li> <li>B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle imponen as leis xurídicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.</li> </ul>	• CCL
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do individuo e os da orde cívica, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia cívica e obxección de conciencia.</li> </ul>	• CCL • CSIEE
• a • b • c • d • e • g • h	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón).</li> </ul>	• CAA • CD
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.</li> </ul>	• CCL
• a • b	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Os DDHH como Ideais Irrenunciábeis.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de Ideais Irrenunciábeis, tendo presentes os problemas e as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como Ideais para alcanzar po-</li> </ul>	• CSC

Valores éticos. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		na súa vida persoal como na social.	públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia a pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.).	
• a • c • d • h • i	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.</li> <li>B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensábeis para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.).</li> </ul>	• CAA • CSC
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VEB4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vivencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuir na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión</li> </ul>	• CSC

Valores éticos. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			financieiro e empresarial.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• d</li> <li>• e</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<p>dos DDHH referidos ao económico e ao social.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH.</li> </ul>	<p>peciamente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos.</p>	<p>conoce os retos que aínda tenen que superar.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB5.3.2. Señala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.).</li> <li>• VEB5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.7. Dereito á seguridade e a paz.</li> <li>• B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da vio-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españois a nivel nacional e Inter-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do derei-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<p>lencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.9. Ameazas á paz.</li> </ul>	<p>nacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que xurdiron nos últimos tempos.</p>	<p>to á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españois coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia.</li> <li>• VEB5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CD</li> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.</li> <li>• B5.11. Misións das Forzas Armadas.</li> <li>• B5.12. Conflitos armados: Importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicacións da forza e do poder.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.).</li> <li>• VEB5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CSC</li> </ul>

Valores éticos. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<p>materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.</p> <p>• VEB5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH.</p>	<p>• CSC</p>
Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• b</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• h</li> <li>• m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• d</li> <li>• f</li> <li>• g</li> <li>• h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VEB6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CSC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>

## UNIDADES DIDÁCTICAS

### UNIDADE 1.

#### Título

*Dignidade e dereitos*

#### Descrición da unidade

Esta unidade ten unha finalidade específica centrada na reflexión sobre a persoa e en valorar a súa dignidade moral como indiscutible.

Trátase de transmitirles aos alumnos e ás alumnas a idea de que todos os seres humanos posúen uns dereitos independentemente dos aspectos que o distinguen doutros seres humanos.

Tamén se intenta mostrar que a consideración do que hoxe se entende como dignidade da persoa é un fundamento necesario para comprender a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os principios que se defenden nela. Desde o punto de vista xurídico, a Declaración expón principios que afectan as leis de todos os Estados que a asinan.

Por último, faise presente o aspecto moral da Declaración. Hai unha serie de principios que se deducen da dignidade humana e que nos obrigan a meditar ben sobre como comportarnos para evitar prexudicar e procurar beneficiar aos demais e a nós mesmos.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- O termo «persoa» e as súas características morais como a dignidade.
- O respecto á dignidade da persoa.
- A persoa como ser social, racional e libre.
- A Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Os dereitos humanos universais como base ética da construción da persoa.
- As consecuencias xurídicas dos dereitos: o arresto e o castigo arbitrario, o amparo de todos ante a lei.
- A relación entre os dereitos e as leis.
- Os principios que derivan da dignidade da persoa: fraternidade, utilidade e deontoloxía profesional.

#### Temporalización:

Setembro:          Outubro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer o valor da persoa e a súa dignidade.
- Identificar a persoa como ser social, racional e libre.
- Adoptar un compromiso de defensa dos dereitos da persoa.
- Tomar conciencia do valor moral da persoa.
- Coñecer a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Reflexionar sobre as consecuencias xurídicas dos dereitos: o arresto e o castigo arbitrario, o amparo de todos ante a lei.
- Valorar a relación entre os dereitos e as leis.
- Asumir os principios que derivan da dignidade da persoa: fraternidade, utilidade e deontoloxía profesional.



### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
----------	-------------------------	--------------------------------------	----

<ul style="list-style-type: none"> <li>- A dignidade da persoa.</li> <li>- A universalidade dos dereitos humanos.</li> <li>- Os atributos da persoa que a fan acreedora de dereitos.</li> <li>- A Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> <li>- As consecuencias xurídicas dos dereitos: o arresto e o castigo arbitrario, o amparo de todos ante a lei.</li> <li>- Os dereitos e as leis.</li> <li>- Algúns principios que derivan da dignidade da persoa: fraternidade, utilidade, deontoloxía profesional.</li> </ul>	<p>1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</p>	<p>1.1. Busca información en Internet sobre a dificultade para definir o concepto de persoa.</p>	<p>CCL, CD, CCEC</p>
	<p>2. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar como quere ser, elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.</p>	<p>2.1. Describe as características principais da persoa.</p>	<p>CCL, CSC, CCEC</p>
	<p>3. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións</p>	<p>3.1. Identifica na dignidade do ser humano, en tanto que persoa, e nos atributos inherentes á súa natureza, a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>	<p>3.2. Identifica, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, como atributos esenciais do ser humano: a razón, a conciencia e a liberdade.</p>

	humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.	3.3. Relaciona de forma adecuada os seguintes termos e expresións, utilizados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, arbitrariamente detido, presunción de inocencia, discriminación e violación de dereitos, etc.	CCLL
	4. Comprender os conceptos castigo arbitrario e amparo ante a lei.	4.1. Explica e valora os conceptos relacionados coas consecuencias xurídicas dos dereitos, como amparo ante a lei ou castigo arbitrario.	CCL, CSC

## UNIDADE 2.

### Título

*Cidadáns e Estado*

### Descrición da unidade

Os gregos desenvolveron un tipo de sociedade diferente ás anteriores. Os seus pequenos Estados comprenderon a importancia da colaboración entre boa parte dos seus membros para conseguir uns fins comúns. De aquí xurdiu a idea de cidadán, persoa que tiña certas responsabilidades, pero que tamén podía gozar dalgúns dereitos.

A través da presente unidade mostrarase como nos tempos máis recentes os seres humanos desexamos gozar desa condición. Actualmente estendeuse o desexo de poder participar na comunidade política e vernos protexidos por ela.

Un aspecto fundamental nesa relación de beneficio mutuo é o establecemento dos límites do poder do Estado, a determinación de cales son as liberdades que temos e que deben preservarse, así como as obrigas que se nos poden esixir e as que non.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- O concepto de persoa.
- O concepto de cidadán desde as súas orixes ata a actualidade.
- O cidadán como suxeito posuidor de dereitos.
- Os límites de poder do Estado.
- Os dereitos civís e os dereitos sociais.
- As liberdades dos cidadáns.
- A relación entre as obrigas e as liberdades dos cidadáns.

### Temporalización:

Outubro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Definir o concepto de «persoa» e de «cidadán».
- Comprender as diferentes concepcións ao longo da historia do concepto de «cidadán».
- Identificar as características básicas da cidadanía e coñecer a súa historia.
- Coñecer que son e cales son os dereitos civís e sociais do ser humano.
- Valorar a liberdade individual e a necesidade de que o Estado a garanta.
- Comprender a importancia da existencia de límites nas liberdades dos cidadáns.
- Identificar os riscos que ameazan a democracia na actualidade.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ser humano na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. O concepto de persoa, os seus atributos e a súa relación cos valores éticos.</li> <li>- O concepto de cidadán: cidadán grego, os mesenios e espartanos, o cidadán aristotélico, o cidadán como posuidor de dereitos.</li> <li>- Os límites do poder do Estado: Sócrates e o cumprimento da lei, o debate ilustrado, os dereitos civís e os dereitos sociais.</li> <li>- Os dereitos e as liberdades dos cidadáns.</li> <li>- Os límites do cidadán. Os dereitos do cidadán.</li> </ul>	<p>1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal.</p>	<p>1.1. Identifica na dignidade do ser humano, en tanto que persoa, e nos atributos inherentes á súa natureza, a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>	CCL, CSC, CEC
		<p>1.2. Identifica, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, como atributos esenciais do ser humano: a razón, a conciencia e a liberdade.</p>	CCL, CSC, CEC
		<p>1.3. Relaciona de forma adecuada os seguintes termos e expresións, utilizados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, etc.</p>	CCL, CSC, CEC

<p>2. Explicar os principios que regulan as relacións entre os cidadáns e o Estado.</p>	<p>2.1. Relaciona de forma adecuada os seguintes termos e expresións, utilizados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos: xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, arbitrariamente detido, presunción de inocencia, discriminación e violación de dereitos, etc.</p>	<p>CCL, CSC, CEC</p>
<p>3. Favorecer a comprensión e realización do cumprimento das liberdades do cidadán.</p>	<p>3.1. Valora a importancia das liberdades civís e a obriga dos Estados de respectalas e protexelas.</p>	<p>CCL, CSC, CEC</p>
<p>4. Comprender a necesidade da existencia de límites nas liberdades dos individuos.</p>	<p>4.1. Comenta, baseándose na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, dereitos e obrigas sociais do individuo.</p>	<p>CMCT, CD, CAA, CSC</p>
	<p>4.2. Explica límites do Estado apoiándose en valores reflectidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>	
<p>5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos</p>	<p>5.1. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual, ilustrando os contidos máis sobresaíntes tratados na unidade e expoñendo as súas conclusións de forma argumentada.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CSC</p>

### UNIDADE 3.

#### Título

*Socialización global*

#### Descrición da unidade

Esta unidade achégase a unha reflexión desde a ética sobre a relación que mantén o ser humano co seu contorno natural no contexto da sociedade actual, que se caracteriza por un alto desenvolvemento científico e tecnolóxico.

Os medios de transporte e comunicación dos que dispoñemos na actualidade multiplican as nosas posibilidades de acción e influencia. Se os utilizamos mal, os danos poden chegar a ser catastróficos, pois corremos o risco de rematar con culturas, con materias primas, con especies vexetais e animais, e mesmo coa vida de moitos seres humanos. Pero, ben utilizados, estes mesmos medios poden contribuír enormemente a mellorar a vida de moitas persoas e axudarnos a lograr o ambicioso obxectivo de crear un mundo mellor. Neste sentido, os medios de comunicación permiten que coñezamos mellor o que sucede e como protexernos das inxustizas.

Naturalmente, en tanto que mecanismos que podemos manexar de maneiras diferentes, os seus efectos dependerán enormemente de que se poñan en función de obxectivos nobres ou perversos. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos pode axudarnos a recoñecer cales son os obxectivos que debemos defender e promover no uso de todos estes novos medios, así como a desenvolvelos para dar lugar a uns dereitos «de cuarta xeración».

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquieran os coñecementos seguintes:

- Implicacións da globalización.
- A relación do progreso e o desenvolvemento científico-tecnolóxico.
- Algúns retos da globalización.
- A superación da diferenza norte/sur.
- O papel dos medios de comunicación.
- Os perigos da sociedade da información.
- A necesidade dunha ética ecolóxica que palée os principais problemas ambientais.
- O compromiso persoal co desenvolvemento sostible.

#### Temporalización:

Novembro:

## **2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Recoñecer as implicacións da globalización.
- Relacionar os conceptos de progreso social e desenvolvemento tecnocientífico.
- Identificar cunha mirada crítica os retos da globalización.
- Comprender as causas da diferenza norte/sur e apreciar moralmente a necesidade de superalas.
- Coñecer os distintos tipos de medios de comunicación.
- Adoptar un compromiso persoal cos perigos da sociedade da información.
- Identificar os problemas ambientais que ameazan a sociedade actual.
- Tomar conciencia da importancia da ética ecolóxica e o desenvolvemento sostible.



### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética e os retos do século XXI.</li> <li>- Definición de globalización. Comunicación inmediata. A relación entre natureza e cultura.</li> <li>- A necesidade da ética e a política ante os desafíos da globalización.</li> <li>- Os retos da globalización: o efecto bolboreta, protexer as peculiaridades, estender o bo.</li> <li>- A socialización e os medios de comunicación de masas. O papel da ética e do Estado.</li> <li>- Distintos tipos de medios de comunicación.</li> <li>- Os perigos na</li> </ul>	<p>1. Recoñecer que, no mundo actual de grandes e rápidos cambios, a necesidade dunha regulación ética é fundamental, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, resultando necesaria a súa actualización e ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</p>	<p>1.1. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica no mundo globalizado actual co fin de que se cumpra a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>	CCL, CCEC, CSC
		<p>1.2. Sinala os beneficios da globalización e os perigos actuais desta, se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, debatendo acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. Entre os perigos recoñece o efecto bolboreta.</p>	CCL, CCEC, CSC, CAA

<p>sociedade da información: a espionaxe, o terrorismo, o roubo, a piratería, o acoso, a censura, a manipulación informativa</p>	<p>2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI, as circunstancias que lle rodean, destacando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia.</p>	<p>2.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI como instrumento de protección dos dereitos humanos ante as ameazas de grandes intereses políticos e económicos, e de grupos violentos que dispoñen de avances científicos e tecnolóxicos, capaces de poñer en gran risco os dereitos fundamentais da persoa.</p>	<p>CCL, CCEC, CD, CSIEE, CSC</p>	
	<p>3. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e o desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, reflexionando acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema.</p>	<p>3.1. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.</p>	<p>3.2. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns.</p>	<p>CCL, CCEC, CSC, AA</p>
		<p>3.1. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual.</p>		

<p>4. Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos para orientar a súa actividade conforme a dignidade da persoa.</p>	<p>4.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana, por exemplo: social, económica, política, ética e ecolóxica, entre outros.</p>	<p>CMCT, CD, CAA, CSC</p>
<p>5. Entender e valorar o problema da sociedade da información.</p>	<p>5.1. Destaca os problemas da sociedade da información tales como a espionaxe, o terrorismo, o roubo, a pirataría, o acoso, a censura, a manipulación informativa...</p>	<p>CMCT, CD, CSC</p>
<p>6. Analizar criticamente a idea de progreso e apreciar cando os seus obxectivos formulan un código ético de respecto á persoa e o seu ámbito.</p>	<p>6.1. Diserta, en colaboración grupal, acerca da idea de «progreso» na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu contorno, elaborando e expoñendo conclusións.</p>	

	<p>7. Identificar as ameazas que o desenvolvemento tecnocientífico provoca no medio e a vida humana.</p>	<p>7.1. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgunhas das ameazas, que, para o medio e a vida, está a ter a aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía tales como: a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc.</p>	<p>CMCT, CD, CSC</p>
--	--	---	------------------------------

## UNIDADE 4.

### Título

*Retos do século XXI*

### Descrición da unidade

Na presente unidade móstrase a necesidade de aplicar unha mirada ética a distintos campos da actualidade.

Os riscos aos que nos enfrontamos hoxe teñen unha dimensión insospeitada noutros tempos, ou só intuída na ciencia ficción, tanto polo seu alcance global, xa que todo o mundo pode verse afectado independentemente do lugar no que viva, como polo seu carácter especificamente científico e tecnolóxico, que, nas mans de grupos políticos e económicos, ás veces con poucos escrúpulos, poden ser moi daniños.

Neste contexto, podemos comprender dun xeito máis perentorio e real que en épocas anteriores o papel esencial que ten a ética para o mundo actual.

Nesta unidade imos xustificar racionalmente a necesidade de ensinar e aplicar os valores éticos na presente sociedade. Analizaremos algúns dos campos novos nos que a ética trata de exercer a súa influencia e achegar solucións en beneficio das persoas: o mundo profesional, a política, a bioloxía, a empresa, a economía, a tecnoloxía, etc.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- A utilidade da ética en distintos campos.
- Os perigos dunha globalización sen valores morais que busquen o beneficio de todos.
- A necesidade da regulación ética de novos campos da actividade humana.
- Unha mirada ética á bioloxía, a economía, a ciencia, a tecnoloxía...
- As organizacións internacionais que velan polo cumprimento dos dereitos humanos.
- A conveniencia de facer un proxecto moral persoal.
- As pautas que axuden a realizar un proxecto persoal de vida.

### Temporalización:

Novembro:          Decembro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Comprender a necesidade e a utilidade da ética.
- Coñecer os perigos dunha globalización sen valores morais que busquen o beneficio de todos.
- Asumir a necesidade dunha regulación ética en novos campos da actividade humana como a bioloxía, a economía, a ciencia, a tecnoloxía...
- Coñecer e valorar as organizacións internacionais que velan polo cumprimento dos dereitos humanos.
- Asumir a conveniencia de facer un proxecto moral persoal.
- Identificar as pautas que axuden a realizar un proxecto persoal de vida.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética e os retos do século XXI.</li> <li>- Ética e dereitos humanos: leis naturais e leis morais. A ética como disciplina propia e diferente a outras ciencias. O papel da ética nas sociedades actuais.</li> <li>- A necesidade da ética e a política ante os desafíos da globalización.</li> <li>- Os perigos dunha globalización sen valores morais que busquen o beneficio de todos: os grupos violentos.</li> <li>- As organizacións internacionais na loita contra os abusos dos dereitos humanos: a ONU, a OTAN, a UE...</li> <li>- Os novos campos da ética: a bioloxía, a economía, a ciencia e a tecnoloxía.</li> </ul>	1. Entender os dereitos humanos como unhas leis naturais e morais. Recoñecer a necesidade duns valores éticos universais respectados por todos como base para un posible diálogo e entendemento entre as diferentes culturas.	1.1. Xustifica racionalmente a existencia de valores universais.	CL, CSC, CCEC
		1.2. Distingue a ética doutras ciencias.	
	2. Recoñecer que, no mundo actual de grandes e rápidos cambios, a necesidade dunha regulación ética é fundamental, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, resultando necesaria a súa actualización e ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.	2.1. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica no mundo globalizado actual co fin de que se cumpra a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	CL, CSC, CCEC
3. Entender a necesidade da ética na vida.	3.1. Sabe argumentar a necesidade da ética.	CL, CSC, CCEC	

<p>4. Comprender e apreciar o concepto de «aldea global» e os perigos que ela leva consigo como por exemplo a ameaza de grupos violentos e poderosos.</p>	<p>4.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante as ameazas de grandes intereses políticos e económicos, e de grupos violentos que dispoñen de avances científicos e tecnolóxicos, capaces de poñer en gran risco os dereitos fundamentais da persoa.</p>	<p>CL, CSC, CCEC</p>
<p>5. Analizar criticamente a idea de progreso e apreciar cando os seus obxectivos formulan un código ético de respecto á persoa e o seu contorno.</p>	<p>5.1. Sinala os perigos da globalización se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, debatendo acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema.</p>	<p>CL, CSC, CMCT e CCEC.</p>
<p>6. Identificar os organismos internacionais que velan polo cumprimento dos dereitos humanos.</p>	<p>6.1. Busca información en Internet sobre os principais organismos internacionais que median na loita polos dereitos humanos.</p>	<p>CL, CSC, CD, CAA e CCEC.</p>
<p>7. Recoñecer a necesidade da aplicación ética a novos campos: o ámbito profesional, a economía, a bioloxía...</p>	<p>7.1. Diserta en grupo sobre os novos retos aos que debemos facer fronte cunha mirada crítica nos campos da economía, a bioloxía, a ciencia...</p>	<p>CL, CSC, CSIEE, CMCT e CCEC</p>





## UNIDADE 5.

### Título

*As éticas formais*

### Descrición da unidade

Nesta unidade danse a coñecer os alumnos e as alumnas as principais teorías éticas que se elaboraron ao longo da historia, e que constitúen o corpo fundamental da ética. O reto consiste en facer comprender o alumnado o valor destas ideas para o mundo actual. Por tratarse de temas morais, sempre presentes na dirección que toma a vida humana, quizais os alumnos e as alumnas poidan interesarse con menos dificultade nas teorías que se presentan.

Abordaremos os contidos das diversas teorías dentro do seu contexto histórico.

- Tratamos de explicar algúns trazos comúns ás distintas teorías éticas. Con iso queremos evitar que os alumnos e as alumnas extraian unha idea equivocada como conclusión do seu percorrido polas distintas teorías.
- Para organizar o estudo das teorías éticas, recorreremos ao clásico esquema de éticas materiais e formais, para continuar nos apartados seguintes cunha selección das principais propostas dos autores máis coñecidos.
- Máis que facer unha análise detallada das distintas teorías éticas, o que se pretende é que os alumnos e as alumnas coñezan a orientación fundamental de cada unha delas que lle permita, se así o desexa, seguir afondando por si mesmo naquelas que máis lle interesen.
- Incidiremos nas propostas formais dos filósofos alemáns Kant, Apel e Habermas. En contraste con este tipo de éticas, e para valoralas mellor, lembraremos as características das éticas materiais, para o que tomaremos como referencia a ética hedonista.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- As éticas materiais ou de fins, e as súas características.
- As diferenzas entre as éticas formais e as materiais.
- A ética hedonista como exemplo de ética material.
- A autonomía segundo a ética formal kantiana.
- As distintas posturas en e sobre a Ilustración.
- O ideal de cidadán cosmopolita da Ilustración.
- A ética formal dialóxica de Apel e Habermas.

### Temporalización:

Xaneiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Valorar as teorías éticas como expresións da moralidade humana.
- Entender o que é unha teoría ética formal e unha material.
- Saber distinguir as éticas materiais das formais.
- Coñecer as principais teorías éticas materiais, en concreto, a ética hedonista.
- Coñecer a autonomía segundo a ética formal kantiana
- Adquirir unha visión crítica das diferentes teorías éticas sobre a Ilustración.
- Identificar as características básicas dunha ética do discurso.
- Utilizar as teorías éticas para provocar a reflexión persoal dos alumnos e as alumnas.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As éticas materiais e as éticas formais: a universalidade da moral, os elementos distintivos das éticas materiais, o hedonismo como exemplo de ética material.</li> <li>- A autonomía segundo a ética formal kantiana: a crítica kantiana ás éticas materiais, a autonomía entendida como maioría de idade.</li> <li>- A crítica á Ilustración.</li> <li>- A ética do discurso e a súa relación coa ética kantiana.</li> <li>- Apel e Habermas como representantes da ética dialóxica.</li> </ul>	1. Comprender que é unha teoría ética, cal é a súa función na vida moral e coñecer os elementos comúns ás diferentes teorías éticas.	1.1. Define teoría ética e distínguea doutras formas de xustificación moral.	CCL, CAA, CSC	
			1.2. Expón de forma clara as coincidencias das teorías éticas.	CCL, CSY, CCEC
	2. Saber diferenciar as éticas materiais das éticas formais.	2.1. Distingue as éticas materiais das formais.	CSC, CCEC	
	3. Identificar as principais teorías éticas ou de fins.	3.1. Coñece as teses fundamentais das teorías materiais de fins, por exemplo do hedonismo.	CSC, CCEC	
	4. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.	4.1. Coñece as teses fundamentais das éticas formais, por exemplo da ética kantiana e a ética do discurso de Apel e Habermas.	CSC, CCEC	
	5. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.	5.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.	CSIEE	



## UNIDADE 6.

### Título

*Democracia*

### Descrición da unidade

Nesta unidade preténdese que o alumnado comprenda e asuma o que significa ser cidadán e coñeza a historia do termo, e que ao mesmo tempo identifique a orixe da democracia, as súas características e vantaxes para a vida tanto persoal como social, valorando a convivencia democrática e mostrando actitudes de participación.

A democracia é moito máis que unha forma de goberno ou unha palabra que esgrimimos cando esiximos que se teña en conta a nosa opinión. Trátase dun modo de xestión no que se articulan ferramentas que posibilitan a intervención do pobo nas decisións. Pero a vida democrática esixe ademais que ese mesmo pobo estea formado e delibere racional e correctamente para que o resultado non sexa unha mera vulgarización. Nesta unidade, distinguiremos, sen separalas, entre a democracia como estrutura política e a democracia como forma de vida.

Veremos en que consiste ser cidadán e os deberes cívicos, así como que fai falta para cambiar aquelas leis que nos parecen inxustas nun sistema como o noso.

Finalmente, centrarémonos na participación necesaria de todos os cidadáns e todas as cidadás se queremos lograr un sistema vivo, dinámico e, sobre todo, xusto.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- Coñecemento da orixe da democracia.
- Diferenzas entre democracia directa e representativa.
- Identificación dos riscos que ameazan a democracia.
- Valoración da virtude do cidadán como base ética do funcionamento da democracia.
- As consecuencias que ten vivir nunha democracia representativa.
- A importancia dos deberes cívicos para a democracia.
- O Estado social de dereito que defende a Constitución española.
- A necesaria participación cidadá para facer unha democracia real.

### Temporalización:

Febreiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Valorar o logro do sufraxio universal.
- Identificar os riscos que ameazan a democracia.
- Valorar a virtude do cidadán como base ética do funcionamento da democracia.
- Coñecer as diferenzas entre unha democracia directa e outra representativa.
- Asumir as consecuencias que ten vivir nunha democracia representativa.
- Valorar a importancia dos deberes cívicos.
- Coñecer o Estado social de dereito que defende a Constitución española.
- Entender a importancia de reivindicar os nosos dereitos de forma correcta e xusta.
- Adquirir conciencia da necesidade de participación cidadá para facer posible unha democracia real.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O sentido do voto e as características da democracia directa e representativa.</li> <li>- Os deberes cívicos dos cidadáns.</li> <li>- A tolerancia como principio básico nunha democracia.</li> <li>- O Estado social de Dereito que defende a Constitución española.</li> <li>- As reivindicacións xustas e ben feitas.</li> <li>- Os compromisos dos cidadáns en democracia: a necesaria participación, o asociacionismo e os partidos políticos.</li> </ul>	1. Xustificar racionalmente a necesidade dos valores e principios éticos, contidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos, como fundamento universal das democracias durante os s. XX e XXI.	1.1. Fundamenta racional e eticamente a elección da democracia como un sistema que está por riba doutras formas de goberno, polo feito de incorporar nos seus principios os valores éticos sinalados na Declaración Universal de Dereitos Humanos.	CCL, CD, CSC, CSIEE, CCEC
		1.2. Describe o significado e relación existente entre os seguintes conceptos: democracia, cidadán e soberanía.	CCL, CMCT, CSC, CCEC
	2. Recoñecer a necesidade da participación activa dos cidadáns na vida política do Estado.	2.1. Asume e explica o deber moral e civil que teñen os cidadáns de participar activamente no exercicio da democracia, co fin de que se respecten os valores éticos e cívicos no seo do Estado.	CSC, CSIEE
		3. Evitar os riscos dunha democracia que viole os dereitos humanos.	3.1. Define a magnitude dalgúns dos riscos que existen nos gobernos democráticos cando non se respectan os valores éticos da Declaración Universal de Dereitos Humanos, como: a dexeneración en demagogía, a ditadura das maiorías e a escasa participación cidadá, entre outros, formulando posibles medidas para evitalo.

		<p>3.2. Achega razóns para xustificar a importancia que ten, para o bo funcionamento da democracia, o feito de que os cidadáns sexan conscientes non só dos seus dereitos, senón tamén das súas obrigas.</p>	
--	--	--	--

## UNIDADE 7.

### Título

*Sociedade, Estado e valores*

### Descrición da unidade

A través da seguinte unidade móstrase ao alumnado que a globalización supón novas esixencias tanto para os Estados como para os seus membros e que as relacións entre ambos os dous tamén se redefinen constantemente. En certo modo xa non somos só cidadáns dun Estado, nin sequera europeos; en moitos aspectos convertémonos en cidadáns do mundo. En tanto que individuos, a nova circunstancia xera situacións, problemáticas e retos inéditos para cada un de nós.

Trátase de transmitir a idea de que, ante esta nova situación, tanto os individuos como os Estados deben reformarse e adaptarse. É necesario atender as demandas alleas que teñen que ver con relacións internacionais amplas e esixentes.

Todo isto implica unha reflexión e unha reacción que debe permitirlle ao alumnado axustar a súa conduta aos cambios e levalo a solicitar que os membros da súa sociedade actúen consecuentemente.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- Que é un mundo globalizado?
- Cales son os novos deberes dos Estados democráticos?
- Cales son os novos retos mundiais nos distintos ámbitos: económico, financeiro, ecolóxico...?
- A importancia de cumprir os dereitos e os deberes internacionais?
- O dereito internacional na Constitución española?
- A necesidade de ensinar valores teóricos e prácticos na actualidade?
- A necesidade de inserir a xustiza como un valor pleno nas sociedades pluralistas?
- O valor da tolerancia?

### Temporalización:

Febreiro:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer as novas esixencias que supón vivir nun mundo globalizado.
- Identificar os distintos problemas que ameazan a sociedade actual.
- Adoptar un compromiso persoal ante estes novos problemas.
- Coñecer os deberes e dereitos internacionais da Constitución española.
- Tomar conciencia da importancia de transmitir actualmente valores éticos.
- Asumir o valor da xustiza e a tolerancia nas sociedades pluralistas actuais.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os novos deberes dos Estados democráticos nun mundo globalizado.</li> <li>- Os novos retos mundiais: economía, ecoloxía, mercado mundial...</li> <li>- Os dereitos e os deberes internacionais.</li> <li>- O dereito internacional na Constitución española.</li> <li>- A necesidade de ensinar valores na actualidade: a educación ética teórica, o fomento práctico dos valores...</li> <li>- A necesidade da xustiza nas sociedades pluralistas: xuízos fronte a prexuízos, pluralismo e tolerancia.</li> </ul>	<p>1. Recoñecer a importancia que ten establecer límites éticos e xurídicos na nova era globalizada.</p>	<p>1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía na actualidade, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana, por exemplo: social, económica, política, ética e ecolóxica, entre outros.</p>	<p>CD, CL, CSC</p>
	<p>2. Recoñecer que, no mundo actual de grandes e rápidos cambios, a necesidade dunha regulación ética é fundamental, debido á magnitude dos perigos aos que se enfrenta o ser humano, resultando necesaria a súa actualización e ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos.</p>	<p>2.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante as ameazas de grandes intereses políticos e económicos, e de grupos violentos que dispoñen de avances científicos e tecnolóxicos, capaces de poñer en gran risco os dereitos fundamentais da persoa.</p>	<p>CAA, CL, CSC</p>



<p>3. Reflexionar acerca do deber que teñen os cidadáns e os Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa.</p>	<p>3.1. Comenta o deber ético e político que teñen todos os Estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos Dereitos Humanos, especialmente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos, a súa vixencia e a necesidade de respectalos en todo o mundo, como o deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos dos demais, a honestidade, a lealdade, o pacifismo, a prudencia e a mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, entre outros.</p>	<p>CSC, CCEC</p>
<p>4. Analizar criticamente a idea de progreso e de globalización.</p>	<p>4.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización se non se establece unha regulación ética e política, como o egoísmo, a desigualdade, a interdependencia, a internacionalización dos conflitos armados, a imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, entre outros.</p>	<p>CMCT, CD, CAA, CSC</p>

	<p>5. Identificar as ameazas que o desenvolvemento tecnocientífico provoca no medio e a vida humana.</p>	<p>5.1. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca dalgunhas das ameazas, que, para o ambiente e a vida, está tendo a aplicación indiscriminada da ciencia e a tecnoloxía, como: a explotación descontrolada dos recursos naturais, a destrución de hábitats, a contaminación química e industrial, a chuvia ácida, o cambio climático, a desertización, etc.</p>	<p>CMCT, CD, CSC</p>
--	--	---	------------------------------

## UNIDADE 8.

### Título

*As leis xurídicas*

### Descrición da unidade

A ética ten unha estreita relación co dereito. Nesta unidade faise unha incursión nas leis xurídicas, que son a materia propia do dereito. Non se trata, non obstante, de introducir un tema de Dereito, senón de falar do sentido do dereito na vida humana, na vida civilizada, e da súa relación coa xustiza como base da xustificación das normas xurídicas. Tamén se afronta o tema do dereito como un instrumento creado para facer efectiva a moralidade pública, a moralidade común aceptada.

Ao longo da unidade, mostrarase que, nun Estado de dereito, as leis non só deben ser legais, é dicir, válidas e acordes coa legalidade vixente, senón que tamén deben ser lexítimas, é dicir, xustas. Ademais, deben ser lexitimadas mediante o seu recoñecemento e asunción por parte de todos os cidadáns.

Os individuos que conviven nun Estado de dereito deben cumprir uns deberes cívicos. O gran desafío consiste en salvagardar a liberdade de cada individuo ao tempo que fomentar o seu comportamento cívico, é dicir, o cumprimento das súas obrigas para coa comunidade.

Ensínase ao alumnado a teoría da xustiza do filósofo John Rawls coa que intentou achegar unha solución ás inxustizas e as desigualdades sociais sen menoscabar os fundamentos do respecto necesario á liberdade individual.

A presente unidade finaliza cunha reflexión sobre a posición que pode adoptar o ser humano fronte a situacións e sistemas políticos inxustos, máis en concreto sobre dúas cuestións que afectan a relación conflitiva entre os cidadáns e as leis: a obxección de conciencia e a desobediencia civil.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- Comprendan a diferenza entre legalidade e lexitimidade.
- Valoren as leis como garantías do Estado.
- Recoñezan a lexitimidade da lei nas sociedades democráticas.
- Diferencien entre deberes éticos e deberes cívicos.
- Coñezan a iniciativa lexislativa popular.
- Recoñezan os conceptos básicos da teoría de Rawls.
- Identifiquen a xustiza coa equidade e a imparcialidade.
- Coñezan a existencia de conflitos entre a lei e o cidadán.
- Identifiquen a obxección de conciencia e a desobediencia civil.

### Temporalización:

Marzo:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar as características propias das normas xurídicas fronte ás sociais e as morais.
- Diferenciar a legalidade da lexitimidade.
- Valorar as leis como garantía do Estado.
- Entender a relación entre os deberes éticos e os políticos.
- Comprender a teoría da xustiza de Rawls.
  
- Saber relacionar a xustiza coa equidade e imparcialidade.
- Coñecer a existencia de conflitos entre a lei e o cidadán.

- Buscar información sobre a obxección de conciencia e a desobediencia civil.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A diferenza entre legalidade e lexitimidade.</li> <li>- A lei como garantía do Estado.</li> <li>- A lexitimidade da lei nas sociedades democráticas.</li> <li>- Os deberes éticos e os deberes cívicos.</li> <li>- A iniciativa lexislativa popular.</li> <li>- Os conceptos básicos da teoría da xustiza de Rawls.</li> <li>- A xustiza como equidade e imparcialidade.</li> <li>- Os conflitos entre a lei e o cidadán.</li> <li>- A obxección de conciencia e a desobediencia civil.</li> </ul>	1. Saber o que é unha lei.	1.1. Define norma xurídica e coñece o que a diferenza doutras normas.	CCL, CSC
	2. Coñecer a relación que existe entre a legalidade e a lexitimidade.	2.1. Relaciona de forma correcta a legalidade coa lexitimidade.	CAA, CSC, CCEC
	3. Saber en que se basea a legalidade e lexitimidade das normas xurídicas.	3.1. Coñece o papel da validez e da xustiza en xustificación das normas xurídicas.	CSC, CCEC
	4. Valorar as razóns a teoría da xustiza de Rawls.	4.1 Busca información en Internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles, como: a posición orixinal e o veo de ignorancia, o criterio de imparcialidade, e a función dos dous principios de xustiza que propón. 4.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela.	CCL, CD, CSC, CCEC
	5. Apreciar a necesidade do dereito positivo como garantía dos dereitos humanos e identificar a obediencia á lei, a desobediencia civil e a obxección de conciencia.	5.1. Obtén información sobre a obxección de conciencia e a desobediencia civil a través dos recursos dixitais e organizaa.	CD, CAA

	<p>6. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>CSIEE</p>
--	---	--	--------------



## UNIDADE 9.

### Título

*A Declaración Universal dos Dereitos Humanos*

### Descrición da unidade

A unidade trata de facer comprender aos alumnos e as alumnas a historia da humanidade desde a perspectiva do progreso dos dereitos humanos como síntese dos valores éticos universalmente recoñecidos.

Móstrase que a Declaración Universal dos Dereitos Humanos non xurdiu do capricho duns políticos, senón que é o resultado dunha reflexión e duns acordos a partir de experiencias anteriores.

A evolución social e de pensamento que se produciu a partir do debilitamento das estruturas do Antigo Réxime conduciu cara á reclamación de diferentes dereitos, algúns de tipo máis ben individual e outros sociais. A reclamación dos dereitos á vida, á liberdade ou á igualdade forma parte dos primeiros e están estreitamente relacionados cos ideais que defendeu a burguesía fronte á antiga nobreza. A reivindicación dos dereitos ao traballo, á educación ou á sanidade débese máis ben aos intentos dos traballadores por compartir privilexios ata entón reservados ás clases economicamente máis favorecidas.

No seu conxunto, os dereitos humanos constitúen un ideal que representa un mundo máis xusto e que debemos procurar facer posible.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e valores seguintes:

- Os ideais irrenunciáveis do ser humano ao longo da historia.
- Os ideais civís (como a liberdade ou a igualdade) e os económicos e sociais.
- A idea de xustiza como unha aspiración universal.
- Tratados e declaracións internacionais e dereitos humanos.
- Novos retos aos que lles debemos facer fronte.
- Algunhas institucións internacionais e o labor das ONG.

### Temporalización:

Marzo:          Abril:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os ideais irrenunciáveis do ser humano ao longo da historia.
- Valorar os ideais civís como a liberdade ou a igualdade, así como os ideais sociais e económicos.
- Entender a situación histórica de partida respecto aos dereitos humanos.
- Distinguir os dereitos de primeira, segunda e terceira xeración.
- Identificar cunha mirada crítica os novos retos aos que debemos facerlle fronte.
- Comprender a aspiración á xustiza é universal.
- Coñecer os primeiros tratados e declaracións dos dereitos humanos.
- Comprender a importancia das relacións e institucións internacionais así como o labor das ONG.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.



### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ser humano na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> <li>- Os dereitos da persoa e os límites do Estado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> <li>- Os ideais irrenunciábeis para o ser humano ao longo da historia: os dereitos individuais, a liberdade, a igualdade...</li> <li>- Os dereitos económicos e sociais.</li> <li>- Os dereitos de primeira e segunda xeración.</li> <li>- A xustiza universal e os tratados e declaracións internacionais. A ONU. O Foro Social Mundial.</li> <li>- Os retos actuais: a fame, a seguridade, a pobreza...</li> <li>- Os dereitos de terceira xeración.</li> <li>- O labor das ONG.</li> </ul>	1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa, como o valor do que parte e no que se fundamenta a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas no nivel persoal, social, estatal e universal.	1.1. Coñece os dereitos universais recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a súa fundamentación na dignidade humana.	CSC, CCEC	
		1.2. Identifica, na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, como atributos esenciais do ser humano, a razón, a conciencia e a liberdade.		
		2. Explicar, baseándose na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, os principios que deben rexer as relacións entre os cidadáns e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade na que viven.	2.1. Comenta, segundo o establecido pola Declaración Universal dos Dereitos Humanos, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos os dous.	CAA, CSC
		3. Identificar as tres xeracións dos dereitos humanos.	3.1. Diferencia os dereitos de cada unha das xeracións.	CCEC
	4. Comprender a necesidade dunha xustiza universal, así como a de crear tratados e dereitos internacionais, e asumir a importancia do labor das ONG.	4.1. Valora o papel das persoas, institucións e de certos feitos históricos no recoñecemento dos dereitos humanos.	CSC, CCEC	

<p>5. Coñecer e usar de forma responsable as TIC, usar estratexias para tratar a información, convertela en coñecemento e aplicala a distintos contextos.</p>	<p>5.1. Usa as TIC de forma eficiente e responsable.</p>	<p>CD</p>
<p>6. Mostrar iniciativa e perseveranza á hora de afrontar problemas e desenvolver actitudes de respecto e colaboración á hora de traballar en grupo.</p>	<p>6.1. Mostra unha actitude emprendedora, acepta os erros, persevera nas tarefas de recuperación e participa activamente nos exercicios de aprendizaxe cooperativa.</p>	<p>CSIEE</p>

## UNIDADE 10.

### Título

*Paz e seguridade*

### Descrición da unidade

Mediante a presente unidade preténdese que o alumnado se aproxime aos problemas directos e indirectos que supoñen as guerras e que coñeza as organizacións internacionais que pretender mediar e velar pola paz mundial.

Comézase informando o alumnado de que durante a primeira metade do século xx o mundo asistiu a dúas guerras mundiais que causaron tanto dano que a comunidade internacional se viu na necesidade de buscar mecanismos que eviten futuros conflitos similares.

Móstranse despois os distintos intentos por elaborar códigos legais internacionais que impulsen condutas humanitarias, mesmo nos casos de enfrontamentos bélicos. Por exemplo, na segunda metade do século xx creáronse varios organismos e alianzas que reúnen moitos Estados modernos para loitar a favor da paz.

Conclúese sinalando que as forzas armadas da maioría dos países occidentais transformaron a súa estrutura e o seu funcionamento de maneira que xa non se fan necesarios exércitos numerosísimos, senón ben equipados e dispostos a desenvolver misións de paz en coordinación con outros países alí onde faga falta, especialmente para conseguir obxectivos humanitarios.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren os coñecementos seguintes:

- As consecuencias dos conflitos armados como as mortes violentas, os feridos, os refuxiados, os danos morais...
- O xurdimento do dereito internacional.
- A Escola de Salamanca e Francisco de Vitoria.
- Os acordos internacionais, como os convenios de Xenebra e a Corte Penal Internacional.
- A ONU, a OTAN e a UE.
- Os exércitos e as misións das Forzas Armadas.

### Temporalización:

Abril:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Fundamentar a dignidade humana no respecto á paz como un dereito humano.
- Identificar as consecuencias directas e indirectas das guerras.
- Coñecer a orixe de distintos acordos internacionais a favor da paz.
- Valorar o labor da corrente iusnaturalista.
- Rexeitar actitudes contrarias á paz como a violencia, a discriminación, etc.
- Coñecer e valorar o papel da ONU, a OTAN, a UE e as Forzas Armadas en favor da dignidade de todo ser humano.
- Utilizar diferentes TIC para ampliar o coñecemento e participar activamente no propio proceso de aprendizaxe.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A paz e a seguridade como dereito, como principio ético e como deber cívico.</li> <li>- A consecuencia dos conflitos armados: mortes violentas, feridos, refuxiados, danos morais...</li> <li>- O xurdimento do dereito internacional: a Escola de Salamanca e Francisco de Vitoria.</li> <li>- Os tratados internacionais: os convenios de Xenebra e a Corte Penal Internacional.</li> <li>- A ONU, a OTAN e a UE.</li> <li>- Os exércitos e as misións das Forzas Armadas.</li> </ul>	<p>1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos e reflexionar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas.</p>	<p>1.1. Explica a finalidade e características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia.</p>	CCL, CSC, CCEC
		<p>1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os principios éticos do individuo e os da orde civil, considerando solucións razoadas acerca dos dilemas que formulan os casos de desobediencia civil e obxección de conciencia, xa que estes implican o desacato ás leis do Estado.</p>	CL, CAA, CSIEE, CCEC
	<p>2. Coñecer os principais tratados e organismos internacionais: a súa orixe e a súa función.</p>	<p>2.1. Sinala os obxectivos que tivo a creación da ONU e a data na que se asinou a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, valorando a importancia deste feito para a historia da humanidade.</p>	CSC, CCEC

<p>3. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos (art.º 3) e como un compromiso da cidadanía española no ámbito nacional e internacional (Constitución española, preámbulo), identificando e avaliando o perigo das ameazas que, contra elas, xurdiron nos últimos tempos.</p>	<p>3.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (art. 3º da Declaración Universal dos Dereitos Humanos).</p>	<p>CAA, CSC, CSIEE, CCEC, CD</p>
<p>3.2. Toma conciencia do compromiso da cidadanía española coa paz como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española e rexeita a violación dos dereitos humanos, mostrando solidariedade coas vítimas da violencia.</p>		
<p>3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con medios informáticos e audiovisuais, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual, como: o terrorismo, os desastres ambientais, as catástrofes naturais, as mafias internacionais, as pandemias, os ataques cibernéticos, o tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, entre outros.</p>		

	<p>4. Coñecer a misión atribuída, na Constitución española, ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que o Estado español asume cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e aplicación da forza e o poder.</p>	<p>4.1. Coñece, analiza e asume, como cidadán, os compromisos internacionais realizados polo Estado español en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais: a ONU, a OTAN, a UE, etc.</p>	<p>CL, CSC, CCEC</p>
<p>4.2. Identifica a importancia da misión das Forzas Armadas, (no art.º 15 da Lei de Defensa Nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos, de promoción da paz e a súa contribución en situacións de urxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais.</p>	<p>4.3. Identifica as consecuencias dos conflitos armados no ámbito internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional, fundamentado na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</p>		

## UNIDADE 11.

### Título

*Ciencia e tecnoloxía*

### Descrición da unidade

Esta unidade achégase a unha reflexión desde a ética sobre a relación que mantén o ser humano co seu contorno natural no contexto da sociedade actual, que se caracteriza por un alto desenvolvemento científico e tecnolóxico.

O obxectivo é que o alumnado sexa capaz de valorar o progreso nos seus xustos termos, identificando os principais problemas ambientais que ten o noso modo de vida actual e apreciando a necesidade dunha ética ecolóxica que sirva para solucionarlos.

Trátase de transmitirle ao alumnado a idea de que a ciencia e a tecnoloxía deben estar sempre comprometidas moralmente co respecto á dignidade das persoas, axustadas aos dereitos humanos e ao servizo do progreso de toda a sociedade.

Tamén se mostran os trazos fundamentais do método científico, como a obxectividade, a veracidade, a contrastación empírica e a revisión crítica dos coñecementos. Así como os do proceso tecnolóxico da nosa era: mecanización, informatización e robotización.

Finalmente, móstrase que os avances científicos e tecnolóxicos aplicados ás ciencias da saúde permitiron ao ser humano vivir mellor e durante máis tempo, protexerse de enfermidades cun alto índice de mortalidade, etc. E, non obstante, en ocasións o noso progreso tecnolóxico causou danos, por exemplo ao medio. Para solucionarlos, son importantes os grandes xestos políticos e institucionais, pero tamén as pequenas accións individuais e cotiás.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiran os coñecementos seguintes:

- O progreso científico-tecnolóxico de acordo cos valores éticos da humanidade.
- A estreita relación existente entre o progreso e o desenvolvemento científico tecnolóxico.
- Os principais problemas ambientais que esta relación comporta.
- A urxencia dunha solución razoable aos problemas ambientais desde unha ética ecolóxica que harmonice a idea de progreso e benestar co respecto á natureza.
- A importancia do método científico.
- As principais características da nosa era tecnolóxica: mecanización, informatización e robotización.
- A aplicación da ciencia e a tecnoloxía ao coidado da saúde e do ambiente.
- Adopción dun compromiso persoal co desenvolvemento sostible.

### Temporalización:

Maio:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer o uso e finalidade da técnica humana.
- Relacionar os conceptos de progreso social e desenvolvemento tecnocientífico.
- Identificar os problemas ambientais que ameazan sociedade actual.
- Adoptar un compromiso persoal coa ética ecolóxica e o desenvolvemento sostible.
- Asumir a importancia do método científico.
- Coñecer e valorar as principais características de noso era tecnolóxica: mecanización, informatización e robotización.
- Valorar a aplicación da ciencia e a tecnoloxía ao coidado da saúde e o ambiente.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O progreso científico-tecnolóxico de acordo cos valores éticos da humanidade.</li> <li>- Sociedade, ciencia e tecnoloxía.</li> <li>- A neutralidade da ciencia e a tecnoloxía.</li> <li>- A importancia e utilidade do método científico.</li> <li>- As características da nosa era tecnolóxica: mecanización, información e robotización.</li> <li>- A aplicación da ciencia e a tecnoloxía ao coidado da saúde e do medio.</li> </ul>	<p>1. Recoñecer a importancia que ten a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, así como a necesidade de establecer límites éticos e xurídicos para orientar a súa actividade conforme a dignidade da persoa.</p>	<p>1.1. Utiliza información de distintas fontes para analizar a dimensión moral da ciencia e a tecnoloxía, avaliando o impacto positivo e negativo que estas poden ter en todos os ámbitos da vida humana, por exemplo: social, económica, política, ética e ecolóxica, entre outros.</p>	<p>CMCT, CD, CAA, CSC</p>
	<p>2. Entender e valorar a importancia do método científico e coñecer as características da era tecnolóxica: mecanización, información e robótica.</p>	<p>2.1. Coñece as partes do método científico e a diferenza entre máquinas, ordenadores e robots.</p>	<p>CMCT, CD, CSC</p>
	<p>3. Recoñecer que, na actualidade, existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc.</p>	<p>3.1. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, xerando impactos negativos no ámbito humano e ambiental, sinalando as causas.</p>	<p>CMCT, CD, CSC</p>
	<p>4. Analizar criticamente a idea de progreso e apreciar cando os seus obxectivos respectan un código ético de respecto á persoa e o seu ámbito.</p>	<p>4.1. Diserta, en colaboración grupal, acerca da idea de «progreso» na ciencia e a súa relación cos valores éticos, o respecto á dignidade humana e o seu ámbito, elaborando e expoñendo conclusións.</p>	<p>CCL, CSC, CSIEE</p>



	5. Valorar a aplicación da ciencia e a tecnoloxía á área da saúde e do ambiente.	5.1. Selecciona e contrasta información, en colaboración grupal, acerca das posibles aplicacións da ciencia e a tecnoloxía á saúde e ao medio.	CMCT, CD, CSC
--	--	--	---------------------

## UNIDADE 12.

### Título

*Ética aplicada*

### Descrición da unidade

Nesta unidade reflexiónase sobre como as distintas actividades profesionais, así como a actividade científica e tecnolóxica, han de axustarse a principios éticos, porque en ocasións poden incorrer en accións e proxectos que non resulten respectuosos cos dereitos humanos.

Móstrase cal é a disciplina que estuda de que xeito incide a ética no mundo laboral, profesional e científico-tecnolóxico: a ética aplicada. Tamén se incide en que, a pesar de que actualmente algunhas profesións, como a de médico, teñen códigos deontolóxicos propios de obrigado cumprimento, non sempre resulta sinxelo aplicar os valores morais ás distintas actividades sociais. Ás veces, esa aplicación leva consigo paradoxos e dilemas de difícil resolución que se trata de mostrar ao alumnado.

O obxectivo da unidade é que os alumnos e as alumnas perciban que as prácticas profesionais non son neutrais e que necesitan dun control ético para garantir que estas respecten os dereitos da persoa e a súa constitutiva dignidade.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que o alumnado adquiera os coñecementos e valores seguintes:

- O concepto e a tarefa da ética aplicada.
- A ética deontolóxica como disciplina necesaria.
- Os distintos campos de aplicación da ética.
- Os principais dilemas morais que as distintas disciplinas poidan provocar e adoptar un compromiso moral ante eles.
- A bioética, a ética na ciencia, na educación, na empresa...
- A relación entre a rendibilidade económica e a calidade moral.
- Os conceptos de *Paideia* e de *Bildung*.
- A aplicación da ética na práctica científico-tecnolóxica e no respecto ao ambiente.

### Temporalización:

Maio:     Xuño:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a tarefa e a finalidade da ética aplicada.
- Recoñecer os riscos morais de determinadas prácticas profesionais.
- Adoptar ante eles unha posición moral respectuosa coa dignidade da persoa.
- Coñecer o concepto de bioética, ética deontolóxica, *Paideia*, *Bildung*...
- Entender o equilibrio necesario entre a investigación e a actividade empresarial nese campo e os dereitos fundamentais das persoas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética aplicada e os seus campos.</li> <li>- A aplicación dos valores éticos.</li> <li>- A necesidade dunha ética deontolóxica.</li> <li>- A bioética.</li> <li>- A ética na ciencia.</li> <li>- O <i>ethos</i> empresarial: rendibilidade económica e calidade moral.</li> <li>- A ética da educación: o concepto de <i>Paideia</i> e o de <i>Bildung</i>.</li> <li>- A aplicación da ética na práctica científico-tecnolóxica e no respecto ao ambiente.</li> </ul>	1. Utilizar os valores éticos contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos no terreo da ciencia, a medicina, a empresa e a educación, co fin de evitar a súa aplicación inadecuada.	1.1. Analiza información seleccionada de diversas fontes, co fin de coñecer en que consisten algúns dos avances científicos, que formulan dilemas morais.	CCL, CD, CSC, CSIEE, CCEC
		1.2. Achega argumentos que fundamenten a necesidade de poñer límites éticos e xurídicos á investigación e práctica tanto científica coma tecnolóxica, tomando a dignidade humana e os valores éticos recoñecidos na DUDH como criterio normativo.	CMCT, CSC
	2. Recoñecer que existen casos nos que a investigación científica non é neutral, senón que está determinada por intereses políticos, económicos, etc.	2.1. Sinala os perigos morais que levan consigo determinadas prácticas de investigación se se prescinde do respecto á dignidade humana e os seus valores fundamentais.	CMCT, CD, CAA, CSC, CCEC

		<p>2.2. Obtén e selecciona información, en traballo colaborador, dalgúns casos nos que a investigación científica e tecnolóxica non foi guiada nin é compatible cos valores éticos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, xerando impactos negativos no ámbito humano e ambiental, sinalando as causas.</p>	<p>CMCT, CD, CSC, CCEC</p>
	<p>3. Solucionar os dilemas morais que ás veces se presentan no ámbito educativo e da empresa.</p>	<p>3.1. Presenta unha actitude de tolerancia e respecto ante as diferentes opinións que se expresan na confrontación de ideas, co fin de solucionar os dilemas éticos, sen esquecer a necesidade de utilizar o rigor na fundamentación racional e ética de todas as alternativas de solución formuladas.</p>	<p>CSC, CSIEE</p>

### 3. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

A metodoloxía a empregar na nosa materia tal como sinala Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, ***deberá axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.***

O obxectivo do ensino de **VALORES ÉTICOS** no **primeiro curso da ESO** ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na **escolla do seu proxecto de vida persoal**. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desaracionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

**No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave.** Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).

É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. **Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.**

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en **traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos**, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación

Esta materia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

- Fomentar a curiosidade natural do alumnado.
- Fomentar a valoración crítica.
- Utilizar internet como fonte de información.
- Utilizar textos históricos e literarios da época ilustrativos do pensamento da época.
- Utilizar internet como fonte iconográfica.
- Aproveitar as situación da vida cotiá para concienciar.
- Utilizar a televisión e a prensa.
- Poner exemplos coñecidos das enormes diferenzas existentes no acceso á información entre áreas e países da Terra.
- Utilizar o atlas e os mapas históricos para localizar os principais espazos xeográficos.
- Fomentar a curiosidade natural dos rapaces.
- Aproveitar o seu interese
- Aproveitar a predisposición favorable do alumnado cara á conservación do medio para afondar e consolidar conceptos.

- Buscar contraste de intereses para interiorizar as diferentes perspectivas e enfoques dun debate.
- Utilizar o atlas para localizar os principais espazos xeográficos.
- Debates entre estudantes.

#### **4. Materiais e recursos didácticos.**

Os principais recursos didácticos para o uso da materia son os seguintes:

- O libro de texto do alumnado (Editorial Anaya).
- Apuntes do docente.
- Caderno do alumno. (tipo DIN A 4)
- Prensa local, rexional e nacional.
- Material da biblioteca do centro e da aula.
- Dicionarios históricos.
- Cartografía, globo terráqueo, mapas do mundo.
- Atlas e mapas conceptuais.
- Aula de informática para o uso de recursos dixitais (atlas dixitais, Google Maps, páxinas web interactivas,...)

#### **5. Criterios sobre avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.**

Tal como sinala a normativa, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

A avaliación será continua en canto que forma parte do proceso de ensinanza aprendizaxe e terá carácter formativo e orientador permitindo detectar as dificultades no momento no que se producen e, en consecuencia, incorporar medidas de ampliación, enriquecemento, reforzo ou de adaptación que permitan garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo do alumnado e unha mellor adecuación da práctica docente.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

As ferramentas de avaliación para o curso **2021-2022** cos seus correspondentes porcentaxes de cualificación son:

<i>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</i>	<i>PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN</i>
Actitude e participación na aula	20%
Traballos	80%

Polo tanto, o resultado da avaliación será unha nota numérica sobre **10**, derivada das cualificacións obtidas nas distintas probas escritas (**80%**), e nos traballos individuais e colectivos (**20%**).

É necesario unha cualificación mínima dun cinco (5) na avaliación, para ser aprobar a avaliación, sendo necesario unha media de 4,5/10 nas probas de avaliación escrita para facer media co resto de porcentaxes.

Despois de cada avaliación haberá unha **proba de recuperación** para o alumnado que non acade a nota mínima de cinco (5). É necesario obter como mínimo unha cualificación de cinco (5) para considerar a avaliación como recuperada.

**A nota final de curso** será a media aritmética das tres avaliacións, tendo cada una un peso do 33%.

**A proba extraordinaria de xuño** constará de una parte escrita que poderá incluír exercicios prácticos. É necesario acadar unha cualificación mínima dun cinco (5) para aprobar a materia.

Por último, deixar constancia que ante o constante absentismo escolar nas datas de exames, todos/as aqueles/as alumnos/as que non se presenten as distintas probas escritas u orais (exposicións de traballos), terán que xustificar legalmente (parte médico,...) a súa falta de asistencia na data na que se realizou dita proba, de non ser así, a cualificación será de suspenso. Tamén incidir en que aqueles alumnos/as que sexan intervidos copiando nun exame a súa cualificación será de suspenso, e se non presentan os traballos individuais



ou en equipo obrigatorios e o caderno, debidamente elaborados segundo os criterios establecidos e nos prazos indicados pola profesora, non se puntuarán.

**O portfolio** é unha ferramenta de avaliación do proceso de aprendizaxe que consiste fundamentalmente na **recollida de evidencias** da evolución da cada alumno e alumna. Cada evidencia debe recoller unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora personal. O portfolio pode ser en formato papel ou dixital.

As **evidencias** que podemos recoller na área poden obterse a partir de:

- Probas escritas por competencias de avaliación.
- Autoevaluación do propio alumnado.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos en base ás actividades do libro.
- Rexistro de avaliación individual e da aula.
- Problemas con resolución a base de razoamento lóxico.

## 6. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao profesorado avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR	A MELLORAR	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
<i>Temporalización da unidade didáctica</i>			
<i>Desenvolvemento dos obxectivos didácticos</i>			
<i>Manexo dos contidos da unidade</i>			
<i>Flexibilidade nas necesidades e intereses do alumnado</i>			
<i>Actividades con planes de traballo predefinidos</i>			
<i>Tarefas diversas que favoreceron a adquisición de competencias clave</i>			
<i>Estratexias metodolóxicas de aprendizaxe seleccionadas</i>			
<i>Recursos variados</i>			
<i>Claridade nos criterios de avaliación</i>			
<i>Uso de diversas ferramentas de avaliación</i>			
<i>Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe</i>			
<i>Atención á diversidade</i>			

<i>Interdisciplinabilidade</i>			
<i>Ambiente de traballo</i>			
<i>Actividades individuais</i>			
<i>Actividades grupais</i>			

## 7. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Ao comenzo de curso entregárase a cada alumna/o coa asignatura pendente un *caderno de actividades de reforzo* para ser realizadas pola súa conta.

A cualificación dos/as alumnos/as pendentes farase tendo en conta os seguintes criterios:

- *Alumnado que non entrega o caderno de actividades de reforzo:* pola nota acadada no exame de recuperación da asignatura pendente, sendo necesario a obtención dunha cualificación mínima dun cinco (5) para aprobar a asignatura.
- *Alumnado que entrega o caderno de actividades de reforzo:* pola participación e presentación dos cadernos entregados con exercicios de repaso, así como pola súa actitude en xeral con respecto á materia.

## 8. **Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consencuencia dos seus resultados.**

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

### **Necesidades individuais**

Derivada da **avaliación inicial**, ésta facilítanos o coñecemento acerca do grupo como, o que vai ser fundamental para:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupales para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

### **Necesidades colectivas**

Como medidas para a inclusión e atención á diversidade:

- **Para todos os alumnos e alumnas:**
  - Actividades de reforzó da unidade didáctica.
  - Follas de mapas conceptuais incompletos.
  - Actividades de apoio e ampliación.
- **Para algún alumnos e alumnas:**
  - Tarefas de adaptación curricular.
  - Actividades de ampliación da unidade didáctica.

## 9. Medidas de atención á diversidade.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece os principios e fins do sistema educativo; entre os que destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a **educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado**; a orientación educativa e profesional do estudiantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

Asemade, establécese que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Neste ámbito, o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala como o gran obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

Por tanto, aprender e ensinar a recoñecer, valorar e respectar as diferenzas, e comprender o concepto de diversidade no seu sentido máis amplo loitando contra múltiples barreiras como as sociais, as físicas, as sensoriais, as cognitivas, as estruturais, as comunicativas ou as curriculares, e con elo entender que a diversidade é unha oportunidade para construír a convivencia e desenvolvemento persoal do alumnado, e loitar para a eliminación de ditas barreiras.

**A atención á diversidade pon en valor a personalización do proceso de ensino aprendizaxe**, que deberá adaptarse ás distintas realidades do alumnado, considerando as súas potencialidades, o seu desenvolvemento, os seus distintos ritmos, os seus estilos e as distintas formas de aprender que ten cada alumno/a.

Para iso, as actuacións encamiñadas a romper barreiras serán:

- Aplicar metodoloxías e estratexias de ensino-aprendizaxe flexibles, participativas, activas, creativas, de equidade e que favorezan as relacións interpersoais e o respecto mutuo.
- Organizar aulas accesibles para a aprendizaxe e a convivencia da diversidade do alumnado.
- Dispoñer de materias diversos que atendan a diversidade na aula e facilitan a motivación e a aprendizaxe de todo o alumnado
- Aproveitar as múltiples posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación
- Propiciar situación de ensino-aprendizaxe centradas nas potencialidades do alumnado, en lugar de partir das súas dificultades.
- Interactuar co alumnado estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Potenciar a aprendizaxe cooperativa, favorecendo a interrelación entre o alumnado e os apoios naturais entre iguais.

Tendo en conta os distintos ritmos de aprendizaxe, intentarase proporcionar ao alumnado que o precise distintas tarefas con distintos niveis de profundidade e complexidade, tal como ven reflectido no desenvolvemento das unidades didácticas.

En relación ás orientacións sobre a **avaliación deste alumnado**, dita avaliación deberá permitírnos valorar aspectos tales como as axudas e os apoios prestados, os recursos utilizados, a adecuación metodolóxica, de maneira que non se centre unicamente en resultados finais senón que teña en conta a valoración dos distintos factores que poden incidir neste proceso, dos procesos seguidos e das aprendizaxes e competencias acadadas, e debe contar cos recursos e co tempo que necesiten.

Prestarase especial atención á **avaliación inicial**, antes comentada, para determinar o nivel de competencia de cada alumno/a, como punto de partida para a elaboración dunha programación de aula que ten en conta distintos niveis de desempeño.

Así, personalizaremos a avaliación adaptándoa ás peculiaridades do alumnado e asegurando a concordancia coa metodoloxía de aprendizaxe. A avaliación farase en función dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Procurarase avaliar en positivo, resaltando aquilo que o alumno/a é capaz de facer ou foi adquirindo.

A avaliación ten como finalidade comprobar se se acadaron as aprendizaxes e informar do proceso seguido. Os instrumentos de avaliación deben encamiñarse a acadar esas dúas finalidade, adaptándose á realidade de cada un dos alumnos/as, para valorar os logros e progresos acadados nas aprendizaxes.



## 10. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

Os elementos transversais que trataremos na asignatura neste 4º curso da ESO son:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información (TIC), o emprendemento e a educación cívica e constitucional.
- Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

A isto se engade o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos así como os valores de liberdade; xustiza; igualdade; pluralismo político; a paz; a democracia; o respecto aos dereitos humanos; a igualdade de xénero; loita contra estereotipos que supoñan discriminación; loita contra comportamentos sexistas respecto ás persoas con discapacidade ou loita contra calquera tipo de violencia.

Tamén tratarase o desenvolvemento do espírito emprendedor, o fomento da igualdade de oportunidades, respecto ao emprendedor e empresario e ética empresarial.

Por último, trataremos a educación e seguridade vial, para promover comportamentos que melloren a convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

### 11. Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento didáctico.

O departamento de Xeografía e Historia propón para o curso 2021-2022 Os seguintes **actividades extraescolares**, dependendo da evolución da pandemia derivada do COVID 19, divididas por trimestres:

<p><b>ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR:</b></p> <p><b>Visita a Sogama</b></p>	<p><b>1º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Que o alumnado coñeza o sistema de reciclaxe nunha sociedade como a nosa e a importancia da reciclaxe</li> </ul>	<p><b>Data:</b> outubro-novembro</p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.</p>	<p><b>Estándares de aprendizaxe avaliábeles</b></p>
<p><b>ACTIVIDADE EXTRAECOLAR</b></p> <p><b>Visita ao Museo do Mar</b></p>	<p><b>2º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñecer a importancia do coidado do medio e o respecto polo planeta</li> </ul>	<p><b>Data:</b> febreiro-marzo</p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.</p>	<p><b>Estándares de aprendizaxe avaliábeles:</b></p>
<p><b>ACTIVIDADE EXTRAESCOLAR:</b></p> <p><b>Visita a un pleno do Concello de Redondela</b></p>	<p><b>3º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Recoñecer a importancia da política como xeradora de accións modificadoras do contorno-</li> </ul>	<p><b>Data:</b> abril-maio</p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor.</p>	<p><b>Estándares de aprendizaxe avaliábeles:</b></p>

Como **actividades complementarias** á formación para o curso 2021-2022, decidíronse por parte do departamento as seguintes:

<p><b>ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA:</b></p> <p><b>A contaminación do plástico</b></p>	<p><b>1º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b></p> <p>A importancia da protección do medio ambiente en especial ao papel contaminante do plástico.</p>	<p>Data : <b>setembro-desembro</b></p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor</p>	<p>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</p>

<p><b>ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA:</b></p> <p><b>Limpieza dun bosque</b></p>	<p><b>3º TRIMESTRE</b></p>
<p><b>Xustificación:</b></p> <p>Pedírase ao alumnado que elabore un traballo sobre a actividade industrial en Galicia e o mundo rural galego con especial incidencia á contaminación xenerada por dita actividade.</p>	<p>Data: <b>abril -xuño</b></p>
<p><b>Instrumentos de avaliación:</b> material do departamento e observación do profesor</p>	<p>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</p>

## 12. Contribución ao Plan Lector, ao Plan de Convivencia e ao Plan TIC.

### Contribución ao Plan lector.

Dende o Departamento de Xeografía e historia do IES valórase positivamente o “Plan de Fomento da lectura” e para acadar os seus obxectivos recomendarase unha serie de **lectura de libros** relacionadas coa materia e o acercamento á **prensa escrita tanto de ámbito nacional, rexional e local**, con temas relacionados coa materia e que teñan actualidade para poder interrelacionalos coa UD que se está desenvolvendo.

A **idea e mellorar entre outras, a comprensión lectora, a ortografía, a achega de información e fomentar espírito crítico.** Todos os libros recomendados están a disposición do alumnado na biblioteca no centro ou na propia biblioteca do departamento de ciencias sociais.

<b>LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS</b>	<b>1º TRIMESTRE</b>
El lugar más bonito del mundo (Anna Cameron)	
<b>LIBROS DE LECTURA RECOMENDADOS</b>	<b>2º TRIMESTRE</b>
Los juegos del hambre (A COLLINS)	
<b>LIBRO LECTURA RECOMENDADO</b>	<b>3º TRIMESTRE</b>
La buena suerte (Alex Rovira)	

**Contribución ao Plan de convivencia.**

Tal como se sinalou no apartado de aspectos transversais, o desenvolvemento do espírito de convivencia é fundamental na nosa materia. Tal como sinalamos, é clave o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución de conflitos así como os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, a igualdade de xénero, loita contra estereotipos que supoñan discriminación, loita contra comportamentos sexistas; respecto ás persoas con discapacidade ou loita contra calquera tipo de violencia.

**Contribución ao Plan TIC**

Tal como se sinala no apartado de materiais e recursos didácticos, a competencia dixital nesta etapa educativa é un elemento clave. Para iso, desenvolveremos ao longo de todo o currículo da materia o uso de aulas con equipos informáticos con conexión a Internet para manexar:

- Atlas virtuais.
- Páxinas interactivas.
- Uso de Google Maps.
- Enlaces a páxinas web en cada unidade didáctica á hora de realizar algunhas actividades do libro do alumno.

### 13. Mecanismos de revisión, da avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

ITEMS VALORATIVOS PROGRAMACION 4º ESO VALORES ÉTICOS	NECESÍTANSE INTRODUCIR MELLORAS IMPORTANTES (0)	MELLORABLE (1)	CORRECTO (2)	EXCELENTE (3)	TOTAL
1. Houbo coordinación docente na súa elaboración	Non se facilitou a coordinación docente por ningunha vía	Houbo coordinación docente pero non se implementou en todas as programacións	Houbo coordinación docente e implementouse por enriba do 80%	Houbo coordinación docente e implementouse na totalidade das programacións	
2. Acadáronse os obxectivos xerais da materia	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por debaixo do 50%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia entre un 50 e un 75%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por enriba do 75%	Acadáronse os obxectivos xerais da materia por enriba do 90%	
3. Acadáronse os estándares de aprendizaxe	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por debaixo do 50%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe entre un 50 e un 75%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por riba dun 75% pero menos do 90%	Acadáronse os estándares de aprendizaxe por enriba do 90%	
4. Se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia e Plan TIC	Non se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia nin Plan TIC	Se contribuíu ao Plan lector	Se contribuíu ao Plan lector e Plan de convivencia	Se contribuíu ao Plan lector; Plan de convivencia e Plan TIC	
5. Se traballaron as competencias clave	Non se traballaron as competencias clave	Se traballaron algunhas competencias clave	Se traballaron case todas as competencias clave	Se traballaron as competencias clave	
6. Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos	Non se usaron correctamente os materiais e recursos didácticos	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos pero en grado mínimo	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos en grado medio	Usáronse correctamente os materiais e recursos didácticos	
7. Realizáronse todas as actividades extraescolares programadas	Non se realizou ningunha das actividades extraescolares programadas	Realizouse só unha actividade extraescolar programada	Realizáronse dúas actividades extraescolares programadas	Realizáronse todas as actividades extraescolares programadas	
8. Se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado	Non se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado			Se deu a coñecer os criterios de avaliación antes do inicio do curso ao alumnado	
9. Acadáronse os contidos incluídos no currículo	Non se acadaron os contidos incluídos no currículo	Acadáronse máis da metade pero menos do 75% dos contidos incluídos no currículo	Acadáronse máis do 75% pero menos do 90% dos contidos incluídos no currículo	Acadáronse os contidos incluídos no currículo por enriba do 90%	
10. Se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar	Non se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar			Se deu a coñecer ao alumnado antes de cada UD os contidos e estándares de aprendizaxe que se queren acadar	
11. Explicouse ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación	Non se explicou ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación			Explicouse ao alumnado con materia pendente o modo de recuperación	

Posto que a puntuación máxima é de 33 puntos (11 items por 3 puntos cada un deles), enténdese que unha puntuación por debaixo dos 16 puntos esixirá unha revisión global da programación didáctica desta materia para o vindeiro curso.

BEATRÍZ EUGENIA SEOANE TARRÍO

SETEMBRO 2021.